

OPERTIVISMO

E ECONOMÍA SOCIAL

Nº 15. xaneiro-xuño 1997

DIRECTORES

Ana Rosa Lorenzo Vila
 Antxon Mendizábal Etxabe
 Iago Santos Castroviejo

MESA DE REDACCIÓN

Xoán Xosé Barreiro Prado
 Antonio Biempica González
 María Xosé Cabaleiro Casal
 Antonio Fernández Oca
 Xosé M. Fernández Outeiral
 Miguel Filgueira Touriño
 Xosé Antón Gómez Segade
 Estrela González Rodríguez
 Xosé Gundín García
 Xacobo Izquierdo Alonso
 Uxío Labarta Fernández
 Manuel Lojo Nieto
 Xosé Antón López Taboada
 Eliseo Xavier Miguélez Díaz
 Hixinio Mougán Bouzón
 Mario Orxales Pita
 Xulio Pardellas de Blas
 Pablo Sande García
 Xosé Turnes Paredes
 Antonio Vaamonde Liste
 Trindade Villar Gutiérrez

DESEÑO

Antón Pulido Novoa

DEBUXO DA PORTADA
Pepe CarreiroUNIVERSIDADE
DE VIGO**CONTIDO**

| | |
|---|-----|
| Editorial | 1 |
| ● Anxo Tato Plaza, <i>Breves notas en torno ó réxime xurídico das cooperativas de capital mixto</i> | 3 |
| ● Iago Santos Castroviejo, <i>Estructuras empresariais no marisqueo intermareal</i> | 15 |
| ● Iago Santos Castroviejo (dir.), <i>Liñamentos para unha política de fomento da economía social en Galicia</i> | 83 |
| ● Ana Rosa Lorenzo Vila, <i>Sobre a intervención técnica externa na organización cooperativa</i> | 97 |
| ● Lia Vargas Tiriba, <i>Os traballadores, o capitalismo e a propiedade colectiva como estratexia de supervivencia e de sociedade: rastreando o debate histórico</i> | 109 |
| ● Xulio Ríos Paredes, <i>China: a propiedade social no contexto da reforma económica</i> | 129 |
| ● Gabino Vázquez Fernández, <i>Agricultura ecolólica: alternativa global</i> | 141 |
| Entrevista a Sevilla Guzmán | 149 |
| Reseña de libros | 157 |

COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Finalidade e alcance

Cooperativismo e Economía Social é o medio de expresión da Asociación para a Economía Social para publicacións, discusións de formulacións e reflexións sobre experiencias da Economía Social.

Edita

Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo / Asociación para a Economía Social.

Directores

ANA ROSA LORENZO VILA, Presidenta Asociación Para A Economía Social; ANTXON MENDIZÁBAL ETXABE, GEZKI (Instituto Universitario de Dereito Cooperativo). Universidade do País Vasco; IAGO SANTOS CASTROVIEJO, Departamento de Economía aplicada. Universidade de Vigo.

Mesa de redacción

XOÁN XOSÉ BARREIRO PRADO, UNED Pontevedra. Audiencia de Pontevedra; ANTONIO BIEMPICA GONZÁLEZ, Consellería de Agricultura. Consultor de empresas; MARÍA XOSÉ CABALEIRO CASAL, Universidade de Vigo, Departamento de Economía Financeira e Contabilidade; ANTONIO FERNÁNDEZ OCA, Consellería de Agricultura; XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ OUTEIRAL, Presidente da S. Coop. Ltda. Ría de Arousa; MIGUEL FILGUEIRA TOURIÑO, Presidente UCETAG e de Sinerxia; XOSÉ ANTÓN GÓMEZ SEGADE, Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Dereito Mercantil; ESTRELA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Presidenta Descor, S. Coop; XOSÉ GUNDÍN GARCÍA, Horticultor e membro da Xunta de Montes de Pexegueiro (Tui); XACOBO IZQUIERDO ALONSO, Universidade de Vigo. Departamento Dereito Mercantil; UXÍO LABARTA FERNÁNDEZ, Instituto de Investigacións Pesqueiras; MANUEL LOJO NIETO, Presidente OPP Ría de Arousa; XOSÉ ANTÓN LÓPEZ TABOADA, Universidade de Santiago. Departamento de Historia Económica; ELISEO XAVIER MIGUÉLEZ DÍAZ, Consellería de Agricultura. Universidade de Santiago; HIXINIO MOUGÁN BOUZÓN, Xerente de AGACA; MARIO ORXALES PITA, Consellería de Agricultura; XULIO PARDELLAS DE BLAS, Universidade de Vigo. Departamento de Economía Aplicada; PABLO SANDE GARCÍA, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; XOSÉ TURNES PAREDES, Leyma; ANTONIO VAAMONDE LISTE, Universidade de Vigo, Departamento de Estatística e Investigación Operativa; TRINDADE VILLAR GUTIÉRREZ, Secretaria da Asociación para a Economía Social. REAS (Red de Economía Alternativa y Solidaria).

Deseño

Antón Pulido Novoa

Debuxo da Portada

Pepe Carreiro

Revisión Lingüística e Traducción ó galego

Trindade Villar Gutiérrez / Ana Rosa Lorenzo Vila.

Traducción ó inglés (Sumarios)

Anne Haire

Subscreciones

Prezo de subscripción: 1.000 Pts. (dous números anuais)

Prezo por número: 500 Pts.

Distribución

Editorial Galaxia

Reconquista, 1 - Telf: 432100. 36201 Vigo.

Correspondencia e Subscrecións

Asociación para a Economía Social

Escola Universitaria de Estudios Empresariais de Vigo.

Apartado de Correos 5.172 VIGO / Teléfono: 986-813707; FAX: 986-813746

Correo Electrónico: IAGO @ UVIGO.ES

A Asociación Para a Economía Social

Ten por finalidade a promoción do cooperativismo e as formas autoxestionadas de organización social en Galicia. Traballa pola posta a punto da infraestructura, equipamento e persoal necesario para a constitución dun Instituto Universitario da Economía Social.

© Universidade de Vigo.

Asociación para a Economía Social.

ISSN: 1130-2682

Depósito Legal: VG-97-1990

Tirada: 1.000 exemplares

Imprime: Artes Gráficas Vicus, S.A.L. - Segovia, 19. VIGO.

EDITORIAL

A mediados dos anos oitenta a China lanzou un xigantesco proxecto de acuicultura nas zonas do interior e mais nas zonas de litoral. Hoxe a produción acuícola china é de 28 millóns de Tm, máis da cuarta parte do total mundial e case vez e media a súa produción pesqueira, 20 millóns de Tm (datos do Beijing Informa para 1996 e da FAO para 1994, respectivamente) e iso que a produción pesqueira china aumentou espectacularmente no intre ata chegar a ser, con moito, o primeiro país pesqueiro do mundo.

En España, dende 1985 a 1995 a produción acuícola descendeu, exactamente dividiuse por dous, debido sobre todo á terrible contracción do mexilón, mentres outras especies acuícolas aumentaron a súa produción (a acuicultura mariña, excepto o mexilón, vén medrando a un 15,5% anual). A acuicultura é aínda apenas o 10% da pesca española, pero o 25% da pesca mundial. O que vén falar da necesidade dun gran esforzo polo desenvolvemento da acuicultura.

Mentres en China, que lanzou un gran programa de acuicultura, aumenta a produción de peixes, abástanse mellor os mercados, mellora a dieta e regularízanse os prezos, en España aumenta a importación, reprodúcese a crise, contráese a pesca e a produción de peixes e aumenta o desemprego.

Dende o cooperativismo galego quérese lanzar un gran programa de acuicultura. Lévase querendo lanzalo dende hai xa varios anos. E pártese de boas condicións para iso: a Cooperativa Ría de Arousa, de Abanqueiro, tivo éxito na acuicultura de bivalvos (ameixas especialmente) na ribeira inter e inframareal. A Federación de Cooperativas Sinerxia priorizou unha liña de actuación a prol do cooperativismo acuícola -un dos seus documentos públicase neste número-, e acaba de comeza-la súa andaina a publicación catimbral *Acuicultura Cooperativa no Marisqueo*, dende o cooperativismo de acuicultura, onde se van definindo, con gran aceptación nos medios sociais e productivos implicados, os perfiles dos liñamentos deste gran programa.

Pero nunha actividade onde a dependencia das decisións da Administración Pública é tan grande -é necesaria unha decisión administrativa para acceder ó recurso, outra para xestionalo, outra para extraelo e outra para comercializalo; un complexo control sanitario e ecolóxico e gran parte dos proxectos de I+D...- fainos falla un gran esforzo de comunicación e de entendemento coa Administración Pesqueira: hai que conseguir a posta a punto dunha alianza estratéxica coa Consellería de Pesca para o lanzamento deste gran **Programa de Acuicultura Mariña**.

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN Á REVISTA COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Para enviar á ASOCIACIÓN PARA A ECONOMÍA SOCIAL.

E.U.E.E., r/ Torrecedeira, 105 - 36208. Vigo.

Apartado de Correos 5172. Vigo.

Teléfono 986-813707. Fax 986-813746. E-mail lago@Uvigo.es

Desexo que me envíen a revista *Cooperativismo e Economía Social*.

Nome NIF

Enderezo:

Concello: CP

Teléfono Data

Tarifa 1997: Subsrición anual (2 números): 1750 pts. nº solto: 1000 pts.

FORMA DE PAGO:

- Transferencia bancaria á conta. 2091-0501-61-3040034158. CAIXA GALICIA.
- Contrareembolso do primeiro exemplar recibido.
- Xiro postal.

(a forma preferida é contrareembolso)

BREVES NOTAS EN TORNO Ó RÉXIME XURIDICO DAS COOPERATIVAS DE CAPITAL MIXTO.

Anxo TATO PLAZA

Profesor Titular de Dereito Mercantil

Universidade de Vigo

SUMARIO: A figura de Cooperativa de Capital Mixto, regulada ata agora a penas na Lei Vasca de Cooperativas, pode ser incorporada á Lei Galega. Este tipo de cooperativa dá cabida a aportacións de capital con dereito a voto minoritario na Asemblea por parte de socios non-cooperativistas. Considérase a conveniencia e natureza xurídica desta fórmula, que permitiría mellora-la apropiabilidade e transferibilidade do capital e abre portas a novas formas de capitalización, ademais de dotar ás cooperativas dunha parte de capital esencialmente estable e propio da empresa, se ben poderían limitar o principio de "unha persoa un voto". A ambigüidade da definición desta figura na Lei Vasca e a necesidade de mellora-la súa regulación requieren unha mellora na súa definición xurídica.

SUMARIO: La figura de Cooperativa de Capital Mixto, regulada hasta ahora solo en la Ley Vasca de Cooperativas, puede ser incorporada a la Ley Gallega. Este tipo de cooperativa da cabida a aportaciones de capital con derecho a voto minoritario en la Asamblea por parte de socios no-cooperativistas. Se considera la conveniencia y naturaleza jurídica de esta fórmula, que permitiría mejorar la apropiabilidad y transferibilidad del capital y abre puertas a nuevas formas de capitalización, además de dotar a las cooperativas de una parte de capital esencialmente estable y propio de la empresa, si bien podrían limitar el principio de "una persona un voto". La ambigüedad de la definición de esta figura en la Ley Vasca y la necesidad de mejorar su regulación requieren una mejora en su definición jurídica.

SUMMARY: The Mixed Capital Cooperative entity, regulated up til now only in the Basque legislation, could be incorporated into the Galician legislation. This kind of cooperative admits contributions of capital with a right to a minority vote in the Assembly for members who are not members of the cooperatives. Consideration is given to the advisability and legal nature of this formula, which would permit the improvement of the appropriation and transfer of capital and open doors to new forms of capitalization, as well as endowing the cooperatives with a portion of essentially stable capital belonging to the company, even though the principle of one person one vote could be limited. The deficiency ambiguity of the Basque Law and the necessity of improving its regulation require an improvement in its legal definition.

1.-Introducción.

Como é ben sabido, Galicia non se atopaba entre as Comunidades Autónomas que asumiron competencia en materia de cooperativas nos seus Estatutos de Autonomía. Esta carencia, sen embargo, foi parcialmente subsanada coa Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, pola que foi traspasada esta competencia á Comunidade Autónoma. Dende entón, Galicia pode dispor do seu propio marco legal neste eido.

Pois ben, foi precisamente no ámbito das discusións en pro da creación deste marco legal propio cando xurdiron distintas propostas encamiñadas a introducir no noso ordenamento unha figura que, ata este momento, só se regula na Lei vasca de Cooperativas. Estámonos a referir ás chamadas cooperativas de capital mixto. O seu recoñecemento e regulación propoñíase, por exemplo, no *Documento Base para a discusión do Proxecto de Lei Galega de Cooperativas* elaborado pola *Federación de Cooperativas Sinerxa*.

Non se pode dicir, polo demais, que estas propostas recibiran unha acollida favorable por parte dos poderes públicos. En efecto, o Proxecto de Lei de Cooperativas de Galicia, recentemente presentado ó Parlamento, garda un absoluto silencio en torno a esta modalidade de cooperativa. Así, as cooperativas de capital mixto non se atopan incluídas nas quince clases de cooperativas para as que se prevé unha normativa específica no Proxecto. E, por outra banda, ó tratar las distintas formas de colaboración económica¹, o art. 131 do Proxecto límitase a establecer que “as sociedades cooperativas de primeiro e segundo grao poderán constituir e participar, xunto con outras persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, en sociedades, asociacións, unións empresariais, consorcios e contraer calquera outro vínculo societario, para facilitar ou garantí-las actividades que desenvolven para a consecución do seu obxecto social ou para fins concretos e determinados”.

Ante esta situación, pode resultar necesario afondar no concepto e nas características das cooperativas de capital mixto (*infra 2*). Deste xeito, poderemos saber se as supostas vantaxes que se derivan desta modalidade de cooperativa aconsellan o seu recoñecemento expreso na futura Lei galega de cooperativas (*infra 3*).

2.- Concepto, características e réxime xurídico das cooperativas de capital mixto.

2.1.- *Concepto.*

Como xa espuxemos con anterioridade, as cooperativas de capital mixto, ata o momento, tan só son expresamente recoñecidas e reguladas na Lei vasca de Cooperativas². De aí que, á hora de analiza-lo seu concepto, as súas características e o seu réxime xurídico, debamos partir do disposto neste texto legal³.

Pois ben, no art. 136 da Lei Vasca de Cooperativas, as cooperativas de capital mixto⁴ son definidas como “aquellas nas que existen socios minoritarios para

1.- Na Lei vasca de cooperativas, as cooperativas de capital mixto regúlanse na sección segunda do capítulo segundo do Título II, sección á que se lle asigna o rótulo “outras modalidades de colaboración económica”.

2.- Lei 4/1993, de 24 de xuño, de cooperativas de Euskadi, *BOPV*, núm. 135, de 19 de xullo.

3.- Non obstante, a través de distintas notas ó pé, daremos conta tamén das normas propostas recollidas no *Documento base para a discusión do Proxecto de Lei galega de cooperativas*.

4.- En realidade, o art. 136 da Lei vasca de Cooperativas fala de “cooperativas mixtas”. Sen embargo, nós preferimos acolle-la terminoloxía proposta no *Documento Base para a discusión do*

quen o dereito de voto na Asemblea Xeral se poderá determinar, de xeito exclusivo ou preferente, en función do capital aportado, que estará representado por medio de títulos ou anotacións en conta, sometidos á lexislación reguladora do mercado de valores”⁵.

2.2.-Características.

Do concepto que acabamos de reproducir xa se pode deducir que, para a Lei vasca de cooperativas (e para o *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas*) a característica básica das cooperativas de capital mixto consiste na presencia, no seo da cooperativa, de dous tipos de socios: os socios cooperadores, que ostentan un voto por persoa no seo da Asemblea Xeral⁶, e os socios -poderíamos dicir- de capital, que ostentan un número de votos proporcional ó capital aportado⁷.

Agora ben, esta distinción entre dous tipos de socios tan só é posible se, á súa vez, se parte da división -ideal- do capital social en dúas partes ben diferenciadas: unha primeira parte, variable, que será subscrita polos socios cooperadores; e unha segunda parte, fixa, que poderá ser subscrita, ben polos socios cooperadores, ben por terceiras persoas (ás que antes chamabamos socios de capital) que se limitarían a aportar capital á sociedade cooperativa.

Estas consideracións pónennos de manifesto que, en realidade, a nota definidora das cooperativas de capital mixto é a división ideal do capital social nas dúas partes antes sinaladas. A distinción entre dous tipos de socios non sería máis ca un reflexo desta división.

Non obstante, debemos recoñecer que a división do capital social en dúas partes ideais non se reconoce de xeito expreso nin na Lei vasca de cooperativas nin no *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas*.

Proxecto de Lei galega de cooperativas e falar de cooperativas de capital mixto porque, en moitas ocasións, o términdo “cooperativas mixtas” é empregado para designar aquelas cooperativas que cumplen finalidades propias de distintas clases de cooperativas. Así sucede, por exemplo no *Documento base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas*. Segundo se dispón no art. 120.1 deste Documento, en efecto, “son cooperativas mixtas aquellas que cumplen finalidades propias de distintas clases de cooperativas e unifican as distintas actividades nunha soa persoa xurídica”.

5.- Idéntica definición se acolle no *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas*. Segundo se dispón no primeiro párrafo do art. 126 deste documento son cooperativas de capital mixto aquellas nas que existen socios minoritarios para quen o dereito de voto na Asamblea Xeral poderá determinar, de modo exclusivo ou preferente, en función do capital aportado, que estará representado por medio de títulos ou anotacións en conta, sometidos á lexislación reguladora do mercado de valores.

6.- Así se dispón no art. 35.1 da Lei Vasca: nas cooperativas cada socio terá un voto. Nos mesmos termos se expresa o art. 44.1 do *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas*.

7.- Lembremos, unha vez máis, o teor literal do art. 136.1 da Lei vasca de cooperativas: son cooperativas mixtas aquellas nas que existen socios minoritarios para quen o dereito de voto na Asemblea Xeral se podrá determinar, de xeito exclusivo ou preferente, en función do capital aportado. Vid. tamén o art. 126.1 do *Documento Base*.

vas. Cremos, sen embargo, que esta circunstancia non debe levarnos a variar as anteriores conclusións. A división do capital social en dúas partes ideais recoñécese implícitamente, tanto cando se fala de cooperativas *de capital mixto*⁸, como cando se fala de *partes sociais con dereito a voto*⁹ que, segundo se reconoce, son similares ás accións dunha sociedade anónima¹⁰. Como se comprenderá, difícilmente se podería recoñecer a existencia de *partes sociais con dereito a voto* se, ó mesmo tempo, non se reconecera a existencia dun capital fixo integrado por aquelas partes sociais. Ou, noutras palabras, difícilmente se podería falar de partes sociais con dereito a voto se non se reconecera a existencia dun capital social cuia división en partes alícuotas permitiría a existencia daquelas partes sociais con voto asimiladas ás accións.

Así pois, podemos concluir que, en primeiro termo, as cooperativas de capital mixto caracterízanse pola división do seu capital social en dúas partes ideais. Á súa vez, e como xa dixemos, esta división do capital social en dúas partes ideais provoca a existencia de dous tipos de socios con diferente estatuto xurídico: os socios cooperadores e os socios de capital. Os primeiros desembolsan a aportación inicial mínima obrigatoria determinada nos Estatutos, participan na actividade cooperativizada e contan cun voto na Asemblea Xeral. Os segundos limítanse a subscribir unha ou varias partes sociais con voto e ostentaran un número de votos proporcional á súa aportación de capital¹¹.

Do ata aquí exposto facilmente se deduce que a diferencia fundamental entre estes dous tipos de socios radica na titularidade, exercicio e alcance do seu dereito de voto na Asemblea Xeral¹². Así, mentres os socios cooperadores contan cun voto por persoa no seo da Asemblea Xeral, os socios de capital contarán cun número de votos proporcional ó capital aportado á sociedade, ou, se se prefire, proporcional ó número de partes sociais con voto que tivesen subscrito.

8.-De cooperativas de capital mixto fálase no rótulo do art. 126 do *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas*.

9.-Tanto a Lei vasca de cooperativas como o *Documento Base* falan, en distintos momentos, de partes sociais con voto ou de partes sociais con dereito a voto. Sirva como exemplo, a estos efectos, o párrafo terceiro do art. 136 da Lei vasca, no que se afirma que, “no caso das partes sociais con voto, tanto os dereitos e obrigas dos seus titulares como o réxime das aportacións regularanse polos Estatutos e, supletoriamente, polo disposto na lexislación de sociedades anónimas para as accións”.

10.-O recoñecemento da similitude entre estas partes sociais con voto e as accións é evidente cando se dispón que as primeiras se rexerán polo disposto nos Estatutos e, no seu defecto, polo disposto na Lei de Sociedades Anónimas para as accións. Vid. nota ó pé núm. 8.

11.-Estamos a falar, unha vez máis, dunha división ideal, pois, en principio, nada impediría que unha mesma persoa desembolsase a aportación inicial mínima, convertíndose en socio cooperador, e, ó mesmo tempo, suscribise unha ou varias das partes sociais con dereito a voto.

12.-As restantes diferencias entre o estatuto xurídico dos socios cooperadores e o estatuto xurídico dos socios de capital serán analizadas máis adiante, ó trata-lo réxime xurídico das cooperativas de capital mixto.

É evidente, polo demáis, que esta distinción entre dous tipos de socios con distinto dereito de voto pode entrar en conflito cun dos principios cooperativos: o principio de democracia interna. En efecto, segundo se aclaraba na formulación de principios realizada pola Alianza Cooperativa Internacional no seu Congreso de Viena de 1966, este principio supón que “os socios das cooperativas primarias deben gozar dos mesmos dereitos de voto (un socio, un voto) e de participación nas decisións que afectan ás súas organizacións”.

Este eventual conflito co principio de democracia interna provoca, á súa vez, a necesidade de distribuí-lo poder de decisión no seo da Asemblea Xeral, asegurando sempre que os socios cooperadores contan, alomenos, con máis da metade dos votos totais da Asemblea. Esta distribución do poder de decisión no seo da Asemblea entre socios cooperadores e socios de capital, que podería ser considerada como unha ulterior característica das cooperativas de capital mixto, é evidente na Lei Vasca de cooperativas. En efecto, segundo se dispón no segundo párrafo do art. 136, nas cooperativas de capital mixto “o dereito de voto na Asemblea Xeral respectará a seguinte distribución: a) alomenos o cincuenta e un por cento dos votos atribuirase, na proporción que definan os Estatutos, ós socios cooperadores; b) unha cota máxima, a determinar estatutariamente, do corenta e nove por cento dos votos distribuirase en partes sociais con voto que, se os Estatutos o prevén, poderán ser libremente negociables no mercado”¹³.

2.3.- Régimen xurídico.

2.3.1.- Introducción.

De todo o ata aquí exposto se deduce que, nun principio, as cooperativas de capital mixto se caracterizan pola existencia dunha parte de capital social fixo que se divide en partes sociais con voto. Isto explica que a Lei vasca de cooperativas, ó trata-lo régimen xurídico das cooperativas de capital mixto, se preocupe tan só de establecer o régimen xurídico de aquelas partes sociais con voto e de regular o estatuto xurídico dos seus titulares.

2.3.2.- As partes sociais con dereito a voto: régimen xurídico.

a) Representación e documentación das partes sociais con dereito a voto.

No art. 136 da Lei vasca de cooperativas dispone que o capital aportado polos distintos titulares de partes sociais con dereito a voto “estará representado por medio de títulos ou anotacións en conta sometidos á legislación reguladora”.

13.- En idéntico senso, vid. o segundo párrafo do art. 126 do *Documento Base para a discusión do Proyecto de Lei galega de cooperativas*: “nestas cooperativas o dereito de voto na Asemblea Xeral respectará a seguinte distribución: a) polo menos o cincuenta e un por cento distribuirase na proporción que definan os Estatutos a socios cooperadores; b) unha cota máxima, a determinar estatutariamente, do corenta e nove por cento dos votos, distribuirase en partes sociais con voto, que se os Estatutos o prevén, poderán ser libremente negociables no mercado”.

dora do mercado de valores”¹⁴. Circunstancia ésta que, loxicamente, implica a súa calificación como valores negociables¹⁵.

Esta incorporación das partes sociais con dereito a voto a valores negociables, sen embargo, pode chegar a plantexar distintos problemas. Non debemos esquecer, a este respecto, que o Estado ostenta competencia exclusiva para establece-lo réxime xurídico do mercado de valores. E, en exercicio desta competencia, promulgouse o Real Decreto 291/1992, de 27 de marzo, sobre emisións e ofertas públicas de vendas de valores¹⁶. Pois ben, no art. 1.2 deste Decreto establecése que “non se considerarán valores negociables (...) as aportacións ó capital das sociedades cooperativas de calquera clase”.

O carácter terminante e xeral co que se expresa este precepto (fálase de aportacións a cooperativas de calquera clase) lévanos a pensar que non é posible que un lexislador autonómico prevea a incorporación das partes sociais con dereito a voto dunha cooperativa de capital mixto a valores negociables. En caso contrario, a norma en cuestión podería ser considerada inconstitucional.

Así as cousas, debemos estimar que a situación destas partes sociais debería ser similar á das participacións sociais nas sociedades de responsabilidade limitada¹⁷. Noutras palabras, a porción de capital fixo a desembolsar polo que antes denominabamos socios de capital debería estar dividida en partes alícuotas que, calquera que fose o nome que recibisen, non poderían incorporarse a valores negociables nin denominarse accións¹⁸.

Isto implicaría tamén, claro está, un cambio no Dereito aplicable a estas partes sociais con dereito a voto. En efecto, tanto a Lei vasca de cooperativas como o *Documento base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas* prevén que “no caso das partes sociais con voto, tanto os dereitos e obrigas dos titulares como o réxime das aportacións regularanse polos Estatutos e, supletoriamente, polo disposto na lexislación de sociedades anónimas para as accións”. Pois ben, a imposibilidade de incorporar as partes sociais con voto a valores negociables e, por tanto, a imposibilidade de asimilar estas partes ás

14.- En idéntico senso se expresa o *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas*. Segundo se dispón no seu art. 126.1, “son cooperativas de capital mixto aquelas nas que existen socios minoritarios para quen o dereito de voto na Asamblea Xeral poderase determinar, de xeito exclusivo ou preferente, en función do capital aportado, que estará representado por medio de títulos ou anotacións en conta, sometidos á lexislación reguladora do mercado de valores”.

15.-Vid., a este respecto, o art. 5 da Lei de Mercado de Valores, segundo o cal, “os valores negociables poderán representarse por medio de anotacións en conta ou por medio de títulos”.

16.- BOE de 2 de abril.

17.- Vid., a este respecto, o art. 5 da recente Lei de Sociedades de Responsabilidade Limitada, segundo o cal, “o capital social estará dividido en participacións indivisibles e acumulables (...). As participacións sociais non terán o carácter de valores, non poderán estar representadas por medio de títulos ou anotacións en conta, nin denominarse accións”.

18.- A imposibilidade de incorpora-las partes sociais a valores negociables non impediría, sen embargo, que a sociedade cooperativa emitise certificados que acreditasen o número de partes sociais do que é titular unha persoa.

accións dunha sociedade anónima, debería implicar a eliminación de calquera tipo de referencia a unha eventual aplicación supletoria do réxime xurídico das accións. As partes sociais con dereito a voto deberían rexerse, neste xeito, polo disposto nos Estatutos e, supletoriamente (se se estima oportuno) polo disposto na Lei de sociedades de responsabilidade limitada para as participacións sociais, pois esta é a figura coa que gardan maior semellanza as partes sociais con voto dunha cooperativa de capital mixto.

b) Transmisión das partes sociais con derecho a voto.

Tanto a Lei Vasca de cooperativas como o *Documento base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas* se limitan a establecer, neste punto, que, se os Estatutos o prevén, as partes sociais con voto poderán ser libremente transmisibles.

Deste xeito, os dous textos antes citados intentan facilita-la circulación das partes sociais con voto e, deste xeito, facilita-la capitalización da sociedade a través da captación de recursos alleos. Agora ben, se, como parece, este era o propósito que se pretendía conseguir, cabe preguntarse por que non se recoñece expresamente o principio de libre transmisibilidad das partes sociais, en vez de condicionar este principio a un eventual recoñecemento nos Estatutos. Cremos, en efecto, que sería máis adecuado establecer que as partes sociais son libremente transmisibles, e que, no seu caso, os Estatutos poderán preve-la existencia dalgunha restricción. Actuando deste xeito, non só se facilitaría a circulación das distintas partes sociais (e, por conseguinte, a captación de recursos por parte da sociedade), senón que se evitarián tamén algúns dos problemas que se derivan da actual redacción da norma.

Lembremos, neste senso, que nesta norma se establece que os Estatutos poden preve-la libre transmisibilidad das partes sociais. Pero, ¿que sucede se nos Estatutos non se di nada a este respecto? O silencio legal neste punto obrigaría a adoptar unha das dúas interpretacións que propoñemos a continuación.

Poderíase entender, en primeiro lugar, que tamén é aplicable aquí o réxime xurídico establecido na Lei de Sociedades Anónimas para as accións, en virtude da remisión que a el se fai no párrafo terceiro do art. 136 da Lei vasca de cooperativas¹⁹. Pero esta interpretación suporía, en primeiro termo, unha indebida extensión do ámbito de aplicación deste precepto, pois nel só se establece que o réxime xurídico das accións é aplicable, con carácter supletorio, en todo o relativo ós dereitos e deberes dos titulares de partes sociais con voto e ó réxime xurídico das aportacións. Aquela interpretación provocaría, ade-

19.- Se lembramos, este precepto establecía que, “no caso das partes sociais con voto, tanto os dereitos e obrigas dos seus titulares como o réxime das aportacións regularanse polos Estatutos e, supletoriamente, polo disposto na lexislación de sociedades anónimas para as accións”. En idénticos termos se expresa o párrafo terceiro do art. 126 do *Documento Base*.

mais, e en segundo lugar, resultados absurdos. En efecto, lembremos que a Lei de sociedades anónimas consagra o principio de libre transmisibilidade das accóns²⁰. Por tanto, se se estima que este principio tamén é aplicable para as partes sociais con voto en caso de silencio dos Estatutos, o que se estaría dicindo en realidade sería que os Estatutos poden peve-la libre transmisibilidade das partes sociais con voto e que, no seu defecto, estas partes sociais con voto serán libremente transmisibles. Ou sexa, que, se os Estatutos o prevén, as partes sociais con voto serán libremente transmisibles; e se non o prevén, tamén.

A segunda das interpretacións que se poderían adoptar tampouco conduce a resultados más satisfactorios. Poderíase entender, en efecto, que, se os Estatutos non prevén a libre transmisibilidade das partes sociais con voto, éstas non poderían ser transmitidas a terceiras persoas alleas á sociedade²¹. Se os titulares destas partes sociais quixeran recupera-la súa aportación, por tanto, deberían acudir á baixa na sociedade cooperativa, conforme ó réxime establecido para os socios cooperadores. Obvia dicir que esta situación dificultaría en grande medida a circulación daquelas partes sociais e, en consecuencia, a captación de recursos para a cooperativa. Frustaríase, deste xeito, un dos fins últimos de toda cooperativa de capital mixto. En efecto, como veremos máis adiante, unha das razóns polas que se crea esta figura consiste en permitir á sociedade cooperativa contar cun capital fixo integrado polos recursos aportados por aquellas persoas que, sendo alleas á actividade cooperativizada, suscriben unha ou varias das partes alícuotas nas que aquel se divide. Agora ben, é evidente que a subscrpción destas partes sociais con voto só resultará atractiva para terceiras persoas na medida en que o investimento sexa facilmente recuperable, isto é, na medida en que aquellas partes sociais poidan ser libremente transmitidas. Así pois, o establecemento dun réxime no que estas partes sociais non puidesen ser transmitidas dificultaría a súa subscrición por terceiras persoas e, deste xeito, obstaculizaría a captación de recursos.

Así as cousas, parece que o réxime previsto na Lei vasca de cooperativas (e no *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega*) en punto á transmisión das partes sociais con voto pode conducir a resultados pouco satisfactorios. En consecuencia, e dada a propia natureza e finalidades das cooperativas de capital mixto, parece máis aconsellable recoñecer de xeito expreso o principio de libre transmisibilidade das partes sociais con voto, prevendo, ó mesmo tempo, a posibilidade de que nos Estatutos da cooperativa se estableza algún

20.- Vid., a este respecto, os arts. 51 e ss. da Lei de Sociedades Anónimas e, en particular, o art. 63.

21.- O réxime da transmisión das partes sociais con voto asemellaríase, neste xeito, ó réxime transmisión das aportacións por parte dun socio cooperador. En efecto, tanto a Lei vasca de cooperativas (art. 62) como, a nivel estatal, o art 78 da Lei Xeral de cooperativas establecen unha prohibición da transmisión *inter vivos* das participacións a terceiras persoas alleas á sociedade.

tipo de restricción, como, por exemplo, a necesidade de autorización da transmisión por parte do Consello Rector ou o establecemento dun dereito de tanteo en favor dos restantes socios da cooperativa.

2.3.3.- Estatuto xurídico dos titulares de partes sociais con voto.

Nin a Lei vasca de cooperativas nin o *Documento Base para a discusión do Proxecto de lei galega de cooperativas* regulan con carácter exhaustivo o estatuto xurídico dos titulares de partes sociais con voto, ou, se se prefire, dos socios de capital. Moi ó contrario, limitánse a establecer unha remisión xenérica ó réxime establecido na Lei de Sociedades Anónimas no relativo ós dereitos e obrigas dos accionistas, completando este réxime con algunas previsións específicas para os titulares de partes sociais con voto nunha cooperativa de capital mixto.

Deste xeito, os titulares de partes sociais con voto gozarían, en principio, dos dereitos recoñecidos no art. 48.2 da Lei de sociedades anónimas: dereito a participar no reparto dos gaños sociais e no patrimonio resultante da liquidación; dereito de subscrición preferente na emisión de novas partes sociais con voto; dereito de asistencia e voto nas Xuntas e dereito a impugnar os acordos sociais; e, finalmente, dereito de información.

Como xa dixemos, a Lei vasca de cooperativas e o *Documento Base* contemplan algunas previsións específicas para o exercicio dalgúns destes dereitos cando se trate de titulares de partes sociais con voto nunha cooperativa de capital mixto. Estas previsións refirense, en particular, ó dereito de voto e ó dereito a participar nos gaños sociais (*rectius*, nos excedentes anuais).

No que atinxer ó dereito de voto, establecécese que o número de votos que corresponda a cada titular de partes sociais se poderá determinar, de xeito exclusivo ou preferente, en función do capital aportado á sociedade. Pero, en todo caso, o número de votos atribuídos ós distintos titulares de partes sociais con voto non poderá ser superior ó número de votos que ostenten na Asemblea Xeral os socios cooperadores. Ou, como se establece na Lei vasca de cooperativas, “o dereito de voto na Asemblea Xeral respectará a seguinte distribución: a) alomenos o cincuenta e un por cento dos votos se atribuirá, na proporción que definan os Estatutos, a socios cooperadores; b) unha cota máxima, a determinar estatutariamente, do corenta e nove por cento dos votos se distribuirá en partes sociais con voto”.

Idénticas previsións se establecen no relativo á participación dos socios titulares de partes sociais con voto nos excedentes anuais. Deste xeito, os excedentes anuais deberán ser divididos en dous bloques destinados a cada un dos dous tipos de socios, sen que os excedentes destinados a socios cooperadores poida en ningún caso ser inferior ós excedentes que deben ser repartidos entre os socios titulares de partes sociais con voto. Os excedentes que correspondan a estes socios titulares de partes sociais con voto, polo demais, distribuiranse entre eles en proporción ó capital aportado á sociedade.

Salvo estas excepcións -repetimos unha vez más- os dereitos e deberes dos socios de capital serán os mesmos que os dun accionista nunha sociedade anónima²². Convén sinalar, polo demais, que esta remisión en bloque ó disposto na Lei de Sociedades Anónimas implicará, en casos puntuais, unha certa diferencia entre o estatuto xurídico do titular de partes sociais con voto e o estatuto xurídico do socio cooperador. Valga como exemplo o que sucede co derecho de información. O derecho de información do socio cooperador, en efecto, tería un alcance máis amplio có derecho de información do titular de partes sociais con voto. Así se deduce da comparación entre o art. 112 da Lei de Sociedades Anónimas (que regularía o derecho de información do socio de capital) e o art. 24 da Lei vasca de cooperativas (que regula o derecho de información dos socios cooperadores). Segundo o primeiro destes dous preceptos, “os accionistas (*rectius*, os titulares de partes sociais con voto) poderán solicitar por escrito, con anterioridade á Xunta, ou verbalmente, durante a mesma, os informes ou aclaracións que estimen precisos acerca dos asuntos comprendidos na orde do día”. Pola súa banda, o art. 24 da Lei vasca de cooperativas establece que “os socios poderán exercita-lo derecho de información nos termos previstos nesta Lei, nos Estatutos ou nos acordos da Asemblea Xeral, que poderán establecer los cauces que consideren oportunos para facilitar e facer efectivo este derecho dos socios. Todo socio terá derecho a: a) Solicitar unha copia dos Estatutos sociais da cooperativa e, no seu caso, do Regulamento de réxime interno; b) Examina-lo libro rexistro de socios da cooperativa e o libro de actas da Asemblea Xeral, e, se o solicita, os administradores deberán proporcionarle copia certificada do acta e dos acordos adoptados na Asemblea Xeral, e certificación das inscricións no libro rexistro de socios previa solicitude motivada; c) Que se lle informe polos administradores, e no prazo mínimo dun mes dende que o solicite, sobre a súa situación económica en relación coa cooperativa. Todo socio poderá solicitar por escrito ós administradores as aclaracións ou informes que considere necesarios sobre calquera aspecto do funcionamento ou dos resultados da cooperativa, que deberán ser proporcionados na primeira Asemblea Xeral que se celebre pasados quince días dende a presentación do escrito. Cando a Asemblea Xeral, de acordo coa orde do día, vaya deliberar sobre as contas do exercicio ou calquera proposta económica, os documentos que reflectan as contas anuais, a proposta de aplicación de resultados e, no seu caso, o informe de xestión realizado pola Comisión de vixiancia ou a auditoría externa de contas, deberán estar a disposición dos socios no domicilio da cooperativa, para que podan ser

22.- Cando falabamos da representación das partes sociais con derecho a voto dicíamnos que se debería eliminar calquera referencia ás accións, pois aquelas partes sociais non poden, conforme á lexislación vixente, incorporarse a valores negociables. Deste xeito -afirmabamos entón- as partes sociais con voto asimilaríanse ás participacións sociais dunha sociedade de responsabilidade limitada máis ca ás accións dunha sociedade anónima. Isto non impediría, claro está, que, en materia de dereitos e obrigas dos titulares destas partes sociais, se mantenga a referencia en bloque á Lei de Sociedades Anónimas. O que non sería posible sería manter esta mesma referencia ou remisión no que atinxe á documentación das partes sociais con derecho a voto.

examinados polos mesmos durante o prazo de convocatoria. Durante este prazo os socios poderán solicitar por escrito, alomenos con cinco días de antelación á celebración da Asemblea, as explicacións e aclaracións referidas a aquela documentación económica para que sexan contestadas no acto da Asemblea (...). En todo caso, os administradores deberán informar ós socios ou ós órganos que os representen trimestralmente alomenos e polo cauce que estimen conveniente, das principais variables socieconómicas da cooperativa”.

3.- Consideracións finais.

Como é ben sabido, nunha sociedade cooperativa sometida ó réxime ordinario, o socio cooperador non pode transmitir libremente as súas aportacións²³. De onde se deduce que cando un socio cooperador quera recuperar a aportación realizada ó capital da cooperativa debe acudir ó procedemento de baixa voluntaria previsto na lexislación en materia de cooperativas; baixa voluntaria que, claro está, implicará a reducción do capital social da cooperativa, pois, sendo éste esencialmente variable, fluctúa en función dos novos ingresos e das baixas que se produzan.

A necesidade de acudir ó procedemento de baixa voluntaria para recuperar o capital aportado a unha cooperativa provoca, polo demais, un doble efecto. Por unha banda, resta atractivo ó posible investimento de capital nunha cooperativa, pois este investimento esixiría a entrada na cooperativa como socio cooperador, e a súa recuperación esixiría o recurso a un procedemento (a baixa voluntaria) máis complexo e difícil cá simple transmisión das aportacións realizadas²⁴.

Á súa vez, a imposibilidade de transmitir as aportacións a terceiras persoas, unida á vixencia nesta sede do principio de baixa voluntaria, pode chegar a provocar que, en momentos extremos, e debido á existencia de numerosas baixas de socios, o capital da cooperativa se sitúe en umbrais próximos ó capital mínimo fixado nos Estatutos.

Pois ben, fronte a esta situación, as cooperativas de capital mixto presentan vantaxes indubidables. En efecto, como xa se puxo de manifesto ó analiza-las

23.- Vid., por exemplo, o art. 78 da Lei Xeral de cooperativas, no que se establece que “as aportacións só poden transmitirse por actos *inter vivos*, entre os socios da cooperativa”.

24.- Débese ter en conta tamén que, en certos casos (particularmente, nas baixas non xustificadas) a baixa voluntaria na cooperativa pode impedi-la recuperación íntegra do capital aportado. Vid., por exemplo, o art. 80 da Lei Xeral de Cooperativas: “os Estatutos regularán o dereito ó reembolso das aportacións en caso de baixa do socio (...) de acordo coas seguintes normas: a) Do importe das aportacións no momento da baixa deduciranse as perdidas imputadas ó socio, correspondentes ó exercicio económico en que se producirá a baixa e/ou a outros exercicios anteriores e que non foran compensadas ou satisfeitas polo socio. b) Do importe das aportacións obligatorias que resulte da aplicación do establecido no anterior apartado a), o Consello Rector poderá acordar deducións ata o máximo establecido polos Estatutos, que non poderá ser superior ó 30% no suposto de baixa por expulsión, nin ó 20% no de baixa voluntaria non xustificada”.

características desta modalidade de cooperativa, o capital social dunha cooperativa de capital mixto presenta dúas partes ben diferenciadas: unha primeira parte, variable, que será subscrita polos socios cooperadores; e unha segunda parte, esencialmente estable, e dividida en partes sociais con dereito a voto, que poderá ser subscrita polos socios cooperadores ou por terceiras persoas.

Así pois, as cooperativas de capital mixto contan cunha parte de capital esencialmente estable. E resulta evidente que esta circunstancia pode contribuír a paliar os problemas de capitalización que se deriven das baixas de socios e da conseguinte reducción do capital social variable.

Pero, ademais, esta parte de capital esencialmente estable está dividido en partes sociais con dereito a voto que, nun principio, deberían ser libremente transmisibles. Esta característica pode facilita-la captación, por parte da cooperativa, de recursos externos, pois é evidente que a libre transmisibilidade das partes sociais con voto dota dun maior atractivo á súa subscrpción e, por tanto, ó investimento de capital nunha cooperativa destas características.

As vantaxes que ata aquí vimos describindo xustificarian, na nosa opinión, unha nova reflexión dos poderes públicos galegos en punto ó posible recoñecemento desta modalidade de cooperativa na futura Lei de cooperativas de Galicia.

Agora ben, cremos tamén que esta reflexión non debe limitarse á oportunidade da introducción desta figura no noso ordenamento autonómico. Moi ó contrario, a análise realizada do réxime xurídico desta figura na Lei vasca de cooperativas púxono de manifesto que existen certos puntos (réxime de transmisión das partes sociais con voto, documentación destas partes sociais, etc.) onde a regulación recollida no texto vasco é manifestamente mellorable. Atrevéramonos a dicir, incluso, que a mellora dalgúns destes puntos (como o relativo ó réxime de transmisión das partes sociais con voto) é absolutamente imprescindible se non se quere obstaculiza-lo éxito deste tipo de cooperativas. Por iso, cremos que a reflexión e o debate non deben versar só sobre a oportunidade da introducción desta figura no noso ordenamento; debe extenderse tamén ó réxime xurídico das cooperativas de capital mixto e ó seu posible perfeccionamento.

ESTRUCTURAS EMPRESARIAIS NO MARISQUEO INTERMAREAL

Iago SANTOS CASTROVIEJO

EUEE. Universidade de Vigo.

SUMARIO:

Utilízase un cuestionario abierto respondido polos dirixentes de cinco entidades acuícolas-marisqueiras para proponer liñamentos dunha política orientada a anova-la base empresarial da acuicultura do marisco.

SUMARIO:

Se utiliza un cuestionario abierto respondido por los dirigentes de cinco entidades acuícolas-marisqueras para proponer los lineamientos de una política orientada a renovar la base empresarial de la acuicultura del marisco.

SUMMARY: An open questionnaire, answered by the managers of five aquaculture-shellfishing entities, is used to propose the outlines of a policy orientated towards the renewing of the managerial basis of the aquaculture of shellfish.

1. Metodoloxía e información primaria¹

Este estudio foi feito a través dun cuestionario realizado entre 6 entidades acuícola-marisqueiras, con un total de 9 entrevistas. As entrevistas foron feitas en profundidade, de duración media de 2.30 a 3 horas, cun cuestionario abierto e respondido habitualmente polo responsable da entidade acuícola-marisqueira (presidente, xerente ou patrón maior), onde se trataba de determinar, en primeiro lugar, medicións obxectivas de rendemento e de xestión; en segundo lugar aproximacións ó estado de desenvolvemento empresarial, ó estilo de orientación finalista da entidade e ás posibilidades e limitacións para atinxiren a misión empresarial de abordaren o cultivo mariño; e por fin, en terceiro lugar, obtermos unhas referencias que nos proporcionasen claves interpretativas sobre o estado de opinión e puntos de vista sobre os procesos implicados.

1.- Agradezo a don Carmelo Rodríguez Padín o aporte de numerosa documentación dispersa e dossier de prensa; a don Antonio Álvarez Santos e a don Manuel Pizcueta Barreiro as axudas nas medicións topográficas, e moi especialmente a tó dolos entrevistados, responsables das entidades correspondentes, a súa aberta colaboración e a súa paciencia.

Para estas medicións apareceron os seguintes problemas: a) habería que delimitar ou estimar directamente as superficies intermareais en case tódolos casos; b) habería que estimar as fraccións da produción que corresponden a esa franxa intermareal, cando case todas as entidades extraen conxuntamente das zonas inter e inframareais; c) os datos terían que ser estimados polos responsables das entidades, o que pode introducir sesgos, e polo tanto, en moitos casos habería que proceder a cerciorarse de que os datos eran referencias aceptables, ou cando menos, que poderían ser comprobados, o que requiría bastante información adicional.

Delimitar a franxa intermareal da inframareal, e dos rendementos relativos á franxa intermareal presenta problemas, xa que estes datos non sempre están separados nas contas. Tamén aparecen dificultades pola ocultación de datos e mais polas formas de extracción "por fóra" das entidades, sexa porque o total declarado é inferior ó vendido, sexa porque se extrae na superficie correspondente á entidade pero non pasa por lonxa, sexa porque o marisco comercializado extráese noutros lugares. A súa importancia para o estudio é clara: as respostas á totalidade do cuestionario terían que se referir a estas medicións, xa que a resposta positiva, por exemplo a tódalas cuestións relativas á xestión, ós resultados, á forma organizativa e xurídica adoptada, etc. hai que contrastalas, para a súa valoración, coas medicións desa capacidade de dirección e organización.

As enquisas foron realizadas entre o día 26.XII.96 e o día 11.IV.97 e a revisión polos entrevistados ata o 20 de maio. Foron dirixidas ás seguintes entidades e persoas:

- Cooperativa Ría de Arousa, don Xosé Manuel Fernández Outeiral.
- OPP-20, don Manuel Lojo Nieto.
- Agrupación de Mariscadoras de Moaña, dona Alicia Rodríguez.
- Confraría de Carril, don Ventura Vidal Longa.
- Don Xosé Lois Durán (ex-xerente da OPP-38).
- Agrupación de Productores de Parques de Cultivo de Carril, don Xosé Luís Villanueva.

Estas entidades e persoas foron escollidas así por consideralas suficientemente representativas, tanto das formas organizativas e xurídicas do marisqueo / acuicultura intermareal, como por seren as de maior interese en resultados. Ademais, os datos fornecidos por estas entidades son máis fiables por contaren con aproximacións cantitativas á súa produción real.

Podemos dicir que o estudio é representativo do sector, xa que a pesar da ausencia das formas tipicamente mercantís (que en Galicia non cultivan as praias), as entidades que aquí se recollen están nun estadio de organización e desempeño empresarial, social e tecnolóxico en xeral superior.

Por seren os cuestionarios respondados polos responsables das entidades, están suxeitos a tódalas reservas razonables habituais sobre a veracidade, exac-

titude e tendenciosidade dos datos. Polo tanto, deben ser lidos conforme a estas limitacións. Sen embargo, a aproximación á realidade que permiten resulta bastante satisfactoria, sobre todo tendo en conta que, tanto pola natureza deste estudio como pola imposibilidade dunha total precisión, aquí teremos cumplida a nosa misión se damos pousado as cuestións chave.

Unha maior exactitude sobre unha serie tan amplia de problemas requiriría dende empezar por estudos topográficos (bastante complexos) más precisos, coñecer con algo de exactitude cales son as zonas adxudicadas en réxime de autorización e mais de concesión administrativa, e a proporción entre estas autorizaciós e concesións e as zonas realmente explotadas (todo isto nun estado de descoñecemento e descontrol que imposibilita, por agora, unha total precisión), ata estudos de cultura de empresa e de cultura organizativa más profundos que non son abordables por un estudio destas proporcións.

En calquera caso, os datos poden e deben ser postos en dúbida, e para facilitar isto precisaremos a continuación a forma na que foron obtidos.

Algunhas notas sobre a precisión dos datos.

1. As aproximacións ó espacio e volume de captura na franxa intermareal foron:

1.a. Cando os datos sobre a superficie intermareal nos pareceron pouco fiables, optamos polas medicións nas cartas náuticas. Isto fixémolo para Moaña e para a OPP-20, Illa de Arousa, xa que a superficie en réxime de autorización nin se correspondía á franxa intermareal (incluía zonas de marisqueo a flote), nin toda a franxa intermareal estaba en réxime de autorización (polo menos, para a Illa de Arousa), senón que incluía zonas de libre marisqueo; cando o que nos interesaba era a superficie intermareal explotada, xa que a autorización non sempre está situada topograficamente, os mapas "unidos ó expediente" da autorización non aparecen por ningun lado, e chegaron posteriormente a "compromisos" aceptados entre partes, polo que a totalidade da franxa intermareal é tratada na práctica, e respectada por todos (e senón defendida pola violencia directa) como mantida en réxime de autorización administrativa.

A medición en carta náutica ten a desvantaxe de que esa franxa é variable, mentres a carta náutica corresponde a unha medición nun momento concreto. Unha medición más exacta requiriría unha localización en pormenor e unhas medicións topográficas (que só fixo a Cooperativa Ría de Arousa), e mesmo así, non resolveríamos doulos problemas: a variabilidade co tempo e cos movementos mariños nin a potencialidade de moitas zonas entraren a formar parte da franxa intermareal coa recuperación e os aportes de substrato.

Estas medicións fixéronse sobre toda a franxa, incluíndo as zonas rochosas, o que conduce a unha subestimación dos rendementos por metro ca-

drado, por esta orde, das entidades: Illa de Arousa, Abanqueiro e Moaña.

1.b. Para a Coop. Ría de Arousa, 8.000m² na franxa intermareal sobre unha extensión total de autorización de 32.000m², e unha zona de traballo de 77.000. Esta empresa fixo un estudio topográfico da zona de autorización administrativa da que é titular.

As proporcións de capturas totais que proveñen da zona intermareal constan na documentación da entidade ou foron aproximadas, polo que os datos son moi fiables.

1.c. Para a OPP-20, que é titular de 1.495.000m² para a explotación do marisco, o xerente calculou en 1/3 a extensión intermareal, sobre a que se traballa asomade na extracción a pé e a flote. Estimou que o 100% das vendas en lonxa de ameixa fina, picuda e berberecho e mais o 30% da ameixa babosa proviñan dessa superficie.

Sen embargo, as medicións con integrómetro da franxa intermareal sobre a carta náutica (escala 1:30.000) danno un total de 2.619.800 m² de superficie intermareal correspondente á Illa de Arousa e os illeus próximos, incluíndo as zonas rochosas. Entendo que a medición nas cartas náuticas é unha referencia máis clara, en canto non contemos con mellores medicións, e en todo caso, son facilmente corrixibles cando se requira unha maior precisión.

1.d. En Carril, o Patrón Maior da Confraría estimou en 123.000m² de concesión dos que é titular a Confraría, e un total de superficie explotada a parquistas particulares de 1.800.000 en réxime de concesión. O presidente da Agrupación de parquista estimouna, incluído Bamio, en 1.200.000. Estimou que as vendas en lonxa representaron, no ano 1996, un 40-45% das vendas totais, fronte ó presidente da Agrupación, que estimou que as vendas en Lonxa poderían supoñer un 10% ou acaso un 5% das vendas totais.

O caso de Carril é especialmente difícil de precisar, xa que os parquistas non están obrigados a venderen en lonxa na 1.^a venda, e tampouco é fácil estimar a fracción correspondente ó cultivo da fracción correspondente á estabulación de marisco doutras procedencias. De aí que optáramos finalmente por incluír as tres hipóteses, o que dá un intervalo de estimación demasiado amplio, de case 8 veces entre a hipótese máis baixa e a máis alta, e o peor é que, a falta doutros datos, tódalas hipóteses son verosímiles.

1.e. Para Moaña, realizamos a medición sobre a carta náutica, nunha escala 1:7500, resultando unha superficie intermareal de 1.490.062 m². A Agrupación de Mariscadoras Virxe do Carme ten autorización sobre 3.180.000 m², incluíndo zonas de marisqueo a flote. Nin a Agrupación nin a Confraría nos souberon dar ningún dato mellor.

En síntese, podemos ver os resultados das medicións sobre a superficie acuícola no Cadro 1. Para unha medición más precisa habería que definir conceitos do estilo de **superficie acuícola útil** ou **volume acuícola útil**, e unha tipoloxía destas segundo unha ponderación de características que as fan más ou menos productivas e más ou menos a propósito para o cultivo de cada especie. Este aspecto da metodoloxía non pode ser desenvolvida nun traballo das modestas dimensións deste.

Cadro 1. Medidas das superficies traballadas nas catro entidades entrevistadas.

| | Superficie intermareal, m ² | Autorización, m ² | Zona na que traballan, m ² |
|-------------------------------------|--|------------------------------|---------------------------------------|
| Agrupación de mariscadoras de Moaña | 1.490.062 | 3.180.000 | 1.490.062 |
| OPP-20, Illa de Arousa | 2.619.800 | 1.495.000 | ? |
| Parquistas de Carril | 1.200.000 a 1.800.000 | 950.000 | 1.200.000 a 1.800.000 |
| Cooperativa Ría de Arousa | 8.000 | 32.000 | 77.000 |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97. Para os m²da superficie intermareal na OPP-20 e en Moaña, mediuse a superficie en carta náutica. Esta superficie inclúe zonas rochosas e outras que non son productivas.

En canto ás medicións do volume de capturas seguíronse as estimacións dos entrevistados. Para a Cooperativa Ría de Arousa e Agrupación de Moaña os cálculos deben ser precisos, se ben para Moaña temos certos indicios de que as vendas declaradas en lonxa poden ser inferiores ás vendas reais. Para a OPP-20, a estimación é aproximada.

Para Carril, como se indicará no seu lugar, as estimacións son menos factibles e recorremos a facer algunas hipóteses, se ben a hipótese máxima corresponde a un volume de facturación 7 veces superior á da hipótese mínima, e na produción correspondente tampouco é posible, cos datos ó dispor, distinguir que fracción desa facturación se corresponde ó cultivo da que se corresponde á utilización dos parques como depósitos.

Sen embargo, sería moi útil en futuros traballos contar con estes datos fiables e precisos. Este traballo, polo tanto, debe ser considerado como provisional intre non se resolván con máis rigor estes problemas.

PARTE I. DESCRICIÓN.

2. Aproximación comparativa ós rendementos.

O Cadro 2 preséntanos os datos fundamentais para unha comparanza en canto ó desempeño das catro entidades. Para a OPP-38, a entrevista non tiña a principal finalidade de obtención de datos.

| CADRO 2. COMPARANZA DOS RENDEMENTOS EN ENTIDADES MARISQUEIRO / ACUÍCOLAS INTERMAREAIS. 1996. | | | | | | | | | |
|--|--|-----------------------------------|----------------------------------|-----------------|-------------------------------------|----------------------|--|--|--|
| COOP. RÍA DE AROSA | PARQUISTAS DE CARRIL | | | OPP-20 (A ILLA) | AGRUPACIÓN DE MARISCADORES DE MOAÑA | OPP-38 (RÍA DE VIGO) | | | |
| | DATOS DA CONFRARÍA DE CARRIL | DATOS DA AGRUPACIÓN DE PARQUISTAS | | | | | | | |
| | H.1.(*) | H.2.(*) | H.3. (*) | | | | | | |
| 2,5 VECES AS VENDAS EN LONXA | 10 VECES AS VENDAS EN LONXA | 20 VECES AS VENDAS EN LONXA | | | | | | | |
| TOTAL ÁREA INTERMAREAL, m ² | 8.000 | 1.800.000 @ | 1.200.000 @ | 2.619.800 | 1.490.062 | S.D.(AUT 7.180.000) | | | |
| TOTAL QUILOS EXTRAÍDOS CORRESPONDENTES A ESA FRANXA | 11.156 | 864.987 | 3.459.950 | 6.919.900 | 260.404 | 156.159 | | | |
| TOTAL PTS, IDEM ID. | 20.056.885 | 713.030.503 | 2.852.122.015 | 5.601.944.030 | 300.622.333 | 93.083.932 | | | |
| CV MÁQUINA (tractor) | 107 | - | - | 75 | 0 | 0 | | | |
| MAQUINARIA | 2 TRACTORES | - | 5 "UNIDADES DE ACUICULTURA" | I TRACTOR | 0 | - BARCO NODRIZA | | | |
| TOTAL MARISCADORES A PÉ | 80 | 670-744 PARQUISTAS | "SEISCENTOS E MOITOS PARQUISTAS" | 840 | 657 | ±2.500? | | | |
| INMOBILIZADO | 17.623.229 | - | - | - | 0 | 100.000.000 | | | |
| m ² / MARISCADOR | 100 | 2.686,6 | 1.791 | 3.119 | 2.268 | ±2.872 ? | | | |
| EXTENSIÓN MEDIA DO PARQUE (CARRIL) | 1.500 M ² /PARQUE. INDIVIDUAIS: MENOR: 200M ² ; MAIOR: 18.000M ² . PARQUES CONFRARÍA: 45.000M ² . TOTAL CONCESIÓN DAS QUE É TITULAR A CONFRARÍA: 123.000M ² . | | | | | | | | |
| PTS INMOBILIZADO / Kgr EXTRAÍDO | 1.579,7 (**) | - | - | - | - | - | | | |
| PTS INMOBILIZADO / PTS FACTURADAS | 0,88(**) | - | - | - | - | - | | | |
| TRABALLO INDIRECTO / DIRECTO, DENTRO DA ORGANIZACIÓN | 0,0625 (**) | - | - | 0,0262 | 0,0045 | 0,005 (1995) | | | |
| QUILOS / M ² | 1,4 | 0,480 | 2,88 | 5,77 | 0,1 | 0,105 | | | |
| PTS/M ² | 2.507 | 396,13 | 2.377 | 4.668 | 114,75 | 62,5 | | | |
| CV TRACTOR / TRABALLADORA | 1.3125 (***) | - | - | 0,0893 (***) | 0 | 0 | | | |
| QUILOS / HORA TRABALLADA | 23 | - | - | - | 1,91 | 1,58 | | | |
| INGRESOS MARISCADOR / ANO | 212.500 | 1.064.224,6 | 4.256.898 | 8.361.110 | 357.884 | 152.207 | | | |
| TOTAL HORAS TRABALLADAS | 480 | - | - | - | | - | | | |

(*).- As hipóteses correspondentes ás 3 estimacións seguintes: as vendas en lonxa son, respectivamente, H.1: o 40%; H.2: o 10%; H.3: o 5% do total comercializado polos parquistas de Carril.

(**).- Os quírtimos correspondentes ó immobilizado total dividido pola cantidade correspondente á franxa intermareal, cando o immobilizado é conxuntamente utilizado.

(***)- CV totais dividido polo nº de mariscadores totais (a pé e embarcados). Non se inclúen os barcos dos socios.

@.- Estimado polos interesados.

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxia, 1996-97.

A. Se nos fixamos no rendemento en peso e en pesetas por metro cadrado, os logros da Cooperativa Ría de Arousa (2507 pts/m^2) son moiísimo máis altos cos outros -entre vintetres e trinta veces (respectivamente, OPP-20 e Moaña)- e a agrupación de mariscadoras de Moaña obtén rendementos por metro cadrado de $67,11 \text{ pts/m}^2$, algo inferior á OPP-20 ($114,75 \text{ pts/m}^2$).

O caso de Carril é máis difícil de precisar. As hipóteses sitúanno entre 396 e 4.668 pts/m^2 , e a hipótese "prudente" (H.2) en 2.377, similar á da Coop. Ría de Arousa. Para Carril é difícil separar as vendas debidas ó cultivo das vendas debidas ó depósito e isto é difícil de decidir cos datos ó noso dispor.

B. Examinado dende o punto de vista da maquinaria e a capitalización, dúas entidades contan con tractores; os parquistas de Carril non, a pesar dos intensísimos labores de substrato que teñen que facer. Un 30% dos parquistas utilizan as "unidades de acuicultura", algunha delas de deseño orixinal. A explicación desta baixa utilización de maquinaria estaría na forma individualista da xestión e do acceso ó recurso: o tractor, para traballar, tería tanto que ser adquirido / utilizado por un conxunto de parquistas (o que require estratexias de cooperación que non foron desenvolvidas) como a necesidade de unión das explotacións e roturación do espacio (confrontada coa visión máis minifundista, con marcas de separación entre os parques...).

A Confraría de Carril é titular de 123.000 m^2 de parque, en tres parcelas, con dimensións, pois, máis axeitadas. Pero delas só están recuperadas o 5% dunha, o 10% doutra e o 40% da terceira. A causa dese sub-sub cultivo deberemos suxerir que está nas condicións xurídico-sociais do titular da concesión, como tamén en ter a Confraría tido unha existencia precaria ata os últimos anos.

Nin a Agrupación de Moaña nin a OPP-38 teñen tractores. A razón alegada é que hai demasiaadas mariscadoras, e polo tanto o tractor non fariña senón facer áinda máis supérfluo o traballo, ademais de non seren as mariscadoras quen de faceren os aportes de capital necesarios, debido á súa falta de medios.

Para os parques de Carril é máis difícil facer unha aproximación á maquinaria e á capitalización, xa que cada parquista ten unha explotación individual e o capital dunha entidade como a Confraría ou a Agrupación de Cultivadores non resulta representativa da capitalización real por m^2 nin por persoa. O máis destacado é a existencia de 5 "unidades de acuicultura", 4 delas especies de rastros mecánicos manexados dende a embarcación e outra autónoma, e que realiza, sobre todo esta última, mecanicamente, case todas as tarefas de cultivo.

C. A proporción de traballo indirecto / traballo directo segue a tónica anterior: é máis alta na Cooperativa Ría de Arousa -mesmo a pesar da súa pequena dimensión- e é moi baixa na Agrupación de Mariscadores de Moaña.

Isto quere dicir que a Cooperativa Ría de Arousa ten unha organización máis complexa, máis profesionalizada, e destina máis esforzo ás tarefas organizativas e de control, administración e dirección. Teñamos presente que o volume de operacións é moi determinante da capacidade para sostener gastos xerais, e a Coop. Ría de Arousa ten 40 millóns de facturación (con moito a máis baixa de tódolos casos estudiados).

D. Os rendementos medios por persoa e ano estarían entre os 152.207 pts en Moaña e os 4 millóns en Carril. Hai diferencias moi importantes en rendementos medios, debido a varios tipos de causas: a máis importante débese ás diferencias de xestión: a xestión correcta no cultivo podería presentar rendementos medios, nas actuais circunstancias, por riba das 2.000 pts/m², mentres que a maioría das entidades (as que non fan cultivo e mais fan tamén unha xestión paupérrima dos bancos naturais) teñen rendementos moi inferiores. A segunda causa está na extensión en m² por mariscador, que oscila entre o moi baixo de 100 m²/ mariscador en Abanqueiro e os máis de 3.000 da Illa.

E. Con respecto ós quilos extraídos por hora traballada a aproximación é difícil, pero os datos recabados permiten falar de 23 quilos por hora traballada en Abanqueiro ata 1,5-2 quilos por hora traballada en Moaña e na Illa. Estas oscilacións débense sobre todo á capacidade de organización do traballo pola entidade que xestiona o recurso.

3. Aproximación comparativa ós procesos de xestión do producto.

Nos Cadros 3 e 4 inténtase unha aproximación ós procesos de xestión do producto. Pódese ver que ningunha ten canles de comercialización. Excepto Carril, que explota os seus parques en réxime de concesións, as outras 3 andan suxeitas á lexislación que as obriga á 1.^a venda en Lonxa, polo que para tecer redes de comercialización más complexas terían que recorrer a algúns forma de enxeñería organizativa. É unha pena, xa que os produtores (e moito máis as entidades que teñen unha gran produción) serían quen teñen a mellor ocasión para construíren unha rede de comercialización ben organizada.

| CADRO 3. APROXIMACIÓN COMPARATIVA ÓS PROCESOS DE XESTIÓN DO PRODUCTO. | | | | | | |
|---|--|--|---|---|--|--|
| | COOP. RÍA DE AROUSA | PARQUISTAS DE CARRIL | | OPP-20 | MOAÑA | OPP-38 |
| | | RESPOSTA DA CONFRARÍA | RESPOSTA DA AGRUPACIÓN | | | |
| CANLES DE COMERCIALIZACIÓN | NON | MOI POUCO | ALGÚNS PARQUISTAS | NON | NON | NON |
| ¿TIVO UNHA POLÍTICA DE PREZOS? | SI | SI* | - | SI | SI | |
| ¿RECUPEROU ZONAS IMPRODUCTIVAS? | TODO | CASE TODO | CASE TODO | ALGO (moi pouco) | 20.000M ^E | MOI POUCO, PÓDESE ESTAR A EXPLOTAR UN 10% DAS ZONAS POTENCIALMENTE PRODUCTIVAS |
| ¿ACONDICIONA SUPERFICIES INTERMAREALIS? | MOI INTENSA | INTENSA | SI | PARCIALMENTE | MOI POUCO | MOI POUCO |
| ¿EXISTEN OBXECTIVOS / PROXECTOS SOBRE A PRODUCCIÓN? | SI | NON -ACASO ALGUNS PARQUISTAS- | ALGÚNS. MOI POUCOS. | SI | NON | NON |
| EQUIPO TÉCNICO | CONTRATACIÓN EXTERNA | - | - | PROPIO | EXTENSIÓN XUNTA | EXTENSIÓN XUNTA |
| ¿TEN ALGUNHA FORMA DE CICLO INTEGRAL? | SI | NON | NON | SI | NON | NON |
| ¿FAI SEMICULTIVO EXTENSIVO EN TÓDALAS FASES? | TOTALMENTE | PARCIALMENTE | PARCIALMENTE | PARCIALMENTE | SÓ ALGUNHAS TAREFAS MÍNIMAS. ESTE ANO: OSTRA | NON. SÓ SE FAI UNHA SEMEANTEIRA DE MANTENIMENTO (NON DE AUMENTO). |
| ¿TEN CULTIVOS EXPERIMENTAIS? | SI | ALGO | NON | ¿ALGO? | NON | NON |
| ¿FAI SELECCIÓN DE ESPECIES A SEMICULTIVAR? | SI | "40-45% DA SEMENTE POR CAPTACIÓN NATURAL DENTRO DO PARQUE" | ... | SI | "CULTIVAMOS AS QUE AQUÍ SE CULTIVARON SEMPRE" | NON |
| CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ESPECIES | - AMEIXA FINA: ALTO VALOR COMERCIAL. - AMEIXA BABOSA E OSTRAS PLANAS: CICLO CORTO. - AMEIXA XAPONESA: DISPONIBILIDADE DE SEMENTE. - BERBERECHIO: CAPTACIÓN NATURAL. - PRODUCTO SECUNDARIO. | "AS QUE SE DERON SEMPRE" | - O MEDIO. - O MERCADO. | - NECESIDADES DO MERCADO. - VALOR COMERCIAL. - PERÍODO DE MEDRANZA. | "NON ESCOLLEMOS. É O QUE SE PRODUCE" 96: OSTRAS. | - PROCESO NATURAL PARA O BERBERECHIO. - FINA: VALOR COMERCIAL, RESISTENCIA E PROFESIONALIDA DE NA EXTRACCIÓN. |
| ¿COÑÉCESE O % DE MORTANDADE? | SOBREVIVE UN 30% DA SEMENTADA. | NON | COÑÉCESE | TENSE CERTO COÑECIMENTO | NON | NON |
| ¿QUE TAREFAS SON DETERMINANTES DO MAIOR AUMENTO DO VALOR ENGADIDO? | - CLASIFICACIÓN POR TAMÁÑOS. - ENVASADO / PRESENTACIÓN [non se pode envasar por virtude da lexicalización sobre 1ª venda] - DIFERENCIACIÓN DO PRODUCTO. | - TAMAÑO. - CALIDADE. | 1º. VIXILANCIA QUÉ GARANTICE QUÉ NON VAI SER ROUBADA. 2º LEGALIZACIÓN DOS PARQUES E LIBRE COMERCIALIZACIÓN. 3º EQUIPO TÉCNICO QUE NOS ASESORASE PUNTUALMENTE. | - XESTIÓN DO RECURSO. - CONTROL DIARIO DA ACTIVIDADE. | - REDUCIR CARNETS.[Pero: somos moitas ainda] - SEMBRAS. - OS PREZOS XA NON PODEN SUBIR MÁIS: NON SE PODERÁ AUMENTAR POR ESTA VIÁ. | - DATA DE VENDA. - TOPE DE CAPTURA. |

Fonte:Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxia, 1996-97.

| APROXIMACIÓN COMPARATIVA Ó ESTADO DOS CULTIVOS MARISQUEIROS. 1996. | | | | | | | |
|--|-------------------------------|------------|----------------------|-----------------------|-------------------------|----------|---|
| ESPECIE | MEDIDA | OPP-20 | PARQUISTAS DE CARRIL | | | MOAÑA | COOPERATIVA RÍA DE AROUSA, DE ABANQUEIRO |
| | | | CONFRARÍA H.1 (%) | AGRUPACIÓ NH.2 (%) | AGRUPACIÓ N H.3. (%) | | |
| BERBERECHO | % QUILOS SOBRE TOTAL ESPECIES | 9,9 | 17 | | | 74 | 30 |
| | % PTS IDEM ID | 2,4 | 7,1 | | | 47,2 | 9 |
| | PREZO MEDIO | 281 | 342,7 | | | 380,2 | 501 |
| | QUILOS/m ² | 0,01 | 0,082 | 0,328 | 0,656 | 0,078 | 0,425 |
| | PTS/m ² | 2,8 | 28,05 | 112,2 | 224,4 | 29,5 | 213 |
| AMEIXA FINA | % QUILOS SOBRE TOTAL ESPECIES | 17,6 | 10,1 | | | 6,7 | 53 |
| | % PTS IDEM ID | 34 | 29,1 | | | 21,5 | 84 |
| | PREZO MEDIO | 2.226 | 2.365,9 | | | 1.914,63 | 2.844 |
| | QUILOS/ m ² | 0,017 | 0,049 | 0,196 | 0,392 | 0,007 | 0,743 |
| | PTS/m ² | 39 | 115,4 | 461,6 | 923,2 | 13,4 | 2.114 |
| AMEIXA BABOSA | % QUILOS SOBRE TOTAL ESPECIES | 60,5 | 12,2 | | | 17,1 | 16 |
| | % PTS IDEM ID | 58,4 | 13 | | | 30,7 | 7 |
| | PREZO MEDIO | 1.113 | 879,6 | | | 1.068,5 | 797 |
| | QUILOS/m ² | 0,06 | 0,058 | 0,232 | 0,464 | 0,018 | 0,226 |
| | PTS/m ² | 67 | 51,43 | 205,7 | 411,4 | 19,2 | 180 |
| AMEIXA XAPONESA (**) | % QUILOS SOBRE TOTAL ESPECIES | 11,9 (**) | 59,1 | | | 0,02 | 0 |
| | % PTS IDEM ID | 5,2 (**) | 48,6 | | | 0,03 | 0 |
| | PREZO MEDIO | 503 (**) | 707,9 | | | 942,81 | - |
| | QUILOS/m ² | 0,012 (**) | 0,27 | 1,08 | 2,16 | 0,00002 | 0 |
| | PTS/m ² | 5,97 | 192,6 | 770,4 | 1.540 | 0,02 | 0 |
| TOTAL QUILOS/m ² | | 0,1 | 0,480 | 2,88 | 5,77 | 0,105 | 1,4 |
| TOTAL PTS/m ² | | 114,75 | 396,13 | 2.377 | 4.668 | 67,11 | 2.507 |

(*)-. As hipóteses correspóndense ás tres estimacións seguintes: a venda en lonxa é, respectivamente, H.1: o 40%; H.2: o 10%; H.3: o 5% do total comercializado polos parquistas de Carril.

(**).- PARA A OPP-20, OS DATOS SON DA AMEIXA PICUDA, E CORRESPÓNDESE A ESTE BANCO NATURAL

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxia, 1997.

Todos teñen políticas de prezos, consistentes na organización da venda en Lonxa. Iste foi un proceso que comezou (excepto para Carril e Abanqueiro) ó final dos anos 70s e comezos dos 80s coa organización da venda na Lonxa onde antes cadaquén vendía onde podía e anarquicamente. A comezos dos 90 estaba xa concentrada a venda na Lonxa, de forma que se conseguiran 3 obxectivos:

- a) Limitar a extracción furtiva e anárquica, xa que a obriga de venda en Lonxa requiría informacóns sobre a orixe do producto.
- b) Concentrar a capacidade de formación de prezos nos produtores, e polo tanto posibilitar unha maior transparencia, política de prezos e mellora das condicións de primeira venda.
- c) Organizar a extracción e posibilitar a da produción, xa que permitiu a obediencia a políticas de topes máximos, tamaños, calendario de extracción e atención ós outros requerimentos da produción.

A concentración da primeira venda nas lonxas foi un proceso progresivo e hoxe as vendas extra-lonxa polos mariscadores son aínda importantes. É necesario tomar isto en conta cando se consideran os datos sobre as vendas en lonxa que son tomados moi frecuentemente como os datos de produción: un aumento das vendas en lonxa nun ano dado pode corresponderse tanto a un aumento na produción como a un aumento da proporción vendida en lonxa.

Respecto ós parques de cultivo, ata o ano 1995, no que a Confraría de Carril ten adxudicada a Lonxa, os parquistas de Carril carecían dunha política de prezos que merecese tal nome. Dende ese ano os prezos aumentaron, a formación de prezos en Lonxa son quen marcan tódolos prezos de venda, etc. Por iso, aínda que a resposta é afirmativa, podemos dicir que ata hai dous anos, pesia ás súas condicións privilexiadas para establecer redes e canles comerciais, Carril non tivo unha política de prezos.

Na Cooperativa Ría de Arousa e nas concesións de Carril, a tónica dominante é a recuperación de zonas antes improductivas. Na OPP-20 recuperáronse zonas moi pequenas, e ademais adúcese unha renuencia para este tipo de labores debido a unha experiencia de moi malos resultados productiva e ecoloxicamente. Está en proxecto a recuperación dunha zona onde se retiraron bateas. Na Agrupación de mariscadores de Moaña moi pouco ou case nada se recuperou. A resposta foi que non había zonas recuperables, pero esta resposta é insatisfactoria. Pendentes dunha determinación técnica más precisa, a Agrupación ten unha gran labour de recuperación por facer se isto formara parte dos seus obxectivos. A interpretación correcta é máis ben ou o desinterese por esta tarefa, ou a incapacidade de confrontar o problema.

O acondicionamento das superficies intermareais é intensa na Coop. Ría de Arousa e Carril, e moi pouco en Moaña, como tampouco teñen en Moaña ob-

xectivos cantificados sobre a produción. Nos outros si (excepto acaso en Carril, que ó seren unha suma de explotacións individuais de moi diferente dimensión, hai de todo; pero non temos identificado obxectivos conxuntos).

A dirección técnica está resolvida por un equipo técnico propio na OPP-20; por contratación externa e outras formas na Coop. Ría de Arousa e por técnicos da Administración nos seus labores rotinarios para Moaña.

O ciclo integral -incluído control da reproducción- intétase desenvolver na OPP-20 e na Coop. Ría de Arousa; e non nas outras (mesmo tampouco na OPP-38, onde non se optou por unha hatchery); e as técnicas de semicultivo extensivo en tódalas súas fases son realizadas rotinariamente na Coop. Ría de Arousa -se ben ata 1996 áinda non tiña resolvido totalmente o problema da obtención de semente de ameixa fina nas cantidades necesarias-, e a penas unhas cantas tarefas mínimas na Agrupación de Mariscadoras de Moaña. A Agrupación de Parquistas de Carril "intentou" o ciclo integral nun proxecto que non chegou a ser realizado.

A experimentación de novos cultivos faise na Coop. Ría de Arousa, e tamén algo na OPP-20. Carril realizou algunha vez algún tipo de experiencia, e Moaña ningunha.

Na Coop. Ría de Arousa e na OPP-20 alégase facer selección das especies a cultivar, se ben ata agora esa selección zopetou co fundamental factor limitante da escasez de semente de ameixa fina e o seu baixo recrutamento natural. En Moaña non se fai selección. En Carril a resposta non está clara, pero a selección de especies é moito máis decepcionante do que se esperaría dunhas condicións de xestión do recurso tan favorables.

Para xulgar as respuestas ós criterios de selección de especies, debemos ter en conta que o aumento da rendibilidade prodúcese conforme viramos para unha maior proporción de ameixa fina e babosa na produción e baixa a proporción de berberecho. Poderíanse obter rendementos brutos medios superiores ás 2.000pts/m², se se fixera unha selección dominante de ameixa fina e babosa², se ben a ameixa fina está moi limitada polas dificultades de obtención de semente. Estas dificultades pódense superar polo control da reproducción, que non presenta maiores problemas técnico-productivos. Unha selección correcta ten tamén que ver coas posibilidades dos parques: certas

2.- A avaliación dos rendementos potenciais por m² poderíase facer (ou case) cos datos ó dispor. Hai datos sobre as curvas de medranza das especies; hai certos datos sobre as calidades das "zonas acuícolas". Hai menos datos sobre os soportes máximos en individuos/m² e os riscos asociados ás distintas densidades, e hai tamén menos datos sobre as posibilidades de combinación de especies. Algunxs cultivadores teñen visións prácticas bastante claras destes datos. En Carril, p. ex., onde algúns equipos de biólogos fixeron cálculos sobre medranzas, entre os mellores cultivadores pódese oír esta expresión: "o rendemento do parque depende do que se sementa". Pode ser que quen escatime investimentos en semente considere excesivo 3.500-4000 pts/m² de media, pero outros non. En calquera caso, e lamentablemente, non temos cálculos xeralmente aceptados dos rendementos potenciais. Esta é, sen embargo, unha tarefa de investigación moi importante para a orientación económica do sector.

zonas son más arriscadas para algunas especies e menos para outras más resistentes, etc.

O Cadro 4 permite xullar máis obxectivamente as políticas de selección de especies e de capacidade de xestión dos cultivos e productos: se xulgamos polas proporcións de ameixa fina, ou de ameixa fina e babosa, ou por calqura outro índice, queda bastante establecido que a Coop. Ría de Arousa obedece a unha maior racionalidade global, tanto na selección de especies como nos incrementos de peso e de valor por m². Só a situación da hipótese máxima sobre Carril pódelle disputar este resultado medio, pero mesmo nesta hipótese teríamos que estimar que porción lle deberíamos asignar ó cultivo.

Só tivemos respuestas cuantificadas das taxas de mortalidade e sobrevivencia na Coop. Ría de Arousa.

Á pregunta de cales son as tarefas determinantes dun maior aumento do valor engadido, ninguén responde que a selección de especies a cultivar, e si respuestas de natureza comercial, de defensa contra o roubo, aclaración da situación legal e administrativa, contratación dun equipo de técnicos, xestión e control e reducción de mariscadoras, se ben a Cooperativa Ría de Arousa si sinala que o factor limitante fundamental é a indisponibilidade de semente de ameixa fina.

4. Aproximación comparativa ó estado de desenvolvemento da comercialización.

O Cadro 5 axuda a formarse unha idea dos prezos medios acadados por especies e entidades, e o Cadro 6 indícanos:

a) a concentración da venda en lonxa practicamente ó 100% nas entidades consideradas (excepto Carril, que non ten obriga legal), o que significa un cambio importante da situación nos últimos anos, parte por evolución do sector, parte por obriga legal.

b) Un terrible sub-desenvolvemento comercial das entidades productoras: a lonxa é a única estructura de comercialización.

c) A obriga legal de primeira venda en lonxa conta con afincamentos decididos -os apoios, especialmente, das entidades menos organizadas e acaso das oligarquías que as rexen dentro destas- pero tamén con forte oposición: considérase, por parte das entidades más organizadas, un dos maiores obstáculos para o cumprimento da súa misión.

d) A lonxa é considerada por tres dos cinco entrevistados como un mercado transparente -teñíamos ademais presente que son as propias entidades que organizan a lonxa, e ata se financian coa porcentaxe sobre vendas- excepto para a Cooperativa Ría de Arousa e a Agrupación de Parquistas.

e) As formas de influencia sobre o prezo son, principalmente, a concentración da oferta, o prezo mínimo de retirada e as conversas previas cos comercializadores. Considérase, en xeral, que os prezos son altos e difícilmente poderán

xa subir. f) Non está na axenda de ninguén as alianzas con outras entidades productoras para estratexias comerciais, nin parece haber unha política de comercialización elaborada.

| ANO | BERBERECHO | | | | AMEIXA FINA | | | | AMEIXA BABOSA | | | | AMEIXA XAPONESA | | | |
|------|------------|-------|---------|-------------|-------------|--------|---------|-------------|---------------|--------|---------|-------------|-----------------|--------|---------|-------------|
| | OPP-20 | MOAÑA | CAR RIL | ABAN QUEIRO | OPP-20 | MO AÑA | CAR RIL | ABAN QUEIRO | OPP-20 | MO AÑA | CAR RIL | ABAN QUEIRO | OPP-20 PICUDA* | MO AÑA | CAR RIL | ABAN QUEIRO |
| 1980 | 77 | | | | 968 | | | | 415 | | | | 295* | | | |
| 1981 | 72 | | | | 746 | | | | 475 | | | | 265* | | | |
| 1982 | 80 | | | | 810 | | | | 637 | | | | 253* | | | |
| 1983 | 84 | | | | 1002 | | | | 680 | | | | 207* | | | |
| 1984 | 91 | | | | 831 | | | | 613 | | | | 220* | | | |
| 1985 | 99 | | | | 998 | | | | 596 | | | | 333* | | | |
| 1986 | 179 | | | | 1458 | | | | 695 | | | | 453* | | | |
| 1987 | 170 | | | | 1833 | | | | 953 | | | | 507* | | | |
| 1988 | 211 | | | | 2596 | | | | 1053 | | | | 687* | | | |
| 1989 | 192 | | | | 2619 | | | | 1118 | | | | 691* | | | |
| 1990 | 258 | | | | 2156 | | | | 1097 | | | | 562* | | | |
| 1991 | 225 | | | 157 | 1842 | | | 2500 | 996 | | | 1007 | 360* | | | |
| 1992 | 257 | | | 325 | 1647 | | | 1903 | 1076 | | | 994 | 411* | | | |
| 1993 | 186 | 191 | | 162 | 1663 | 1644 | | 1827 | 912 | 967 | | 521 | 423* | | | |
| 1994 | 250 | 278 | | 204 | 1942 | 1899 | | 2006 | 895 | 825 | | 713 | 529* | | | |
| 1995 | 173 | 251 | | 306 | 2200 | 2131 | | 1942 | 968 | 904 | | 801 | 466* | | | |
| 1996 | 281 | 380 | 343 | 501 | 2226 | 1915 | 2366 | 2844 | 1113 | 1069 | 880 | 797 | 503* | 942,8 | 707,9 | - |

Fonte: Cuestionario do estudo "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxia, 1996-97.

5. Aproximación comparativa á misión / principios da entidade.

Podemos examinar, no Cadro 7, o carácter moi do estilo "representativo" e moi pouco económico-empresarial da Confraría de Carril e da Agrupación de Moaña -as dúas entidades más de estructura de Confraría- e mais da Agrupación de Parquistas; o carácter intermedio das OPP -organizar, xestionar o recurso, mellora dos ingresos e condicións de traballo, pero sen demasiada precisión- e o carácter clarísimamente económico-empresarial da Cooperativa Ría de Arousa.

| CABRO 6. APROXIMACIÓN COMPARATIVA Ó ESTADO DE DESENVOLVEMENTO DA COMERCIALIZACIÓN. | | | | | | |
|---|--|--|---|--|---|---|
| | COOPERATIVA RÍA DE AROUSA | PARQUISTAS DE CARRIL DATOS DA CONFRARÍS | DATOS DA AGRUPACIÓN | OPP-20.ILLA DE AROUSA | AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DE MOAÑA. | OPP-38. RÍA DE VIGO. |
| 1ª VENDA EN LONXA SEN ALGUNHA TRANSFORMACIÓN. | 100% | 40-45% (1996) | | 100% | 100% | 100% |
| TEN CERTA REDE COMERCIAL | NON | ALGÚNS PARQUISTAS TEÑEN UNHA CERTA REDE DE COMERCIALIZACIÓN, PRINCIPALMENTE RESTAURANTES. | ALGÚNS PARQUISTAS TEÑEN UNHA CERTA REDE COMERCIAL, INCLUÍNDΟ ACCESO OS MERCAS E ALUGUEIRO DE PILÓNS EN DEPURADORAS. | BO ENTENDIMENTO COS COMPRADORES | - | - |
| TEN CENTROS DE EXPEDICIÓN | NON | NON | - | NON | NON | NON |
| A OBRIGA DE 1ª VENDA EN LONXA ¿ESTÁ A SER UN OBSTÁCULO PARA O DESENVOLVEMENTO COMERCIAL DA ENTIDAD? | TERRORÍFICO: A ENTIDADE SÉNTENSE MOI PREXUDICADA. | NON, NON HAI OBRIGA EN RÉXIME DE CONCESIÓN, A ORGANIZACIÓN DA LONXA MELLOROU SUBSTancialMENTE A ESTRUCTURA COMERCIAL. | SOMOS LIBRES, QUEREMOS SER LIBRES, A ORGANIZACIÓN DA LONXA MELLOROU NOTABLEMENTE OS PREZOS E PERMITIRÍA AFLORAR A ECONOMÍA DE CARRIL. | SI | NON | SI |
| A OBRIGA DE 1ª VENDA EN LONXA ¿SERVEU PARA ORGANIZAR A OFERTA E AFORTALAR O PODER E ORGANIZACIÓN DOS PRODUCTORES? | DEBILITOU ÓS PRODUCTORES E IMPEDIU O DESENVOLVEMENTO DA COMERCIALIZACIÓN. | FORTALECEU NUN 100% O AUMENTO DE PREZOS, O PREZO EN LONXA MARCA A REFERENCIA DE TÓDOLOS DEMAIAS PREZOS DE VENDA, E PERMITIU AUMENTAR O PREZO E A AFLUENCIA DE COMPRADORES. | A VENDA EN LONXA MELLOROU O PODER DOS PRODUCTORES E PODERÍA AÍNDA MELLORAR MOTIVO SE A LONXA INTENSIFICARA A SUA POLÍTICA COMERCIAL. | SI, NUN PRIMEIRO PERÍODO (ESPECIALMENTE NAS ENTIDADES DEBILMENTE ORGANIZADAS), AGORA É CONTRAPRODUcente. | PERMITIU AFORTALAR E MANTER O CONTROL ORGANIZADO DA PRODUCCIÓN E A VENDA. | "FOI UN AVANCE IMPORTANTE EN CONCENTRAR..." "XOGOU UN PAPEL BO QUE PODE SEGUIR XOGANDO, PERO HABÍA QUE CREAR UNHA REDE DE CENTROS DE EXPEDICIÓN PARA A VENDA DIRECTA POLAS ENTIDADES" |
| ¿DEFENDE HOXE A OBRIGA DA 1ª VENDA EN LONXA? | NON, DE NINGÚN MODO. | DEFENDE A CONVENIENCIA DE VENDA FORTE EN LONXA | NON | NON, MOI MAL, PON Ó SECTOR A MERCED DOS COMERCIALIZADORES. | BEN, DOUTRA FORMA NAS PRAIAS NON QUEDABA NIN A ÁREA. | NON. |
| ¿É UN MERCADO TRANSPARENTE? | NON | SI | PODÍA SELO MÁIS, HAI POUCOS COMPRADORES E BEN AVENIDOS ENTRE ELES. | SI | SI | |
| ¿TEN INFLUENCIA A ENTIDADE SOBRE AS CONDIÇONIS DE 1ª VENDA? | - PREZO MÍNIMO. - DEPENDENCIA TOTAL DOS COMPRADORES S POLA POUCA CAPACIDADE DE PRODUCCIÓN E A OBRIGA DE 1ª VENDA. | O PREZO MÍNIMO QUE SE INTENTOU RECOMENDAR NON SEMPRE FOI RESPECTADO POLO PARQUISTA. | NON, PERO PODERÍA TELA. | * PREZO MÍNIMO. * ENTENDIMENTO COS COMERCIALIZADORES. | SI: * PREZO DE RETIRADA. * CONVERSAS COS COMERCIALIZADORES PARA ENTENDIMENTO EN CANTIDADES. * VINCULAR A ESTRACCIÓN COA SITUACIÓN COMERCIAL. | NON, HABÍA QUE CONCENTRAR A OFERTA, HAI MOITOS PUNTOS DE VENDA. |
| ¿TEN ALIANZA CON OUTRAS ENTIDADES PARA UNHA COMERCIALIZACIÓN COMÚN? | NON HAI ENTIDADES RECEPTIVAS, O SECTOR NON ESTÁ NESÁ DINÁMICA. | | NON, É UN SECTOR MOI DIFÍCIL | - AS PRIMEIRAS EXPERIENCIAS FORON MOI NEGATIVAS E AGORA VESE COMO NON FACTIBLE. | SI: OPP-38 | HOUBO INTENTOS INFREUTUOSOS (FALTA DE ORGANIZACIÓN). |
| ¿TEN ESTABLECIDO ALGUNHA POLÍTICA COMERCIAL? | | | | | | |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97.

| CADRO 7. APROXIMACIÓN Á MISIÓN E PRINCIPIOS DA ENTIDADE. | | | | | | |
|--|---|--|--|------------------------------|-----------------------|--|
| | COOPERATIVA RÍA DE AROUSA | CONFRARÍA DE CARRIL | AGRUPACIÓN DE CULTIVADORES DE CARRIL | OPP-20 | MOAÑA | OPP-38 |
| 1º | CONSEGUIR AUTORIZACIÓN SOBRE O LITORAL DO ÁMBITO DA ENTIDADE. | VELAR POLOS INTERESES DOS SEUS AFILIADOS | DEFENDER OS INTERESES COMÚNS DOS PARQUISTAS. | ORGANIZATIVA | MANTER Á XENTE UNIDA. | ORGANIZACIÓN EN RELACIÓN OS RECURSOS |
| 2º | MAIOR RENDIMENTO SOSTIBLE POR m ² | AXUDAS NO RELATIVO A ASPECTOS VARIOS. | AGORA, ACASO OUTRAS FUNCIÓN. | XESTIÓN E CONTROL DO RECURSO | COORDINAR VENDAS | EXPLOTAR O RECURSO DA MANEIRA QUE MÁIS CONVEÑA. |
| 3º | COMERCIALIZACIÓN PROPIA, MESMO ATA O CONSUMIDOR. | | | AUMENTO DO VALOR ENGADIDO. | | NIVEL DE VIDA, ACTIVIDADE PROFESIONAL E INGRESOS. |
| | | | | | | MENOR ESFORZO FÍSICO E MELLORES CONDICIONES DE TRABALLO. |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97.

6. Aproximación comparativa ós aspectos sociais da entidade.

No Cadro 8 podemos ver o estilo de asistencia social que prestan as entidades consideradas. Chama a atención a mediocre preocupación das estructuras das Confrarías por estes aspectos, cando a súa misión fundamental é precisamente esta. Resultan ter preocupacións, accións e concepcións de maior alcance social as estructuras das OPP e da Cooperativa Ría de Arousa.

7. Aproximación comparativa ós aspectos empresariais da entidade.

No Cadro 9 pódese apreciar como a A agrupación de Mariscadoras de Moaña non conta a penas cun patrimonio propio, aínda que a OPP por un lado (na que están todas asociadas) si, e a Confraría polo outro tamén. Só na Cooperativa Ría de Arousa os socios aportan capital (nos outros faise unha dedución sobre vendas en lonxa, pero isto é un concepto diferente de aportación ó capital). Excepto a Cooperativa Ría de Arousa, as outras entidades non teñen capacidade de atraer capitais en contía necesaria para desenvolve-la actividade consonte á tecnoloxía moderna. Para resolver este problema, a OPP-20, en proxectos que esixen formas de capitalización, está a estudiar o cambio para unha forma societaria que non presente tantas limitacións como a de asociación profesional. O capital só é recuperable polo socio na Cooperativa Ría de Arousa, indisolublemente unido á baixa do socio, e de acordo coas disposicións da Lei de Cooperativas. En ningún caso é transferible. Fináncianse por subvencións algunas abondosamente e outras non, tendo algunas plans de independización das subvencións, mentres outras atópanse suficientemente fortes socialmente como para teren capacidade negociadora e atópanse lexitimidas para intervire nos presupostos públicos.

Só a OPP-20 e a Cooperativa Ría de Arousa utilizaron o crédito a longo prazo.

| | COOPERATIVA RÍA DE AROUSA | CARRIL | | OPP-20 | MOAÑA | OPP-38 |
|--|--|--|--|--|--|---|
| | | CONFRARÍA | AGRUPACIÓN | | | |
| ¿TEN A ENTIDADE UN CÁLCULO DOCUMENTADO SOBRE O SOPORTE MÁXIMO DE MARISCADORES / SOCIOS? | | - | - | SI | | |
| ¿ABORDA PROGRAMAS PARA A OCUPACIÓN ANUAL DOS SOCIOS E ROTACIÓN / DIVERSIFICACIÓN DE TAREFAS? | SI, PERO NON TEMOS RECURSOS SUFFICIENTES: TÓDOLOS SOCIOS EMPREGADOS DURANTE TÓDOLOS DÍAS DO ANO, CANTIFICADO NUN PROXECTO. | - | - | * POR AGORA MÍNIMOS. * PEQUEÑAS EXPERIENCIAS. | NON, SÓ A PRAIA. FÓRA DA PRAIA NADA. | |
| ¿INTENTA ACAPARAR O RECURSO PARA OS SOCIOS ACTUAIS EN ACTIVO? | NON | - | - | | | |
| ¿É PARTIDARIO DA COTIZACIÓN Ó ISM? | SI | - | - | NON | | |
| ¿POR QUÉ? | | - | - | ESCASEZ DE RECURSOS | | |
| ¿COTIZAN OS SOCIOS Ó ISM? | OS QUE PODEN | - | - | | VANSE AFILIANDO. +,50% | |
| ¿DESTÍÑANSE RECURSOS PROPIOS Á FORMACIÓN? | SI | NON | NON | SI | NON | SI: 30% NOS CONVENIOS COA CONSELLERÍA. |
| ¿HAI INTERESE DOS SOCIOS POLA FORMACIÓN? | SI | - | SI | SI | SI, MOITO. | SI, BASTANTE. "O MALO É QUE OS DIRIXENTES NON QUEREN -OS PATRÓNS MAIORES DAS CONFRARÍAS- |
| ¿CONCÍBESE A ENTIDADE COMO UNHA SUMA DE EXPLOTACIÓNS INDIVIDUAIS OU COMO UNHA ENTIDADE ORGANIZATIVA CON DIVISIÓN DE TAREFAS? | UNIDADE ORGANIZATIVA CON DIVISIÓN DE TAREFAS. | SUMA DE INDIVIDUOS SEN SERVICIOS NIN FUNCIONS COMÚNS. COMÚN: NOS PARQUES DA CONFRARÍA. | SUMA DE PARQUISTAS SEN FUNCIONS COMÚNS. ALGÚN SERVICIO COMÚN | COMO SUMA DE EXPLOTACIÓNS INDIVIDUAIS CON SERVICIOS E FUNCIONS COMÚNS. | UNIDADE ORGANIZATIVA CON DIVISIÓN DE TAREFAS. | SUMA DE EXPLOTACIÓNS INDIVIDUAIS CON SERVICIOS E FUNCIONS COMÚNS. UNIDADE ORGANIZATIVA, SI PERO MENOS. |
| ¿HAI UN FORTE SENTIDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS SOCIOS? | SI | SI, NON TODO O FORTE QUE SE QUIERA, CADA VEZ MÁIS. | SI | SI (CONFLICTOS MÍNIMOS) | SI | SI |
| ¿HAI UNA GRAN CAPACIDADE ORGANIZATIVA POR PARTE DOS DIRIXENTES? | SI | SI: NA CONFRARÍA. | SOMOS CAPACES DE ORGANIZARNO S, PERO NON HAI RECURSOS | HAI DE TODO, ESTAMOS SATISEITOS. | SI, ACCEPTABLE | HOUBO MÁIS. |
| ¿SEGUE O PRINCIPIO DE PORTA ABERTA? | SI, NUNCA SE EXCLUIU A NINGÚN SOCIO NIN SE LLE PECHOU A PORTA A NINGUÉN. | SI, NAS CONCESIÓN DA CONFRARÍA. | SI | NON HAI CASOS DE EXCLUSIÓN. | SÉGUENSE AS NORMAS DA XUNTA. HAI LISTAS DE ESPERA, E CO RETIRO DE UNS ABRIRASE O CUPO. | PORTA ABERTA RELATIVA: A OPP TEN INFLUENCIA SOBRE A ADXUDICACIÓN DE PERMEX. CRITERIOS: -ACTUALIZAR O PERMEX. -VER SE HAI NOVAS SOLICITUDES. -VALORAR O COCIENTE SOLICITUDES / CAPACIDADE DO RECURSO. |
| ¿COMO ESTABLECE O NÚMERO DE TRABALLADORES? | OS QUE SOLICITARON A ENTRADA E CUMPRIRON AS CONDIÓNNS. | NOS PARQUES DA CONFRARÍA, A POBACIÓN DESEMPEÑADA QUE O SOLICITA E NON TEN OUTROS MEDIOS DE VIDA. | - | CONSIDERACIÓN DAS NECESIDADES DA POBACIÓN DA PARROQUIA. | NON SE ESTABLECEN, A XUNTA ESTABLECE NORMAS. | |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97

| CABRO 10. PRODUCCIÓN CORRESPONDENTE Á FRANXA INTERMAREAL DA AGRUPACIÓN DE MARISCADORES DE MOAÑA. | | | | | | | | | |
|--|-----------------------|---------------|-----|---------------|-----|---------------|-----|---------------|------|
| | ESPECIE | 1993 | % | 1994 | % | 1995 | % | 1996 | % |
| QUILOS | CROQUE | 166.946,45 | 88 | 268.049 | 95 | 166.345,10 | 89 | 115.607,75 | 74 |
| | A.BABOSA | 17.946,97 | 10 | 9.715,45 | 3 | 17.825,76 | 9 | 26.743,90 | 17,1 |
| | A. FINA | 4.688,02 | 2 | 4.471,42 | 2 | 3.412,18 | 2 | 10.463,77 | 6,7 |
| | OUTROS | - | - | - | - | - | - | 3.343,55 | |
| | TOTAL QUILOS | 189.581,44 | 100 | 282.236,07 | 100 | 187.583,04 | 100 | 156.158,97 | 100 |
| | QUILOS/m ² | 0,127 | | 0,189 | | 0,126 | | 0,105 | |
| PESETAS | CROQUE | 31.948.297,75 | 56 | 74.607.928,25 | 82 | 41.698.197,50 | 64 | 43.954.708,00 | 47,2 |
| | A. BABOSA | 17.362.974,10 | 30 | 8.017.472,00 | 9 | 16.113.170,00 | 25 | 28.576.061,75 | 30,7 |
| | A. FINA | 7.706.063,55 | 14 | 8.492.954,85 | 9 | 7.272.103,25 | 11 | 20.034.267,00 | 21,5 |
| | OUTROS | - | - | - | - | - | - | 518.895,75 | 0,5 |
| | TOTAL PTS | 57.017.335,40 | 100 | 91.118.355,1 | | 65.083.470,75 | | 93.083.932,50 | 100 |
| | PTS / m ² | 38,3 | | 61,1 | | 43,7 | | 62,5 | |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal". Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97.

e ano é de 10 meses, 15 días ó mes, cun máximo de 2 horas/día. As tarefas de acondicionamento de substrato, arado do terreno, etc., realizanse a man directamente ou como máximo con rastrillos ou lejóns. Non vén necesario os aportes de area (en Arcade si). A entidade recuperou un banco improductivo en Meira de 15-20.000 m²(4), e ten autorización sobre bancos improductivos recuperables.

Establécense por muller e día unhas cotas máximas de 5 quilos de berberecho, 2 quilos de ameixa fina e 2 quilos de ameixa babosa, obtendo unha produción por hora traballada de 945 pts e 1,58 quilos. As horas adicadas a tarefas "non extractivas" non se remunaran.

As causas de mortandade son pouco coñecidas. Non habería mortandade na ameixa⁵, si no berberecho e na ostra "foi importante".

A OPP-38 ten, como persoal indirecto, 1 administrativo e 11 vixiantes, dos que pertencen a Moaña 2, e o equipo técnico é o biólogo e o capataz da Ría, que son persoal da Administración Pública nos seus labores de extensión⁶.

Os stocks de reproductores mantéñense de forma moi rudimentaria e as especies a extraer son a ameixa fina, babosa e berberecho; en 1996-97, por pri-

4.- Para a OPP-38 praticamente non houbo recuperación de bancos improductivos. Mantivéronse.

5.- A semente por recrutamento natural da ameixa babosa pode ter mortandas altas no curso dos ríos cando veñen as riadas.

6.- É contratada unha bióloga para certas tarefas.

meira vez, introdúcese a ostra plana en mesas. Comprouse semente (de laboratorio, acaso, pero máis ben por captación natural fóra do parque e tamén dentro do parque, áinda que hai déficit de semente de ameixa fina). En 1996 por primeira vez tiveron entrega por parte da Xunta de semente. Para a ameixa fina, a intensidade de semente é de 10 quilos/500m²⁽⁷⁾. A selección de semente fanna "os biólogos". Os criterios de selección de especies son "non escollemos: é o que produce".

Non hai un problema importante de post-sementeira (non moita importancia por non se enterraren os individuos, ningunha por substrato inaxeitado e algunha por inadaptación dos individuos). Utilízanse redes para a protección contra os depredadores (na actual experiencia do Plan 10 de preengorde en bolsas). Os óptimos de individuos/m² son establecidos "sembras como antiguamente, como as nosas nais nos dicían" e o axuste coas mortalidades naturais faise de acordo coas indicacións do biólogo de Ría.

A extracción faise en función da situación comercial e o prezo; establecéncense cotas por persoa e día e uns prezos mínimos de retirada. En 1996 nunca se chegou a este prezo mínimo de retirada.

As tarefas más determinantes do maior aumento do valor engadido, "non sendo o aumento da ameixa fina", son: a) "reducir carnets" (pero: "somos moitos áinda"); b) as sembras...; e por outro lado é difícil: "é imposible cambiar a estructura da comercialización" e "os prezos xa non poden subir máis". Pola vía da clasificación de tamaños e clases non poderá aumentar, e por discernir/tipificar calidades si: mesmo teñen algúns proxectos. Tamén teñen proxectos para o envasado, pero "falta capital". Non se ten en vista outras transformacións ou procesados do producto primario. Na diversificación da oferta estase co plan de incorporaren o cultivo da ostra e poderíase acaso intentar coa vieira, pero nin hai proxecto nin se asumiría o "risco de investir un diñeiro emprestado"

A obriga de primeira venda en lonxa vese "ben. Doutra forma nas praias non quedaba nin a area". Esta obriga afortalou o poder dos productores⁸. A agrupación de Moaña da OPP-38 inflúe sobre as condicións de primeira venda por dúas vías: a) establecendo o prezo de retirada e b) por conversas cos comercializadores, para entendemento en cantidades, de forma que vincula a producción e a extracción coa situación comercial.

7.- Na OPP-38 non estaba controlada a intensidade de semente, ou en todo caso "confiaselle parte da tarefa ó biólogo da Consellería".

8.- Xosé Lois Durán, ex-xerente da OPP-38 di "non fomos capaces, a pesar dos intentos, de contratar a venda directa cos comercializadores". Para influír sobre as condicións de primeira venda "había que concentrar a oferta: hai moitos puntos de venda". A obriga de primeira venda en lonxa foi "un avance importante en concentrar". "No seu momento afortalou o control dos productores e xogou un papel bo que pode seguir a xogar áinda, pero había que crear unha rede de centros de expedición para a venda directa polas entidades (crealo de forma paralela para evita-lo "trrama"...)".

Hai un forte sentido de colaboración entre os socios e unha aceptable capacidade organizativa por parte dos dirixentes⁹. A entidade concíbese como unha entidade organizativa con división de tarefas. A misión da entidade é "manter a xente unida e coordinar as vendas"¹⁰. Non se exclúiu a ningún socio¹¹. O número de traballadores "non os establece a entidade: é a Xunta de Galicia quen establece as normas"¹². Non aborda programas para a ocupación anual das soscias e rotación e diversificación de tarefas. A entidade non conta con patrimonio propio (só simbólico, pero é a OPP-38 ou a Confraría quen teñen personalidade xurídica. A OPP-38 ten un patrimonio de 100 millóns de pesetas, constituído en boa proporción por capitalización das subvencións). Os traballadores non aportan capital (aportan un 3% sobre vendas á agrupación e outro 2% para a Confraría¹³). O capital "non é suficiente. Chega para ir indo"¹⁴. Non se considera a entidade con capacidade suficiente para atraer capitais na contía que require a tecnoloxía moderna. O capital non é nin apropiable, nin recuperable, nin repartible nin transferible polos socios.

9.- Xosé Lois Durán, ex-xerente da OPP-38 considera que fracasou na súa pretensión: "pretendía montar unha organización de futuro, cun equipo de xente xove na cúpula. Pero dirixentes de mariscadores que levan 25 anos, vellos, que xogaron un papel importante nos anos 80s en agrupar, en organizar... e disposis, pola idade, pola súa formación baixa, polo medo ó cambio, a quedaren desbancados... non lle deron o respaldo suficiente ó xerente". "Fracasei", dixo. De feito, o equipo xerencial foi desmantelado.

10.- Para a OPP-38 a misión/principios da entidade serían: 1º organización versus recursos; 2º explotar o recurso da maneira que más conveña; 3º nivel de vida, actividade profesional e ingresos dos socios; 4º menor esforzo físico e mellores condicións de traballo.

11.- Sen embargo, o principio está moi lonxe de ser o de "porta aberta". En primeiro lugar, a presión á reducción de carnets segue a ser moi forte, cando unha xestión do recurso axeitada permitiría obter 4.792.239 pts de ingresos brutos por cada unha das 657 mariscadoras (que hoxe obteñen 152.207), ou ben aumentar considerablemente o número de mariscadoras-acuicultoras nunha zona moi castigada polo paro. En segundo lugar hai xente que quere acceder á actividade marisqueira e non se lle permite. A resposta é en todo caso que "hai listas de espera, e conforme se vaian retirando uns, haberá que abrir o cupo".

12.- Xosé Lois Durán, ex-xerente da OPP-38 admitiu que a OPP-38, como entidade influínte, poderosa e representativa, tiña capacidade para decidir perante a Consellería de Pesca o número de Permex: "porta aberta relativa: a OPP-38 ten influencia sobre a concesión de Permex. O método deberá ser: a) actualizar o Permex; b) ver se hai novas solicitudes; c) valorar se é posible e conveniente abrir". Se engadimos que a estructura das Confrarías é tamén moi decisiva nesta política, temos que a Agrupación de Mariscadoras de Moaña ten moita chanza na concesión dos Permex.

13.- Para a OPP-38 sinala Xosé Lois Durán: "Os socios non aportan capital. Detráese unha porcentaxe sobre a venda en lonxa. O 2% se destinaba á entidade local e o 1% para a OPP-38. Pero este 1% non se pagaba, ou se pagaba de mala gaña". "Non ten suficiente capacidade para atraer os capitais que necesita. Se fose outro tipo de entidade (cooperativa, por exemplo) podería ser". "O capital non é recuperable nin repartible nin transferible polos socios". "A importancia das subvencións no financiamento é alta: 85%. Adminístranse ben, pero os 15 millóns non usados para aporte de area ó substrato...". "Por cada 30 pts. postas pola entidade podíamos conseguir outras 70 en subvencións; como non fomos capaces de poñer as nosas 30...". "En 4-5 anos recibimos uns 200 millóns de pesetas en subvencións". "A entidade é moi dependente das subvencións, pero unha entidade forte marca pautas; intervén na elaboración dos propios presupostos da Administración Pública".

14.- Sen embargo, os factores limitantes sinalados recorrentemente coma fundamentais foron sempre a falta de capital: falta de capital para organizar os cultivos, para...

A entidade recibe subvencións para 2 vixiantes. A importancia das subvencións é grande no financiamento da entidade, pero non se pode dicir que estea tutelada: "están menos subvencionadas ca outras", aínda que si está tutelada no Plan 10 e mais no Plan Galicia. Non utiliza o crédito bancario para finanziarse⁵ e non destina recursos propios á formación, aínda que si da Consellería de Pesca, e "no primeiro no que gastaríamos os cartos sería na formación"¹⁶. Hai moito interese das socias na formación. A disciplina da organización é aceptada polas traballadoras, pois "son acordos tomados por maioría".

O título de acceso ó recurso (a Autorización Administrativa) é satisfactorio, sobre todo porque non esixe o pago dun canon. No futuro pareceríalle ben un canon "sempre que non fose ruinoso"¹⁷.

As condicións dos bancos naturais parece que peoran, pois "agora, mesmo con cultivos, obtense moito menos".

9. A OPP-20.

Para a OPP-20, Illa de Arousa, o cálculo feito da superficie intermareal sobre as cartas náuticas dá unha superficie de 2.495.800 m²; a Confraría da Illa é titular dunha autorización administrativa de 1.495.000 m², da que se ten estimado que aproximadamente 1/3 corresponde á franxa intermareal. Preferimos tomar como extensión a das cartas náuticas, xa que se fai máis comparable, se ben requiriría a medida da "superficie acuícola útil" que se sinalou no apartado da metodoloxía.

Temos que considerar, respecto dos cadros 11 e 12, que ata 1990 os datos non son moi fiables, nin as vendas en lonxa como representativas da produción, nin as porcentaxes estimadas como provenientes da franxa intermareal correspondente á Illa.

O Cadro 11 presenta as seguintes características: o berberecho vén diminuíndo a súa participación no peso das especies consideradas, mesmo o seu peso absoluto, menos perceptible, aínda que as oscilacións son menores nos últimos 7 anos. A importancia relativa diminúe claramente, e pasa de representar un 30% (con fortes oscilacións) a ben menos do 20% nos últimos 5 anos. A ameixa fina vai aumentando a súa proporción, aínda que este aumento non está moi claro nos 10 últimos anos, nos que se mantén nun 17,7% (aclaremos que só para estes anos os datos son más fiables), e tamén (lixeiramente para os últimos 10 anos) hai un aumento dos quilos extraídos. A ameixa babosa -de

15.- A OPP-38 utiliza unha póliza de crédito.

16.- Para a OPP-38 X.L. Durán di: "Nos convenios coa Xunta a OPP-38 aportaba o 30% dos gastos en formación". "As socias/traballadoras teñen bastante interese na formación. O malo é que certos dirixentes (como patróns maiores das Confrarías...) non queren".

17.- Xosé Lois Durán respecto do canon di "si. Debería ser obrigado. Así non se tería interese por autorizacións improductivas e poderíase transferir o recurso para quen o explotara mellor".

máis alto recrutamento natural- é a máis clara responsable do aumento do peso extraído, sobre todo nos últimos 10 anos.

No Cadro 11 aparecen os datos en valor, e no Cadro 5 pódese observar unha tendencia alcista no prezo da ameixa fina, entreverado co impacto das variacións da oferta e cos anos expansivos / recessivos e a emposta do comercio exterior, áinda que nos últimos anos os prezos parece que se sosteñen. Hai un descenso apreciable nos anos 91-93 (¿acaso explicable polas importacións, ou o comezo da depresión?). A proporción en valor da ameixa fina aumenta tamén tendencialmente ata os últimos 3 anos, que perde peso, especialmente polo forte aumento da importancia da ameixa babosa, tanto en peso como en prezos. Por fin, o berberecho, en valor, pasa a ocupar un lugar marxinal.

Sintetizando, prodúcese un aumento sostido nos rendementos por m² nos últimos 7 anos, tanto en peso como en valor; este aumento prodúcese máis en especies de alto valor comercial, pero é moito máis acusado na ameixa babosa ca na ameixa fina.

| CABRO 11. VENDAS EN LONXA DA OPP-20 QUE SE ESTIMAN PROVENIENTES DA FRANXA INTERMAREAL, EN QUILOS. | | | | | | | | | | |
|---|-------------|----------|------------|------------|--------------|-----------------------------|----------|------------|------------|-------------------------|
| | EN QUILOS | | | | | EN PORCENTAXES SOBRE O PESO | | | | QUILOS / m ² |
| | BERBE-RECHO | AM. FINA | AM. BABOSA | AM. PICUDA | TOTAL QUILOS | BERBE-RECHO | AM. FINA | AM. BABOSA | AM. PICUDA | |
| 1980 * | 45.541 | 5.031 | 95.366 | 2.862 | 148.800 | 30,6 | 3,4 | 64,1 | 1,9 | 0,057 |
| 1981 * | 124.719 | 6.378 | 52.992 | 2.419 | 186.508 | 66,9 | 3,4 | 28,4 | 1,3 | 0,071 |
| 1982 * | 4.966 | 1.517 | 31.283 | 1.043 | 38.809 | 12,8 | 3,9 | 80,6 | 2,7 | 0,015 |
| 1983 * | 17.940 | 4.589 | 36.865 | 222 | 59.616 | 30,1 | 7,7 | 61,8 | 0,4 | 0,023 |
| 1984 * | 5.479 | 31.628 | 48.787 | 16.064 | 101.958 | 5,4 | 31 | 47,8 | 15,7 | 0,039 |
| 1985 * | 34.533 | 31.963 | 55.599 | 5.553 | 127.648 | 27 | 25 | 43,5 | 4,3 | 0,049 |
| 1986 * | 24.390 | 17.880 | 51.121 | 8.068 | 101.459 | 24 | 17,6 | 50,4 | 7,9 | 0,039 |
| 1987 * | 57.870 | 24.089 | 55.956 | 10.306 | 148.221 | 39 | 16,2 | 37,7 | 6,9 | 0,057 |
| 1988 * | 14.347 | 17.155 | 57.602 | 6.470 | 95.574 | 15 | 17,9 | 60,2 | 6,8 | 0,036 |
| 1989 * | 26.502 | 13.040 | 46.225 | 3.526 | 89.293 | 29,7 | 14,6 | 51,8 | 3,9 | 0,034 |
| 1990 | 23.359 | 18.332 | 55.114 | 8.582 | 105.387 | 22,2 | 17,4 | 52,3 | 8,1 | 0,040 |
| 1991 | 25.514 | 21.409 | 45.465 | 22.312 | 114.700 | 22,2 | 18,7 | 39,6 | 19,4 | 0,044 |
| 1992 | 30.139 | 34.453 | 61.075 | 28.368 | 154.035 | 19,6 | 22,4 | 39,6 | 18,4 | 0,059 |
| 1993 | 19.090 | 38.402 | 79.503 | 22.577 | 159.572 | 11,9 | 24,1 | 49,8 | 14,2 | 0,061 |
| 1994 | 37.472 | 36.970 | 142.364 | 7.207 | 224.013 | 16,7 | 16,5 | 63,5 | 3,2 | 0,085 |
| 1995 | 42.535 | 26.759 | 152.889 | 13.145 | 235.328 | 18,1 | 11,4 | 64,9 | 5,6 | 0,09 |
| 1996 | 25.809 | 45.884 | 157.615 | 31.096 | 260.404 | 9,9 | 17,6 | 60,5 | 11,9 | 0,1 |

(*)- Os datos ata 1990 non se consideran fiables como representativos da produción real: ata 1990 as vendas en lonxa non corresponden ben á produción.

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 996-97.

| CABRO 12 VENDAS NA LONXA DA OPP-20 QUE SE ESTIMAN PROVENIENTES DA FRANXA INTERMAREAL, EN PESETAS. | | | | | | | | | | |
|---|------------------|-------------|-------------|------------|-------------|----------------------|---------|-----------|------------|--------------------|
| ANOS | VALOR EN PESETAS | | | | | PORCENTAXES DO TOTAL | | | | pts/m ² |
| | BERBE-RECHO | A. FINA | A. BABOSA | A. PICUDA | TOTAL | BERBE-RECHO | A. FINA | A. BABOSA | A. PICUD A | |
| 1980 * | 3.511.000 | 4.867.000 | 39.609.000 | 845.000 | 48.832.000 | 7,2 | 10 | 81,1 | 1,7 | 18,6 |
| 1981 * | 8.960.000 | 4.757.000 | 25.146.000 | 641.000 | 39.504.000 | 22,7 | 12 | 63,6 | 1,6 | 15,1 |
| 1982 * | 398.000 | 1.229.000 | 19.929.000 | 264.000 | 21.820.000 | 1,8 | 5,6 | 91,3 | 1,2 | 8,3 |
| 1983 * | 1.509.000 | 4.599.000 | 25.063.000 | 46.000 | 31.217.000 | 4,8 | 14,7 | 80,3 | 0,1 | 11,9 |
| 1984 * | 498.000 | 26.291.000 | 29.926.000 | 3.530.000 | 60.245.000 | 0,8 | 43,6 | 49,7 | 5,9 | 23 |
| 1985 * | 3.425.000 | 31.895.000 | 33.135.000 | 1.848.000 | 70.303.000 | 4,9 | 45,4 | 47,1 | 2,6 | 27 |
| 1986 * | 4.355.000 | 26.070.000 | 35.535.000 | 3.655.000 | 69.617.000 | 6,3 | 37,4 | 51 | 5,2 | 26,6 |
| 1987 * | 9.864.000 | 44.150.000 | 53.340.000 | 5.221.000 | 112.575.000 | 8,8 | 39,2 | 47,4 | 4,6 | 43 |
| 1988 * | 3.025.000 | 44.530.000 | 60.665.000 | 4.445.000 | 112.665.000 | 2,7 | 39,5 | 53,8 | 3,9 | 43 |
| 1989 * | 5.077.000 | 34.152.000 | 51.658.000 | 2.437.000 | 93.324.000 | 5,4 | 36,6 | 55,3 | 2,6 | 35,6 |
| 1990 | 6.035.000 | 39.530.000 | 60.404.000 | 4.821.000 | 110.791.000 | 5,4 | 35,7 | 54,5 | 4,3 | 42,6 |
| 1991 | 5.735.000 | 39.443.000 | 45.279.333 | 8.040.000 | 98.497.333 | 5,8 | 40 | 46 | 8,2 | 37,6 |
| 1992 | 7.750.000 | 56.758.000 | 65.720.667 | 11.648.000 | 141.876.667 | 5,5 | 40 | 46,3 | 8,2 | 54,1 |
| 1993 | 3.550.000 | 63.850.000 | 72.468.667 | 9.558.000 | 149.426.667 | 2,4 | 42,7 | 48,5 | 6,4 | 57 |
| 1994 | 9.405.000 | 71.798.000 | 127.521.667 | 3.814.000 | 212.538.667 | 4,4 | 33,8 | 60 | 1,8 | 81,1 |
| 1995 | 11.630.000 | 58.876.000 | 148.015.333 | 6.128.000 | 224.649.333 | 5,2 | 26,2 | 65,9 | 2,7 | 85,7 |
| 1996 | 7.273.000 | 102.149.000 | 175.552.333 | 15.648.000 | 300.622.333 | 2,4 | 34 | 58,4 | 5,2 | 114,7 |

(*).. Os datos ata 1990 non se consideran moi fiables como representativos da produción real.
Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxia, 1996-97.

O que se esperaría do cultivo da franxa intermareal -e tamén, áinda que con menos posibilidades para cultivo de zonas de marisqueo a flote- sería: a) un aumento sostido e moi importante do peso por unidade de superficie; b) unha tendencia sostida ó aumento das especies de maior valor comercial -sobre todo, da ameixa fina-; c) unha presencia considerable das especies más doadamente cultivables -por disponibilidade de semente, acaso hoxe a razón máis importante-; d) unha marxinación das especies "competidoras" de menor interese comercial.

Examinando os datos, cúmprense algunhas características: a diminución do berberecho e o aumento da ameixa babosa; pero non hai extracción da ameixa xaponesa e a ameixa fina aumenta menos do que se esperaría dende o punto de vista do rendemento comercial, pero hai que ter presente que a escasez de semente en xeral, especialmente da ameixa fina é hoxe un factor limitante fundamental no cultivo do marisco na franxa intermareal. A procedencia da semente é non de compra; case totalmente por captación natural dentro do parque.

Relativamente a un rendemento potencial demostradamente atinxible, 2.000 pts/m², a OPP-20 tópase áinda moi lonxe, e as series son indicativas de algúnsa forma de selección e cultivo, pero moi lonxe do que se entende por cultivo propiamente.

A hatchery pode axudar a remontar o principal factor limitante, que é a escasez de semente e en particular da de ameixa fina, se ben as necesidades de

transformación das pautas culturais, organizativas e de aportes de capitais sexan aquí tamén considerables: con efecto,

- 1º A OPP-20, con base xurídica de asociación profesional, ten limitada capacidade de atracción de capitais; o capital non é transferible nin recuperable polos socios, e... ¿como conciliar iso cunha acuicultura con requirimentos de capital moi cuantiosos en adecuación do substrato¹⁸, máis os requirimentos en stocks de moluscos, máis a maquinaria necesaria para o cultivo, máis outras instalacións, medios e intanxibles?. Trátase de fortes aportes de capital que presentan certo tipo de pre-condicións organizativas para seren acumuladas pola acuicultura: condicións de satisfactoria apropiabilidade, revalorización, transferibilidade, recuperabilidade, mobilidade, capacidade de obtención de rendementos, formas organizativas capaces de aborda-la disciplina e organización do traballo...
- 2º O título de acceso ó recurso, a Autorización Administrativa, resulta pouco conciliable coas pre-condicións económicas para o cultivo dun banco de moluscos. A forma da Autorización pode ser acorde coa explotación dun banco natural, pero o cultivo do marisco, propiamente acuicultura, require uns aportes de capitais que non poden ser "desmontados" ou "retirados" senón con perdas cuantiosas, e isto non é conciliable cunha autorización administrativa "en precario" -que fai perder o valor do capital nada máis entregado ó mar- nin se corresponde ó seu concepto.
- Está fóra de dúbida xuridicamente que a acuicultura do marisco require a concesión como título habilitante axeitado.
- 3º As condicións organizativas da OPP-20 tamén poden presentar límites para o desenvolvemento da acuicultura intermareal. Non xa os problemas relativos á propiedade / transferibilidade / recuperabilidade do capital, senón problemas más profundos derivados das posibilidades estatutarias para a organización da produción, a división de tarefas, etc.
- 4º A dimensión da empresa tamén é de consideración. Digamos que se trataría dunha empresa de máis de 4.000 millóns de pesetas de facturación, dunha extensión de orredor de dous millóns e medio de metros cadrados

18.- Para os parques de Carril Ventura Vidal Longa estimou só para aportes de area, en 5.000.000 pts para un parque de 1000 m². Para os labores de Abanqueiro os aportes de area foron de 28.000 m³ de area sobre 77.000 m², que fan 0.364 m³/m², que a 500 pts /m² fan 181.8 pts/m². Os aportes de area non sempre son necesarios, pero si os labores de acondicionamento do substrato. A semente e as súas atencíons son tamén un investimento considerable: se anotamos uns requirimentos de 2 quilos de ameixa babosa de 20mm por m² a 550-600 pts/quilo, teríamos uns aportes anuais de 1100/1200 pts/m² de capital en semente... Os requirimentos de capitalización per cápita na Illa, con 3.119 m² por mariscador a pé teñen que ser, por tanto, considerables.

e sobre 840 a 1340 trabaladores/as socios/as, adheridos a título individual. Probablemente tería interese sub-dividir en unidades organizativas más abordables para a dimensión da tarefa: acaso resulte máis doado, ó meu entender, organizar o cultivo en medianas extensíons (medianas tamén en equipo humano), mantendo, por suposto, a unidade en certas dimensíons estratégicas -como a comercialización e acaso transformacións industriais, producción de semente, maquinaria...- ca unha transformación das pautas culturais simultánea e ó mesmo ritmo dun milleiro de persoas.

5º O título de acceso ó recurso, a Autorización administrativa, está tamén vinculada a unha segunda limitación, que é a da obriga á primeira venda en lonxa, o que impide formalmente a organización dunha rede de comercialización, que sería o dereito mínimo de todo productor.

O levantamento da obriga da primeira venda en lonxa é polémica, e a súa oportunidade depende do grao de evolución no que se atopa a entidade que explota o recurso. Así, entre os parquistas de Carril, deféndese a "conveniencia" (que non a obriga, xa que os parquistas acceden ó recurso en réxime de concesión, que non está suxeito á obriga da primeira venda en subasta pública) da venda en Lonxa, que lle permitiu concentrar a oferta, atraer compradores e melloraren as condicións de venda para os produtores. Pero isto hai que entendelo, aquí, como a conveniencia de impulsar procesos de cooperación alí onde primaba o individualismo, e mesmo a incapacidade que este individualismo manifestou na ausencia de redes comerciais, cando tiña condicións moi ideais para iso.

En Moaña deféndese a obriga da venda en lonxa porque esta obriga é o fundamento da coacción para a aceptación dunha disciplina na extracción. A desaparición desa obriga faría derrear todo o sistema de organización -bastante precario- consistente en establecer topes de captura por persoa afiliada e día, e ademais tería por consecuencia que cada mariscadora se entendera directa e individualmente cunha estructura de compradores que as debilitaría. Vexamos que ademais esta forma de venderen "por fóra" exime das porcentaxes á lonxa e escamotea os impostos, polo que presenta un aliciente adicional.

En cambio, as entidades con maior capacidade de organización e disciplina interna, e que teñen maior capacidade de desenvolvemento comercial séntense prexudicadas: consideran que a obriga da primeira venda en lonxa discrimina ós produtores, ponlos nas mans dos compradores e impídelle todo desenvolvemento empresarial polo lado da comercialización.

Este é o caso da OPP-20, que "vexo a obriga da primeira venda en lonxa moi mal. Nunca a vimos ben, xa que pon ó sector a mercede dos comer-

cializadores. Nos primeiros anos afortalou, pero hoxe é contraproducente. Favorecemos este sistema nos anos 85, máis por solidariedade coas outras entidades afins, máis debilmente organizadas, xa que esta obriga permitía reforzar a organización das demais entidades”.

A OPP-20 intentou desenvolver procesos de alianzas con outras entidades afins, pero a experiencia foi moi negativa: dificultades de entendimento, intentos de non facilitar a información axeitada, ou de non tomar as decisións oportunas (xa dende o inicio, que pretendía abranguer toda a provincia), entón vese como non factible esa “intercooperación”.

Si ve a necesidade de alianzas estratégicas co sector intermediario, co que parte de establecer boas relacíons co sector comercial e co que considera que unha alianza estratégica é mesmo obrigatoria para o desenvolvemento do sector.

Presenta un forte sentido de colaboración entre os socios. Os conflictos foron mínimos. A entidade é concebida como unha suma de explotacións individuais con servicios e funcións comúns, pero tamén como unha unidade organizativa con división de tarefas. É dicir: como unha entidade intermedia entre suma de explotacións dos socios e unha organización global da produción [isto é: entre unha suma de empresas e unha única empresa].

A OPP-20 toma en consideración as necesidades da poboación da parroquia e aborda programas para a ocupación anual dos socios e socias e rotación / diversificación das tarefas, se ben por agora estas actividades foron mínimas, consisten en pequenas experiencias, en preocupacións e en ideas á espera.

Isto acaso deberemos interpretalo como que entra dentro da súa misión e da súa vocación, se ben non abordan con enerxía estas liñas de actividade.

Destina recursos propios á formación e hai intereses dos socios na formación. Acéptase a disciplina da organización polos traballadores.

Non lle resulta satisfactorio o título de acceso ó recurso (Autorización Administrativa) e topán axeitada a Concesión por dúas razóns: a) a Autorización está sometida á lexislación sobre primeira venda; b) é en precario e non exclusiva. Apoiarían un canon por metro cadrado, pero non teñen claro a contía: discutiuse 2 pts/m², ata 5... non se atreven a dicir unha cifra.

10. Os parquistas de Carril.

Para os parquistas de Carril contamos cos datos e hipóteses de dúas entidades: a Confraría de Carril e mais a Agrupación de Productores de Parques de Cultivo de Carril. Esta última é unha asociación profesional creada en 1990. A razón inicial da súa creación era suplir a ausencia de funcionamento da Confraría; posteriormente a Confraría de Carril adquiriu un funcionamento más activo. Sen embargo mantéñense diferencias de punto de vista e de práctica repre-

sentativa entre ambas entidades. Hai dupla adscrición de parquistas ás dúas entidades. Non hai un "perfil de parquista" que se adscriba preferentemente a algunha. En todo caso, segundo a opinión da Agrupación de Parquistas, "Os parquistas da Agrupación teñen proxectos más avanzados cós outros". Pero esta tampouco é unha diferencia tallante.

A superficie outorgada en Concesión Administrativa, incluído Bamio, foi estimada en 1.800.000 m² pola Confraría, e en 1.200.000 pola Agrupación. Segundo a Confraría, un 3% non se pode explotar a pé, e segundo a Agrupación, sendo toda a zona intermareal, só un 70% se podería explotar a pé. O outro 30% necesita ser traballado en embarcación porque o tempo do debalo é moi pequeno. Haberá entre 679 a 744 a "seiscientos e moitos" parquistas, e a Agrupación de Productores de Parques de Cultivo tería 300 socios e 402 viveiros, mentres que na Confraría estarían o 80-90% (hai dupla adscripción; de feito case todos os socios da Agrupación pertencen tamén á Confraría).

Podería ser posto en cultivo, ademais da zona hoxe adxudicada e cultivada, "un millón máis de m², e me quedo corto, que hoxe son totalmente improductivos", segundo a estimación do presidente da Agrupación. Hai sobre 1200 parques cunha extensión media de 1500 metros cadrados, que oscilan entre un mínimo de entre 200 a 300 m² e un máximo de 18.000 para as concesións a título individual. Hai, ademais, 3 parques colectivos dos que é titular a Confraría, cunha extensión cada un de 38.000, 45.000 e 40.000 m², respectivamente, "A Fangueira" (recuperado nun 10%, o resto sen recuperar, con fango e seba), "Badía de Terra" (en explotación un 40%) e "Badía de fóra" (un 5% recuperado), segundo os datos da Confraría.

O resto (os parques individuais) están recuperados nun 88-89% na opinión da Confraría. A superficie está outorgada en réxime de Concesión Administrativa ou invadida en condicións "funcionalmente" similares, e praticamente toda foi acondicionada, mediante aportes de cascaxo, area, etc., por labores de transformación do substrato. Os custos destes labores foron calculados grosieramente pola Confraría en 5.000.000 pts para un parque de 1000 m², nun primeiro acondicionamento¹⁹. Logo, cada 5 anos, hai que lle engadir unha pequena capa de area limpa. Realízase tamén o arado do terreno cando está moi duro ou dispois de riadas.

A estimación da produción dos parques de Carril non é moi fácil: a venda en lonxa no ano 1996 é coñecida, e tamén podería ser coñecida, con moita dificultade, a totalidade das vendas legalmente documentadas. Pero resulta imposible coñecer o volume de vendas á marxe da lei: de aquí que fixeramos 3 hipóteses, de acordo con tres respuestas obtidas: a Confraría estimou que "as vendas

19.- Hai que dicir que é frecuente, en Carril, tratar de conseguir máis altura da apropiada debido a certos inconvenientes dos parques baixos entre parques más altos (tendencia á concentración de algas, fangos, cunchas, cascallo...) fai que quen teña un parque baixo tenda a elevalo. Por iso pode ser que os aportes de area en Carril tendan a ser maiores e os parques más elevados do que deberían de selo por principios de cultivo.

en lonxa son o 40-45% da produción total". A Agrupación de Productores fixo dúas hipóteses segundo dous criterios diferentes, e en ámbolos dous se mantivo como posibles ó establece-la cuestión de outro modo. Os criterios son que se vende á marxe da lei o 80% da produción, e que as vendas en lonxa serían máis do 50% do total legal. Isto dá que pasa por lonxa o 10% do total da produción de Carril. O segundo criterio é "que non pasa por lonxa nin de 20 partes, unha", o que sería o 5% do total da produción vendida en lonxa. Debiido ó interese na ocultación, calquera das hipóteses poderían ser unha estimación axeitada. Estas hipóteses están recollidas no Cadro 13. Ó establecermos criterios de rendementos medios factibles por m², doados de conseguir en promedio para Carril, para cultivos monoespecíficos, podemos establecer como ben factibles rendementos de 2.000 pts/m². Usando esta cifra, a produción de Carril podería estar ó redor de 2.400 a 3.600 millóns de pesetas, se fose o cultivo a única fonte de aumento do valor engadido, e se os parques fosen aceptablemente explotados. Pero os viveiros son tamén xestionados como depósitos, o que fai verosímil calquera cifra, e difícil de estimar a parte do valor correspondente ó cultivo da parte do valor correspondente ó depósito. Un principio de prudencia faría bastante axeitado o manexo da hipótese de que pasou por lonxa en 1996 o 10% das vendas totais dos parques.

| CADRO 13. HIPÓTESES SOBRE O VOLUME DE VENDAS DE MARISCO DOS PARQUES DE CARRIL. 1996. | | | | | | | |
|--|--|---|---|------------------------------|------|-----------|------|
| | HIPÓTESE 1. "EN LONXA VÉNDESE O 40-45% DO TOTAL DAS VENDAS DE CARRIL." | HIPÓTESE 2 "EN LONXA VÉNDESE MÁIS DO 50% DO TOTAL LEGAL E EN NEGRO VÉNDESE O 80% DO TOTAL." | HIPÓTESE 3 "EN LONXA NON SE VENDE NIN DE 20 PARTES. UNHA" | VENDAS EN LONXA NO ANO 1996. | | | |
| | II.1. 40% (TOTAL = VENDAS EN LONXA x 2,5) | II.2: 10% (TOTAL = VENDAS EN LONXA x 10) | II.3: 5% (TOTAL = VENDAS EN LONXA x 20) | VALOR | % | QUILOS | % |
| BERBERECIO | 50.497.143,75 | 201.988.575 | 403.977.150 | 20.198.857,5 | 7,1 | 58.940,5 | 17 |
| AMEIXA BABOSA | 92.568.843,75 | 370.275.375 | 740.550.750 | 37.027.537,5 | 13 | 42.093,5 | 12,2 |
| AMEIXA FINA | 207.725.757,80 | 830.903.031 | 1.661.806.062 | 83.090.303,1 | 29,1 | 35.120,0 | 10,1 |
| AMEIXA XAPÓNICA | 346.604.327,30 | 1.386.417.309 | 2.772.834.618 | 138.641.730,9 | 48,6 | 195.841,5 | 56,6 |
| RELOJITO | 1250.056,25 | 5.000.225 | 10.000.450 | 500.022,5 | 0,17 | 5.157,5 | 1,5 |
| BIGARO | 117.350,00 | 469.400 | 938.800 | 46.940,0 | 0 | 254,0 | 0 |
| CARNEIRO | 7.745,00 | 29.900 | 59.800 | 2.990,0 | 0 | 7,0 | 0 |
| JAPÓNICA-PC | 14.208.725,00 | 56.834.900 | 11.369.800 | 5.683.490,0 | 2 | 8.562,0 | 2,4 |
| BERBERCHO-PC | 4.025,00 | 16.100 | 32.200 | 1.610,0 | 0 | 7,0 | 0 |
| AMEIXA FINA-PC | 46.800,0 | 187.200 | 374.400 | 18.720,0 | 0 | 12,0 | 0 |
| TOTAL | 713.030.503,8 | 2.852.122.015 | 5.601.944.030 | 285.212.201,5 | 100 | 345.995,0 | 100 |
| PTS/m ² | 1.200.000 | 594,20 | 2.377 | 4.668 | | | |
| | 1.800.000 | 396,10 | 1.586 | 3.112 | | | |
| QUILOS m ² | 1.200.000 | 0,721 | 2,88 | 5,77 | | | |
| | 1.800.000 | 0,480 | 1.922 | 3.844 | | | |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía. 1996-97. Entrevista a D. Ventura Vidal Longa (H.1.) e entrevista a Xosé Luís Villalonga (H.2. e H.3.).

Se aceptamos unha certa "representatividade" das proporcións por especie da produción vendida en lonxa²⁰ respecto da producción real, toparíamos un certo predominio das especies cultivables: a ameixa xaponesa ocupa o 57% da producción en peso e o 48,6% en valor (a ameixa xaponesa ocupa preferentemente tamén un papel de depósito temporal da importada na xestión do parque)²¹. Á comparanza da lonxa da Illa de Arousa, en 1996 o berberecho e a ameixa fina alcanzaron prezos medios máis altos, pero a ameixa babosa atinxiu un prezo máis baixo. Aquí hai que constatar que as altas mortandas debidas ás riadas e chuvias en Carril fan optar moitas veces pola estratexia de venderen "inmaduros" antes das riadas, para evitaren así as perdas por mortandade. Isto pode facer baixar o prezo medio respecto doutras condicións naturais. A estas mortandas naturais púdolle axudar a estratexia de subiren os niveis dos parques máis do axeitado, polas razóns apuntadas antes.

A explicación desta selección de especies consistirá no baixo recrutamento natural da ameixa fina e na disponibilidade de semente da ameixa xaponesa e acaso o seu papel de reexpedición "o parquista dalle un tempo mínimo á mercancía no viveiro e vai vendendo segundo lle convén". Pero tamén as prácticas pouco racionalizadas de explotación e cultivo -como a renuencia a investiren en semente- explican esta decepcionante selección.

Tamén a extracción é moito máis doadamente regulable -as cantidades, tamaños e momento comercial- polos parquistas ca na maioría das entidades colectivas -excepción feita da Coop. Ría de Arousa, que por ter centralizadas as decisións ten tamén mellores condicións para extraer no momento oportuno e de acordo cos criterios establecidos.

A facturación por m² estaría entre 400 e 4.600 pts/m², e a hipótese "prudente" ponse en 2.300 pts/m², entre as más altas, xunto coa Cooperativa Ría de Arousa. O stock posible por m² pode estar entre 10 quilos e 2 quilos/m², cunha media de 5, segundo a calidade das parcelas. As mellores parcelas, os 10 quilos/m² poderían estar compostos por 4 quilos de berberecho, 4 quilos de ameixa babosa e 2 quilos de ameixa fina. A procedencia da semente para unha densidade de 5 quilos/m² en promedio poderíase estimar no 100% da semente de berberecho de fixación natural; a babosa variable: no 1997 o 40% da semente de fixación natural; a ameixa fina 10 a 15% de fixación natural, e a xapónica 100% semead; só agora empeza a haber algunha mínima adaptación. Segundo

20.- Á pregunta de se algunas especies eran más atractivas para a venda na lonxa, o presidente da Agrupación respondeu que non estaba moi claro; que acaso o berberecho se vendía en Lonxa en maior proporción; que o 50% da ameixa fina ou máis se vende en lonxa por navidades; que un 30-40% da xapónica... estas porcentaxes reférense á comercializada legalmente, que sería un 20% do total.

21.- A maioría da ameixa xapónica é importada (90% segundo a agrupación de parquistas) semead coa talla media e grande e permanece pouco tempo nos viveiros: o parque é utilizado como depósito regulador. Antes de 1994 (inverno de gran mortandade) sementábase moi pouca en Carril. Neste plan non resulta moi rendible, pero é segura. No cultivo viña presentando, sen embargo, moita mortalidade.

estimacións da Confraría, dende 1990 realizanse tarefas de preengorde e a obtención de semente faise regularmente pola atención ó desove. A captación natural dentro do parque representa un 40-45% da semente total; fóra un 5% e o resto (50-55%) cómprase; pero non se fan moitos controles ou selección nin se ten stock de reproductores. A Confraría si: mediante a análise dunha mostra polo biólogo da Administración ademais do informe sanitario de orixe. A densidade do stock vén sendo de 3 quilos/m² de ameixa babosa e 1/2 quilo de ameixa fina. A intensidade de semente ven sendo 2 de quilos/m².

Cultívase ameixa babosa, fina, xaponesa, berberecho e ostra xaponesa. A ostra plana non, debido a que no primeiro ensaio roubáronlla e parece que hai grandes dificultades de vixianza. A resposta sobre os criterios para a selección de especies foi: "as que se deron sempre", indicando un proceso moi menos racionalizado do esperado. Segundo a Agrupación, na ostra "non se descarta a volta a sembrar, pero é moi sensible á auga doce, e ademais en Carril non se está moi instruído nos labores da ostra". Os criterios para a selección son o medio e o mercado.

A primeira constatación que podemos facer é o salto cualitativo que hai entre os rendementos en réxime que permite o cultivo -Carril, Cooperativa Ría de Arousa- e os que non o permiten a penas; e a segunda é a diferencia de posibilidades que existe entre as entidades que organizan a cooperación e as entidades que non o fan. Así, podemos manter folgadamente a hipótese da diferencia de rendemento por m² debido ó cultivo entre os parques de Carril e a Cooperativa Ría de Arousa a favor desta última. Esta deberíase á existencia de estratexias de cooperación sistemáticas na 2.^a e a tradicional ausencia delas na 1.^a.

Ademais, a posta en funcionamento de estratexias de cooperación da resultados palpables. A primeira, a posta en funcionamento da lonxa. Para poñer en funcionamento unha lonxa que concentra o 5, 10 ou 40 % das vendas e que sexa quen marca a evolución dos prezos, é necesario que os parquistas se avengan a establecer formas de cooperación -anotemos que, a diferencia doutros, os parquistas de Carril non están obrigados á primeira venda en lonxa, e poden vender directamente e construír redes de comercialización-.

Sen embargo, segundo datos da Confraría, só algúns parquistas (20 aproximadamente) teñen unha mínima rede de venda que consiste fundamentalmente en vendas a restaurantes. A venda en lonxa faise sen ningunha transformación. A lonxa púxose en pé hai só dous anos, e dende entón cambiaron notablemente as condicións de primeira venda: antes a venda facíase na rampla e era monopolio de 3-4 compradores, e "os prezos mínimos que se intentaron recomendar non sempre fóron respectados polo parquista". Agora, acuden á Lonxa ata 20 compradores e é o prezo da lonxa o que marca os prezos dominantes no mercado.

Dende a lonxa hai conversas nas que a Confraría actúa un pouco de intermediario entre os parquistas e as depuradoras para intentar influír sobre as condicións de primeira venda. Deféndese a conveniencia da venda en lonxa, e

sobre a "obriga" (para as zonas de libre marisqueo e as outorgadas en réxime de autorización) de venda en lonxa "sería bo porque en lonxa sempre se vende máis alto có vendido por fóra"; "pero baixa algo polos impostos e mais polo 7% que detrae a Confraría". A venda en lonxa "fortaleceu no cen por cen no aumento de prezos".

Para a Agrupación de Parquistas, a concesión da lonxa "déuselle arbitrariaamente á súa xestión á Confraría". A agrupación tiña interese na xestión compartida da Lonxa, tanto no financiamento que lle suporía a porcentaxe sobre vendas, como as posibilidades de catapultar a comercialización dende a Lonxa buscando outras formas de comercialización, como organiza-la subhasta sen a presencia física dos compradores (faceren xestión das vendas dende a Lonxa). "En certas épocas do ano, como Navidades, a lonxa "se desborda" cun aumento brusco e concentrado das compras nun par de días. Alí catro compradores pónense de acordo nos prezos máximos. Non dan comprado todo o marisco que se vende, moitos teñen que vender por fora...". A lonxa podería permitir tamén aflorar a economía dos parques, e axudaría a terminar co furtivismo. Dende a Agrupación tamén se defende a liberdade de venda "somos libres, queremos ser libres", áinda que se vé conveniente e positiva a venda en Lonxa. A organización da lonxa afortalou o poder negociador dos produtores "Ata que a Lonxa empezou a funcionar Carril estaba praticamente copado por catro compradores que se poñían de acordo e os prezos eran desastrosos. A lonxa aumentou o número de compradores e a transparencia do mercado (áinda que menos do deseable). Pero non veñen todos os compradores que poderían vir, non se fixo unha publicidade... non se deron atraído bastantes compradores potencialmente interesados. Ás veces, mesmo, na Lonxa de Carril non se subhasta nada".

A Agrupación tamén considera que non ten influéncia sobre as condicións de primeira venda, pero que si podería chegar a tela. Non fai depurado: "a Agrupación non pode economicamente" nin ten propia rede comercial. Algunxs parquistas teñen: contactos con depuradoras e con Merca-Barna e Merca-Madrid. Teñen alugados pilóns en depuradoras... e compran tamén a outros parquistas, pero non sistematicamente, senón por requirimentos de cantidades necesarias para certas operacións de venda. Son más ben redes de venda para a propia producción, e os parquistas non se tornan compradores.

Isto no que concerne ó desenvolvemento da cooperación para ergueren unha lonxa. Pero as estratexias de cooperación parecen insuficientes áinda moi máis noutros eidos: *en primeiro lugar*, para os parques da Confraría, onde as estratexias de cooperación para a produción son imprescindibles, están recuperados nunha contía moi pequena (entre o 30 e o 5%, segundo as fontes); *en segundo lugar*, a cooperación necesaria para poñer en funcionamento unha lonxa prodúcese moi recentemente (anos 94/95) e non antes, e acaso só dispois de importantes estímulos por parte da Xunta de Galicia; *en terceiro lugar*, a cooperación necesaria para poñer en funcionamento un proceso de comercialización e distribución máis complexo parece que non se produciu, cando as condi-

fixo alianzas para seguros con cobertura de riscos, pero non para asesoramento ou equipos técnicos. Alianzas para regulación do mercado "son infructuosas. É un sector moi difícil".

Hai un "forte sentido de colaboración entre os socios", áinda que "non todo o forte que se quixera, pero cada vez máis". A Confraría é concebida como "unha suma de explotacións individuais sen servicios nin funcións comúns", excepto para a sembra nos parques da Confraría, e non coma unha unidade organizativa con división de tarefas. A súa misión fundamental é a de velar polos intereses dos seus afiliados e segue o principio de porta aberta, de dúas formas: a) con tódolos dereitos, incluíndo a explotación dos parques comunitarios, para os que non son concesionarios de parques nin teñen outro medio de vida e b) como parquista.

O número dos primeiros é de 70 a 80 persoas, e terían un total de 123.000 m² distribuídos en 3 parques que son os más grandes de Carril (38.000, 45.000 e 40.000)²⁴. Topan satisfactorio o título de acceso ó recurso (a Concesión Administrativa) e lles parecería ben un canon, que "ten que ser un canon que nos permita defender co noso esforzo a concesión e podermos subsistir".

Tamén na Agrupación hai sentido de colaboración entre os socios, pero a escaseza de recursos limita moito a capacidade organizativa. A entidade é entendida como suma de parquistas con poucas funcións e servicios comúns, e a súa misión foi nun principio suplir a ausencia da Confraría. Agora desexaría asumir outras funcións. Segue o principio de porta aberta, os socios non aportan capital, que é "insuficiente para o que se pretende", non considera que teña capacidade suficiente para atraer os capitais que necesita, "o problema da agrupación é económico" e o capital non é recuperado polo socio. Non recibe subvencións. Non utiliza o crédito bancario nin destina recursos propios á forma-

24.- Se estes parques da Confraría renderan a media de Carril por m² (H.2: 2377 pts) obteríase nestes parques 292.371.000 pts, ou 4.176.729 pts/ano/traballador. Sen embargo, xa que só está recuperada entre o 5 ó 30% da superficie, o rendemento poderá andar polos 14.618.550 a 87.711.300, ou uns 208.836 a 1.253.018 pts/ano/traballador. Descontando mesmo os investimentos iniciais, a 5.000.000 pts cada 1000 m² para as zonas non recuperadas (uns 85.800 m²), habería que aportar 429 millóns de pesetas, máis 135 millóns correspondente ó aporte de 1100 pts/m² en semente, que probablemente a Confraría non está en condicións de facer nin probablemente fará nunca, máis ca -acaso- a un ritmo demasiado lento, porque: a) o capital da Confraría non é recuperable polos socios; b) os aportes de capital ás parcelas da Confraría serían aportados por todos, pero só mellorían as condicións de traballo -e mesmo de competencia- dos traballadores dos parques da Confraría, e non as dos parquistas. Aqueles mesmo terían 1.757 m² de concesión por persoa, o que son condicións moi privilexiadas, máis ou menos, a media dos parquistas; c) as estratexias de cooperación entre os parquistas e no seo da Confraría son ainda insuficientes; d) a Confraría non ten solicitado créditos a longo prazo, o que indica unha xestión moi rudimentaria do financiamento (si ten unha póliza de crédito a curto para atender as necesidades de liquidez da lonxa). Anotemos que se os 70-80 traballadores dos parques da Confraría constituísen unha cooperativa de traballo para explotaren os parques da Confraría as posibilidades de capitalizaren e aumentaren o rendemento serían moi superiores: a cooperativa de traballo pode manter o principio de porta aberta, os socios da cooperativa poden -e interzállan- facer aportacións ó capital, que recuperarian en dous anos, e as participacións no capital poderían ser transferibles.

ción, áinda que si hai interese dos socios na formación. O título de acceso ó recurso (a concesión) é satisfactorio "sempre e cando se cumpra o decreto" pero a actual situación transitoria non é satisfactoria.

Tamén lle parecería ben un canon, de contía a negociar, pero variable en base á calidade do parque.

11. A Cooperativa Ría de Arousa, de Abanqueiro.

A Cooperativa Ría de Arousa fundouse en 1972, e estivo sen actividade dende esa data ata o ano 1988, no que conseguiu unha Autorización Administrativa para un parque de cultivo de 32.000 m², dos que corresponden á zona intermareal 8.000 m². Esta zona era improductiva e foi totalmente recuperada, mediante acondicionamento do substrato, aporte de 28.000 m³ de area procedente de canteira e de dragados de portos e ríos dispois. A extensión recuperada foi maior ca correspondente á autorización, 77.000 m². Iniciáronse entón as sembras e as tarefas de cultivo, que empezaron a ter resultados o ano 1990 e chegan á súa plenitude no ano 1991. A media dos anos 92-96 foi de 2.357 pts/m² e 2,4 quilos/m², os dous datos moi superiores ós das outras entidades aquí estudiadas (entre 20 e 30 veces maiores), con acaso a excepción de Carril, xa discutida. A partir de 1992, como se ve no Cadro 14, hai unha estabilidade na tendencia (non hai tendencia a aumentar nin en peso nin en cantidad), si hai oscilacións, sobre todo en peso, debido principalmente ás oscilacións no berberecho, moi dependente das condicións naturais. As razóns desta "estabilización", cando áinda está lonxe de cumplir as súas potencialidades máximas están en razóns do tipo: a) cultivos experimentais con éxito limitado, como foron a ostra e a ameixa xaponesa, por fin abandonados ou limitados dispois dun exame da súa rendibilidade: a ostra, que se decidiu abandonar en 1996 debido á elevada mortandade causada pola Bonamia, e a ameixa xaponesa, limitada polas poucas perspectivas de rendibilidade debido á competencia italiana, que ten o cultivo moi avanzado e mecanizado e pode colocala a baixo prezo. b) As experimentacións coa alta densidade de cultivo causaron unha mortandade alta por ser unha zona de influencia do Ulla e tamén polas altas temperaturas do vran, que afectan ó osíxeno disolto na auga, e polo tanto, demasiado arriscado o cultivo a altas densidades. c) a escaseza de semente de ameixa fina, sinalado como o principal factor limitante do rendemento por m², é más acusado nos últimos anos, xa que hai más competencia para a súa adquisición.

As razóns do maior rendemento están tanto na maior produción por m² (a Coop. Ría de Arousa acada con moito o maior peso/m² en tódalas especies, so comparables con Carril) como na selección de especies (38% en peso e 74% en valor, de media, en ameixa fina, fronte a 2 a 17% en peso e 21 a 34% en valor para as outras entidades). As dúas razóns obedecen ás prácticas acuícolas desenvolvidas fronte ó estadio máis próximo ó meramente extractivo dos outros.

| CADRO 14. PRODUCCIÓN CORRESPONDENTE Á FRANXA INTERMAREAL DA COOPERATIVA RÍA DE AROUSA. | | | | | | | | | | | | | | |
|--|---------|----|-----------|-----|------------|-----|------------|-----|------------|-----|------------|-----|------------|-----|
| EN PESO | 1990 | | 1991 | | 1992 | | 1993 | | 1994 | | 1995 | | 1996 | |
| | QUILLOS | % | QUILLOS | % | QUILLOS | % | QUILLOS | % | QUILLOS | % | QUILLOS | % | QUILLOS | % |
| AMEIXA FINA | 253 | 16 | 1.993 | 13 | 8.760 | 47 | 9.906 | 44 | 5.003 | 29 | 4.604 | 15 | 5.946 | 53 |
| 10% AMEIXA BABOSA | 161 | 10 | 1.922 | 12 | 2.302 | 13 | 3.850 | 17 | 2.105 | 12 | 2.115 | 7 | 1.812 | 16 |
| AMEIXA XAPONESA | - | - | S.D.(1) | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| BERBERECHÓ | 1.181 | 74 | 11.900 | 75 | 7.478 | 40 | 8.636 | 39 | 10.105 | 59 | 23.256 | 78 | 3.398 | 30 |
| OESTRA (UNIDADES) | - | - | - | - | - | - | - | - | 3.935 | - | 5.265 | - | 3.658 (2) | - |
| TOTAL QUILLOS (EXCLUÍDA A OESTRA) | 1.595 | - | 15.815 | - | 18.540 | - | 22.392 | - | 17.213 | - | 29.975 | - | 11.156 | - |
| QUILLOS/m ³ | 0,2 | - | 1,98 | - | 2,32 | - | 2,8 | - | 2,15 | - | 3,75 | - | 1,4 | - |
| EN VALOR | | | PTS | % | PTS | % | PTS | % | PTS | % | PTS | % | PTS | % |
| A. FINA | | | 4.962.676 | 54 | 16.672.714 | 78 | 18.096.742 | 84 | 10.035.560 | 74 | 8.942.000 | 50 | 16.909.225 | 84 |
| A. BABOSA | | | 1.936.648 | 21 | 2.287.839 | 11 | 2.004.695 | 9 | 1.500.000 | 11 | 1.694.774 | 10 | 1.444.100 | 7 |
| A. XAPONESA | | | 484.281 | 5 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| BERBERECHÓ | | | 1.872.472 | 20 | 2.429.913 | 11 | 1.397.089 | 7 | 2.058.920 | 15 | 7.126.405 | 40 | 1.703.560 | 9 |
| OESTRA (UNIDADES) | | | | | | | | | | | | | | |
| TOTAL PTS (EXCLUÍDA OESTRA) | | | 9.276.077 | 100 | 21.390.466 | 100 | 21.498.526 | 100 | 13.594.480 | 100 | 17.763.179 | 100 | 20.056.885 | 100 |
| PTS/m ³ | | | 1.159,51 | - | 2.673,81 | - | 2.687,3 | - | 1.699,31 | - | 2.220,4 | - | 2.507,11 | - |

(1).- O cultivo de ameixa xaponesa interrompeuse en 1991 porque non se estimou que se poidese cultivar en condicións competitivas coa produción italiana.
(2).- Este ano foi o último do cultivo de ostra e no que se dá por terminada a experiencia do cultivo da ostra. A razón é a alta mortalidade debida á Bonamia.
Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97.

Conta con 80 a 120 mariscadoras a pé e 50 a 70 a flote; utiliza dous tractores con diversos trebellos para os labores de cultivo e o capital foi aportado ó 50% por subvención (UE, Administración Central e algunha da Xunta de Galicia), e a superficie intermareal por mariscadora é de 100m². Conta con 5 contratados como persoal da cooperativa e tomando o valor do inmobilizado como referencia ó capital, 419,8 pts/quilo extraído e 0,51 pts/peseta extraída (estes dous últimos datos valoran conjuntamente á totalidade da cooperativa, debido ás dificultades de imputar á franxa intermareal a fracción da maquinaria e o inmobilizado que lle corresponde). Realiza as tarefas de cultivo, se ben parte delas non están totalmente mecanizadas por dous tipos de razóns: porque a praia (8.000m³) é demasiado pequena para a utilización rendible de maquinaria e mais porque o tractor pode estropear o marisco se pasa moito (requiriría polo tanto o deslinde de zonas para operación da maquinaria). As algas extraídas utilizanse como abono para os campos. A extracción por hora traballada é de 23 quilos e 41.785 pts en 1996.

Teñen identificada mortandade por chuvias; na ostra, a Bonamia é causa de mortandade elevadísima (70% da ostra morre por Bonamia a partir do 2º vrán); para a ameixa fina o Perkinsus mariño é causa tamén de mortandade, pero non se sabe canto; o tempo de sobrevivencia da ameixa fina en viveiro reduciuse considerablemente tamén nos últimos anos sen que estea clara a causa. Hai proxectos de I+D en centros de investigación públicos sobre o Perkinsus sen que ata agora se teña resolvido satisfactoriamente a cuestión.

Fanse tarefas de formación, sexa por cursos organizados por instancias cooperativas e intercooperativas, sexa polo Fondo Social Europeo e pola Consellería de Pesca. O equipo técnico é de contratación externa. Ten cultivos experimentais (rodaballo en gaiola), realiza xestión do espacio dispoñible e protección contra os depredadores. A selección de especies faise: ameixa babosa e ostra plana por ser de ciclo corto (a ostra plana abandonouse xa en 1996); a xaponesa pola abundancia de semente (xa se abandonou tamén no ano 1991); a ameixa fina polo seu alto valor comercial e o berberecho por captación natural (é un producto secundario, e mesmo un subproducto polas súas características de competidor das outras especies). A procedencia da semente é a captación natural para as especies de alto recrutamento natural, e para as de baixo recrutamento (a ameixa fina especialmente) a compra (cando está dispoñible no mercado, que non é fácil, e é cada vez máis difícil), ou a organización máis esmerada da reproducción dentro do parque, con resultados moi aceptables.

Na post-sementeira hai perda de individuos (sálvanse un 30% da sementada por inadaptación). A mortalidade intétase reducir por emprego de arados, selección da semente (criba e selección por tamaño), acondicionamento do substrato; menos posibilidades por melloras tecnolóxicas, control da semente por análise externa ó vendedor e por protección contra os depredadores. O axuste ás mortandas naturais faise mediante o osixenado do terreno e a nova sementeira.

A extracción faise en función do mercado e dos prezos. Os topes son establecidos no plan de explotación da entidade. Considéranse como más determinantes dun maior valor engadido a clasificación por tamaños (fundamental, e a entidade está aproximando os cálculos sobre que tamaño garda unha mellor relación aumento de peso / aumento de valor). O envasado e a presentación son tamén importantes, aínda que a entidade está obrigada á primeira venda sen ningunha transformación, e, por fin, a diferenciación do producto (galego, ou se non se da feito isto, da entidade).

A comercialización, debido á lexislación sobre primeira venda, redúcese á primeira venda sen ningunha transformación. Esta obriga legal é percibida como "terrorífica: a entidade séntese moi prexudicada". Non ten establecidas alianzas con outras entidades para unha comercialización común porque "non hai entidades receptivas" "o sector non está con esa dinámica". Ten alianzas estratégicas fóra do sector; dentro non. Tampouco está en condicións de asegurar la producción que se demanda pola pouca capacidade de producción. Non ten establecida ningunha política comercial porque non o permite a lei.

A entidade non tomou iniciativas anticontaminantes "áinda que podería". Hai verquidos que non se controlan. Os recheos nos portos (o de Rianxo en particular) influíron, cos seus fangos e terras, sobre a calidade das augas. A preocupación para non prexudicar ó medio ambiente é sobre todo intentar non variar o fluxo das correntes mariñas.

Considérase que hai un forte sentido de colaboración entre os socios e unha boa capacidade organizativa nos dirixentes. A entidade é concebida como unha unidade organizativa con división de tarefas. A súa misión é "conseguir o litoral do ámbito da entidade²⁵, o maior rendemento sostible por m² e a comercialización propia ata o consumidor".

A inclusión / exclusión de socios é segundo os estatutos. Practica o principio de porta aberta e nunca se excluíu a ningún socio nin se lle negou a entrada a ninguén. As potencialidades dos recursos "serven para incluir, non para excluir", toma en consideración as necesidades da parroquia e aborda programas para a ocupación anual dos socios, "pero non temos recursos suficientes". O capital é recuperable á xubilación, ou parcialmente á marcha da cooperativa; pero non en calquera momento. Neste momento non recibe subvencións. Utiliza un crédito bancario a medio prazo para o financiamento de novos investimentos. Destina recursos á formación e hai interese na formación. A disciplina da organización é aceptada polos traballadores. Ten obxectivos sobre o emprego: "tódolos socios empregados durante tódolos días do ano cantificado nun proxecto".

O título de acceso ó recurso (a Autorización Administrativa) non é satisfactorio, primeiro, porque é sobre unha extensión moito menor cá correspondente ó litoral da parroquia; segundo, porque considera que o título de acceso correcto para o cultivo mariño que exercitan é a Concesión: mellor acceso ó mercado, máis non afecta tanto á desvalorización das areas aportadas ó substrato, máis os inmobilizados inmateriais, máis as posibilidades de diversificación da actividade.

Pareceríalle ben o pagamento do canon de ocupación, e a contía que lles parece sería de 15 pts/m² para a concesión e 5 a 10 pts/m² para a Autorización.

PARTE III. VALORACIÓN.

12.A. Nota sobre a apreciación da política da Consellería de Pesca no eido do marisqueo na franxa intermareal.

O cuestionario incluía unha serie de cuestiós sobre a opinión sobre a política da Consellería de Pesca para a Franxa intermareal, tirada textualmente do

25.- A parroquia de Abanqueiro ten a maior parte do seu litoral en situación de adxudicación por Autorización Administrativa á Confraría de Rianxo e á Confraría de Cabo de Cruz; Rianxo con 400.000 m² e Cabo de Cruz con 2.344.000 m², de tal forma que os de Rianxo e Cabo de Cruz poden ir pescar e extraer ás súas costas, mentres que os naturais de Abanqueiro non. Esta situación é completamente fóra de tradición, disonante cos criterios xerais das Autorizaciós en Galicia, e ten a súa orixe nos límites borrosos do ámbito territorial das confrarías nos anos 70 nos que se adxudicaron as autorizaciós. Tamén ten que ver coa ausencia de personalidade xurídica das parroquias, que en moitos casos seguen a ser unidades básicas da vida social.

discurso do Director Xeral de Marisqueo e Acuicultura no 1º Congreso de Mariscadores de Galicia²⁶. Foi traducido a 31 ítems e un diagnóstico que presento no Apéndice 1.

A primeira cuestión reférese ó grao de implementación da política enunciada, que se recolle no Cadro 15. No Cadro 16 preséntase unha avaliación desta

| OPINIÓN SOBRE A IMPLEMENTACIÓN DA POLÍTICA DA CONSELLERÍA DE PESCA PARA O MARISQUEO DA FRANXA INTERMAREAL POR PARTE DAS ENTIDADES EMPRESARIAIS-REPRESENTATIVAS, PARA 31 ÍTEMOS. | | | | | |
|---|---------|-------------|--------------|-------|--------------|
| ENTIDADE | FÍXOS E | NON SE FIXO | FÍXOSE POUCO | NS/NC | TOTAL ÍTEMOS |
| OPP-38 | 13 | 13 | 4 | 1 | 31 |
| AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DE MOAÑA. | 16 | 9 | 5 | 1 | 31 |
| COOPERATIVA RÍA DE AROUSA | 8 | 16 | 4 | 3 | 31 |
| OPP-20 | 13 | 12 | 5 | 1 | 31 |
| CARRIL. CONFRARÍA. | 6 | 14 | 3 | 8 | 31 |
| CARRIL. AGRUPACIÓN. | 7 | 12 | 9 | 3 | 31 |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97.

| AVALIACIÓN DA POLÍTICA DA CONSELLERÍA DE PESCA PARA O MARISQUEO NA FRANXA INTERMAREAL EN 31 ÍTEMOS. | | | | | | | | | | |
|---|---------------------------|-----|---------|-------|-------|-------------------------------------|-----|---------|-------|-------|
| ENTIDADE | AVALIACIÓN DO QUE SE FIXO | | | | | AVALIACIÓN DA CORRECCIÓN DA ANÁLISE | | | | |
| | BEN | MAL | REGULAR | NS/NC | TOTAL | BEN | MAL | REGULAR | NS/NC | TOTAL |
| OPP-38 | 11 | 10 | 9 | 1 | 31 | 30 | - | - | 1 | 31 |
| MOAÑA | 14 | 6 | 7 | 4 | 31 | 26 | - | 2 | 5 | 31 |
| COOP RÍA DE AROUSA | 6 | 19 | 3 | 3 | 31 | 22 | 5 | - | 4 | 31 |
| OPP-20 | 14 | 14 | 3 | - | 31 | 28 | 2 | - | 1 | 31 |
| CARRIL. CONFRARÍA | 3 | 11 | 3 | 14 | 31 | 12 | 2 | 4 | 13 | 31 |
| CARRIL. AGRUPACIÓN | 3 | 22 | 3 | 3 | 31 | 15 | 8 | 5 | 3 | 31 |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97.

26.- Ernesto PENAS LADO, "Directrices da política marisqueira da Xunta de Galicia", en Varios autores, *1º Congreso Galego de Marisqueo. Ponencias e debates. Santiago, 24 e 25 de outubro de 1991*, Xunta de Galicia, 1992; páxs. 11-15.

política en dous aspectos: primeiro, a avaliación da corrección da análise ou formulación das liñas de actuación; segundo, avalíanse as medidas adoptadas e as actuacións realizadas.

Entre as respostas cualitativas destacadas podemos sinalar: para Moaña, as axudas á maquinaria e á tecnoloxía non se fixeron porque "as entidades non as piden"; "as entidades non teñen fondos" (parece, pois, que para o éxito dunha política, cando menos neste aspecto, é necesario antes reclamar das entidades capacidade de xestión e de capitalización); para a Cooperativa Ría de Arousa "os Permex deben establecerse só para as zonas de libre marisqueo", mentres que as entidades adxudicatarias de Autorizacións ou Concesións "deben ser elas quen de decidir a entrada"²⁷. Tampouco está de acordo cos subsidios ás entidades para a vixianza organizada por elas: "deben ser as entidades as que asuman responsabilidades e corran os gastos, non seren tuteladas e subsidiadas"; "os plans de explotación valorámolos ben: aflora un recurso; pero tamén mal: son demasiado restrictivos". Para a OPP-20, na expedición de Permex "As normas da Administración son impertinentes"; "para Galicia houbo moi bo labor de formación; pero non tanto para a OPP-20"; tamén considera "negativo que non se fixeran tantas hatcheries como fan falta". Para a Confraría de Carril os plans de explotación "iso está moi mal nalgúns casos: non se cumplen os plans de explotación"; "As Concesións deberíanse dar só sobre zonas improductivas"; "A Lei de Pesca non foi consensuada. Non é moi boa para Carril: o período de concesión é moi breve"; "O Decreto de Regulación dos parques de Carril é insuficiente, bastante mal". Para a Agrupación de Productores de Cultivo de Carril as opinións son más complexas e elaboradas, e recollémolas máis sistematicamente máis adiante.

Como se pode ver no Cadro 16, hai moita identificación cos ítems enunciados da política, moita más ca coa súa realization (non parece haber moito entusiasmo coa realization). Pero, en primeiro lugar, identificanse moito más (practicamente ó 100%) as entidades menos organizadas e más precarias; e esta identificación prodúcese tamén coa avaliación claramente más favorable da política implementada. En segundo lugar non tódolos ítems teñen a mesma importancia, ademais de que resulta difícil non estar de acordo con moitos dos puntos dun enunciado (por exemplo, regular legalmente, pula-la formación, organiza-la vixianza, control da contaminación, recuperación de zonas improductivas ou transitar cara ó cultivo...). Por iso, parémonos a examinar o contido das discrepancias:

Os 5 ítems nos que a Cooperativa Ría de Arousa está en desacordo coa análise da Consellería son:

27.- É necesario aquí aclarar que para Abanqueiro e mais para a OPP-20 a oposición ós Permex e o reclamo de dereito das entidades para decidir o número de mariscadores sostible débese á oposición á política de exclusión de mariscadoras ("que os recursos sirvan para incluir, non para excluir"), mentres que para Moaña e outras, os Permex son un expediente "discreto" de exclusión.

- 1º A filosofía relativa ó requerimento de Permiso de Explotación para exercela actividade acuícola-marisqueira prexudica ás entidades que exercen o marisqueo acuícola, que deben ser elas quen establezan os criterios. Sería admisible a penas para as zonas de libre marisqueo.
- 2º A filosofía relativa á corrección de lagoas legais ten criterios tuteladores do sector, buscando a dependencia da Administración en lugar dun estilo lexislativo que favoreza o seu desenvolvemento e autonomía.
- 3º A filosofía da aplicación da normativa é considerada negativa²⁸.
- 4º A filosofía de "establecer de acordo co propio sector o número de mariscadores admisibles por zonas, segundo a súa capacidade productiva" parte de que a capacidade productiva do recurso é un dato. Sen embargo, a potencialidade productiva do recurso é inmensa, e permitiría a actividade productiva de moita máis xente da que hoxe o fai, con pouco que se mellorara a súa produción, organización e cultivo. O énfase na limitación do acceso favorece máis ben a reproducción da xestión precaria.
- 5º Respecto ás liñas de axuda á vixianza polas entidades considérase que cada entidade debe facerse cargo das súas e a Administración da vixianza pública.

Os 2 ítems nos que a OPP-20 está en desacordo coa filosofía da política da Consellería de Pesca son:

1. Respecto dos carnets (normas da Administración pouco pertinentes)
2. Cotización ó ISM: hai escasez de recursos.

Os dous ítems nos que a Confraría de Carril está en desacordo co enunciado da política son:

1. A Lei de Pesca non é moi boa para Carril: o período de concesións é moi breve.

28.- Anotemos que a Cooperativa Ría de Arousa sufriu moitos atropelos, arbitrariedades e comportamentos vengativos por parte da Consellería de Pesca, por outro lado bastante inexplicables, buscando os recovecos máis peregrinos da lexislación. Por outro lado, os artigos más avanzados da Lei de Pesca e doutras lexislacións aplicables parecen remanecer no esquecemento. Ademais, gran parte da actividade lexislativa ten por resultado impedir o desenvolvemento empresarial das opcións do estilo da Cooperativa Ría de Arousa (lexislación sobre primeira venda, privilexios á organización das Confrarías...). Ademais, a lexislación da Consellería de Pesca está claramente orientada a unha lexislación reguladora de bancos naturais, e case imposibilita o cultivo mariño.

2. O Decreto de regulación administrativa dos parques de Carril é insuficiente e "bastante mal".

Para a Agrupación de Productores de Parques de Cultivo de Carril as diferencias de análise coa Consellería de Pesca son moi profundas:

1. A limitación do número de mariscadores: "Non. Hai que enfocalo doutra forma: todo o mundo ten dereito de elixi-la súa profesión". A expedición de Permex "Non foi serio. Tan pouco serio como se fixo o proceso de revisión de Carril: un decreto que non fai cumplir nin é capaz de regular: déronlle Permex a persoas que non deben telo. Existen agravios comparativos tremendos. Como non se toma con seriedade nin responsabilidade, non o vexo ben". "A Xunta desprazou o problema, non o regulou, non o erradicou".
2. Na corrección de lagoas legais, "a Consellería de Pesca non coñece o terreno que pisa para poder tomar determinacións que sexan efectivas. Non toma como referencia a experiencia dos afectados nin os respecta. Proba diso é que os bancos naturais que tomou baixo a súa regulación e vixiancia o que fixo foi destruílos: onde antes ían os furtivos e os aproveitaban (os furtivos vivían das zonas menos vixiadas), removían o substrato e agora non: algunhas zonas se converteron en zonas de fango e improductivas, cubertas de algas, esterco, lodo que atafegan o marisco".
3. A aplicación da normativa "intentouse, pero é inviable se non se afronta o problema dende a base".
4. "Establecer de acordo co sector o número de mariscadores admisibles por zonas, segundo a súa capacidade productiva", e resposta é que "iso se autoregularía el só, porque o mariscador se arreglaría sen ter que ser ilegal".
5. A formación "Non se fixo. Mal que non se fixera. Pero antes teríanse que formar os técnicos da Consellería, cousa á que están pouco dispostos". "Carril ten moito que lle aprender a Galicia en como se cultiva". A entidade "solicitou da Consellería de Pesca cursos de formación que non lle concederon".
6. A cotización ó ISM é "un problema difícil. Debería facerse, pero é insuficiente a xubilación para vivir e ten que seguir a traballar..."
7. A regulación das tempadas de extracción polas entidades "Non me gusta. Discrepo. Estou máis de acordo coa política de antes, que sexa a Admi-

nistración quen o decida: agora hai incidentes, problemas de competencias..."

8. Respecto da evolución ó semicultivo ou cultivo extensivo, "non precisan cultivo, só precisan que se traballe ben". As mariscadoras a pé "non saben cavar. Estamos dispostos a aprenderelles en Carril". Non se fixo a limpeza de augas e lodos, nin o removimento do substrato (mesmo se deteriorou este proceso, como consecuencia da eliminación dos furtivos que removían os fondos), a sementeira "non era necesaria. Si os translados de onde había exceso de cría ou de densidade" para onde pode medrar mellor. "Fíxose algo nalgúns sitios. Mal que se faga. O Rial era unha zona de fixación natural de ameixa fina excelente".
9. A revisión anual do convenio segundo o seu uso "non se fixo. Vería ben que se fixese".
10. As hatcheries "Algunha si se fixo, en Arousa. Non funcionou". "Antes de face-las hatcheries hai que face-los técnicos. Non se sabe face-las hatcheries"; "seméase semente orixinaria de fóra da península".
11. A recuperación de zonas improductivas "Carril é o exemplo: sen axudas nin aporte da Consellería". O plan de recuperación "Non se levou a cabo. Mal que non se fixera"; "Pero este problema os desborda: cando non son capaces de recuperar un banco de fixación natural, difficilmente serán capaces de facer un banco natural novo".
12. O cumprimento da normativa "Non se fixo. Deberíase ter feito. Pero unha lei que non se pode cumplir non é unha boa lei nin unha norma que non se pode cumplir é unha boa norma".
13. Respecto da erradicación do furtivismo, o tipo de diferencia de punto de vista está en 3 eixos, un, en atacar as causas do furtivismo, como por exemplo "Nos tiñamos presentado un proxecto de preengorde. Alí habían xa liñas como comprar o exceso de biomasa, ou de individuos sostibles alí onde a houbera, para cultivar en Carril" "se en Carril houbesse unha alternativa para comprar semente, non habería furtivismo". Dous, en documentar mellor a misión do servicio de inspección e vixianza: "tal como o fixeron, mal. Non enfocaron o problema pola base antes de exercer unha vixianza sobre unha zona na que non sabían sequera se era bo ou malo"; tres, en canto ás liñas de axuda ás Confrarías para a vixianza "Mal: os vixiantes que contratan as Confrarías non son os adecuados". Non teñen formación, non saben resolver correctamente as situacóns...

14. A rede de control da calidade das augas, tendo tido un compromiso da Consellería para a análise diaria das augas de Carril "Non se fixo, ou a nós nunca se nos pasou un informe".
15. A Lei de Pesca é "unha bestiada. É agresiva con Carril e lesioná os intereses dos parquistas de Carril. Debeuse ter consensuado cos parquistas".
16. O Decreto de Regulación Administrativa dos Parques de Carril "Hai un decreto ó que lle damos distintas interpretacións" elaborouse recollendo as aspiracións de Carril, pero ó cambia-la Administración da Consellería de Pesca "moi mal que os que viñeron non asuman as responsabilidades e compromisos dos que se fóreron". O Decreto fixose e parécelles ben, "pero a súa aplicación non é a correcta".

A exposición dunha política non debe ser xulgada só polo pedazo do proxecto que se expresa, senón sobre todo polo que non se expresa ou se oculta ou se omite. No Cadro 17 podemos recoller a "filosofía" que a informa, e este cadro presenta un grao de desacordo con esa concepción moi intenso. Só a Agrupación de Mariscadores de Moaña (que reproduce as condicións dunha paupérrima xestión do recurso) parece estar de acordo con esa concepción das liñas de actuación.

| CADRO 17. GRAO DE CONCORDANCIA CO DIAGNÓSTICO DA CONSELLERÍA DE PESCA SOBRE O MARISQUEO-ACUÍCOLA NA FRANXA INTERMAREAL. | |
|---|---|
| CONSELLERÍA DE PESCA: | "TEMOS UNHA REALIDADE DE PARTIDA:ELEVADO NÚMERO DE MARISCADORES, O QUE FAI IMPENSABLE O IMPLANTAR EN GALICIA MODELOS DE EXPLOTACIÓN CAPITAL-INTENSIVOS QUE SERÁN MOI COMPETITIVOS, PERO QUE DEIXARIÁN A MOITOS FÓRA DA ACTIVIDADE MARISQUEIRA" |
| OPP-38 | SON PARTIDARIO DE INVESTIR PARA AUMENTA-LA PRODUCCIÓN (OS MARISCADORES DEBEN APORTAR CAPITAL, E DÉBENSE BUSCAR OUTRAS FONTES DE ACUMULACIÓN) |
| MOAÑA | "AÍNDA SOMOS MOITAS PARA O QUE HAI" |
| COOP RÍA DE AROUSA | DESACORDO |
| OPP-20 | PRETENDEMOS DEMOSTRAR TODO O CONTRARIO |
| CARRIL. CONFRARÍA. | NON: HAI MOITAS ZONAS IMPRODUCTIVAS. HABERÍA QUE PERMITIR RECUPERALARAS. |
| CARRIL. AGRUPACIÓN. | "UNHA MULTINACIONAL ADXUDICATARIA... DEIXARÍA Á XENTE FÓRA. OS MARIÑEIROS TEÑEN POUCA FORMACIÓN ACADÉMICA E POUCA CAPACIDADE ORGANIZATIVA: ESTARÍAN EN DESAVANTAXE NAS LICITACIÓNNS" "A DIAGNOSE PARÉCEME BEN: ESTÁ PENSADO EN QUE DEIXARÍAMOS SEN TRABALLO A MOITA XENTE" |

Fonte: Cuestionario do estudio "Estructuras de base empresarial para o marisqueo acuícola na franxa intermareal", Federación de Cooperativas Sinerxía, 1996-97.

12.B. Nota sobre o Plan-10 e o Plan Galicia.

Engadamos aquí unhas liñas sobre o Plan 10 e o Plan Galicia, que consiste nun conxunto de programas e proxectos que teñen por obxectivo a racionalización da xestión dos recursos nas praías. En principio, trataríase, segundo a documentación, de transitar "dende a modalidade individualista e extractiva actual para os métodos de cultivo cooperativos e a programación económica empresarial"; sen embargo, na súa implementación respéctase (e mesmo se defende) o modo básico actual de organización productiva do sector en Confrarías. O conxunto de programas son, más ou menos (xa que os obxectivos non están claramente establecidos nin cantificados): a) Unha colaboración estratégica entre as Agrupacións de Mariscadoras e as entidades de investigación pública; b) Un programa de formación dirixido ás mariscadoras; c) uns programas de subvención ó 100% dos custos da semente, equipos e instalacións. A finalidade última é a introducción de prácticas e rotinas de semicultivo, e dende aquí, impulsar o cambio organizativo.

Ata agora ningúén se atreveu a xulga-los resultados do Plan-10 (inicialmente dirixido a 10 praías) nin do Plan Galicia (que extende os programas a tódalas agrupacións de mariscadoras). Tampouco o farei eu. Pero cando menos permítaseme facer algunas observacións:

1. O cambio na xestión dos recursos (fundado nos plans de explotación) foi recoñecido por Pardellas e Fernández Cortés (1997, pág. 231) como o cambio máis significativo, pero que non realizou o seu potencial "a causa da feble consolidación das estructuras organizativas, que non son aínda capaces de asumir con razonable eficacia o proceso de transformación das vellas confrarías de pescadores en entidades empresariais, competitivas coas do contorno internacional veciño"²⁹
2. Pardellas e Fernández Cortés, no mesmo estudio, non consideran que haxa problemas na produción: "os retos do futuro non implicarán cambios maiores na esfera da produción, onde a xestión de recursos

29.- Os autores atopan a causa desta "non transformación" das confrarías en entidades empresariais na "endémica falta dunha actitude empresarial na maioría dos mariñeiros galegos de baixura" (pág. 231). Non podo concordar con esta hipótese: este estilo de hipótese foi polo demais moi discutida, resolta e rechazada pola metodoloxía científica, ademais de ter sido rechazada tamén pola realidade social sistematicamente. A causa haberá que buscalo noutros lugares, e estes lugares non poden ser senón dous: a) que as confrarías non poden ser transformadas en entidades empresariais; e b) que a estrutura social e a política da Administración Pública están a combater sistematicamente tódalas opcións empresariais que aparecen. Con efecto: ¿como, no actual estado das cousas, pode realizar as súas actitudes empresariais unha mariscadora? ¿enfrentándose á Administración (que expende con moi pouca limpeza xurídica os títulos habilitantes), á Confraría-Agrupación (que lle fai sentir o férreo peso da dirixencia)... sen garantías xurídicas e con moi baixa posibilidade de éxito?.

pode ser considerada razoablemente eficaz". Tampouco podo concordar con esta hipótese: habería que lle preguntar ós autores onde é que eles atoparon esa razoable eficacia na xestión productiva dos recursos. Todo este estudio sostén que os retos do futuro, tanto no marisqueo intermareal como no inframareal, son retos de producción acuícola, é dicir: de organización da producción e da reproducción.

3. É certo que hai que "prestar maior atención á consolidación do mercado do marisco" e mais que "isto implica organizacións productivas con nidia actuación empresarial e mais unha maior colaboración entre as dúas principais esferas da actividade, a productiva e maila comercializadora. Este si será o gran reto dos anos vindeiros" (Pardellas e Fernández Cortés, 1997, páx. 232). Pero isto quere unha reorientación profunda da política da Administración e sobre todo das condicións xurídicas de acceso ó recurso e a lexislación sobre venda.
4. A organización do semicultivo e da comercialización quere organizacións empresariais, onde os capitais aportados poidan ser recuperables polos socios, onde os dereitos e garantías xurídicas das empresas e socios sexan claros e ben establecidos, e onde a organización teña primacía sobre os individuos nas decisións, e estes teñan garantías xurídicas, sociais e laborais. Iniciativas do estilo do Plan-10 e do Plan Galicia teñen os seus límites moi próximos se non empezan pola transformación das organizacións (transformacións xurídicas, empresariais, sociais e productivas) antes ca pola orientación. Xa se ten experiencia de abondo sobre a forma na que as Confrarías xestionan axudas, orientacións e alianzas estratéxicas. Por dicilo doutro modo: a moeda, na Confraría, é o voto e o respaldo político. Pero a moeda, na organización da producción, terá que ser a moeda contante e soante: os socios terán que aportar capital e reclamar ingresos das súas organizacións, e non entregar votos (votos ós dirixentes das Agrupacións e votos ás opcións políticas gobernamentais) e esperar, en correspondencia, apoio discrecional e subvencións.

As esperanzas postas en obxectivos e programas a realizar sen cambios xurídico-organizativos foron sistematicamente demasiado frustrantes. Por iso, o Plan-10 e o Plan Galicia terán seguramente uns resultados más decepcionantes dos que en principio poida parecer, e ten os seus límites postos na pouca capacidade empresarial das confrarías.

12.C. Nota sobre os Permex e a situación xurídica das socias nas Agrupacións de Mariscadoras.

Os criterios dos PERMEX.

Para exerce-lo marisqueo (ou a acuicultura do marisco) é necesario contar, en primeiro lugar, co Permiso de Explotación (Permex), que expide a Consellería de Pesca. Das condicións establecidas na Lei de Pesca de Galicia (Capítulo cuarto; artículos 28 ó 42), quero destacar as que seguen, moi especialmente para o marisqueo "a pé":

- 1.º O Permex é individual e intransferible; non para entidades xurídicas -e polo tanto para o seu cadro de persoal en conxunto- excepto para as embarcacións.

Ben creo que debería deixá-la posibilidade de administrar Permex ás persoas xurídicas que organicen a acuicultura do marisco, de forma similar a como se lle administran ás embarcacións, suxeito, naturalmente, a que esa persoa xurídica respecte o principio de porta aberta e outros principios moi consensuados e democráticos, como son: o dereito ó recurso debe ser da poboación da beiramar; a persoa xurídica debe garantizar os ingresos axeitados ós seus cadros de persoal (e / ou ós seus colectivos sociais de socios)...

O principio de porta aberta, un principio moi fundamental neste proceso, e tamén moi moderno para a organización do traballo na acuicultura, está xuridicamente moi ben establecido nas cooperativas, que deben observar o seu 1º principio "porta aberta": toda persoa que queira formar parte dunha cooperativa debe, en principio, ser admitida como socio. A cooperativa pode, excepcionalmente, negar a entrada por algúna razón satisfactoria, e o potencial socio pode mesmo recorrer esta decisión negativa da cooperativa perante os tribunais de xustiza.

A administración de Permex a título individual pon a preeminencia da xestión do recurso nos individuos, e non nas organizacións.

- 2.º O Permex é expedido con validez para un ano, renovable ano por ano a pedimento do interesado.

Esta circunstancia causa unha gran inestabilidade, fraxilidade e dependencia profesional: fai crer ás mariscadoras que a continuidade da súa "profesión" depende do anovamento, cada ano, do Permex. É dicir: dunha total dependencia da Consellería de Pesca.

Ademais, como os Permex tramítanse e infórmanse a través das Confrarías e das Agrupacións, esta condición anual do Permex sitúa ás mariscadoras nunha dependencia absoluta respecto ós/ás dirixentes das Confrarías / Agrupacións. É dicir: carecen, con respecto a eles, dos máis

mínimos dereitos. Ademais, a iniciativa de anovar debe partir da mariscadora, o que representa unha fonte máis de dependencia.

É moi frecuente o adagio "imos facer todo o que nos diga a nosa presidenta porque se non non nos dá o Permex o ano que vén", representativo dunhas prácticas moi arraizadas. O requerimento de duración anual do Permex é unha fonte moi fundamental de precariedade laboral e profesional, de negación de dereitos e de lexitimación arbitraria dunha estrutura de poder e dependencia: priva na práctica de voz e voto ós membros das agrupacións.

Podemos contrastar esta situación con outra de, por exemplo, ter condición de socio dunha cooperativa de cultivo do marisco: as situacións de baixa da cooperativa están fundadas en causas obxectivas e son recorribles perante os tribunais.

- 3.º O incumprimento das condicións do Permex pode acarretar a suspensión temporal ou a retirada definitiva.

O problema aquí non é tanto a posibilidade de sanción, senón as vías de interpretación do "incumprimento": ¿Cal é o código de incumplimentos, quen o xuíz, quen o defensor, cales os dereitos individuais?.

- 4.º "Unicamente se outrogará o número de permisos de explotación que o aproveitamento racional dos recursos permita".

¿Que se entende por aproveitamento racional? A acuicultura do marisco é máis intensivo en traballo por m² co marisqueo de extracción en banco natural. En "bancos naturais" onde hai, por exemplo, 600 a 1000 mariscadoras ingresando ó ano 150 a 300 mil pesetas, pode haber, con prácticas de acuicultura do marisco, 2000 mariscadoras ingresando 2.500.000 pts/ano. Pero en praias que permiten a utilización de maquinaria, os requirimentos de traballo pódense reducir drásticamente.

Non vexo, polo tanto, demasiados motivos para seguir unha política moi severa de exclusións.

- 5.º Limitarase a complementariedade das explotacións por especies e artes. Isto quere dicir que as formas de alternancia e distribución anual da xornada de traballo na pesca/marisqueo/acuicultura queda entorpecida. Hai, cando menos, un problema: ¿como non alternar cando os ingresos e requirimentos de traballo por unha especie e arte son tan baixos? ¿Como "profesionalizar" a razón de 200.000-300.000 pts/ano?.

É certo que en moitos casos se pode profesionalizar, é dicir, asegurar os ingresos mínimos para unha única especie e arte nunha zona acuícola concreta.

Pero entón o procedemento debe ser o inverso: primeiro, asegurar o ca-

miño e a posibilidade de profesionalizarse; dispois, limitar a accesibilidade de acordo coas posibilidades máximas dos recursos.

6.º "O número de Permisos de Explotación que se poden expedir por zonas será limitado, fixarase regulamentariamente e non poderá supera-lo existente no momento de entrada en vigor desta Lei, agás o disposto no artigo 13 b".

O artigo 13 b) di:

"Para os recursos que se encontren en estado de subpesca poderase autoriza-lo incremento autorizado e gradual do esforzo pesqueiro real neles".

A limitación do máximo ó do ano 1993 parece arbitrario. Pero os recursos marisqueiros de Galicia, de acordo coas posibilidades da tecnoloxía moderna, están case todos en estado de flagrante subpesca.

En lugar de limitar os Permex e buscar como excepción o sub-cultivo, ben podería dárselle a volta á cuestión: esixir dos titulares dos Permex a obtención das potencialidades máximas dos recursos, e de observar o principio de porta aberta suxeito ás limitacións apropiadas.

O mesmo se pode dicir de "Cando a explotación dun banco natural sexa susceptible de mellora significativa": a Administración poderá autoriza-lo aproveitamento exclusivo por entidades colectivas. Pero este é o caso xeral.

7.º Os criterios para limitar os Permex serán: que o marisqueo a pé sexa a principal fonte de ingresos dos titulares, ou ben complementaria doutra principal relacionada coa pesca.

¿Pero como se pode pretender que 150.000 ou 300.000 pts ó ano sexan a principal fonte de ingresos dun profesional?

Se se tiveran perspectivas de aumento dos rendementos por persoa, poderíase aceptar esta situación como transitoria ata que se arranxara a situación. Pero dende 1993, data da Lei de Pesca, ata hoxe, pasaron catro anos e non se enxergan expectativas de mellora.

Entón ¿Que se pide para profesionalizar o sector? ¿que 16000 / 10.000 mariscadoras acepten un período indefinido de ingresos baixísimos en tanto non se licencian varios millerios de mariscadores?. E isto, sen garantías de nada á final.

Esta política de "selección de persoal" non garanteza que se seleccionen ós mellores, nin que se vaia aumentar a produción. Polo contrario, más ben parece destinada á reproducción da marxinalidade, tanto dos colectivos sociais de acuicultores-mariscadores como da actividade acuícola-marisqueira en si.

A mesma política de Plans de Explotación non está a dar, máis ca moi excepcionalmente, os resultados apetecidos.

Os números.

Podemos ver nos cadros 18, 19, 20 e 21 os resultados desta "política de selección" ou "política de exclusión", segundo se lle queira chamar. Pódese ver que, en total, houbo unha exclusión de 6000 PERMEX en catro anos, o que representa en 1995 un 61% dos Permex de 1990. Esta reducción é case xeneralizada, coas excepcións de Noia e O Grove, e moi brusca nas zonas "máis organizadas". Sen embargo, estas reduccións non se manifestaron sensiblemente nos volumes de produción. De aí o grave risco de que a política de exclusións teña a orientación de acaparación do recurso antes ca de racionalizalo.

No Cadro 21 pódese ver unha apreciación da estructura de idades das mariscadoras a pé (é unha inferencia dende unha mostra aleatoria). O marisqueo a pé está demasiado avellentado, e iso ten moito que ver coa política de Permex, que discrimina á xuventude. A ver como se poden anova-las prácticas acuícolas cunha selección de persoal que discrimina tanto á xuventude.

Cadro 18. Evolución do número de Permex a pé, 1990/91 a 1995.

| | 1990/1991 (1) | 1995 (2) | | |
|------------------------------|---------------|----------|----------|-------------------------------|
| | PERMEX | PERMEX | % S/1990 | Nº REAL DE MARISCADORES A PE. |
| COSTA DE LUGO | 546 | 263 | 48% | 216 |
| COSTA NORTE DE A CORUÑA | 765 | 507 | 66% | 547 |
| MARES DE A CORUÑA E O FERROL | 3.117 | 1.035 | 33% | 1.213 |
| COSTA DA MORTE | 898 | 610 | 68% | 680 |
| MAR DE NOIA | 1.124 | 1.310 | 117% | 2.090 |
| MAR DE AROUSA | 5.094 | 2.473 | 48% | 3.770 |
| MAR DE PONTEVEDRA | 932 | 846 | 91% | 845 |
| MAR DE VIGO | 3.879 | 3.052 | 79% | 4.089 |
| TOTAL | 16.355 | 10.096 | 61% | 13.450 |

1.- Fonte: CIPEM. 2.- Fonte: A. CERVIÑO e outros, "La produción de moluscos en la zona intermareal", documento presentado ó Plan 10, en 1996, mimeografiado. Este último ten por información primaria unha enquisa realizada polos autores ás Confrarías.

Cadro 19. Confraría onde aumentou o número de PERMEX.

| | 1990/91 | 1995 (permex e nº real de mariscadoras) | | |
|---------|----------------|--|------|-------|
| NOIA | 597 | 1.045 | 175% | 1.700 |
| O GROVE | 716 | 822 | 115% | 950 |

Fonte: idem Cadro 1.

Cadro 20. Evolución do número de Permex a pé na OPP-38, Mar de Vigo.

| | 89/90 (1) | 90/91 (1) | 91/92 (1) | 1995 (2) | | |
|-----------|------------------|------------------|------------------|-----------------|-----------|-------------------------------|
| | permex | permex | permex | permex | % s/89/90 | nº real de mariscadoras a pé. |
| MOAÑA | 1.008 | 1.058 | 878 | 605 | 60% | 605 |
| VILABOA | 377 | 371 | 281 | 237 | 63% | 237 |
| ARCADE | 1.094 | 1.057 | 902 | 497 | 45% | 505 |
| REDONDELA | 844 | 751 | 707 | 508 | 60% | 525 |
| TOTAL | 3.323 | 3.237 | 2.768 | 1.847 | 56% | 1.872 |

Fonte: (1).- CIPEM. (2).- CERVIÑO E OUTROS, "La producción de moluscos en la zona intermareal", ponencia presentada á documentación do Plan 10, 1996, Mimeografiado. Esta ponencia utiliza como información primaria unha enquisa dirixida ás Confraría.

Cadro 21. Estructura de idades das mariscadoras a pé na provincia de Pontevedra.

| | |
|------------------|-------|
| menos de 20 anos | 3.2% |
| 20 a 29 anos | 14,6% |
| 30 a 39 anos | 17,5% |
| 40 a 49 anos | 27,5% |
| 50 a 59 anos | 25,5% |
| 60 a 65 anos | 9,5% |
| máis de 65 anos | 2% |

Fonte: Xosé Luís Sequeiros (dir.), *A despensa de area*, Xerais, Vigo, 1995

A próxima exclusión.

Nalgunhas Agrupacións estase a formular unha próxima intensificación da exclusión de mariscadoras vía obriga das cotizacions á SS (ISM). Con isto a actividade marisqueira xa non permitirá "levar prá casa" diñeiro a moitas mariscadoras que están a ingresar cantidades órredor de 20.000 ptas/mes, sobre todo se teñen outro acceso ás pensiós. De novo, reclámase o pago ó ISM antes de racionalizar a produción do marisco.

A alternativa.

A alternativa a esta política penso que sería asignar as autorizacións / concesions do dominio público intermareal ás entidades colectivas con garantías e compromisos de organizar axeitadamente a acuicultura do marisco e obrigar a estas entidades a observar o principio de porta aberta para todo o colectivo da parroquia ribeirán que xustifique certos criterios admitidos.

Estas entidades terían que respectar tamén os principios de garantía xurídica dos seus socios / cadros de persoal: unha organización como as actuais Agrupacións de Mariscadoras non poden ser democráticas en canto os seus membros están privados de garantías xurídicas e carecen de dereitos. Estes dereitos terían como mínimo que consistir en:

- a) Afianzar os dereitos laboral-profesionais das mariscadoras.
- b) Racionalizar os recursos, de forma que os ingresos das mariscadoras sexan como mínimo os do salario mínimo interprofesional.
- c) Reclamar, entón, a plena legalidade laboral, fiscal e profesional.

13. Identificación dos elementos de insatisfacción dos protagonistas.

13.1. Rendementos: maior autosatisfacción canto menores logros.

A primeira característica que presenta é a relación inversa entre os resultados da organización e a satisfacción que produce nos seus dirixentes: as entidades con más pobres resultados parecen producir más autosatisfacción nos seus dirixentes, mentres que os dirixentes das que consiguen rendimentos más altos teñen más fontes de insatisfacción e unha insatisfacción más intensa.

Isto non é inusual e ten unha explicación sociolóxica. Vexamos, por exemplo, que Xosé Durán, ex-xerente da OPP-38, sinalaba que os dirixentes, especialmente os Patróns Maiores das Confrarías, opoñíanse ás actividades de formación profesional das/os mariscadoras/es, a pesar de que estes últimos tiñan moito interese na formación. A oposición destes patróns maiores ¿a que se debe?. Claramente a un tipo de razóns: a formación, a autonomía e a capacitação da "base" ten efectos adversos sobre un estilo de consolidación das "oligar-

quiás locais", isto é: se se realizase unha ampla tarefa de formación, as mariscadoras e mariscadores adquirirían: a) riqueza de relacóns, o que debilitaría as súas dependencias da "oligarquía local"³⁰; b) integrarían nun proceso que a "oligarquía local" non domina (a formación é impartida por instancias externas e independentes da "oligarquía local", moitas veces rebasa a capacidade desta). c) As tornaría más capaces e autónomas para desenvolveren prácticas e fixárense obxectivos, o que non sempre é consonte coa reproducción das estruturas de poder; d) Conduce a cambios, e a nova situación máis ben podería despertar temor a que se puxera de manifesto, alí onde fose certo, a pouca capacidade de dirección das "oligarquías locais", etc.

Podémonos preguntar por que as "oligarquías locais" (p.ex., nalgúns casos, os Cabidos das Confrarías, a "tecnoestructura/burocracia" de funcionarios...) se adherirían tan tenazmente ás súas posicóns de poder. É cuestión de examinar as "pequenas" e "grandes" recompensas que esta posición reporta; pero aquí non afondaremos neste.

Si podemos dicir o seguinte: se as "oligarquías locais", normalmente establecidas nos Cabidos das Confrarías, pero moitas veces fóra, opónense sistematicamente e con éxito ó desenvolvemento económico-empresarial e social do sector, e se se topan tan autosatisfeitos nas súas posicóns de poder e mais co funcionamento das entidades que dirixen... unha condición necesaria para o desenvolvemento do sector é a transformación das "oligarquías locais".

A Cooperativa Ría de Arousa é unha das que máis insatisfacciós se localizaron, precisamente a que consigue moito maior rendemento por metro cadrado entre as entidades colectivas, e entre as de maior rendemento de todas, aínda que rendementos baixos por mariscador-acuicultor (debido ós moi escasos 100 m² por persoa). As fontes de insatisfacción están moi xustificadas: unha superficie en explotación moi pequena, moi inferior á que lle corresponde á parroquia; o impedimento legal ó desenvolvemento comercial, e o permanente acoso das confrarías limítrofes e da Administración Pública, ademais das insatisfacciós provenientes das limitaciós tecnolóxicas, das limitaciós provenientes do tecido empresarial da contorna, da obtención de entrantes...

A Agrupación de Productores de cultivo de Carril tamén presenta moitas insatisfacciós e moi intensas. Está visto en pormenor en que consisten esas insatisfacciós, pero podemos dicir con carácter xeral que as razóns do malestar destas dúas últimas entidades ten dúas causas destacadas: unha, que toda a lexislación marisqueira é unha lexislación establecida para a explotación en banco natural e tremendamente restrictiva para o cultivo marisqueiro-acuícola, ata o punto de situar ó cultivo en situacóns de semi-ilegalidade. A segunda é a práctica administrativa de actuación demasiado parcial a favor das Confrarías,

30.- Véxase a penetrante análise de Xosé GUNDÍN GARCÍA, "Prólogo para unha vontade de desenvolvemento rural", *Cooperativismo e Economía Social*, nº 3, xaneiro-xullo (1991), páxs. 97-104.

a pesar de que a xestión das Confrarías está a ser bastante pobre, mesmo contraproducente, e son vistas -con fundamento- como o principal obstáculo ó cultivo acuícola-marisqueiro das Rías.

As OPP ocupan un lugar intermedio na satisfacción: naceron como entidades superadoras da "organización en Confraría", pero tiveron que adaptarse a esas estructuras por razóns tanto de realidade social como de condicións xurídicas. As insatisfaccións fundamentais proveñen de aspectos lexislativos - lexislación sobre primeira venda, accións administrativas sobre autorización / concesión, requirimentos para os Permex-; de aspectos organizativos -as dúas OPPs teñen base xurídica de Asociación Profesional, o que presenta fortes limitacións para capitalizar, para o funcionamento organizativo (capacidade de actuación da xerencia, espacio de autonomía e lexitimación do seu poder...) e por fin a insatisfacción proveniente das dificultades para organizar, sexa o semicultivo, sexa o cultivo en réxime de acuicultura.

13.2. Autorizacións, Concesións e Libre Marisqueo.

O estado xurídico das autorizacións e das concesións, así coma o das zonas de libre marisqueo é moi caótico, unha fonte recorrente de violencia³¹, unha das principais causas do estado lamentable da explotación dos recursos e das dificultades para o desenvolvemento acuícola comercial.

13.2.1. Os titulares das autorizacións non sempre son quen as explotan (o titular case sempre é unha Confraría, pero explótaos unha OPP; ou é titular un ente sen personalidade xurídica, como unha agrupación de mariscadores, que é unha sección da Confraría ou é titular unha Confraría, pero explótaos unha Agrupación, que é sección dunha Confraría...).

Parecería que isto carece de importancia, pero... ¿como se vai aportar capital a unha entidade sen personalidade xurídica (como unha sección dunha Confraría ou unha división local dunha OPP)? ¿Cómo reclamar dende ela as condicións que se estimen como axeitadas para as súas capacidades e obxectivos? ¿Como tomar unha decisión que entre en conflito co titular xurídico da Autorización?. Por exemplo: unha OPP que teña diferencias sobre un punto cunha Confraría non lle quedará máis remedio ca aceptar a imposición da Confraría, xa que esta é a titular xurídica. Aceptemos que na realidade social as cousas preséntanse doutro modo, pero a realidade xurídica contribúe ó caos moito ó establecer como titular da Autorización unha entidade que moitas veces é diferente da entidade que a explota, moitas veces non ten personalidade xurídica (a

31.- "O más evidente, acaso o más delicado, refírese á definición, á posta en práctica e á administración dun marco de xestión adaptado a diferentes tipos de recursos biolóxicos do mar para velar pola preservación da integridade biolólica das especies"..."Un sistema de xestión, en calquera parte onde estea estreitamente asociado a un plan integrado de xestión de pesquerías, pode contribuir a reduci-las causas eventuais de conflictos entre os diferentes grupos de pescadores, definindo claramente..." OCDE, *Gestión de zonas costeras. Políticas integradas*, Madrid, 1995.

agrupación sectorial), e debe someterse a requisitos doutra (a Confraría) de encadre moito más amplio, e outras veces, ó contrario, é a Confraría a titular, de composición moito más ampla có colectivo que realmente exerce a explotación do recurso.

13.2.2. As máis das veces as Autorizacións Administrativas son unha dada extensión en m² que non ten unha localización xeográfica ou topográfica concreta: non consta que estean situados nin na franxa intermareal nin en zona inframareal. Consta que están dentro dos límites dunha delimitación xeográfica da Confraría, pero en ningún sitio concreto. ¿Como saber cuntos e cales m² de Autorización corresponden á franxa intermareal?. Por exemplo: A Confraría da Illa de Arousa é titular de 1.495.000 m² de Autorización; só a franxa intermareal que lle corresponde anda polos 2.619.800 m²; ¿onde situamos esa autorización? ¿que parte na franxa intermareal e onde?. ¿Enténdese, por consecuencia, que o resto é zona de libre marisqueo?. Os planos que consta ás veces que se unen ó expediente da Autorización nunca foron localizados se é que algunha vez existiron. Fíxose dispois un re-arranxamento "entre partes" de validez administrativa limitada.

Na práctica prodúcese sen embargo unha apropiación de todo o recurso como propio, cando xuridicamente non é así; e defendido mediante a violencia directa e organizada, cando esta pode ser ata entendida como unha práctica delictiva.

13.2.3. Sobre a fórmula de acceso máis axeitada -a Autorización ou a Concesión- hai diferencias de punto de vista. En Moaña topábase satisfactoria a Autorización, porque así se aforraban os pagamentos (de todas formas sobre a autorización pódese igualmente establecer un canon de ocupación, e tanto a Lei de Pesca como os propios decretos de Autorización Administrativa así o establecen). Na realidade a Autorización é alí satisfactoria porque a praia de Moaña está explotada en réxime de banco natural, case totalmente por recrutamento natural, e non se ten perspectiva de evolucionar ó cultivo nin tampouco se ten a perspectiva de superar comercialmente o estadio de primeira venda en lonxa.

Sen embargo as entidades que cultivan ou teñen en perspectiva cultivar topan a Autorización máis inaxeitada: a autorización desvaloriza inmediatamente os capitais aportados, é en precario e -unha condición hoxe adicional, que será tratada separadamente- obriga á primeira venda en subhasta (impide, por consecuencia, o desenvolvemento comercial).

Entendo que a forma correcta de acceso ó recurso para o cultivo marisqueiro-acuícola é o de Concesión Administrativa³². Así é recoñecido na lexislación,

32.- Vid Jacobo IZQUIERDO ALONSO, "Aspectos competenciais e fórmula axeitada dos títulos habilitantes para a explotación acuícola-marisqueira na franxa intermareal". Estudio sen publicar feito para a Federación de Cooperativas Sinerxía.

basicamente, que a Autorización corresponde ó dereito privativo en preario para a explotación dun banco natural³³, mesmo en réxime de semicultivo mariño³⁴; e a Concesión Administrativa corresponde á actividade de acuicultura ou cultivos mariños³⁵.

Se se pretende a transición dende o marisqueo³⁶ hoxe dominante para a acuicultura hoxe tecnicamente posible, é unha necesidade o progresivo axeitamento das condicións xurídicas do dominio do recurso.

É explicable, por consecuencia, que unha das fontes de insatisfacción das entidades que se formulan o cultivo mariño sexa o título habilitante para a xestión do recurso.

13.3. A obriga de primeira venda en lonxa.

A obriga para os produtores -excepto os que acceden ó recurso en réxime de Concesión Administrativa- de faceren a primeira venda en Lonxa e remataran a súa relación co producto nesta 1.^a venda é sentido como unha terrorífica discriminación, e mesmo como unha arbitrariedade xurídica³⁷. Para as entidades que teñen menos aspiracións e desenvolvemento empresarial, sen embargo, esta obriga é para elas unha táboa de salvación. Pero isto xa foi tratado en por menor máis atrás.

33.- O *banco natural* é definido na Lei Galega de Pesca como "lugar ou zona xeográfica onde de forma natural e espontánea se concentran especialmente unha ou varias poboacións, podendo estalos seus individuos en calquera das súas fases de desenvolvemento, e que poidan ser susceptibles de explotación". Disposición Adicional primeira, 10.

34.- O *semicultivo mariño* é definido na Lei Galega de Pesca como "a actividade exercida sobre un banco natural, ou unha parte deste, que por medios técnicos e científicos logra aumenta-la súa produción con relación ó que sería esta no citado banco natural baixo a regulación máis eficiente deste, en condicións naturais". Disposición adicional primeira, 12.

35.- A *acuicultura ou cultivos mariños* é definida na Lei Galega de Pesca como "a actividade que, levada a cabo por medios técnicos e científicos, se realiza para obter e desenvolver especies mariñas nas súas diversas fases de reproducción, desova, crecemento, preengorde e engorde". Disposición adicional primeira, 13.

36.- O marisqueo é definido na Lei Galega de Pesca como "modalidade específica de pesca, consistente na actividade extractiva dirixida á captura de animais invertebrados mariños susceptibles de comercialización para o consumo". Disposición adicional primeira, 7.

37.- "A integración vertical (das organizacións de venda) foi sempre un factor crucial na modernización da industria pesqueira e, áinda que a comercialización do peixe se liberalizou, a influencia das grandes organizacións de venda segue a ser considerable. O feito de que estas organizacións sexan propiedade local propiciou que a información sobre o mercado e as estratexias de modernización teñen tido case sempre en conta consideracións rexionais. Con iso, afortalouse a situación de poder dos pobos" pág. 84. "As habilidades dos pobos pesqueiros islandeses tenderon a buscar las soluciones (...) as organizacións de venda vertical de titularidade local actuaron como un elemento fundamental ó respecto, ó igual có talante emprendedor local; a solución a tódolos problemas consiste en saírem en de por si da mala situación" pág. 88. Oru D. JÓNSSON, "La reconversión de zonas pesqueras en Islandia", en COMISIÓN EUROPEA, *La reconversión de las zonas dependientes de la pesca: objetivos, experiencias, perspectivas*, Luxemburgo, 1996.

13.4. O funcionamento organizativo.

O funcionamento organizativo das OPP tamén conteñen elementos de insatisfacción. Cando se detrae a porcentaxe na lonxa e a lonxa a xestioná a OPP non hai un tipo de problema relativo ós pagamentos; pero cando a lonxa non a xestioná a OPP con frecuencia a entidade local releaba a entrega do diñeiro, sinalando unha limitación potencial moi forte. Tamén a falla de apoio á xerencia. Non estou en condicións de profundizar nesta liña, pero permítome sinalar o interese que podería ter unha análise da cultura organizativa das OPP concretas. Estes estudos, cando son realizados por profesionais, adoitan descubrir moitos rasgos organizativos que non se lle revelan ós participantes da organización.

Outro aspecto revelado como insatisfactorio polos dirixentes é a incapacidade de acumular das entidades, sexan as do tipo "representativo" como as do tipo "Asociación Profesional", ata o punto de que se recoñece a necesidade de cambiar a forma xurídica co fin de permitir e facer interesantes para os socios as aportacións de capital. Isto tamén foi tratado noutro lugar.

En calquera dos casos, as entidades representativas tamén poden propiciar a creación de sociedades que acometan certos procesos e que non presentan as mesmas limitacións, é dicir, a organización da produción e a representatividade son tarefas diferentes que non teñen por que ser desenvolvidas pola mesma entidade.

13.5. Os Permisos de Explotación (Permex).

A forma e criterios para a expedición dos Permisos de Explotación son unha fonte de insatisfacción na OPP-20, na Coop. Ría de Arousa e na Asociación de Parquistas, pero non nas outras entidades. Considérase que acaso os Permex estarian xustificados para as zonas de libre marisqueo, pero para as zonas outorgadas en réxime de Autorización deben ser as propias entidades as que determinen a política de acceso. Este punto, sen embargo, é moi espiñento.

Tería unha solución luminosa, dende un punto de vista social, se a capacidade de decidir o número de mariscadores estivese xestionada como un expediente "que serve para incluír, non para excluír". Pero moito nos tememos que nos máis dos casos o exercicio da capacidade de regulación do persoal / socios polas entidades se executaría en sentido restrictivo e excluidor. Por iso, a facultade de decidir a "base social" da entidade debería estar condicionada no título de acceso (na Concesión / Autorización) de forma que se recolleran cláusulas de interese público, porta aberta clara e limpeza nos procedementos de entrada / saída de socios / traballadores.

13.6. Subvencións á vixianza privada polas entidades interesadas.

A Cooperativa Ría de Arousa manifestouse insatisfeita coas liñas de axudas á vixianza (subvencións ás entidades para manteren vixiantes). Considera que cada entidade debe correr cos custos da organización do recurso. A razón desa

oposición a esas liñas de axuda consistirían en que afortalaban a apropiación do recurso por unhas entidades que se preocupaban bastante pouco por aproveitálos, pero son celosas acaparadoras deles. Neste sentido, esas subvencións non só cargan sobre os presupostos públicos gastos particulares, senón que merma a capacidade de financiamento á vixianza pública, afortalan o dominio do recurso por entidades que o despifarran, colaboran á reproducción da mala xestión e cooperan á formación de corpos privados de seguranza.

Na Agrupación de Cultivadores de Parques de Cultivo de Carril tamén se oponen ás subvencións e ata ás facultades de vixianza polas entidades. A razón aquí é que os vixiantes contratados non reúnen as cualidades e capacitación profesional para a tarefa que se lle encomenda.

As outras entidades están moi a gusto coas liñas de financiamento á vixianza.

13.7. O cobro do canon de ocupación.

O non cobro do canon de ocupación é outro motivo de insatisfacción para a Cooperativa Ría de Arousa, principalmente porque ve nel a posibilidade de que as superficies moi infraexplotadas sexan, ou ben mellor explotadas, ou ben se desinteresen dunha batalla pola posesión do recurso aquelas entidades que teñan que pagar algo por ela cando non lle tiran proveito. Tamén porque o pagamento do canon sitúa en condicións más próximas a un contrato as relacións da entidade coa Administración (se ben a ocupación do dominio público nunca reviste as condicións xurídicas de contrato).

Sequeiros (dir., 1995, pág. 77) sinala que "segundo datos que obran no noso poder, máis dun 60% dos mariscadores verían de bo grao a instauración dun canon".

13.8. Limitacións para a obtención de semente e outros requisimentos.

Unha fonte de insatisfaccións moi clara é as limitacións para a obtención de entrantes: a escasez de semente de ameixa fina foi sinalado como o principal factor limitante para o aumento do rendemento por metro cadrado, e mesmo é unha causa poderosa para o furtivismo e a economía mergullada³⁸. A obtención de area é tamén dificultosa. As insatisfaccións coa calidade da auga foron identificadas máis intensamente en Carril (especialmente coas do río Ulla) e de maneira máis xeral en Moaña. En todas as entidades había algún tipo de insatisfacción con respecto á calidade das augas e o control da contaminación, aínda que eran menos as que tomaron algunha iniciativa ó respecto.

38.- Con efecto: as necesidades de semente son causa de búsqueda furtiva en bancos naturais; de obtención ilegal de semente e polo tanto de ilegalidade en prácticas subsecuentes de cultivo.

Conclusións: recomendacións para o deseño de base empresarial, organizativo e de estruturas productivas.

A primeira nota a destacar é o relativo ós rendementos tremendamente baixos por m² da explotación tradicional do marisqueo, mesmo considerando que as entidades foron seleccionadas máis ben porque conseguían resultados máis altos ou estaban mellor organizadas.

A segunda nota a destacar é que a filosofía de que "hai demasiados mariscadores en Galicia" non parece moi atinada. Sobre todo tal e como foi presentada a exposición dun dos ítems pola D.X. de Marisqueo no 1º Congreso de Marisqueo en 1991, a saber, "temos unha realidade de partida caracterizada por un elevado número de mariscadores, o que fai impensable o implantar en Galicia modelos de explotación capital-intensivos que serán moi competitivos pero que deixarían a moitos fóra da actividade marisqueira".

As perspectivas para o marisqueo intermareal, se se fixera capaz de conectar coa tecnoloxía moderna e cos requisitos de capital que precisa, serían que tódolos mariscadores hoxe en activo poderían vivir cuns ingresos medios ben superiores ás rendas medias e con magníficas perspectivas, onde hoxe teñen uns ingresos moi baixos e unhas miras limitadas.

O problema está máis ben na resolución de 3 problemas:

- a) A capacidade organizativa para realizar as formas de cultivo e procesos de produción acordes coa tecnoloxía moderna, incluíndo as garantías xurídicas de acceso á propiedade e de pleno exercicio dos dereitos socio-laborais e comerciais
- b) As formas organizativas de base empresarial polas que opta; e
- c) A capacidade para atraer capitais e equipos técnico-profesionais que permitan a realización da actividade de cultivo intermareal en condicións acordes coa tecnoloxía moderna.

Quen máis teñen que dicir respecto da resolución destes tres problemas son os colectivos sociais implicados, moi especialmente das entidades organizadas. Pero entendemos que hai 3 aspectos de interese especial a ter presente:

Primeiramente, as recomendacións que poidan provir das reflexións sobre o comportamento e os resultados das entidades en presencia.

Despois, as estratexias individuais fronte ás opcións organizativas. As perspectivas que están a abrir os cultivos mariños terán que abrir o campo das estratexias de apropiación, dominio, control e posicionamento respecto do recurso; moi especialmente dos actores máis relevantes, que se veñen sumar ás estratexias relativas ás relacións e posición social. Isto pode explicar que non

sempre -por desgracia, demasiadas veces- os intereses dos actores con capacidade de acción non coincidan co aumento da producción, coas súas esixencias de complexidade organizativa, primacía da técnica e acaso variación de pautas comportamentais, que acaso debiliten os actuais controles persoais dos procesos. E esta disonancia entre intereses dos dirixentes e intereses do colectivo -actual e potencial- non se corresponde, no outro plato da balanza, coas prácticas e esixencias democráticas e de retroalimenteación organizativa que restableza a coincidencia de intereses entre os dirixentes e os colectivos sociais implicados.

Por fin, as formas organizativas polas que se opte. Para desenvolver un proceso de capitalización, organización do cultivo e proxección comercial son necesarias formas de base empresarial. Se non se fai así, a opción organizativa logo se converterá nun obstáculo -digamos que é hoxe o principal obstáculo-. Estas empresas van ter que combinar a capacidade económico-empresarial coa base social dos mariscadores.

Das inferencias que se poden facer dos casos estudiados, podemos tira-las recomendacións:

1.º O caso de Carril é moi representativo dos límites de formas individuais / individualistas de produción: dificultades pertinaces para estratexias conxuntas e de cooperación; de erguer redes comerciais e marcas; de xestionaren axeitadamente necesidades como a produción ou mesmo a adquisición de semente e cultivo acorde coa tecnoloxía moderna; e mesmo de acadar rendementos altos.

Mesmo as dificultades para o logro de prezos mínimos e organización da 1.^a venda poñen de manifesto os perigos de opcións individuais / individualistas.

Pero tamén estas características de concesión e a título individual, por tanto de maior dominio da "propiedade útil" son más capaces de atraeren capitais privados -cando menos, o capital familiar- e realizaren labores axeitadas do substrato.

Ademais, como o parque concedido a título individual non ten que someterse ás decisións dun colectivo incompetente ou pouco entusiasta cos labores de cultivo, a decisión individual pode xestionar o parque sen tantos condicionantes. Sen embargo, en xeral, o fará peor se o colectivo social é competente e ben organizado e capitalizado.

2.º A opción cooperativa, concebida como unha unidade organizativa con división de tarefas presenta moi boas perspectivas como vía capaz de organizar o marisqueo sobre bases empresariais.

A Cooperativa de Abanqueiro consigue resultados satisfactorios, tanto en capacidade de produción e tecnolóxica como en organización social.

En realidade pode presentarse como o tipo de sociedade onde todos se mirasen coma nun espello.

Pero hai que ter presente que se trata de unha soa experiencia estudiada, polo que habería que prestar atención tamén ás súas condicións particulares.

3 tipos de características danse xuntas na cooperativa da Abanqueiro: a súa pequena dimensión (medida polo tamaño da autorización; non tanto en nº de socios); as súas características históricas especiais e os seus dirixentes.

A pequena dimensión da Autorización Administrativa (32.000 m^2 en total ampliados ós 77.000 que xestionan; 8000 m^2 correspondentes á franxa intermareal), que é o atranco máis importante para o pleno logro da súa misión presenta tamén a reflexión sobre cal é a dimensión axeitada dunha unidade de produción intermareal. Naturalmente, isto dependerá de moitas circunstancias, pero probablemente deberíamos ir a unidades non moi grandes, o suficientemente grandes para permitir a utilización de maquinaria e o aproveitamento de equipos técnicos, pero non tan grande que dificultara ou inviabilizara a organización da produción ou fixera pouco funcional a circulación de información, a comunicación e a toma de acordos ben discutidos; a capitalización por m^2 ou establecerá moito distanciamento entre os dirixentes e os mariscadores. Digamos que as grandes OPP foron quen de concentraren relativamente a oferta; moito menos de capitalizaren, organizaren a produción, o cultivo e a organización do traballo. Acaso praias entre 100 e 600 mil metros cadastrados con 50 a 600 mariscadoras poidan ser prósperas empresas productivas - cultivadoras que, con alianzas estratégicas para a comercialización conxunta e con tenencia do recurso en réxime de concesión, sexan quen de obter cotas de rendemento próximas ós máximos aceptables.

3.º O que máis chama a atención é o nivel baixísimo de produción respecto da potencial, moi especialmente para o réxime de tenencia onde o titular da autorización - concesión é unha Confraría, Agrupación, etc. (formas de base non-empresarial). Como este é o caso aplastantemente maioritario, é o que merece máis atención, sobre todo cando sobre moitas destas praias hai e houbo colectivos interesados en explotalas en moi mellores condicións técnicas. O deseño de estructuras de base empresarial terá que ir acompañado de formas de incentivación que poden perfectamente ser apoiadas polo sector. Unha colección de incentivos pode ser do seguinte estilo:

A. A Administración formúlalle a cada Cooperativa / Agrupación / Confraría / OPP (a cada entidade potencialmente concesionaria) un rendimento mínimo asumible por baixo do cal se lle rescatará a autorización / concesión.

Este rendemento pode ser cifrado, moi conservadoramente, en 2000 pts/ m^2 para o ano 1999 para a media. Haberá que establecer medicións de rendemento potencial por cada zona para establecer estas contías.

A adaptación a ese rendemento mínimo obrigaríase nun prazo curto de tempo, p. ex. 3 anos.

Quen non fose capaz de conseguir ó prazo fixado o rendemento mínimo establecido como obxectivo, lle sería rescatada a Autorización ou Concesión.

- B. O establecemento e cobro efectivo dun canon por ocupación do dominio público. Este canon pódese introducir dunha forma progresiva, atendendo a certos obxectivos, por exemplo en dúas fases:

B.1. Nunha primeira fase (primeiros dous anos), un canon baixo, p.ex. 5 a 15 pts/ m^2 , fixándose o obxectivo de rescatar a autorización / concesión que se mantén improductiva polo seu titular. Desta forma, ningúen tería interese en manter autorizaciós ás que non lle tira proveito.

As autorizaciós e concesións así rescatadas poderían ter, segundo as súas posibilidades, usos non productivos, ou de marisqueo libre, ou estaren dispoñibles para entidades constituídas para a súa posta en cultivo, por medio de mecanismos de autorización / concesión sometidos a procesos xuridicamente limpos de adxudicación.

B.2. Nunha segunda fase, o canon debería responder a un criterio económico axeitado. O prezo axeitado do canon poderíase establecer, por exemplo, como a renda diferencial, entendida esta, nunha primeira aproximación, como as diferencias de rendibilidade, utilizando as mellores técnicas, entre as peores superficies (canon cero) e cada unha das restantes superficies.

Nunha aproximación máis precisa, o equivalente á diferencia entre o rendemento do cultivo por m^2 e os custos de extracción por metro cadrado, incluíndo nos custos os salarios e tódalas cargas. Non se esconde que este cálculo ten varias complicacións que non é aquí o caso resolver.

Este tipo de acción por parte da Administración podería ser apoiada polo sector, xa que se ben por un lado a Administración se manifesta esixente, polo outro ofrece pingües perspectivas, incentivos, estímulos e plenas garantías. ¿Por que razón unha entidade se ía opoñer a aumentalo seu rendemento? e ¿non é un deber coaccionar suavemente a que sexan acadados uns obxectivos desexables que só a inercia e a incuria poden adiar?.

- C. A entidade que viñera mostrando unha capacidade axeitada de xestión durante un período prolongado debería poder acceder á xestión do re-

curso en réxime de concesión, sempre suxeita a uns parámetros de rendemento por baixo dos que se rescataría a concesión ós adxudicatarios inefficientes.

D Dirase que toda vez que os "títulos habilitantes" terán que ser adxudicados case sempre ó colectivo da parroquia³⁹, non hai moitas posibilidades de ter novos licitadores para unha nova adxudicación. Pero si que habería moitas posibilidades: *En primeiro lugar* habería unha presión razonable a que os dirixentes atinxiran certos obxectivos, e polo tanto, ó anovamento dos cadros directivos; *en segundo lugar* poderían constituirse novas entidades a partir de fraccións ou integracións de colectivos; *en terceiro lugar* facilitaría a formación de novas entidades xurídicas de base organizativo-empresarial, que terían a fortiori que adecuarse ós novos requirimentos. Pero os pormenores deste proceso escapan ó estado actual da cuestión.

Foi exposta, como conclusión, unha colección de medidas relativas á reestructuración das organizacións do sector, por un lado, e outra colección de medidas relativas á limpeza xurídico-política da Administración Pública, polo outro. Entendo que estas medidas son suficientes para un desenvolvemento fabuloso da riqueza marisqueira na zona intermareal, que é onde máis aspectos de tecnoloxía están resoltos. Pero o marisqueo inframareal ten probablemente posibilidades ás maiores de despegue se se cultiva de forma acorde coa tecnoloxía ó dispor, e tamén poderemos empezar a ter na vista as inmensas posibilidades para os mares galegos convertérense en zonas de cultivo acuícola.

Sen embargo, a lexislación pesqueira galega está dirixida moito máis á xestión en réxime de banco natural, e praticamente sitúa próxima á semiillegalidade do cultivo acuícola en demasiados procesos. Esta transformación dende a extracción á acuicultura haberá que abordala, e parece que haberá que empezar decididamente ali onde está máis resolta: na franxa intermareal.

Bibliografía.

- CERVIÑO, DE COO E OUTROS, "La producción de moluscos en la zona intermareal", ponencia presentada á documentación do Plan 10, 1996, mimeografiado.
- CIPEM, *Resultados da campaña marisqueira* anuarios dos anos 1985 ó 1994, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- COMISIÓN EUROPEA, *La reconversión de las zonas dependientes de la pesca: objetivos, experiencias, perspectivas*, Luxemburgo, 1996.

39.- "O recoñecemento activo dos dereitos das persoas autóctonas na xestión dos recursos naturais", como recomenda o estudio da OCDE, *Gestión de zonas costeras. Política integrada*, Madrid, 1995, páx. 151, sería, por suposto, un principio xurídico fundamental.



CONCELLO DE CANGAS

A CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E TURISMO
DO CONCELLO DE CANGAS

SAÚDA

O Movimento Cooperativista Galego e agradece o rigoroso traballo de análise e difusión dos modelos empresariais que afondan na democratización do proceso productivo.

*"Por certo ninguén lles dice
que son os heroes de agora
maiores que Alexandre Magno
nunha batalla perfecta..."*

José Afonso

LIÑAMENTOS PARA UNHA POLÍTICA DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA.

Iago SANTOS CASTROVIEJO (dir.)¹

SUMARIO: Propónense medidas de actuación para remontar limitacións identificadas nas empresas galegas de economía social.

SUMARIO: Se proponen medidas de actuación para remontar limitaciones identificadas en las empresas gallegas de economía social.

SUMMARY: Courses of action are proposed to overcome limitations identified in the Galician social economy companies.

1. Introducción.

Os liñamentos para un programa de fomento das empresas da economía social en Galicia que aquí se presentan teñen como base un estudio² no que se trataba de identifica-los factores que máis limitan estas empresas para o seu desenvolver. Para os obxectivos, metodoloxía, información primaria, poboación estudiada e resultados remitímonos ó propio estudio e aquí limitarémonos a exponer o estilo de programa de actuación que entendemos como apropiado.

Sen embargo é necesario facer as seguintes indicacións: a) o estudio foi realizado a partir dunha enquisa sobre tódalas cooperativas de catro concellos urbanos: A Coruña (con Arteixo), Santiago, Ourense (con San Cibrao das Viñas) e Vigo. b) foi realizado fundamentalmente entre cooperativas de traballo asociado.

1.- O equipo de investigación estivo formado ademais por Irene Clara Pisón Fernández, Asunción Ramos Stolle, Belén Fernández-Feijoo Souto, María Xosé Cabaleiro Casal, Francisco Rodríguez de Pardo e Francisco Xabier Martínez Cobas no equipo de financiamento; Valentín García Álvarez e Ana Rosa Lorenzo Vila no equipo de persoal e cultura organizativa; Xosé Luís Valado Vieitez, Luis Miranda Álvarez e Xosé C. González Méndez no Equipo de tecnoloxía e organización da producción; Trindade Villar Gutiérrez no equipo de formación e no Tratamiento estadístico da enquisa Antonio Vaamonde Liste. Todos eles son coautores deste artigo. Agradezo, ademais, as importantes indicacións de douce avaliadores anónimos.

2.- *As empresas da economía social: alternativa de mercado. Un estudio de factores limitantes para a súa integración no mercado*, dos autores. Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Relacións Laborais, 1995.

do e sociedades anónimas laborais, polo tanto é menos axeitado para cooperativas agrarias e outras; c) foi dirixido a identificar factores limitantes; d) os programas de actuación reférense a estes factores limitantes identificados, e sobre todo a un perfil de cooperativa pequena e que non remontan algúns deses factores limitantes. As cooperativas que funcionan ben e as de maior dimensión, xeralmente necesitan menos dun programa de fomento e son más capaces de identificar e resolver as súas necesidades.

Por fin, as empresas de economía social son moi heteroxéneas sectorialmente, en formas organizativas e en clases, polo que estes liñamentos hai que entendedelos tamén como moi xerais, que tratan de captar as prioridades e sobre todo, de axudar a vencer as limitacións máis perentorias. As xeneralizacións teñen un valor limitado.

Neste artigo queda practicamente excluída a realidade do cooperativismo agrario, e as medidas haberá que entendelas como un intento de levar ó sector un documento máis que sirva para un debate que tivera un resultado máis consensuado e globalizador.

2. Achegamento ás limitacións e posibilidades da economía social en Galicia.

2.1. Factores que limitan o desenvolvemento.

Entre os factores limitantes para a plena inserción no mercado das empresas da economía social podemos ver *un grupo de factores* moi relacionado co propio carácter de economía social (digamos cos seus principios, estilo relacional e representacións colectivas, ...); *outro grupo* de factores limitantes moi relacionado coa "vocación sectorial e de estrato empresarial e laboral" das empresas da economía social -digamos: do "mundo económico" onde as empresas da economía social más prosperan. Por fin, *outro grupo de factores limitantes* teñen que ver coa realidade socio-cultural dos seus protagonistas -en xeral, clases sociais dominadas...-

Na Economía Social galega hai algunas empresas grandes e/ou ben situadas no seu modo de inserción no mercado. En termos xerais, teñen remontado factores limitantes de carácter xeral. Cando nos concentrarmos nos factores limitantes de carácter xeral referímonos cáuseque sempre a un tipo de empresa que ten:

- * Como factor limitante fundamental e de carácter xeral, a pertenza a sectores e/ou trama productivo-empresarial en declinio e posicións subordinadas nas relaciónsinterempresariais.

Ademais,

- * 3 factores limitantes identificados como os más importantes dende o punto de vista da cultura organizacional e cadros de persoal:
 - 1º Confusión na diferenciación funcional dentro da organización.
 - 2º Primacía dun estilo de pacto organizativo de compromiso co grupo onde non se sabe xestionar o conflicto.

3º Pobreza de modelos organizativo-relacionais de referencia. Reprodución do taller preexistente e uso constante da metáfora da familia.

- * 3 factores limitantes identificados como os más importantes dende o punto de vista da tecnoloxía e organización da producción:
 - 1º Dimensión inapropiada.
 - 2º Falta de formación - cualificación do persoal directivo.
 - 3º Ausencia de estratexias de medranza.
- * 3 factores limitantes identificados como os más importantes dende o punto de vista das prácticas financeiras:
 - 1º As empresas da economía social presentan moitas veces situacóns de desequilibrio financeiro (descapitalización e incapacidade de autofinanciamento).
 - 2º Inadecuación do sistema financeiro ás necesidades máis perentorias das entidades da economía social.
 - 3º Pobreza das prácticas financeiras.

Para estes factores limitantes temos localizado cando menos dous tipos de causas. Un primeiro grupo de causas están relacionadas coa "vocación sectorial" e de posición na trama productiva na que nacen e que difícilmente remontan as empresas da economía social: en sectores en crise, declinio, con fortes oscilacións cíclicas e con alto risco de inestabilidade laboral. A posición na trama productiva é frecuentemente de empresas subcontratadas sometidas a unha dependencia apreciable. Esta última afirmación é válida en maior grao para o caso das empresas industriais.

Un segundo grupo de causas relaciónase coa realidade socio-cultural dos seus protagonistas. Distancia respecto ás condicións de formación, pertenza a a clase e relacóns que quere a concepción e lanzamento dunha empresa. Descognecemento de modelos relacionais e organizativos (tanto de modelos concebidos como de modelos vividos) que necesitan para unha cultura organizativa adaptada, flexible, capaz de acerto nas estratexias, etc.

Trátase polo tanto de factores limitantes de natureza obxectiva, con características moi xerais, nun contorno cunhas institucións, actitudes, cultura, prácticas e representacións moi limitadas tamén. Por todas estas razóns, remontar eses factores limitantes do desabrochar da economía social é unha tarefa que debe ser abordada como conxuntos de medidas que mellor se adapten ás necesidades de inicia-lo cambio desde a situación de partida ata poñerse en situación de abordar estratexias correctas.

O estilo do conxunto de medidas que mellor se adaptan ás necesidades de reorientar procesos empresariais teñen que partir da tendencia a caír no circo vicioso:

Situación difícil da cooperativa - Maiores esixencias de productividade e renuncia - Maiores resistencias nos cadros de persoal - Maior evidencia do diagnós-

tico ideolóxico dos problemas (falta de implicación / falta de compromiso / falta de unidade...) -Situación difícil da cooperativa...

Círculo vicioso que involucra a precariedad financeira, certa confusión na diferenciación funcional (certas resistencias á diferenciación funcional interna, e tamén constantes cambios nas funcións internas), apatía tecnolóxico-comercial, etc.

É tamén moi frecuente captar no discurso dos xerentes indicios da súa loita sistemática para facer aceptar innovacións, estratexias... fronte á tendencia estacionaria da "comunidade dos socios".

Por istas razóns non cremos que medidas ailladas poidan chegar a dar resultados. Só conxuntos de medidas que permitan iniciar "experiencias contrarias" ás dos círculos viciosos poderían, na medida na que os seus efectos benéficos se fixaran sentir, conseguir obxectivos de superar os factores limitantes e conseguir fórmulas máis equilibradas de integración no mercado para as empresas da economía social.

2.2. *Sobre as potencialidades das empresas da economía social.*

O estudio non foi dirixido a localiza-las potencialidades das empresas da economía social. Pero si debemos destaca-las potencialidades máis específicas que demos localizado:

- 1º A cooperativa ou sociedade anónima laboral que se consegue instalar nunha situación de mercado adecuada, en calquera dos casos, pódese dicir sen problemas que
 - A. A súa organización interna, en calquera dos tipos analizados (*tipo compromiso persoal*, *tipo formal*) é máis productiva; é máis eficiente; circula mellor a información; soluciona mellor os problemas.
 - B. Adáptanse moi ben a políticas moi modernas de xestión do persoal.
- 2º Aínda que se localizaron con moita frecuencia condicións culturais adversas, a propia estructura xurídica das empresas da Economía Social favorece que no caso das que marchan medianamente ben a xerencia equilibrio moi ben os aspectos da eficacia empresarial cos aspectos das condicións laborais e das más sociais das empresas, porque en último caso a xerencia sempre vai estar lexitimada e avalada polos propios traballadores.
- 3º Hai tres similitudes das empresas da Economía Social coas características básicas das empresas modelo xaponesas: 1/sistema de emprego de por vida; 2/ non existencia de discriminación entre traballo manual e o traballo intelectual; 3/posibilidades moi abertas de promoción interna. Estas tres características revélanse como unha clara potencialidade.
- 4º A forte motivación e implicación do persoal directivo das cooperativas e sociedades anónimas laborais son unha potencialidade de moitísimo valor a pesar mesmo da súa frecuente cualificación desigual.
- 5º O modo de organización cooperativo permite un aporte moi importante de traballo ó principio, o que en empresas pequenas ou marxinaias é moi im-

portante cando non hai capital de partida.

- 6º A fórmula cooperativa é máis resistente nos períodos de recesión.
- 7º A cooperativa-sal é unha experiencia democrática de organización da producción que, áinda mesmo nos casos nos que dispois dexenre, segue a ser unha experiencia válida. A vivencia do traballo nunha empresa grande fai ó traballador máis inmaduro.
- 8º Para as empresas que traballan no mercado da subcontratación a fórmula coop-sal presenta as potencialidades: 1/capacidade de ofertar ós seus clientes unha flexibilidade laboral asumindo os riscos; 2/están fortemente integrados cos seus clientes/provedores (especialmente interesante na tendencia actual a reduci-lo número de provedores) 3/de pequena dimensión, adecuada á forte especialización do negocio/traballo que realiza; 4/moi apta para adoptar xestión participativa (potencialidade pouco aproveitada no cooperativismo galego no momento actual).
- 9º Son entidades ás que poden chegar maiores investimentos sempre e cando aborden programas de fomento e adecuación das súas prácticas e institucións financeiras, e en moitos casos as súas políticas de composición dos seus pasivos e certas restriccións legais.
- 10º As fórmulas da economía social permiten un despertar de proxectos e autoconfianza de amplios estratos e colectivos sociais nas súas posibilidades e realizacións. Moito deste desabrochar de proxectos non tería noutro caso un cauce apropiado de expresión e progresión.
A este respecto, a sociedade galega presenta tamén a debilidade da atonía de opcións de decisión colectiva no eido da economía social.
- 11º As fórmulas da economía social permiten arbitrar unha capacidade de unión e compromiso de proxectos dispersos que propicia un redimensionamento de cada proxecto, sempre e cando se dea negociado con fortuna ese espacio común dos proxectos. Neste caso é unha fórmula moi propia para conseguir a implicación activa de colectivos sociais e locais en proxectos de desenvolvemento.
- 12º A economía social ten grandes potencialidades para o anovamento das prácticas sociais (dende innovación nas prácticas empresariais, de xestión dos recursos, xestión e coxestión, aprendizaxe do estilo de mando...) Como toda actividade de anovamento, pluralización e diversificación de rotinas sociais é moi consumidora de enerxías, proxectos e cálculo, pero dunha importancia primordial para o desenvolvemento e ben-estar social.
- 13º As entidades da Economía Social teñen moi boas características para entendérense coa Administración en certos Programas, especialmente Programas prestatarios (de inserción, asistencia social, etc.), de ben estar social, de reformas económicas, de desenvolvemento e de implicación cultural.

Pódese ver no Cadro 1 o bosquexo dun dafo para as empresas da economía social en Galicia. Adóptase a forma de presentación de dafo, áinda que a metodoloxía seguida non foi a habitual do dafo, senón que se limita a ser unha forma de organizar a información primaria do estudio.

Cadro 1: Bosquexo dun DAFO para:

Nota: este bosquexo non se sustenta nunha análise de diagnóstico. Elaborou:

Puntos débiles

1. A dimensión (inaxeitada) é un factor moi condicionante dos productos que poden confeccionarse.
2. Ausencia de definición de obxectivos estratégicos. Non atinar coas estratexias de medranza e coa involucración en programas. Ameaza permanente de diluir proxectos pola heteroxeneidade de persoas dotadas de capacidade última de decisión.
3. Pouca apertura hacia o contorno para intentar unha maior conexión co mesmo.
4. Dificultades de definir o reparto de funcións e de face-la aprendizaxe da democracia organizativa. A organización interna consume moita enerxía (3), incluíndo a aprendizaxe da xerencia e a arribada á estabilidade organizativa aberta (á que non sempre se chega).
5. Capacitación e formación desigual do persoal directivo, incluíndo a pouca habilidade para resolver os conflictos na dirección máis adecuada estratexicamente, os poucos espacios de intercambios de experiencias e puntos de vista...
6. Tendencia, como máximo, á taylorización, a conservar modos de traballo moi rotinarios e pouco desenvolvidos, como consecuencia de ser frecuentemente o seu punto de partida a Sociedade Anónima anterior en crise ou modos de vida pre-industriais.
Nota: este punto refirese fundamentalmente ás CTA, especialmente de producción industrial, e é especialmente pouco oportuno para as cooperativas agrarias.
7. Utilización de tecnoloxía tradicional. Ausencia de bagaxe para abordar o anovamento tecnolóxico.
Nota: este punto exclúe as cooperativas agrarias, que son promotores e vehículos das novas tecnoloxías no medio agrario.
8. Carencia dunha xestión da produción. Non existe nunha maioría de empresas ningún tipo de información que se poida utilizar para a xestión da produción.
9. Falta de financiamento a longo prazo, interna e externa. Con excepcións en cooperativas agrarias, unha gran maioría de empresas de economía social non acceden ó crédito a longo prazo e teñen dificultades na captación de capital e na constitución de reservas.
10. Débil situación financeira xeral de liquidez e solvencia. Esta situación ten máis excepcións, especialmente entre as cooperativas agrarias.
11. Falta de coñecemento de técnicas financeiras axeitadas e de planeamento financeiro.
12. Dificultades para situarse en franxes sectoriais/empresariais "de futuro".
13. Gran lentitude, parsimonia na toma de decisións. Reciedade para manobrar cando hai que tomar decisións rápidas.

Puntos fortes

1. Implicación do traballador coa empresa, sobre todo o xerente.
2. Existencia de canles formais para resolver os conflictos, áinda que non se utilicen moitas veces, pero polo menos están, cousa que nas pequenas empresas do sector autoritario non hai. Nas grandes sí (os sindicatos).
3. Flexibilidade e capacidade de resistencia, especialmente unha vez resolto adecuadamente o pacto organizativo e o reparto funcional.
4. Estabilidade dos xérentes e dos cadros de persoal.
5. Alternativa de traballo atractiva polo seu contido colectivo e autónomo.
Mezcla desa atracción que exerce o cooperativismo hacia certos colectivos sociais e tamén a atracción hacia xoves e hacia xente que quere organizarse dunha maneira diferente (atracción bastante xeralizada).
6. Maior desenvolvemento colectivo, comunicacional, formacional e responsabilización, especialmente no estadio da intercooperación.
7. Adecuación para certo tipo de programas, especialmente de programas en conexión coa Administración Pública.

3.- Isto consta na literatura económica dende Oliver Williamson en 1985 como que incorren en máis alto reducir o problema da busca de equilibrio na organización interna a un problema de custos d convencional sobre as empresas de democracia laboral non se viron claramente sostidas pol Efficiency and Productivity of Labor-Managed and Capital-Managed Firms", *Review of Radical Politic*

empresas galegas da economía social.

mediante unha mesa de expertos formada polos participantes no estudio.

Ameazas

1. É difícil incorporar xente para o aumento da dimensión. Non hai persoal formado para incorporarse. Dificultade de artellar un sistema axeitado de recrutamento.
2. Insuficiencia de disponibilidade de servicios empresariais axeitados. Moitas das ofertas existentes son custosas e de baixa calidade.
3. Pobre consideración das entidades financeiras e de toda a sociedade hacia o cooperativismo. Desconfianza da banca. Desconfianza das sociedades individualistas cara os valores cooperativos.
4. Falta de ofertas formativas específicas e de vías formativas axeitadas. Un sistema educativo de grau débil en dinámicas de traballo en grupo e cultura da participación e responsabilización.
5. Para algúns perfís de empresas, o poder negociador está en mans dos clientes. Situación de dependencia no modo de inserción na trama productiva.

Isto non se refere, por suposto, á realidade socio-empresarial das cooperativas agrarias nas que en moitas ocasións os socios son tamén clientes e proveedores da cooperativa.

6. Falta dunha política de fomento e promoción da economía social en Galicia. Dende o sector cooperativo / sal déronse pasos insuficientes para propoñelo e non está o bastante avanzado un consenso entre a Administración e o sector.
7. Proceso de dualización da forza de traballo, que se da a nivel social, que crea dous estratos de forza de traballo, un privilexiado e outro máis precario. Esto cuestiona un proxecto cooperativo que pretende ser igualitario... fracciona a forza de traballo e crea tensións e problemas.

Oportunidades

1. A intercooperación, sobre todo a posibilidade de establecer relacións fóra do mercado e constitución mercados cautivos con outras empresas: Paso de taller a empresa, alianzas estratégicas e redimensionamento.
2. Engarzamento do cooperativismo coas políticas públicas de desenvolvemento (p. ex: no campo, no ensino, na acuicultura e pesca, na protección social, en ordenamentos sectoriais, na cultura, no desenvolvemento endóxeno...)
3. O desenvolvemento de algúns servicios profesionais adáptanse especialmente ben ó cooperativismo.
4. Existencia dunha franxa de necesidades e de desequilibrios sociais que poden ser confrontados con opcións de economía social.
5. Capacidad de unir proxectos económicos a proxectos persoais nun futuro de apetencia pola realización persoal. Cambio futuro da concepción e realización do traballo, da actividade productiva e do sistema de xeración e distribución das rendas. Maior inquietudanza en ambientes culturais pola problemática da economía social e polas súas contribucións ó desenvolvemento social.
6. O papel da Economía Social nos procesos de creación e sobrevivencia das empresas en crise. Futuro expansivo das políticas de transición á vida laboral activa, de creación de empresas e posible adecuación da democracia organizativa ós futuros requerimentos do reparto do traballo.
7. Mantemento do ritmo expansivo das empresas subcontratadoras de segmentos da produción.

custos de transacción, pero a este tratamento hai que lle facer dúas observacións: en primeiro lugar, que transacción é reduccionista e inaxeitado; en segundo lugar, que case tódalas hipóteses da economía contrastación empírica (vid, a este respecto, por exemplo, Chris DOUCOULIAGOS, "The Comparative Economics, 29(2), páx. 45-69).

3. Liñamentos para un programa de actuación.

OBXECTIVO XERAL: 1

COOPERACIÓN ENTRE COOPERATIVAS. INTERCOOPERACIÓN.
REFORZAR A PRESENCIA SOCIAL
MELLORAR A CAPACIDADE DE ACCIÓN CONXUNTA
AFORTALAR A INCIDENCIA LOCAL
FACERSE MÁS PRÓXIMA. ESTAR PRESENTE ENTRE AS OPCIÓNS DE DECISIÓN COLECTIVA

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

REFORZAR AS INSTANCIAS DE INTERCOOPERACIÓN E ASOCIATIVAS.
MELLORAR AS CANLES DE INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN E RELACIÓN ENTRE AS COOPERATIVAS.
MELLORAR A DIFUSIÓN E PRESENCIA.
CONXUNTOS DE MEDIDAS DESTINADAS A FAVORECER A INTEGRACIÓN DE ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL EN ENTIDADES ASOCIATIVAS, DE INTERCOOPERACIÓN REPRESENTATIVA E DE ALIANZAS ESTRATÉXICAS.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEGIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEGIAS:

AUMENTO APRECIABLE DA AFILIACIÓN ÁS INSTANCIAS DE INTERCOOPERACIÓN, ESPECIALMENTE NOS TIPOS E LUGARES ONDE ESTA AFILIACIÓN É MENOR.
MAIOR ADECUACIÓN DAS INSTANCIAS DE INTERCOOPERACIÓN ÁS NECESIDADES ESTRATÉXICAS E OPERATIVAS DAS COOPERATIVAS, ALÍ ONDE SON NECESARIAS.
DESENVOLVER FORMAS HORIZONTAIS DE CONTACTO.
DIFUSIÓN, EXERCITACIÓN, APRENDIZAXE DE TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN, DISCUSIÓN, ORGANIZACIÓN DE AXENDAS E TOMA DE ACORDOS.
FOMENTO DE OFICINAS OU INSTANCIAS COMARCAIS DE EXTENSIÓN, ORIENTACIÓN E ENCONTRO.

ACCIÓNES CONCRETAS PARA FACER OPERATIVAS AS LIÑAS CITADAS:

ESFORZO NESTA DIRECCIÓN DAS INSTANCIAS DE INTERCOOPERACIÓN.
ESFORZO DOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN EN CONTIDOS...
CELEBRACIÓN DE ENCONTROS ENTRE AS COOPERATIVAS DE CADA COMARCA PARA...
REPENSAR O DESEÑO INTERCOOPERATIVO.
PROGRAMA DE DIFUSIÓN / FORMACIÓN EN TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN E DISCUSIÓN.
ALIANZA ESTRATÉXICA COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA (Obxectivo 6).
NEGOCIACIÓNES E PROPOSTAS ÁS ADMINISTRACIÓNES LOCAIS.

OBXECTIVO XERAL:2

CONFRONTA-LO FACTOR LIMITANTE FUNDAMENTAL DA MARXINALIZACIÓN DAS EMPRESAS DA ECONOMÍA SOCIAL CAUSADA POR OPCIÓNS SECTORIAIS DEPRESIVAS E POSICIÓN SUBORDINADAS NA TRAMA PRODUCTIVO-EMPRESARIAL.

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

REPLANTEXAMENTO DA DIMENSIÓN, A ORGANIZACIÓN DA PRODUCCIÓN E A TECNOLOGÍA.

FOMENTO DA INTERCOOPERACIÓN (Obxectivo 1)

GRAN ESFORZO NA ELABORACIÓN E ASUNCIÓN DAS ESTRATEGIAS DE MELLORA.

GRAN TRANSFORMACIÓN DA CULTURA ORGANIZATIVA DAS COOPERATIVAS E SOCIEDADES ANÓNIMAS LABORAIS (Obxectivo 4).

REPLANTEXAMENTO DO MIX PRODUCTO / MERCADO.

ESFORZO DE CAPACITACIÓN, FORMACIÓN E MELLORA DOS CADROS DIRECTIVOS.

PROGRAMAS DE LANZAMENTO DE LIÑAS DE ECONOMÍA SOCIAL EN SECTORES CON PERSPECTIVAS DE FUTURO (ACUICULTURA, SERVICIOS SOCIAIS...)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEGIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEGIAS:

PROGRAMAS DE REESTRUCTURACIÓN EMPRESARIAL.

PROGRAMAS DE REESTRUCTURACIÓN SECTORIAL.

PROGRAMAS DE REESTRUCTURACIÓN LOCAL E COMARCAL.

CONXUNTOS DE MEDIDAS DESTINADAS A FACILITAR O CAMBIO.

ELABORACIÓN DE ESTUDIOS, PROXECTOS E ESTRATEGIAS.

CONSORCIACIÓN E ALIANZAS ESTRATÉXICAS PARA ACOMETER OBXECTIVOS COMÚNS.

PROGRAMAS DE FORMACIÓN, ASESORAMENTO, INTERVENCIÓN NA CULTURA ORGANIZATIVA

PROGRAMA DE FORMACIÓN DO persoal DIRECTIVO (Obxectivo 5).

PROGRAMA DE MELLORA DO FINANCIAMENTO (Obxectivo 3).

PROGRAMA DE MELLORA DO ASESORAMENTO (Obxectivo 8).

PROGRAMA DE ASISTENCIA Ó PROCESO DE NACEMENTO E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS (Obxectivo 7).

ACCIÓN CONCRETAS PARA FACER OPERATIVAS AS LIÑAS CITADAS:

CONCENTRACIÓN. FUSIÓNS. ABSORCIÓN. INCORPORACIÓN DE NOVOS SOCIOS PARA CONSEGUIR DIMENSIÓNS MAIORES.

CONCEDERLLAS PRIORIDADES / ATENCIÓN.

DESTINAR RECURSOS / CAPITALIZAR.

COOPERACIÓN INTEREMPRESAS PARA ACTIVIDADES CONXUNTAS DE INNOVACIÓN / PROSPECCIÓN DE NOVOS MERCADOS / ESTUDIOS TÉCNICOS / FORMACIÓN.

ALIANZA ESTRATÉXICA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Obxectivo 6).

CONCERTOS COAS UNIVERSIDADES, CENTROS DE ENSINO, CENTROS DE INVESTIGACIÓN E OUTROS.

PROGRAMA DE FINANCIAMENTO (Obxectivo 3).

OBXECTIVO XERAL: 3

CAPITALIZAR AS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL.
CONSEGUIR UN AMPLIO E ADECUADO FINANCIAMENTO.

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

MELLORA-LAS PRÁCTICAS FINANCEIRAS.
DOTARSE DE INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA.
INSISTENCIA NO PRINCIPIO DE CAPITALIZACIÓN.
ABRIR CANLES LEGAIS PARA A ATRACCIÓN DE CAPITAIS E DE CAPITAL RISCO.
FORMACIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO EN FINANZAS.
XENERALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE PRÁCTICAS QUE DEMOSTRARON DAR BO RESULTADO.
ESTABLECEMENTO DE PRÁCTICAS NOVIDOSAS DE FINANCIAMENTO.
POTENCIACIÓN DE MERCADOS DE TÍTULOS (MESMO DE MERCADOS REDUCIDOS DE TÍTULOS), SOCIEDADES DE AVAIS E FONDOS DE GARANTÍA RECÍPROCA.
INSISTENCIA NO PRINCIPIO DA NECESIDADE DE CAPITALIZACIÓN DAS EMPRESAS.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEGIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEGIAS:

EXPANSIÓN E DIFUSIÓN DE PRÁCTICAS FINANCEIRAS ESPECIFICAMENTE COOPERATIVAS USADAS CON ÉXITO.
EXPANSIÓN VIGOROSA DO CRÉDITO COOPERATIVO.
CONTEMPLACIÓN DE NOVAS FORMAS DE COLABORACIÓN ECONÓMICA, COMO AS COOPERATIVAS DE CAPITAL MIXTO, AS COOPERATIVAS DE TRABALLADORES ACCIONISTAS, ETC.
ALIANZA ESTRATÉXICA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Obxectivo 6) PARA SOCIEDADES DE AVAIS, ETC.

OBXECTIVO XERAL: 4

MELLORAR A CULTURA ORGANIZATIVA. CULTURA DE PARTICIPACIÓN, DE AUTOAPRENDIZAXE E DE IMPLICACIÓN.

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

DESENVOLVER E DIFUNDIR TÉCNICAS E SERVICIOS EMPRESARIAIS DE ASESORAMENTO EN CULTURA ORGANIZATIVA ASEQUIBLES E ESPECIALIZADOS EN ORGANIZAÇÓNS AUTOXESTIONARIAS.
INCLUSIÓN PRIORITARIA NOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN (Obxectivo 5).

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEGIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEGIAS:

AXUDAR A IDENTIFICAR AS CARACTERÍSTICAS, DISFUNCIONALIDADES E RIXIDESES DOS PACTOS ORGANIZATIVOS.

OBXECTIVO XERAL: 5

CONTAR CUNHA OFERTA DE FORMACIÓN AMPLA, DIRECTA, FLEXIBLE E ADAPTADA EN

- VALORES COOPERATIVOS,
- ORGANIZACIÓN AUTOXESTIONARIA,
- FORMACIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E TÉCNICO,
- APRENDIZAXE DO OFICIO,
- MELLORAR A SITUACIÓN DOS CADROS DE PERSOAL RESPECTO DAS APTITUDES E POSIBILIDADES DE MELLORA.

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

CONCENTRAR RECURSOS PARA DOTARSE DUN EQUIPO DIRECTIVO, UN CADRO DE PROFESORADO, UN SISTEMA DE PRÁCTICAS, VISITAS E ESTADÍAS, MEDIOS DIDÁCTICOS E SEMINARIOS PERMANENTES.

VALORAR A NECESIDADE DE APRENDIZAXE E IDENTIFICAR AS NECESIDADES DE COÑECEMENTOS.

INTEGRARSE E TECER UNHA REDE RELACIONAL E DE ACORDOS PARA ATENDER ADECUADAMENTE AS NECESIDADES FORMATIVAS.

MELLORA (E PARTICIPACIÓN) DO ENSINO REGRAZO EN APRENDIZAXE DA COOPERACIÓN, TRABALLO EN EQUIPO E VALORES COOPERATIVOS.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEGIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEGIAS:

APRENDIZAXE / ACEPTACIÓN DUN ESTATUTO DA XERENCIA E DO TÉCNICO DIFERENTE DO DAS EMPRESAS AUTORITARIAS.

MELLORA-LO SISTEMA DE RECRUTAMENTO E INTEGRACIÓN DE NOVOS SOCIOS / NOVOS TRABALLADORES / NOVOS CADROS DE PERSOAL COOPERATIVOS.

AXUDAR A RESOLVER A TENSIÓN ENTRE OS PROXECTOS AMBICIOSOS DOS XERENTES E AS TENDENCIAS ESTACIONARIAS DAS COMUNIDADES DOS SOCIOS.

ACCIÓNES CONCRETAS PARA FACER OPERATIVAS AS LIÑAS CITADAS:

ADAPTARSE ÁS DISPOSIBILIDADES DE TEMPO / ÁS POSIBILIDADES DE SEGUI-
LO: PROGRAMAS

- POUCO ESIXENTES EN PRESENCIA FÍSICA.
- SEGUIBLES EN FORMA FRACCIONADA E CONTÍNUA.
- QUE SATISFAGAN OS REQUIRIMENTOS DOS COOPERATIVISTAS NO POSTO DE TRABALLO.
- MOI CENTRADOS NA APRENDIZAXE PRÁCTICA.
- MOI CENTRADOS NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DETECTADOS.
- CAPACES DE ABRIR HORIZONTES E PANORAMAS RELATIVOS A FRANXAS DE PRODUTO / MERCADO NAS QUE A COOPERATIVA PODE INSTALARSE.
- MÉTODOS DE APRENDIZAXE DA XERENCIA E DO ESTILO DE MANDO EN VÍAS FORMACIONAIS DE PROMOCIÓN INTERNA.
- POÑER EN MARCHA SISTEMAS QUE FAVOREZAN A IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES E CARENCIAS DE FORMACIÓN NOS CADROS DE PERSOAL.
- ABORDAR A GRAN DIVERSIDADE DAS NECESIDADES DE FORMACIÓN.
- MOI ENFOCADAS A NECESIDADES MOI ESPECÍFICAS, ADAPTADAS ÁS POSIBILIDADES E ENCAMIÑADAS Ó CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO.

TAL QUE CONFRONTE:

- PEQUENA DIMENSIÓN.
- DEFICIENTE ORGANIZACIÓN COMERCIAL E CARENCIA DE ESTRATEGIAS.
- BAIXA CALIDADE DO SERVICIO Ó CLIENTE.
- BAIXA UTILIZACIÓN DE MÉTODOS DE PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES PARA CONSEGUIR MELLORAS.
- ESCASA INCORPORACIÓN DE NOVAS TECNOLOGÍAS.
- ESCASA INNOVACIÓN.
- XESTIÓN DA CALIDADE.
- CARENCIAS DE ESTRATEGIAS COMERCIAIS.
- DIRECCIÓN PARTICIPATIVA.
- PLANEAMENTO ESTRATÉXICO.
- TÉCNICAS E SISTEMAS ORGANIZATIVOS.

OBXECTIVO XERAL: 6

ADECUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ÁS NECESIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL.

NECESIDADE DUNHA POLÍTICA EFICAZ, ESTABLE E ORIENTADA Ó LONGO PRAZO.

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

OFRECER LIÑAS DE COLABORACIÓN EN PROGRAMAS CONXUNTOS.

REFORZAR AS CANLES DE COMUNICACIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

CONSEGUIR O RECOÑECIMENTO NA PRÁCTICA ADMINISTRATIVA DO PRINCIPIO DE DISCRIMINACIÓN POSITIVA PARA AS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEGIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEGIAS:

NEGOCIAR UNHA ALIANZA ESTRATÉXICA COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA PARA UNHA POLÍTICA CONSENSUADA.

INCLUSIÓN DAS COOPERATIVAS, SOCIEDADES ANÓNIMAS LABORAIS E ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL NAS LIÑAS DE POLÍTICA INDUSTRIAL, COMERCIAL, EMPRESARIAL E DE FOMENTO.

NEGOCIAR A PRESENZA DA ECONOMÍA SOCIAL (COOPERATIVAS, SALES, ASOCIACIONES...) NOS FOROS PÚBLICOS REPRENSENTATIVOS E CONSULTIVOS (CES, CONSELLÓ GALEGO DE PESCA, CONSELLO GALEGO DA CULTURA, CONSELLO GALEGO DE RELACIONES LABORAIS...)

NEGOCIACIÓN PARA A REESTRUCTURACIÓN DO DESEÑO DA ADMINISTRACIÓN EN RELACIÓN Á ECONOMÍA SOCIAL.

NEGOCIACIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS PARA POLÍTICAS LOCAIS E COMARCAIS DE FOMENTO.

ACCIÓN CONCRETAS PARA FACER OPERATIVAS AS LIÑAS CITADAS:

PREPARACIÓN DUN CALENDARIO DE CONVERSAS E NEGOCIACIÓN DENDO AS INSTANCIAS DE INTERCOOPERACIÓN E MAIS DENDO GRUPOS SECTORIAIS E COMARCAIS.

PROCURAR A TOMA DE INICIATIVAS DENDO AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

OBXECTIVO XERAL: 7

MELLORAR AS CONDICIÓNS DE NACEMENTO E PRIMEIROS ANOS DE VIDA DAS COOPERATIVAS E SALES

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

ACCESIBILIDADE A UN BO PROGRAMA DE ASESORAMENTO, FORMACIÓN E PLAN TUTELADO DE EMPRESA.

ACCESIBILIDADE A UN BO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO PÚBLICO Á CREACIÓN DE EMPRESAS, NON TOTALMENTE RECUPERABLES EN CASO DE FRA-CASO DA EMPRESA.

SOSTEMENTE DE ASOCIACIONES DE PARADOS, ESPECIALMENTE CANDO DES-ENVOLVAN LIÑAS DE CREACIÓN DE EMPRESAS XESTIONADAS POLOS PARA-DOS. PARTICIPACIÓN DESTAS ASOCIACIONES NA XESTIÓN DOS FONDOS PÚBLICOS DESTINADOS OS PARADOS E CAPTACIÓN DE FONDOS PRIVADOS PARA ESTE FIN.

PROPOSTA ÓS CENTROS DE ENSINO, CENTROS DE INVESTIGACIÓN E OUTROS PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE EMPRESA E MESMO SOSTER OS PRIMEI-

ROS PASOS. PROGRAMAS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA NESTA DIRECCIÓN.
CONTAR CON MÁIS AMPLAS REFERENCIAS / IDEAS PARA NOVAS EMPRESAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEXIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEXIAS:

APOIO A GABINETES / ASESORÍAS PARA ESPECIALIZACIÓN EN PLANS TUTELADOS DE EMPRESA. LANZAMENTO DESES GABINETES DENDE AS PROPIAS INSTANCIAS DE INTERCOOPERACIÓN.

PARTICIPACIÓN EN PARCEIRATOS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, EMPRESAS E OUTRAS ENTIDADES PARA APOIAR A CREACIÓN DE EMPRESAS.

IDEM ID PARA O AMPLO FINANCIAMIENTO DAS NOVAS EMPRESAS.

APOIO Á CONSTITUCIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PARADOS E ASOCIACIÓN DE SUB-EMPREGADOS PARA AUTOXESTIONAREN O ACCESO Á VIDA LABORAL ACTIVA.

ACCIÓNS CONCRETAS PARA FACER OPERATIVAS AS LIÑAS CITADAS:

DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE CREACIÓN DE EMPRESAS POLAS INSTANCIAS DE INTERCOOPERACIÓN E POLAS ASOCIACIÓN COMARCAIS DE COOPERATIVAS.

CONSEGUIR CONCERTOS COS CENTROS DE ENSINO, DE INVESTIGACIÓN E OUTROS PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DE MICROEMPRESAS E FÓRMULAS DE ACCESO Á VIDA LABORAL ACTIVA.

ELABORAR CATÁLOGOS DE BOSQUEXOS DE PLANS DE EMPRESA QUE AXUDEN NAS ORIENTACIÓN PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE EMPRESA.

FORMACIÓN DE PARCEIRATOS LOCAIS / COMARCAIS PARA O APOIO Á CREACIÓN DE EMPRESAS.

ALIANZA ESTRATÉXICA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Obxectivo 6).

OBXECTIVO XERAL: 8

ASESORAMENTO E ACCESIBILIDADE Á TECNOLOXÍA PRODUCTIVA.

ESTRATEXIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

COOPERACIÓN E ALIANZAS ESTRATÉXICAS PARA DOTARSE DE ASESORAMENTO ESPECIALIZADO.

INCLUSIÓN DAS COOPERATIVAS NOS PROGRAMAS TECNOLÓXICOS DA ADMINISTRACIÓN DE INDUSTRIA.

PROGRAMA DE FORMACIÓN (Obxectivo 5).

ACCESIBILIDADE A CONCERTOS CON UNIVERSIDADES, CENTROS DE ENSINO, CENTROS DE INVESTIGACIÓN, CERTAS EMPRESAS E ASOCIACIÓN SECTORIAIS.

PROGRAMA DE FINANCIAMIENTO (Obxectivo 3) PARA A INCORPORACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS OU FUNCIONAIS E ESTRATEXIAS ESPECÍFICAS OU TEMÁTICAS PARA DESENVOLVER ESTAS ESTRATEXIAS:

MELLORAR A CAPACIDADE TÉCNICA E FINANCEIRA PARA ACOMETER INNOVACIÓN TECNOLÓXICAS.

MELLORAS DIRIXIDAS A:

- FORMACIÓN DE MANDOS INTERMEDIOS.
- MELLORA DE MÉTODOS E TEMPOS.
- AUTOMATIZACIÓN DA PRODUCCIÓN.
- ANOVAMENTO DOS EQUIPOS.
- SISTEMAS DE CONTROL / PLANEAMENTO DA PRODUCCIÓN.

ALIANZAS E INTERCOOPERACIÓN PARA I+D.

OBXECTIVO XERAL: 9

FAVORECER A EXISTENCIA DIGNA DE ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL EN FRANXAS MARXINAIS DO MERCADO.

FRANXAS MARXINAIS DO MERCADO:

A: ACTIVIDADES PRESTATORIAS, ASISTENCIAIS... A MARXINADOS OU INSOLVENTES.

B: ACTIVIDADES ANOVADORAS, EN MERCADOS "POR DESENVOLVER" ...

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

CONTAR CUN MARCO QUE LLES PERMITA DESENVOLVER CON DESAFOGO A SÚA MISIÓN.

COMPROMISOS E CONTRATOS CON ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS, ASOCIAÇIÓNS, PATRONATOS...

MICROFINANZAS.

PROFESIONALIZACIÓN DE CADROS DIRECTIVOS.

OBXECTIVO XERAL: 10

APOIO Á TRANSFORMACIÓN DE EMPRESAS CONVENCIONAIS E DE EMPRESAS EN CRISE PARA EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL.

ESTRATEGIA XENÉRICA PARA DESENVOLVER ESTES OBXECTIVOS:

PROGRAMAS DE ASESORAMENTO E FORMACIÓN (Obxectivos 8 e 5).

PROGRAMAS DE FINANCIAMENTO (Obxectivo 3).

FOMENTO DE FÓRMULAS INTERMEDIAS E DE COXESTIÓN DOS TRABALLADORES, COMO COOPERATIVAS DE TRABALLADORES ACCIONISTAS, COOPERATIVAS DE CAPITAL MIXTO, LEXISLACIÓN DE INCENTIVOS Á COXESTIÓN E Á PARTICIPACIÓN.

SOBRE A INTERVENCIÓN TÉCNICA EXTERNA NA ORGANIZACIÓN COOPERATIVA

Ana Rosa LORENZO VILA

Socióloga. Asociación Para A Economía Social.

SUMARIO: Sobre a base da experiencia en asesoramento en cultura organizativa a cooperativas, propone un novo estilo de relación experto - cliente (equipo asesor - grupo de cooperativistas) con máis participación e aprendizaxe mutuos: o papel do asesor en relación ó grupo cooperativista debe ser de simetria e corresponsabilidade. As diferencias de análise e de expectativas no interior do grupo cooperativista e as diferencias entre estes e os técnicos son valiosas, a súa superación quere chegar a un acordo que pasa pola discusión e argumentación e profundiza na análise. É necesario tamén concebir un método de avaliación sobre os resultados da intervención, que axuda a que o proceso de cambio e de opción organizativo sexa más permanente e más arrequeñado pola experiencia: é o propio grupo cooperativista quem analiza e dirixe a propia experiencia. O papel do equipo asesor é o de facilitador da aprendizaxe grupal e de poñer o seu saber ó dispor do grupo cooperativista. Expónense os problemas e os estilos de resolución de modelos de relación simétrica e da redundancia potencial (evita-la reproducción da dependencia do cliente respecto do equipo técnico).

SUMARIO: Sobre la base de la experiencia en asesoramiento en cultura organizativa a cooperativas, se propone un nuevo estilo de relación experto - cliente (equipo asesor - grupo de cooperativistas) con más participación y aprendizaje mutuos: el papel del asesor en relación al grupo cooperativista debe ser de simetría y corresponsabilidad. Las diferencias de análisis y de expectativas en el interior del grupo cooperativista y las diferencias entre estos y los técnicos son valiosas, su superación requiere llegar a un acuerdo que pasa por la discusión y argumentación y profundiza en el análisis. Es necesario también concebir un método de evaluación sobre los resultados de la intervención, que ayuda a que el proceso de cambio y de opción organizativo sea más permanente y más enriquecido por la experiencia: es el propio grupo cooperativista quien analiza y dirige la propia experiencia. El papel del equipo asesor es el de facilitador del aprendizaje grupal y de poner su saber a disposición del grupo cooperativista. Se exponen los problemas y los estilos de resolución de modelos de relación simétrica y de la redundancia potencial (evitar la reproducción de la dependencia del cliente respecto del equipo técnico).

SUMMARY: On the basis of the experience gained as consultant in organizational methods to cooperatives, a new style of relationship expert-client is proposed (consultant team-cooperative group) with more participation and mutual learning: the role of advisor in relation to the group of cooperativists should be one of symmetry and co-responsibility. The differences of analysis and expectations in the interior of the group of cooperativists and the differences between these and the technicians are valuable, overcoming them requires the arrival at an agreement that means going through a process of discussion and debate and deepens the analysis. It is also necessary to conceive a method of evaluation on the results of the intervention which would help the process of change and organizational choice to be more permanent and more enriched by the experience: it is the cooperativist group itself which analyses and directs its own experience. The role of the advisory team is to facilitate the group learning and to put its knowledge at the disposition of the group of cooperativists. The problems and styles of resolution of symmetric models of relation and of potential redundancy (avoiding the reproduction of client dependency on the technical team) is set forth.

1. Introducción:

Cando unha empresa cooperativa solicita asesoramento ou formación a persoas técnicas especializadas (en técnicas empresariais, enxeñeiras, avogadas...)

establece, polo xeral, unha relación con estas persoas "expertas" con baixo grao de participación. A cooperativa reserva para si os seguintes eidos de liberdade: elixir á persoa ou entidade asesoradora, prescindir dela en canto non lle guste ou non satisfaga os seus intereses, sustituíndo-a por outra ou deixando de lado o asesoramento. Nesta relación clientelar o eido de participación é a liberdade da cooperativa de elixir no mercado en tanto que usuaria¹. O asesoramento segue estes pasos:

1. A cooperativa fai a súa demanda.
2. A persoa ou persoas asesoras prestan o servicio de asesoramento.
3. A cooperativa toma as decisións para as que solicitara esta axuda externa.

Na prestación do asesoramento propiamente dito só participan as persoas especializadas: os expertos externos (ou expertas).

Neste artigo pretendemos presentar as potencialidades dunha relación experto-cliente baseada nun máis alto grao de participación e aprendizaxe mútua. Para iso contamos coa experiencia de asesoramento organizativo a cooperativas galegas desenvolvida por Miguel Martínez López, Olga Arranz Iglesias e eu mesma durante o último ano e medio, aproximadamente.

A meirande parte das demandas que nós recibimos correspondéronse cunha oferta de carácter gratuito para as cooperativas (dentro dun programa da Federación Sinerxia e doutro da Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia). Todas menos unha foron cooperativas de traballo asociado e de menos de 15 persoas socias. A outra foi unha cooperativa de consumidores e usuarios con centos de familias socias. O tempo de traballo conxunto entre equipa asesora e cooperativistas foi entre 15 e 30 horas por cada cooperativa.

Na primeira formulación, este asesoramento en materia organizativa e de participación activa concebímolo, por unha parte, como proceso: no que hai análises, diagnósticos e intervencións simultáneos en distintas fases de evolución do asesoramento, fases que se retroalimentan unhas a outras. E por outra como un proceso de autoxestión: antes ca aprendérmosllas trátase de aprendermos todos (eles e nós) colectivamente sobre a práctica do grupo e sobre a relación que se establece co equipo técnico; en realidade o que propoñiamos eran autoanálisis, autodiagnósticos e compromisos colectivos de cambio (autoplanificación e transformación).

Isto significa integrar os tres pasos seguidos habitualmente nunha relación de asesoramento técnico (demanda da cooperativa, prestación do servicio da equipa asesora e toma de decisións da cooperativa, como sinalamos enriba) dentro dun mesmo espacio-tempo do asesoramento no que traballan en común asesoras/es e cooperativistas:

1. E mesmo esta liberdade teórica é moi discutible na práctica real das máis das empresas, por moitas razóns: falta de información sobre as ofertas no mercado, adquisición de compromisos de carácter informal que dificultan romper a relación cos asesores habituais, dificultades para avaliar a calidade do servicio, falta doutras referencias...

1. No primeiro contacto, no que se fai explícita a demanda, aclarar e cuestionarse conxuntamente que é exactamente o que a cooperativa precisa ou, dito doutra forma, cales son os problemas a resolver. Isto pode implicar un traballo de análise colectiva: identificación de problemas e identificación das súas causas.
2. Integrar no proceso a avaliación do traballo de asesoramento realizado. Avaliar desde a óptica da utilidade práctica: aprobar as teorías e técnicas propostas pola equipa asesora e apropiarse delas só na medida da súa efectividiae no propio grupo cooperativista. Para iso é preciso facer do asesoramento unha intervención: practicar *in situ* novas formas de organización e de relación.
3. Polo tanto integrar tamén no mesmo espacio-tempo as decisións de implementar os cambios propostos e o seguimento destes cambios.

A intensidade deste traballo e a necesidade dunha responsabilidade compartida para levalo a cabo implican un planeamento colectivo e autoxestionario moi coidado: son factores importantes a boa comunicación sobre o método de traballo que se propón e sobre as dificultades ou ánimos cos que cada quen o afronta, a boa argumentación sobre as opcións que se defenden, chegar a un punto de acordo que recolla as expectativas de todos e todas (no posible evita-la saída da votación, que é sempre menos implicada), e plasma-las decisións nun programa concreto de traballo que poida ir sendo avaliado e revisado ó longo do proceso, así como á final do mesmo.

2. O papel da equipa asesora e o papel do grupo de cooperativistas.

A proposta de autoxestión significa unha proposta de relación entre "técnicos" e "clientes" de *simetría* e de *corresponsabilidade*, o que non significa que cumpran ámbolos dous o mesmo papel.

Segundo a tradición da investigación-acción, pódese perfilar o papel dos cooperativistas do seguinte xeito: "A investigación-acción é unha investigación realizada por determinadas persoas sobre o seu propio traballo, co fin de melloraren aquilo que fan, incluíndo o xeito en que traballan con e para outros (...) Considera ás persoas axentes autónomos e responsables, participantes activos na elaboración da súas propias historias e condicións de vida, capaces de seren más eficaces nesa elaboración se coñecen aquilo que fan e capaces de colaborar na construción da súa historia e condicións de vida colectivas. Non considera ás persoas como obxectos de investigación, senón que os alenta a traballaren xuntas como suxeitos conscientes e como axentes do cambio e da mellora" (Kemmis e McTaggart, 1992, p.29).

Este colectivo, en tanto que beneficiario do asesoramento é quen de decidir con máis peso cales son os traballos que quere abordar; e en tanto que grupo de persoas en contacto cunha práctica organizativa concreta, ten moitos criterios de avaliación e validación das análises e das propostas de cambio.

O grupo de cooperativistas non é homoxéneo. Dentro del existen expectativas sobre a cooperativa, opiniós e intereses distintos. Estas diferencias plásmanse nas avaliacións, ás veces contradictorias, que efectúan distintas socias e socios. Tamén distintas, moitas veces, das efectuadas polas técnicas. Estas diferencias son positivas: non parece útil unha verdade para o tratamento dos problemas organizativos. O importante é chegar a un acordo sobre cales da propostas van incorporarse, acordo que pasa pola discusión e argumentación, é dicir, que profundiza na análise. Se entendemos o cambio nas cooperativas como un proceso constante, que non empeza e remata, nin moito menos, no tempo do asesoramento, concebir un *método de avaliación* sobre os resultados das intervencións é fundamental para que as análises e propostas sucesivas estean arqueñetadas coa propia experiencia.

En definitiva, mediante un proceso de discusión colectiva, o grupo cooperativista ten o papel de analizar e dirixi-la propia mellora. ¿Cal é entón o papel da equipa asesora? Pódese especificar a partir do xa enunciado papel de facilitador da aprendizaxe grupal: "A parella coordinadora é aquel subgrupo que coñecendo a técnica operativa e tratando de ter sempre clara e explícita a tarefa, operará para que o grupo poida abordala e resolvela, resolvendo tamén a tarefa implícita que é sempre a resistencia ó cambio" (Laboucherie et al., 1979, p.73).

Desgranando, poderíamos identificar tres niveis de intervención dos técnicos (Lobrot, 1977, p.246):

- a) Como *preceptor non directivo* que leva a cabo actividades de espello e de análise, favorece a análise colectiva.
- b) Como *técnico da organización*, amosa, aplicándoas, un conxunto de técnicas de planeamento, participación, etc.
- c) Como *científico ou investigador* procura compartir-lo seu saber tendendo a esperar a que se lle demande en relación a temas concretos.

O primeiro problema co que nos atopamos para establecermos un *modelo de relación simétrica* entre técnicos e cooperativistas que favoreza o traballo conxunto é o problema da autoridade ligada ó recoñecemento dun saber, que supón un atranco na libre expresión das opinións propias. Tódalas interpretacións, opinións ou puntos de vista expresados polos membros do equipo asesor tenden a ser escotitadas con maior atención e a tomarse en maior consideración cas opinións propias ou ás do resto de compañeiros e compañeiras. Isto é especialmente acuciante cando traballamos con grupos de cooperativistas cun nivel de estudos primario, e tende a reducirse entre universitarios, pero tamén inflúen outras variables como a relación rural/urbano, muller/home, galego-parlantes/castelán-parlantes e mesmo galego popular-parlantes/ galego normativo-parlantes.

¿Como atopamos na nosa experiencia esta relación de autoridade? Os casos de dúas cooperativas poden ilustrarnos. A primeira estaba formada por mulleres con baixo nivel de estudos en xeral, o que se traducía en dificultades para a abstracción e distancia con respecto á nosa lingua xe “culto” e “técnica”, custá-

balles funcionar sen polo de autoridade: sempre nos deixaban sentar nun lugar central, que ademais, nas distintas xornadas sempre era o mesmo lugar; nas avaliaciós dos procesos expresaban moi escuetamente as ideas propias demandando constantemente a nosa opinión; moi poucas veces recollían as ideas das compañeiras e centrábanse máis nas nosas; disculpábanse con frecuencia das súas formas propias de traballar (a lingua, o tono de voz, "nós non sabemos"....); aceptaban as nosas propostas de traballo sen cuestionalas, sen facer as súas propias e dun xeito moi automático.

A segunda cooperativa estaba formada tamén por mulleres pero con titulación universitaria e experiencia de participación en distintas organizacions de base e democráticas, as asesoras eramos integradas como iguais, facendo un traballo moi productivo de análise e de elaboración de propostas de cambio, producto da implicación de todas e da contrastación dos distintos saberes (o seu saber sobre as formas de organización e os problemas detectados na súa cooperativa e o noso saber técnico e doutras experiencias cooperativas con realidades más ou menos semellantes). Aquí as nosas aportacións eran debatidas e no seu caso refutadas ou integradas. Nas avaliaciós do traballo e das dinámicas propostas había moitas aportacións pola súa banda. Tamén estaban moi comprometidas en resolver a súa problemática, sen perder o tempo con outros temas que no momento do asesoramento non eran importantes; é dicir que tiñan unha demanda moi clara cara a nós.

En xeral, para evitar a polarización da autoridade na figura das asesoras e asesores é fundamental coida-las formas en que intervimos, sobre todo cando se trata do que chamamos *devolucións ó grupo*, é dicir, cando aportamos as nosas análises particulares sobre procesos do grupo (interpretación de conflictos, avaliación de prácticas de asemblea ou comunicación, etc.). Para isto poden enunciarse varias regras básicas:

- a) A *distribución das persoas no espacio* ten que reforza-la simetría: relacións multilaterais (cada persoa ve e é vista por tódalas demais, en vez de ver todas ós técnicos, por exemplo), igualación simbólica do valor e o significado de cada espacio (que o máis achegado á pizarra non sexa o espacio de autoridade, ou que non haxa un sillón máis confortable có resto de sillas, etc.), equiparación do nivel sobre a vertical (ou todo o mundo sentado no chan, ou todos sentados en sillas ou todos de pe, evitando que para dirixirse ás persoas haxa que mirar cara enriba ou cara embaixo). Situar-se en círculo meténdose os asesores entre os demais (sen quedaren sempre xuntos, no que podería ser un polo de autoridade), e non fixa-las posicións de xeito que en cada avaliación ou en cada xornada se ocupen posicións diferentes, facilitando así esa simetría espacial.
- b) A *aprendizaxe colectiva* prodúcese coa recollida das opinións e críticas de todos e todas. As intervencións poderán ser matizadas colectivamente. Mesmo que dúas asesoras se contradigan e teña que discutirse o sentido ou as razóns das súas valoracións pode interpretarse como un bo exem-

plo da inexistencia de verdades absolutas, nin de verdades más fundadas ca outras pola autoridade de quen as diga. Antes ca satisface-la *ansiedade* individual por saber, a aprendizaxe é concebida como un proceso de aproveitamento do saber do grupo. Parece claro que preexiste un saber técnico que vén de fóra do grupo: posibilidades legais, métodos de cálculo, coñecemento de experiencias noutras cooperativas... por exemplo. Pero ese saber ten que funcionar como material de traballo para producir unha análise colectiva. Trátase de abrir un espacio para a contrastación, potenciar a capacidade crítica do grupo con respecto ás informacóns que as técnicas poden traer de fóra e mesmo con respecto ás que os propios cooperativistas traen.

- c) As sínteses das análises teñen que toma-la forma de *propostas de acción*: más ca (ou ademais de) expoñer interpretacóns analíticas sobre o grupo (por exemplo dicir que se está a establecer unha relación de dominación dunha persoa sobre o resto do grupo en base á súa estratexia de silenciación ou ridiculización das opinións alleas, ou calquera outra), cómpre proponer a aplicación de técnicas que poidan resolver ou cando menos facer mostra-las problemáticas que o equipo asesor percibe (por exemplo proponer que na discusión esa persoa desenvolva un papel de observadora, restrinxíndoselle momentaneamente a facultade de intervir). A outros niveis de análise as propostas poden ser: a toma de contacto con entidades de intercooperación para favorece-lo intercambio de experiencias concretas, a realización dun regulamento interno, a impresión dun boletín informativo ou a convocatoria dunha festa ou celebración para cooperativistas ou para o contorno máis próximo, segundo o carácter dos problemas identificados.

Outro elemento que reforza a participación activa e corresponsable no proceso son as *dinámicas de integración grupal*. Chamámoslle dinámicas de integración grupal a aquellas dinámicas de grupo que promoven o sentimento de equipo, a cooperación, a confianza ou a coordinación, e que despregan un espacio lúdico onde as formas de relación más orientadas á execución da tarefa, mudan en relacións con más carga de afectividade. A participación plena das monitoras e monitores nestas dinámicas é outro elemento que constrúe a simetría. Normalmente son dinámicas breves que se realizan ó inicio e ó final dalgún outro traballo. Cómpre facer unha avaliación colectiva de cada dinámica para tirarlle tamén un proveito no tratamiento de temas como a cooperación e a integración no grupo.

Insistindo no principio de simetría como modelo de relación, consideramos de utilidade facer explícitos, en calquera momento adecuado para iso, cales son os nosos condicionamentos persoais, ó mesmo tempo que os dos demás: traxectorias de vida, experiencias asociativas, ideoloxía ou cultura... xa que pode axudar a valorar que sentido teñen as aportacións que se verten no curso.

Outra das cuestións fundamentais á hora de abordar o papel das persoas externas á cooperativa que están a desenvolver un papel técnico é o problema da dependencia. Por propia supervivencia no mercado (garantizar a demanda), as asesoras e asesores de calquera rama non tenden a propiciar a autonomía dos seus clientes á hora de resolver, poñamos por caso, problemas similares no futuro. Por contraposición a esta lóxica, a nosa proposta é a de traballar pola *redundancia potencial*: as persoas técnicas teñen que traballar pola súa redundancia, é dicir, fomentar que a análise, a incorporación de técnicas ou novas formas de organización e a avaliación poidan ser realizadas autonomamente polo grupo de cooperativistas, sen a presencia progresiva dos técnicos (Fals Borda, 1985, p.56). Nunhas xuntanzas de asesoramento que non exceden de quince horas totais, ou no mellor dos casos de trinta, esta redundancia pode ser limitada, pero trátase de acadala polo menos nalgúns temas. Para isto propoñemos, por exemplo, que a moderación de tódalas discusións que se dean no proceso sexa realizada rotativamente por membros da cooperativa, facemos prácticas de información, acordos de compromiso na institucionalización de métodos (como a realización de dinámicas de integración) e deixamos tamén material de consulta en soporte escrito.

3. Proceso de negociación nunha relación simétrica entre equipa asesora e cooperativistas.

Acadar que o proceso de asesoramento ademais de constituir un espacio de aprendizaxe e producir solucións efectivas ós problemas de organización das cooperativas (ou cando menos pautas para abordar estas solucións) sexa tamén un proceso democrático e participativo pasa polo establecemento dun momento de negociación. As distintas persoas que van participar no proceso (asesoras, cooperativistas) teñen intereses distintos e mesmo contrapostos ou incompatibles. En primeiro lugar e por establecerse dentro dunha relación de mercado (sexá ou non subvencionado o servicio), a equipa asesora quere que os cooperativistas queden satisfeitos. Desde este punto de vista non habería contradicción nos intereses: supónse que os cooperativistas tamén queren quedar satisfeitos.

Pero por norma xeral conflúen moitos máis intereses. Por exemplo, pola parte das persoas que asesoran poden ser: a) utilizar ó grupo concreto para investigar un tema, experimentar unha técnica e acadar así maior saber e cualificación; b) acadar un recoñecemento profesional, por exemplo despregando en plan demostrativo todo o seu saber e/ou disimulando o que non sabe; c) establecer unha situación cómoda, evitando os conflictos co grupo e/ou deixando pouco espacio para a crítica ó seu traballo; d) propiciar unha relación de dependencia do grupo cara el ou ela que lle poida garantir unha demanda continuada e polo tanto un medio de vida; e) ter un público onde despregar e a quien tentar convencer das propias posicións ideolóxicas; e un longo etc.

Pola súa parte o grupo ou individuos cooperativistas poden ter, por exemplo, intereses coma estes: a) acadar un título ou documento burocrático que se precisa con maior ou menor urxencia; b) conseguir fondos para a cooperativa, se o asesoramento ou a formación está subvencionada e conta con partidas para alugueiro de locais; c) apropiarse de todo o saber técnico para concorrer no mercado ofrecendo un asesoramento similar; d) acadar autonomía para poder prescindir da axuda externa e abaratar custos; e) evitar que sexa cuestionada a forma de relación de poder que está a funcionar na cooperativa para evitar a perda de poder ou os cambios na oligarquía; f) leximir unha forma de organización concreta e predeseñada; g) quedar ben ante a equipa asesora, tentando mostrarse como unha cooperativa modelo; etc.

Como moitos dos intereses posibles aquí relatados non poden ser formulados explicitamente, porque non teñen lexitimidade, pero son defendidos na negociación con outro tipo de argumentos ("este tema é moi interesante e deu moito xogo noutras cooperativas", "eu recomendo abordar esta cuestión que é fundamental" ou "nós non temos problemas dese tipo, ¿verdade que non?"). E no caso de que non saian ben parados na negociación soen "manifestareñse" (aínda que non abertamente) en posicións nas distintas dinámicas de traballo. Por exemplo, pola parte da equipa asesora, cando se ten algúñ indicio de que existe unha ou varias persoas na cooperativa que son acaladas polas demais, propoñendo unha dinámica desveladora desta situación e pola cal se da o protagonismo e a palabra a esta ou estas persoas, aínda que non estivera contemplado na demanda do grupo. Da parte do grupo cooperativista, cando mediante unha dinámica sae a luz algúñ "trapo sucio" que alguén quere ocultar, pode dicir "este tipo de xogos parécenme unha chorrrada" ou "non sirven para nada" e negarse ou mesmo boicotear a autoanálise).

Polo exposto ata agora queda claro que proponer unha relación simétrica entre equipa asesora e cooperativistas non significa defender que sexan iguais: teñen diferentes saberes, diferente posición ante a cooperativa e diferentes intereses. Do que se trata é de favorecer un espacio de intercambio, de negociación e de traballo común onde a relación entre estos saberes e estos intereses non sexa de aplastamento ou sometemento duns polos outros, senón de acordo mutuo.

Resolver a diferencia de intereses cun plan de traballo co que poida acadarse o maior beneficio para tódalas partes facilita e fai más fructífero o proceso de asesoramento. Na nosa experiencia tiramos moito máis proveito do asesoramento, tanto nós coma o grupo cooperativista, naquelhas cooperativas nas que existía unha maior coincidencia na preferencia polos métodos de traballo participativos e implicados, nas que se ten unha demanda explícita clara e comprometida e que ademais non entra en contradicción con demandas implícitas (os pactos organizativos son maiormente explícitos). Pola contra, cantos máis inte-

reses confrontados e implícitos haxa entre os propios cooperativistas ou entre eles e a equipa asesora, máis resistencias atopamos ó proceso de asesoramento, á análise e ó cambio.

4. O problema da comunicación: niveis de linguaxe, análise vivencial e devolución con propostas.

En moitas ocasións as propostas ou explicacións das asesoras e asesores non son comprendidas polos cooperativistas, quen toman as decisións en base á confianza que depositan no consello externo. É moi necesario o esforzo por traducir a linguaxe técnica a *niveis de linguaxe* que faciliten a comprensión por parte dos cooperativistas. Non se trata só de empregar conceptos de uso común na medida en que se poida, senón de facer exposicións ilustrativas, con exemplos concretos, coidar o formato para que a ordenación da información facilite a súa aprehensión e mesmo empregar técnicas periodísticas, bandas deseñadas, ou o que proceda en cada contexto.

En relación a este problema atopamos frecuentemente dificultade para a abstracción e a análise das situacións e das posibilidades. No programa de asesoramento organizativo propoñemos dinámicas vivenciais que fan visibles e palpables os conceptos e análises das que estamos a partir. Como nos gusta dicir a nós, que anclan os conceptos na experiencia práctica e así os cargan de sentido concreto. Por exemplo, desenvolvemos unha dinámica colectiva de cooperación-competición, ou de comunicación e, unha vez rematada a dinámica, onde se despregaron actitudes, relacións e situacións que son xeralizables na experiencia cotiá, abrimos un espazo de avaliación para tirarlle un sentido máis xeral como ¿que condicións facilitan a cooperación ou a comunicación? ou ¿en que se parece esta situación a outras vividas na cooperativa ou fora dela?. As avaliacións son participativas: cada quen explica coas suas propias palabras o que lle pareceu a dinámica, de que cousas se deu conta ou que lle sorprendeou, etc. É frecuente que as persoas que formamos a equipa asesora recollamos as expresións verquidas no grupo nas nosas avaliacións e nas sistematizacións consensuadas finais.

Outro punto a abordar é o método da *devolución da información* en forma de *propostas concretas de acción*. Tivemos dúas experiencias nas que o grupo de traballo do asesoramento estaba formado só polo consello rector e, en determinado momento, fixose preciso comunicarlle ó resto das socias e socios o que se estaba a estudiar. Nun destes casos, despois de moita discusión e intercambio entre consello rector e asesoras tiramos en limpo a identificación dun número de problemas e unha proposta de organización cunha serie de puntos relativos á división das tarefas, rotación, etc. En asemblea xeral presentóuseelle ó grupo amplio de cooperativistas a proposta para a súa aprobación, modificación ou rexeitamento. A partir de aí fixose unha discusión sobre a proposta en grupos reducidos, así como un traballo para solucionar algúns dos aspectos que quedara sen atar. Destas discusións en grupos reducidos xurdiron algunas opinións

sobre novos problemas que a proposta podía xerar, pero en definitiva foi asumida pola cooperativa.

As avantaxes que presenta este tipo de devolución da información, en forma de propostas concretas de acción que poidan ser discutidas polo grupo, é que se discute sobre elementos más concretos ca se se propuxera, por exemplo, un debate sobre a identificación de problemas. Orienta moito máis o traballo de discusión e decisión colectiva.

5. Dificultades que implica unha dinámica autoxestionaria para o asesoramento organizativo e vantages que proporciona.

Existen sobre todo dous tipos de dificultades segundo teñan que ver coas etapas polas que pasa unha formación e unha análise autoxestionaria, por unha parte, ou coas resistencias e atrancos que dificultan ou demoran o proceso, pola outra.

Cando o programa de asesoramento organizativo é concebido como un curso, as expectativas en relación ó equipo asesor son similares ás expectativas habituais depositadas sobre un profesor: que sexan quen lles formulen e resolván problemas, que lles ofrezan técnicas e valoracións, que sexan quen marquen as regras e formas de funcionamento e avaliación, que traten os temas teóricamente e con exemplos prácticos, etc.

Por iso a reacción ante unha proposta de autoxestión sempre ten certas doses de desconcerto: dunha banda a creba das expectativas supón un choque; doutra requírese certo tempo para reconstruí-lo marco de relacións, en especial co equipo asesor, e tamén para assumir un papel máis responsable e activo no proceso; por último, todo este tempo destinado a poñer en marcha o asesoramento nas súas tres dimensións (formación, autoanálise e intervención) considerase unha perda de tempo e esta perda de tempo produce angustia ("eu o que quero e que deixemos xa de tanto falar e principiemos dunha vez").

Principia-lo proceso cunha etapa de angustia supón nun asesoramento deste tipo o risco de interrupción. Se a esta dificultade derivada do método de traballo lle superpoñemos, a nivel dos contidos, a dificultade anteriormente comentada sobre a resistencia á autoanálise das relacións informais, o risco pode ser aínda maior. Por iso cómpre comezar, salvo demanda contraria, polos aspectos más formais e ir pouco a pouco afondando nos propios modos de resolución de conflictos, comunicación ou división informal de tarefas, nun proceso que sexa paralelo ó da apropiación da dinámica do asesoramento e ó da construcción dunha relación de confianza co equipo asesor.

Se esta primeira etapa de angustia e de resituación se soluciona cunha proposta corresponsable de traballo, todo o tempo aparentemente perdido nas etapas anteriores recupérase rapidamente centrando os temas de interese, e buscando a validación pola práctica de tódalas técnicas propostas. Este proceso de autoxestión é asumido con menos dificultades polos cooperativistas ca por ou-

tos colectivos, polo seu grao de habituación á dinámica asemblearia. Cabería tamén sinalar que con este método a crítica ás ideas e ás funcións dos asesores é moito máis frecuente ca na relación maxistral, é dicir, que potencia esa crítica e, polo tanto, contribúe á mellora do papel dos asesores en tanto que facilitadores da emerxencia dos problemas prácticos reais.

Con respecto ás resistencias e atrancos que dificultan ou demoran o proceso, cabería sinalar algunas das expresións destas resistencias que, pensamos, teñen a súa orixe na disonancia de intereses implícitos que comentabamos no apartado terceiro:

- a) Defensa da integridade e identidade do grupo fronte ó grupo de asesores, identificado como elemento externo e pernicioso: exprésase un rexemento a seren tratados como coellos de indias "a investigar" polos expertos, témesse o risco que acarreta a intervención exterior en tanto que poña en evidencia as debilidades do propio grupo.
- b) Sabotaxe á análise e á autoanálise con desimplicación, ironía, intervencións que desvirtúan o proceso, etc.
- c) Traballo en prol da relación profesor/alumno, coa conseguinte descarga de responsabilidade e, consecuentemente, demanda de autoridade.

A pesar destas dificultades, e mesmo tendo en conta que moitas delas son difíciles de salvar sen desvirtua-lo carácter autoxestionario que está na base do método e, polo tanto, que imos ter que aprender a convivir con elas, a autoxestión preséntase como unha condición da análise e da intervención. Sen a participación e a implicación de tódalas socias e socios non é posible un programa de asesoramento de carácter práctico, é dicir, que se oriente a posibilita-lo cambio organizativo, por pequeno que sexa, como fórmula de mellora e de aprendizaxe sobre a organización. Así, as decisións tomadas nas xornadas de asesoramento teñen a miúdo o mesmo carácter vinculante cás tomadas nas asembleas xerais (ás veces porque son asembleas reais, outras porque se establecen compromisos de organización, ou se institúen figuras como a do moderador ou moderadora) e polo tanto teñen que ser participativas e democráticas.

Por outra banda, se na pedagogía orientada a outras materias (por exemplo ó ensino regrado) se constatan os beneficios dunha fórmula autoxestionaria en tanto que engade coñecementos sobre as relacións sociais, a colaboración e a autoanálise crítica (Lobrot, 1977; Kaepelin, 1986), parece que traballar a participación activa e facelo en cooperativas *autoxestionarias* sen incorporar esta fórmula entraría en contradicción co propio contido do traballo.

Elaborar un temario que non parta das necesidades sentidas ou que non tome en conta as dificultades de aplicación práctica das propostas realizadas supón deixar que sexa o azar quen determine o grao de aproveitamento tirado en cada cooperativa. Noutras palabras, calquera avaliacián será en termos de "acerto" ou "desacerto". Pola contra, proponer un temario e sometelo a decisión e avaliacián colectiva, fomenta-la autoanálise e traballar sobre a toma de

compromisos concretos implica unha aprendizaxe sistemática, co fio conductor da "validación práctica" (isto significa que tanto as persoas asesoras como as socias ábreñse a iren validando hipóteses sobre a súa realidade a partir de prácticas e exercicios concretos: Martínez, 1996, p.31-35; Villasante, 1995, p.203). Noutras palabras, trátase de analizar e contrasta-las propostas: "esta sirvenos", "esta non nos sirve", e mesmo de crear alternativas introducindo modificacóns, etc.

Bibliografía:

- Fals Borda, O., (1985), '*Conocimiento y poder popular. Lecciones con campesinos de Nicaragua, México, Colombia*', S.XXI-Punta Lanza, Bogotá.
- García, V, Lorenzo, A., (1995), 'Cultura organizativa nas empresas galegas da economía social', *Cooperativismo e Economía Social*, n° 12, p. 23-39.
- Kaepplin, O., (1986), 'Enseñanza y análisis institucional', en D.Huisman (dir.), '*Psicología social*', Plaza & Janés, Barcelona.
- Kemmis, S., McTaggart, R., (1992), '*Cómo planificar la investigación-acción*', Laertes, Barcelona.
- Labrucherie, N. et al., (1979), 'Roles de coordinador y observador en grupos operativos', en AA.VV., '*Psicología y sociología de grupo*', Fundamentos, Madrid.
- Lobrot, M., (1977), 'Para una pedagogía institucional', en G. Lapassade, '*Grupos, organizaciones e instituciones*', Granica, Barcelona.
- Lorenzo Vila, A. e Martínez López, M. (1996), '*Autoxestión cooperativa: manual de organización e participación en sociedades cooperativas*', Federación de Cooperativas Sinerxia/Xunta de Galicia, sen editar.
- Martínez López, M., (1996), 'La metodología de investigación-acción-participativa en los Movimientos Sociales', Second European Conference on Social Movements, Vitoria-Gasteiz.
- Santos Castroviejo, I., (1995), 'As empresas de democracia laboral en Galicia', *Cooperativismo e Economía Social*, n° 12, p. 3-22.
- Villasante, T.R., (1995), '*Las democracias participativas. De la participación ciudadana a las alternativas de la sociedad*', HOAC, Madrid.

OS TRABALLADORES, O CAPITALISMO E A PROPIEDADE COLECTIVA COMO ESTRATEGIA DE SUPERVIVENCIA E DE SOCIEDADE: RASTREANDO O DEBATE HISTÓRICO.

Lia Vargas TIRIBA

Universidade Federal Fluminense-Brasil

SUMARIO: A autora reubica o conxunto de iniciativas económicas e sociais realizadas polas clases populares nos países do Terceiro Mundo no proceso de loita das mesmas sociedades para a transformación social e o novo desenvolvemento. Mais concretamente o obxectivo do artigo é reflexionar sobre os desafios e límites das estratexias populares de supervivencia no Terceiro Mundo. O artigo está estruturado en catro partes diferenciadas. En primeiro lugar aborda a proximación marxista ó tema do "traballo, a propiedade e a enaxenación", recalando que nas condicións impostas polo capital o produtor non domina nin o proceso nin o obxecto da produción. En segundo lugar, a autora aborda as experiencias de traballo asociado no interior dos países capitalistas do Terceiro Mundo, sintetizando a súa complexidade nunha esclarecedora afirmación de Kabunda: "aínda pode existir a vida en África, gracias á capacidade creativa dos africanos para desenvolver estratexias populares de supervivencia". Na análise empírica das experiencias asociativas no Brasil remarca os esforzos cualitativos de articulación que están a realizar algunas destas iniciativas populares. Analiza posteriormente o pensamento marxista que insiste no valor referencial da toma do poder político polo proletariado para cimentar a unión dos traballadores. A autora aborda, neste sentido, a natureza da xénese dun novo modo de produción no interior do antigo e no conxunto da historia da humanidade, para aplicar esta lóxica ó nacemento e desenvolvemento do socialism no interior do capitalismo. En terceiro lugar aborda a formulación dada polo pensamento social-demócrata europeo á análise destas experiencias asociativas no interior do capitalismo, revisando formulación marxista segundo a cal "non se pueden transferir os medios de produción ó dominio da comunidade sen estar en posesión do poder político", porque as diferentes unidades productivas están suxeitas ás leis do intercambio capitalista. En cuarto lugar, reubica os límites e desafios da socialización da produción no ámbito do capitalismo, xerando un novo discurso que, por unha banda, defende que a autoxestión obrera consiste na participación directa dos productores/as na toma de decisións básicas na empresa e, por outra, precisa que a calidáde dos movementos populares acarreta como presuposto a conquista do poder do Estado. En coherencia coa lóxica exposta, a autora enfatiza que a organización dos traballadores/as para xestionaren eles mesmos os rumbos da produción é parte integrante dos chamados "novos movementos sociais"; "redefine a calidáde total" como a necesidade de repensar o contido e a organización do traballo; e trata de dar unha orientación a estas estratexias de supervivencia para que se consoliden como estratexias de vida.

SUMARIO: La autora reubica el conjunto de iniciativas económicas y sociales realizadas por las clases populares en los países del Tercer Mundo en el proceso de lucha de esas mismas sociedades para la transformación social y el nuevo desarrollo. Más concretamente el objetivo del artículo es reflexionar sobre los desafíos y límites de las estrategias populares de supervivencia en el Tercer Mundo. El artículo está estructurado en cuatro partes diferenciadas. En primer lugar aborda la aproximación marxista al tema del "trabajo, la propiedad y la enajenación", recalando que en las condiciones impuestas por el capital el productor no domina ni el proceso ni el objeto de la producción. En segundo lugar, la autora aborda las experiencias de trabajo asociado en el interior de los países capitalistas del Tercer Mundo, sintetizando su complejidad en una esclarecedora afirmación de Kabunda: "aunque puede existir la vida en África, gracias a la capacidad creativa de los africanos para desarrollar estrategias populares de supervivencia". En el análisis empírico de las experiencias asociativas en Brasil remarca los esfuerzos cualitativos de articulación que están realizando algunas de estas iniciativas populares. Analiza posteriormente el pensamiento marxista que insiste en el valor referencial de la toma de poder político por el proletariado para cimentar la unión de los trabajadores. La autora aborda, en este sentido, la naturaleza de la génesis de un nuevo modo de producción en el interior del antiguo y en el conjunto de la historia de la humanidad, para aplicar esta lógica al nacimiento y desarrollo del socialismo en el interior del capitalismo. En tercer lugar aborda la formulación dada por el pensamiento socialdemócrata europeo al análisis de estas experiencias asociativas en el interior del capitalismo, revisando la formulación marxista según la cual "no se pueden transferir los medios de producción al dominio de la comunidad sin estar

en posesión del poder político", porque las diferentes unidades productivas están sujetas a las leyes del intercambio capitalista. En cuarto lugar, reubica los límites y desafíos de la socialización de la producción en el ámbito del capitalismo, generando un nuevo discurso que, por un lado, defiende que la autogestión obrera consiste en la participación directa de los productores/as en la toma de decisiones básicas en la empresa y por otra necesita que la calidad de los movimientos populares acarree como presupuesto la conquista del poder del Estado. En coherencia con la lógica expuesta, la autora enfatiza que la organización de los trabajadores/as para gestionar ellos mismos los rumbos de la producción es parte integrante de los llamados "nuevos movimientos sociales"; "redefine la calidad total" como la necesidad de repensar el contenido y la organización del trabajo; y trata de dar una orientación a estas estrategias de supervivencia para que se consoliden como estrategias de vida.

SUMMARY: The authoress re-situates the whole of the economic and social initiatives carried out by the popular classes in Third World countries in the process of the struggle of these same societies for social transformation and new development. More exactly, the objective of the article is to reflect on the challenges and limits of popular strategies of survival in the Third World. The article is structured in four different parts. Firstly it tackles the Marxist approach to the subject of work, ownership and alienation, underlining that under the conditions imposed by the capital the producer does not control either the process nor the object of production. Secondly the authoress tackles the experiences of associate labour in the interior of the capitalist countries of the Third World., synthesizing its complexity in a revealing statement by Kabunda life can still exist in Africa thanks to the creative capacity of the Africans to evolve popular strategies of survival. In the empirical analysis of associative experiences in Brazil she draws attention to the qualitative efforts at articulation that some of the popular initiatives are carrying out. She then analyses the Marxist thought that insists on the referential value of the seizure of political power by the proletariat to cement the union of the workers. The authoress approaches in this way the nature of the genesis of a new mode of production in the interior of the older one and in the whole history of humanity, to apply this logic to the birth and development of socialism in the interior of capitalism. Thirdly she tackles the formulation given by European social -democratic thought to the analysis of these associative experiences in the interior of capitalism, revising the Marxist formulation according to which the means of production cannot be transferred to the dominion of the community without being in possession of political power because the different productive units are subject to the laws of capitalist exchange. Fourthly, she re-situates the limits and challenges of the socialization of the production within the field of capitalism, generating a new discourse which, on the one hand, defends that worker self-management consists in the direct participation of the producers in the basic decisions made in the company, and, on the other hand, states that the quality of popular movements implies the conquest of the power of the state. In coherence with the logic expressed, the authoress emphasizes that the organization of the workers, so that they themselves manage the course of production, is an integral part of the so called new social movements; it redefines the total quality as well as the necessity of rethinking the content and organization of work; and it tries to give an orientation to these survival strategies so that they consolidate to become strategies for living.

1. Introducción.

Dado o aumento significativo do desemprego, acentuado polo proceso de reestructuración productiva e de globalización da economía, foron moitas as iniciativas de xeración de traballo e de renda, de carácter asistencialista (e utilitarista), promovidas tanto polo goberno como polos empresarios. Por parte dos traballadores e da población excluída, as iniciativas autónomas -individuais ou colectivas- foron moi variadas. Entendida coma o conxunto das experiencias e as actividades emprendidas polos sectores populares para obter a satisfacción das súas necesidades básicas, a economía popular presentouse de forma bastante heteroxénea e diferenciada internamente: drogas, prostitución, comercio ambulante, recollida e venda de chatarra, servicios domésticos, organización de hortas comunitarias, pequenos negocios de carácter familiar, formación de grupos de producción, de cooperativas...¹. Sen embargo, anque ate-

1. De acordo co 'Dominum- Informativo de Cooperativas' (abril-maio 1996) créanse de 4 a 6 cooperativas mensualmente en Rio de Janeiro. É importante resaltar que neste número non están incluídas aquellas que actúan no mercado informal e que, consecuentemente, non formalizaron a súa peticIÓN de rexistro.

núen a contradicción capital-traballo, sabemos que a meirande parte destas experiencias non representan necesariamente o "novo", unha vez que, de algúñ xeito, reproducen o vello espírito capitalista de producir a riqueza en beneficio propio. Outras experiencias, de carácter colectivo e inspiradas nos principios do "cooperativismo popular", crearon novas formas de comprender o económico, conformando os xérmolos dunha nova cultura do traballo, na que o traballo ademais de ser o instrumento lexítimo para suplir as necesidades materiais humanas, representa tamén un elemento do proceso de constitución do traballador como home integral, como ser capaz de crear permanentemente o mundo no seu entorno.

Considerando o actual escenario no que o traballo asalariado vén perdendo a súa centralidade nas relacións entre capital e traballo, o obxectivo deste estudio é reflexionar sobre os desafíos e límites das estratexias populares de supervivencia e de subsistencia concretados hoxe na organización e xestión de pequenas unidades productivas nas que os medios de producción son propiedade dos traballadores. Considerando a producción asociada como un dos elementos necesarios do axuste do capital e, ó mesmo tempo, como parte integrante dos movementos populares do chamado Terceiro Mundo, ¿cal foi para os traballadores o significado da propiedade colectiva no seo do capitalismo?. ¿En que medida a xestión da producción polos mesmos traballadores pode ser parte integrante dun proceso maior de transformación social?. ¿Como se sitúan as iniciativas populares de xeración de autoemprego fronte á dicotomía reforma/revolución?. Para tratar sobre a relación entre o local e o global como unha das dimensíons da complexa realidade da producción asociada, presentaremos o noso estudio, dividido en catro partes, a seguir: a) algúns supostos de Marx en canto á relación entre traballo, propiedade e enaxenación; b) o pensamento de Marx sobre a producción asociada e a súa relación coas formas alternativas actuais de xeración de traballo e renda no Terceiro Mundo; c) o debate "reforma ou revolución" no seo do movemento socialista: a cuestión da propiedade e das cooperativas de producción nos programas da socialdemocracia alemana; a crítica de Bernstein a Marx; a resposta de Rosa Luxemburgo ós revisionistas e d) os límites e desafíos da socialización da producción no contexto do capitalismo.

2. Traballo, propiedade e enaxenación.

Historicamente, a cuestión da propiedade e da xestión da producción polos traballadores mesmos deu lugar a polémicas no interior dos movementos populares. O feito é que ó longo da historia do capitalismo industrial, desde o século XIX ata a actual fase de desenvolvemento das forzas productivas, os traballadores constituíron por iniciativa propia unidades productivas de tipo familiar, asociativo e micro empresariais como forma alternativa de traballo e supervivencia. Coa actual reestructuración productiva necesaria ó axuste do capital, crecen en cantidade e calidade estas clases de experiencias, que adoitan chamárense "cooperativas", "producción comunitaria", "autoxestión", "grupos de pro-

ducción”, etc. Antes de analizar o contexto en que se producen hoxe estas experiencias cremos que é preciso recuperar algunas ideas e conceptos marxianos, sen os que se torna imposible polemizar sobre a propiedade dos medios de producción como un elemento de “reforma ou revolución” no proceso de emancipación dos traballadores.

De acordo con Marx, independentemente de tódalas formacións sociais, o traballo é o elemento definidor do modo de ser dos homes e, a un tempo, unha condición da propia existencia humana. Regulando e controlando o metabolismo do home coa natureza, o traballo como creador de valores de uso e como actividade humana socialmente determinada, modifica a propia natureza humana. Como categoría histórica, concrétase de diferentes maneiras no tecido das diferentes formacións sociais, cobrando en cada unha delas distintos significados nos planos ontolóxico, ético e económico. Para Marx e Engels a forma de propiedade dos medios de producción é un principio que determina as relacións que os homes establecen no proceso de producción e, polo tanto, exercen un papel fundamental no complexo sistema de clases sociais. Así como a revolución francesa aboliu a propiedade feudal en proveito da propiedade burguesa, tódalas relacións de propiedae sufriron constantes cambios ó longo da historia da humanidade; son as transformacións da propiedade -na súa forma tribal, comunal asiática, antiga clásica, xermánica, etc.- as que caracterizan basicamente as diferentes formacións sociais².

A diferencia doutras formacións, no capitalismo a condición fundamental para a creación do valor é que o traballador sexa libre, é dicir, “libre” para vender o único ben que posúe: a súa força de traballo -capacidade de mans, músculos e cerebro para transformar a natureza. Marx sinala que na produción de valores, baixo as condicións impostas polo capital, o traballo tórnase un sacrificio e extraño ó traballador, pois o traballo do obreiro non só produce mercancías, senón que tamén se reproduce a si mesmo como mercancía. Se a medida do valor da mercancía é o tempo de traballo socialmente necesario para a súa produción, tamén o valor do traballo-mercancía segue a mesma lóxica: a súa medida é o tempo de traballo socialmente necesario para a produción dos medios de subsistencia do traballador. Baixo a coerción e o control capitalista, o proceso de traballo convértese no instrumento do proceso de valorización do capital, nun proceso de creación de plusvalía.

A realización do traballo (obxectivación) e o producto do traballo (traballo obxectivado) preséntanse como desrealización, como separación do producto do seu productor. O estrañamento do traballador materialízase en diferentes dimensións: a) en relación ó producto do seu traballo, o que non lle pertence e ademais é “un obxecto alleo e que o domina”; b) en relación ó proceso de pro-

2. Para a análise das relacións de propiedade, ademais do concepto de propiedade, é necesario considerar o concepto de ‘posesión’, que significa o exercicio efectivo da propiedade e dos dereitos de propiedade independentemente da propiedade xurídica. Vér Bottomore (1993, p.304).

ducción, como "unha actividade que non lle pertence, independente del, dirixida contra el".

Destes dous aspectos do estrañamento, Marx extrae outras consecuencias: ademais da enaxenación do home coa natureza, a enaxenación do home respecto do home. Para el, a contradicción fundamental do capitalismo radica na contradicción entre o carácter social da produción e o carácter individual da apropiación dos bens producidos, e neste sentido indica a interacción recíproca entre propiedade privada e traballo enaxenado pois "anque a propiedade privada aparece como fundamento, como causa do traballo enaxenado, é máis ben unha consecuencia do mesmo" (Marx, 1995, p.166). Noutras palabras, a propiedade privada é producto do traballo enaxenado e, a un tempo, é o medio a través do que o traballo é enaxenado. A propiedade privada dos medios de produción, ó representar a propiedade dos medios de produción da existencia humana, torna ó home extraño á natureza e a si mesmo.

O *Manifesto* de 1848 indicaba que a condición esencial da dominación no capitalismo é a acumulación da riqueza en mans de poucos, asegurada pola propiedade privada burguesa que "é a última e más acabada expresión do modo de produción e de apropiación do producido baseado en antagonismos de clase, na explotación dos uns polos outros". O documento, que fora encargado redactar a Marx e a Engels pola Liga dos Comunistas, afirma que, na súa forma actual, a propiedade dos medios de produción móvese no antagonismo entre capital e traballo asalariado, e que neste sentido o trazo distintivo do comunismo non é a abolición da propiedade en xeral, senón a abolición da propiedade burguesa" (Marx e Engels, 1973, p.50-1).

Recuperando o sentido subxectivo da propiedade privada como marco da sociedade capitalista e a posibilidade da súa superación, os *Manuscritos* enfatizan que

"A propiedade privada fixonos tan estúpidos e unilaterais que un obxecto só é noso cando o temos, cando existe para nós como capital ou cando é inmediatamente posuído, comido, bebido, vestido, habitado, en resumo, utilizado por nós (...) En lugar de tó dolos sentidos físicos e espirituais apareceu así a simple enaxenación de todos estes sentidos, no sentido de ter. (...) A superación plena da propiedade privada é por iso a emancipación plena de tó dolos sentidos e cualidades humanas; pero é esta emancipación precisamente porque todos estes sentidos e cualidades fixérонse humanos, tanto no sentido obxectivo como subxectivo (...). Necesidade e goce perderon con iso a súa natureza egoísta e a natureza perdeu a súa pura utilidade, ó convertiren a utilidade en utilidade humana" (Marx, 1995, p.148-9).

A abolición da propiedade privada e, por ende, a socialización dos medios de produción representan condicións necesarias e indispensables do proceso de construción do socialism, de desenaxenación do traballo e do home. En verade, o concepto de propiedade privada ten dous significados que, anque distintos, se relacionan dialécticamente. Ademais da propiedade privada dos me-

dios de produción como un feito económico e xurídico, Marx tamén comprende a propiedade privada no seu sentido filosófico: "unha actitude xeral para coa vida caracterizada polo desexo de posuir un obxecto (ou unha persoa reducida a cousa) para poder disfrutar del, apropiarse del" (Bottomore, 1993, p.342). Como consecuencia do feito económico, a propiedade privada no seu sentido filosófico representa a posibilidade doutra lóxica de socialización dos individuos, caracterizada polo pleno desenvolvemento da capacidade creativa e demais potencialidades humanas e, por suposto, polo desenvolvemento do *sentido de ser* en detrimento do *sentido de ter*.

3. O capitalismo real hoxe, Marx e os traballadores libres asociados.

Despois de sintetizar as concepcións de Marx sobre traballo, enaxenación e a súa relación coa forma de propiedade dos medios de produción, agora cábe-nos reflexionar sobre a proliferación de experiencias de produción asociada, considerando as contradiccións norte-sur e, por ende, o agudizamento da pobreza nos países do Terceiro Mundo.

Referíndose á situación de extrema pobreza producida pola política económica internacional, Kabunda di que áinda pode existir a vida en África gracias á capacidade creativa dos africanos para desenvolver estratexias populares de supervivencia: o fraude, o contrabando, as caixas de aforro colectivas e de axuda mutua, a socialización dos medios de produción... ou mesmo a emigración. Para non morrer de fame, as fontes de ingreso distintas das subministradas polo sector formal asalariado son das máis variadas:

"O máis frecuente é que o obreiro, sen recursos, procure desesperadamente sobrevivir mediante o roubo do instrumento de produción e de pezas de recambio na empresa onde traballa, para instalarse como pequeno productor independente. (...) A materia prima conséguese clandestinamente a través dos obreiros dunha empresa privada, que venden os productos de mellor calidade que os que se poden conseguir legalmente no mercado oficial, tras esperar moito tempo. (Kabunda, 1994, p.130).

De acordo co estudio realizado en África en 1986 pola Organización Internacional do Traballo (OIT), en Lubumbashi, que ten aproximadamente 800 mil habitantes, existen 14.945 pequenas empresas socializadas, que son responsables da supervivencia de 120 mil familias (Kabunda, 1994, p.30). Tamén en Brasil un dos factores da atenuación das pésimas condicións de vida da poboación foi a socialización da produción, cun contexto no que tamén é preciso situármونos.

En Brasil, en 1990, máis da metade da poboación economicamente activa (perto de 35 millóns de persoas) xa traballaban en iniciativas laborais con ata 10 traballadores, o que nos indica que no proceso de globalización da economía, a reestructuración productiva estivo marcada pola tendencia dun modelo de desenvolvemento que xa non está centrado na gran empresa, como fora no

periodo 1950/1980³. Segundo Murray (en Antunes, 1995, p.20), a realidade actual desafía a tese de que a centralización progresiva e a concentración do capital esixen necesariamente a concentración da produción nun mesmo espacio físico, pois a productividade agora queda garantida coa articulación, vía informática, das diferentes unidades da empresa-nai e desta coas pequenas e medianas empresas. Tamén é preciso considerar que a proliferación de pequenas unidades de producción, ademais de expresión dos novos paradigmas da producción, é a manifestación das contradiccóns entre capital e traballo, aceleradas e agudizadas pola nova orde mundial, que presupón o desmonte do Estado⁴. Noutras palabras, o desemprego e o subemprego crecentes son os móbiles para a busca de formas alternativas de supervivencia -entre elas a formación de cooperativas e grupos de producción xestionados polos mesmos traballadores.

De acordo co "Mapa dos Desvalidos" de 1994, en Brasil, dos 150 millóns de habitantes, 32 millóns de brasileiros pasan fame e case un 70% da poboación non se alimenta o suficiente para ter saúde e unha vida digna. A "Acción da Cidadanía Contra a Miseria e Pola Vida"⁵, reunindo ó goberno e á sociedade, xa indicaba en 1993 a necesidade de, ó menos, 9 millóns de novos empregos para atenuaren a situación de pobreza en que vive a poboación brasileira. Para iso, ademais de suxerir alternativas de supervivencia inmediata (doazóns, programas alimentarios, etc.), estimulaba a mobilización popular para crear formas xeradoras de traballo, entre elas a formación de pequenas unidades de producción de tipo artesanal e industrial. Desde entón, a 'Acción da Cidadanía' conseguiu sensibilizar e mobilizar miles de persoas ó redor do país: os veciños organizáronse para construír os seus fogares de seu, para producir o pan (e así non ter que compralo), as mulleres confeccionan bisuterías, organízanse obradoiros de costura; nais, pais e fillos traballan hortas comunitarias da veciñanza... (PACS, 1995). Para tentar de sobrevirvir as iniciativas son moi distintas, a creatividaddé é o que os mantén vivos. Sen embargo, as iniciativas autónomas dos traballadores -que se constitúen tanto como traballo sumerxido, sexa legal ou ilegal, formal ou informal⁶- son anteriores á Acción da Cidadanía, pero teñen a

3. Datos extraídos da revista Proposta, de decembro de 1994: número dedicado á análise das experiencias brasileiras xeradoras de traballo e de ingresos.

4. Como consecuencia do proceso acelerado de desmonte do Estado, xurdiron diversas cooperativas de traballadores en Rio de Janeiro. Entre elas citamos: COOPBONDE, Cooperativa dos Traballadores do Tranvía de Santa Teresa; METROCOOP, Cooperativa dos Traballadores do Metro; Cooperativa dos Recolledores de Lixo; COOPMAR, Cooperativa Mixta de Traballo e Producción dos Marítimos.

5. O 'Mapa dos desvalidos' foi resultado dun estudio feito en 1994 por IBGE, Istituto Brasileiro de Xeografía Estatística, por solicitude da 'Acción da Cidadanía contra a Miseria e pola Vida'. Esta campaña é coordinada por Herbert de Souza (Betinho), un dos directores de IBASE, organización non gubernamental que actúa en Brasil.

6. Os diferentes conceptos 'traballo negro', 'traballo clandestino', 'oculto', etc. non esgotan todos os casos de tarefas xeradoras de ingreso que constitúen a economía sumerxida ou informal. Ademais, de acordo con PAHL, cómpre suliñar que mentres existe un ámbito de diversidade xeral do traballo que pode ser comprendido baixo o termo de 'informal', existe unha única economía cun-

pobreza como base da súa natureza. A partir da década dos 80, como resultado da crise económica, ademais do gran número de experiencias campesiñas, proliferou o número de procesos industriais/artesanais e de produción de servicios, nos que os traballadores asociados convertíronse nos seus dirixentes. Outra circunstancia na que os traballadores trocaron en propietarios dos medios de produción foi cando, despois dun longo proceso de loita para garantizar os seus dereitos laborais, conseguén que o control do capital social das industrias ó borde da creba sexa transferido ás súas mans⁷. Ademais do crecemento cuantitativo, é importante considerar o crecemento cualitativo do movemento asociativo. Sexa pola apropiación ou pola creación de formas xeradoras de traballo e renda, os seus emprendedores comprenderon que xa non é posible manter o ailamiento das súas experiencias, senón que cómpre articulalas mediante proxectos comúns capaces de dar consistencia á economía popular, transformándoa na economía política dos traballadores⁸.

Os fenómenos de 'apropiación da fábrica' e da socialización da produción hoxe deben ser comprendidos no contexto da loita dos traballadores non só para garantizar os seus antigos postos de traballo, senón tamén para crear outras formas xeradoras de traballo e de ingresos. Ademais, ¿que é o que significa isto?. De acordo con Marx, unha das condicións para a formación do capital é que os traballadores sexan os propietarios da súa força de traballo; a capacidade dos seus músculos e cerebros para crear máis valores que o valor investido polo capitalista, é a única propiedade que o obreiro posúe no proceso de produción. Así, a peculiaridade das pequenas (e pequenísimas) unidades produtivas xestionadas polos mesmos traballadores radica en que, se ben o capitalismo creou novas formas de reorganización da produción para superar a crise da forma clásica de acumulación do capital, a 'clase-que-vive-do-traballo' buscou formas alternativas de supervivencia que contrarián a propia lóxica do capital⁹. Se, por unha banda, tentar garantizar os medios de subsistencia é o

único sistema de circulación monetaria e un único sistema bancario, e non é necesario postular unha economía informal separada da denominada formal (en Prieto, 1994, p.256). Tamén sobre o 'formal' e o 'informal' e a súa relación coas teorías da crise e do cambio social ver Bagnasco (1983).

7. Entre as empresas con accións que foron transferidas ós traballadores como resultado da negociación cos antigos propietarios, podemos citar, entre outras, Remington, CBCA, Cobertores Paraíba, Makerli, Matarazzo, Haga Ferragens, Faet e outras. Ver Tiriba (1994).

8. En decembro do 96, o I Encontro do Forum de Desenvolvemento do Cooperativismo Popular, realizado en Rio de Janeiro, reuniu un centenar de organizacións económicas populares, obxectivando o intercambio de experiencias e a formulación de estratexias colectivas de organización e formación de traballadores. Tamén é interesante acompañar as iniciativas de ANTEAG, Asociación Nacional dos Traballadores en Empresas de Autoxestión e Participación Accionaria, con sede en Diadema, Sao Paulo.

9. Anque en menor escala, tamén en Europa os traballadores buscaron alternativas de traballo. Sobre o fenómeno da industria sumexida como un dos factores da recuperación productiva italiana despois da crise de 1979, ver Saba (1981). O autor analiza a rede de pequenas e medianas empresas do *mezzogiorno*, de forte tradición socialista e cooperativista, como alternativa á organización capitalista do traballo.

móbil inmediato das súas loitas, por outra, algunas experiencias demostraron que, ó tornarse propietarios dos medios de producción, os traballadores tentaron a constitución dunhas novas relacións sociais de producción, entendendo o social, o cultural e o educativo como elementos do económico¹⁰.

A 'vella' afirmación marxiana "o capital crea as súas propias contradiccións", permanece viva e actual. Mentre o poder político -léase poder económico- dos conglomerados transnacionais implementan a vella/nova orde mundial fundada no 'home/mercancía', as clases populares insisten en buscar algunha senda na historia que poida amenizar as súas condicións de vida e construír outro sentido para a vida en sociedade. Por suposto, "non existe desenvolvemento económico se non é desenvolvemento ou cambio social" (Thompson, 1979, p.293), sen embargo, para comprender a 'economía moral da multitud' cómpre preguntar: "(...) cando está famenta (ou con apetito sexual) ¿que é o que fai a xente? ¿como se modifica a súa conducta polo costume, a cultura e a razón? (Idem, p.64). Se a 'economía moral' dos pobos dos países periféricos "non pode ser descrita como política (...) tampouco pode, non obstante, definirse como apolítica" (Idem, p.66), pois reducir as complexidades das motivacións e das conductas humanas ó estímulo primario da miseria é reducir ó home a home económico. Considerando que as iniciativas de supervivencia son tan antigas como a fame, de feito, o que é novedoso en América Latina¹¹ é exactamente a dimensión cuantitativa e cualitativa destas experiencias -agora recoñecidas como parte integrante dos movementos sociais organizados.

O pensamento marxiano sobre as asociacións obreiras de producción tamén nos axuda a reflexionar sobre os límites e desafíos destas experiencias hoxe. Anque o tema das cooperativas de traballadores libres non sexa tratado de forma sistemática na obra de Marx, é posible atopar algunas referencias importantes sobre a cuestión. En verdade, anque o cooperativismo sexa unha idea vinculada ó socialismo utópico de Owen, as iniciativas de asociación de traballadores libres non son condeadas por el. Marx, no *Discurso Inaugural* da fundación da Asociación Internacional dos Traballadores (AIT), en 1864, di, anque limitado na sociedade de clases, "o traballo asociado, que manexa as súas ferramentas como man hábil e entusiasta, espírito alerta e corazón alerta" (en Bottomore, 1993, p.20) representa a negación do traballo asalariado. Sen embargo condea a desvirtuación que fan os "portavoces e filantrópicos da burguesía" sobre o papel que as cooperativas xogan no proceso de emancipación da clase obreira. Anque recoñezan ás cooperativas como un feito victorioso da economía política da clase traballadora, alerta sobre a influencia da burguesía no movemento cooperativista, utilizándoo ó servicio de intereses alleos ó proletaria-

10. Sobre as 10 características e tendencias das organizacións económicas populares ver Razeto (1993).

11. Sobre o principio de conservación ou mutación da enerxía social como elemento para comprender as accións populares colectivas desenvolvidas en América Latina ver Hirschman (1986).

riado. Tamén alerta que a derrota do monopolismo só será posible co poder político nas mans dos traballadores e que, mentres as cooperativas non se desenvolvan a nivel nacional, representan un "estreito círculo dos esforzos casuais de grupos de traballadores" (en Bottomore, 1993, p.20).

En *El Capital*, Marx analiza o xurdimento das sociedades anónimas e as cooperativas como resultado da expansión do sistema de crédito na produción capitalista. As características e especificidades das sociedades anónimas ou doutras clases de empresas por sistema de accións tamén nos axudan a comprender o significado do cooperativismo como forma de transición entre a propiedade privada e a propiedade social do capital: por oposición ó capital privado, as sociedades anónimas (como capital de individuos aillados) aparecen como empresas sociais por oposición ás empresas privadas, o que significa "a supresión do capital como propiedade privada dentro dos límites do mesmo réxime capitalista de produción" (Marx, 1974, p.415). Este tipo de organización social contribúe a disimular a contradicción capital-traballo, xa que ademais de aparecer a función do capitalista desvinculada da propiedade do capital, tamén o traballo e en especial o traballo sobrante, preséntase como se estivera separado da propiedade dos medios de produción. No que atinxe ás cooperativas, aparece abolido o antagonismo entre capital e traballo no interior da fábrica, xa que os obreiros asociados son eles mesmos os seus capitalistas que empregan os medios de produción para a valorización do seu propio traballo. Como "brecha aberta" dentro do sistema capitalista tradicional, as cooperativas conlevan na súa organización social as contradicções do sistema vixente.

Para Marx, o sistema de crédito non é só a base para a transformación das empresas privadas en sociedades anónimas, senón tamén para a extensión paulatina das cooperativas. Tanto as primeiras como as segundas deben ser consideradas como formas de transición entre o réxime capitalista de produción e o de produción asociada, é dicir, deben ser concebidas como unha fase necesaria cara á transformación da propiedade privada en propiedade dos produtores asociados, como propiedade directa da sociedade. Desde a perspectiva dialéctica de que as forzas productivas se desenvolven en medio de determinadas relacións de produción e que, nun determinado estadio deste desenvolvemento, as relacións de produción convírtense nunha traba para o avance das forzas productivas e, considerando, por ende, que un novo modo de produción xa está presente e se constitúe no interior do vello:

"Estas fábricas demostran como ó chegaren a unha determinada fase de desenvolvemento das forzas materiais producidas e das formas sociais de produción adecuadas a elas, do seo dun réxime de produción xurde e se desenvolve naturalmente outro novo. Sen o sistema fabril derivado do réxime capitalista de produción non se poderían desenvolver as fábricas cooperativas, e moito menos sen o sistema de crédito, fruto do mesmo réxime de produción" (Marx, 1974, p.418-9)

¿Cal é o significado desta afirmación de Marx? ¿Que significa dicir que dun réxime de produción surde e se desenvolve *naturalmente* outro novo? ¿Sería esta unha concepción reformista, de cambio social por etapas lentas e graduais? Se as cooperativas representan unha fase de transición entre un modo de produción e outro, ¿a transición dairíase por unha vía pacífica ou violenta? Ademais é preciso preguntar: No actual momento histórico en que proliferan as pequenas unidades de produción como forma alternativa de traballo e de supervivencia no Terceiro Mundo, ¿cal é o significado destas experiencias no proceso da transformación social? ¿Cales as perspectivas políticas que están latexando baixo estas prácticas laborais? ¿Cal é o significado da asociación de traballadores libres no actual contexto do capitalismo? Para reflexionar sobre o carácter político destas iniciativas rastrexaremos de seguido no interior do movemento socialista o debate ‘reforma ou revolución’, analizando a cuestión das cooperativas e da relación da propiedade dos medios de produción coa construcción do socialismo.

4. A socialdemocracia e o debate sobre as premisaas do socialism.

Se dunha banda o marxismo consolidouse na última década do século XIX, doutro os anos 90 caracterizáronse polo agudizamento no interior da socialdemocracia alemana da polémica sobre a necesidade de reafirmar ou revisar a teoría marxista, que ata daquela fora unha guía para a acción do partido. Sen embargo as diverxencias políticas xa non eran algo novo; en verdade a historia do movemento socialista foi marcada por loitas de ideas -ideas estas que ademais de representar diferentes lecturas dunha mesma realidade en última instancia representaban diferentes intereses de clase que convivían e, a un tempo, se confrontaban no interior das organizacións de traballadores.

A creación do Partido Obreiro Socialista de Alemania en 1875 foi unha tentativa de unificar ás dúas principais agrupacións do movemento obreiro alemán -o Partido Obreiro Socialdemócrata (os eisenachianos), de inspiración marxiana, e a Asociación Xeral de Obreiros Alemáns (fundada por Lassalle). A pesar das duras críticas presentadas por Marx na *Crítica do Programa de Ghota*, este programa foi aprobado contemplando as ideas lassalleanas. De entre os puntos aprobados, destacamos a defensa da necesidade da conquista do sufraxio universal e a idea dun Estado burgués con funcións que ían máis aló dun simple “vixiante nocturno”. O punto do programa que provocaba gran interese e aceptación, en particular no seo da igrexa católica e protestante, era a reivindicación da axuda do estado para o finaciamento de cooperativas obreiras de producción:

“Para preparar o camiño á solución do problema, o Partido Obreiro Alemán esixe que se creen cooperativas de produción, coa axuda do estado e baixo o control democrático do pobo traballador. Nas industrias e na agricultura, as cooperativas de produción deberán chamarse á vida en proporcións tales que delas xurda a organización socialista de todo traballo” (en Marx e Engels, 1979, p.25).

Este punto foi duramente reprendido polos eisenachianos e en especial por Marx, pois rexeitaban o feito da propiedade colectiva como unha concesión da burguesía para atenuar as miserentas condicións de vida do proletariado. Así, o Programa de Ghota traía á luz a polémica sobre a asociación dos traballadores libres no interior do capitalismo, o que posteriormente provocou o longo debate entre Berstein e Rosa Luxemburgo.

Tras a caída de Bismark e coa derrogación das leis de excepción contra os socialistas, o contorno que se produciu durante os anos da represión esixía a elaboración dun novo programa para o partido socialdemócrata unificado. A redacción do programa a ser discutido no Congreso de Erfurt (1891) foi encargada a Kautsky, que daquela era recoñecido como un dos mellores coñecedores do pensamento marxista e, polo tanto, un teórico capaz de rexeitar as ideas lassalleanas que saíran victoriosas no Programa de Ghota. O Programa de Erfurt recuperou a teoría marxista no que se refire á necesidade da socialización dos medios de produción como un feito económico fundamental para a derruba do capitalismo. O novo programa, que en liñas xerais tivo a aprobación de Engels, tamén proclama a necesidade do proletariado de asumir o poder do estado como condición para a liberación de tódalas clases explotadas.

"A loita contra a explotación capitalista é, necesariamente, unha loita política. A clase obreira non pode conducir a súa loita económica nin desenvolver a súa organización económica sen dereitos políticos. Non se poden transferir os medios de produción ó dominio da colectivididade sen estar en posesión do poder político. A tarefa do Partido Socialdemócrata é despertar a consciencia e promover a unidade nesta loita da clase obreira e sinalarle o seu necesario obxectivo" (Programa de Erfurt, p.2).

Anque as concepcións de Marx, Engels e dos seus seguidores eisenachianos foran hexemónicas no Congreso de Erfurt, o feito é que a acción dos revisionistas persistía dentro do partido. Berstein ingresara no PSD (eisenachés) en 1871 e entre 1881 a 1890 foi director do periódico *Sozialdemocrat* -portavoz oficial do partido. Como colaborador e amigo de Engels, é só despois da súa morte, en 1896, que Berstein pon de manifesto a crítica revisionista do pensamento de Marx. En 1899 formula "o camiño da loita parlamentaria mediante a explotación do derecho de voto e a utilización de tódolos medios legais" (Berstein, 1982, p.186) para conquerir o poder político. Considerando que nos países avanzados os privilexios da burguesía dan paso pouco a pouco ás institucións democráticas, as reformas sucesivas e a vía pacífica serían entón o mellor camiño para a construción do socialismo. A loita pola democratización do Estado reduce a posibilidade de catástrofe política. Así a función da socialdemocracia sería de "organizar politicamente á clase traballadora para a democracia, e en loitar por tódalas reformas políticas que sirven para elevar á clase traballadora e para transformar o sistema político en democracia" (Idem, p.96-7).

En *Reforma ou revolución*, Rosa Luxemburgo refuta o revisionismo de Berstein que renuncia "á loita contra o modo de produción capitalista e trata de dirixir ó movemento socialista cara á loita contra a 'distribución capitalista'" (Luxemburgo, 1976, p.95). Anque crea Rosa que é precisamente o modo de distribución inxusto do capitalismo o que leva ás masas a adherirse ó movemento socialista, ela analiza que as cooperativas son incapaces de transformar o capitalismo. Tamén para ela "as cooperativas, sobre todo as de produción, constitúen unha forma híbrida no seo do capitalismo. Poden describirse como pequenas unidades de produción socializadas dentro do intercambio capitalista" (Idem, p.92). Formula que na economía capitalista o intercambio domina á produción, o que significa dicir que a produción depende en gran medida das leis do mercado e que, polo tanto, se nas cooperativas de produción "seguen a predominar os intereses obreiros, rematan por disolvérense" (Idem, p.92). Sen embargo:

"As cooperativas de produción poden sobrevivir no marco da economía capitalista só se logran suprimir, mediante algún ardil, a contradicción capitalista entre o modo de produción e o modo de cambio. E pódeno lograr só se se sustraen artificialmente á influencia das leis da libre competencia. E só poden lograr isto último cando se aseguren de antemán un círculo fixo de consumidores, é dicir, un mercado constante" (Idem, p.93).

Anque as cooperativas de produción se volvan dependentes de cooperativas de consumo que garanticen a circulación das súas mercancías, o alcance da produción vese limitado a manufaturas que satisfagan as necesidaes inmediatas dun pequeno mercado local, como por exemplo a produción alimenticia. No marco do capitalismo, as cooperativas de produción "redúcense a un apéndice das de consumo" (Idem, p.94) e, debido á competencia coas grandes empresas capitalistas, tanto as primeiras como as segundas quedan excluídas das ramas más importantes da produción de capital, como por exemplo a industria petrolera, textil, de construcción de maquinarias, metalúrxica, etc.¹². Polo tanto as cooperativas de produción non son un instrumento eficaz para atacar as bases fundamentais da economía capitalista e tampouco representan un instrumento para a transformación social. Conclúe que, ó defender o 'principio do cooperativismo', Bernstein non ve na estructura do capitalismo o proceso que conduce ó socialismo.

Considerado como o 'pai do revisionismo', as ideas de Bernstein e dos seus seguidores tornáronse hexemónicas ó longo da historia da socialdemocracia alemana. En 1959, o Programa de Bad Godesberg era a manifestación de que xa estaba resolta a polémica 'reforma ou revolución' no interior do partido. A

12. Aquí é importante destacar que, hoxe en día, en xeral as organizacións económicas populares producen as seguintes clases de bens e servicios: pans, galletas, vasoiras, bolsos, colchas, reciclaxe de papel e chararra, comida a domicilio, bisutería, servicios de perruquería, servicios domésticos, etc.

partir do presuposto de que "o problema central chámase hoxe: Poder económico", lexitímase a propiedade común como "conveniente e necesaria, alí onde non poida ser garantizado un orde sano das relacións económicas de poder" (p.14-5). Neste sentido asegúrase a existencia das empresas de propiedade privada que "cumpren un labor valioso na sociedade democrática e teñen dereito á promoción" (p.14). A economía de mercado tampouco é contestada; proclámasé o mercado libre, anque imperando a competencia efectiva e "xusta" entre as empresas. Sen embargo, partindo do suposto de que a economía de mercado "non garantiza por si mesma ningunha distribución xusta de rendas e patrimonios, o SPD quere crear condicións de vida baixo as que tódolos homes poidan crear por libre decisión e debido a crecentes ingresos o seu propio patrimonio" (p.15). Cando considera que "a democracia esixe a autoxestión obreira nas empresas e na economía en xeral" (p.18), o obxectivo é garantizar a democratización da economía, que se concreta pola elevación do producto social pola distribución xusta das riquezas producidas.

O programa da socialdemocracia alemana, de 1989, persiste na mesma lóxica de Bad Godesberg: o partido deixa de ser un partido da revolución para ser un partido de reformas sociais. Segundo o curso das prácticas dos partidos socialdemócratas europeos tra-la década dos 20, finalmente, tamén a nivel programático, pasan a estar aseguradas as novas premisas do socialismo pregona-do por Bernstein despois da morte de Engels: a negación da socialización dos medios de producción, a transición pacífica cara ó socialismo a través de reformas lentas e graduais no ámbito do poder do Estado, e por ende a negación da propia loita de clases.

5. ¿É a produción asociada unha iniciativa reformista?

¿Cal é o significado das cooperativas de producción no actual contexto dos países do Terceiro Mundo? En Brasil 'cooperativismo popular', 'autoxestión obreira', 'grupos de producción', foron expresións de moda entre os actores do movemento popular. Sen embargo, anque algunas ONGs e entidades representativas dos traballadores estimulen estratexias de supervivencia vinculadas a proxectos alternativos de sociedade, o feito de que os traballadores se tornen propietarios dos medios de producción non garantiza a producción dunha economía e dunha cultura do traballo alternativas ó capital. É dicir, non é suficiente que as clases populares se apropien da fábrica para que se estableza unha nova organización do traballo e unha nova relación social. Por suposto, tampouco é posible *a priori* adxetivar a producción asociada como unha iniciativa 'reformista' ou 'revolucionaria', senón que é preciso buscar a esencia política de cada unha delas no interior de cada proceso productivo, o que require a confrontación dos discursos e das motivacións dos seus actores coa práctica cotiá. Noutras palabras, é preciso distinguir os diferentes proxectos de sociedade que latexan baixo as prácticas das clases populares, o que nos esixiría unha investigación empírica de gran envergadura.

O Seminario de Autoxestión¹³, como unha pequena mostra da realidade brasileira, permitiuños analizar a traxectoria dalgúns industrias, nas que os traballadores son os propietarios dos medios de producción, e que por iso soen ser adxetivadas/clasificadas como 'autoxestionarias'. Foi posible, dalgún xeito, aprehender non só o discurso dos seus actores en canto ó significado da autoxestión, senón tamén as distintas perspectivas políticas implícitas ás súas prácticas sociais. Entre as diferentes concepcións podemos destacar: a) a 'autoxestión' é unha das alternativas de traballo fronte á explotación capitalista, sendo o socialismo o horizonte das súas loitas; b) as experiencias 'autoxestionarias' xa representan o socialismo, que se constitúe cotiá e gradualmente; c) a 'autoxestión' é unha forma de administrar o capital, xestionando o traballo de xeito democrático e d) na loita contra o desemprego, a 'autoxestión' é unha forma de manutención dos postos de traballo e de garantizar os dereitos do traballador fronte á creba dos antigos propietarios¹⁴. Sen ningunha preocupación de comprobar estatísticamente os niveis de comprensión que teñen os traballadores, cremos que os discursos son significativos. Por suposto, as catro concepcións básicas non son excluíntes, senón que algunas veces se misturan e contradicen, pero ningunha delas cuestiona a conquista do Estado e a socialización dos medios de produción a nivel nacional, como condición para a construción do socialismo e por ende para a realización plena da 'autoxestión'¹⁵.

Agora ben, a sociedade dos productores libres supón que os traballadores se volvan realmente *libres*: libres das condicións impostas polo capitalista, libres para redimensionar a produción da súa propia existencia. Doutra parte, a conquista da autonomía dos traballadores, entendida en sentido amplo, ten como prerrequisito a transformación estructural e radical das relacións sociais, non só no ámbito do cotiá fabril, senón a nivel de toda a sociedade. Neste sentido, cremos que a autoxestión obreira consiste na participación non só representativa senón tamén directa de tódolos productores na toma de decisións básicas na empresa. Ademais consiste en que cada quen poida constituirse en señor de si, do seu traballo, como suxeito creador de historia e constructor dunha nova orde social. Sen embargo, cómpre considerar que, como non podía ser distinto, a produción asociada no marco do capitalismo é certamente limitada. Como di o informe das actividades de CEDAC¹⁶, "(...) anque estes grupos se consoli-

13. O seminario de autoxestión, provido por PACS, Instituto de Políticas Alternativas para o Cono Sur, e por CNTSM, Confederación Nacional dos Traballadores do Sector Mineral, foi realizado en Creciuma-SC en setembro de 1993. Ademais de representantes da sociedade civil, contou coa participación dos traballadores das seguintes industrias: Remington, CBCA, COOMECA, Caíra Mineració e CBC.

14. Ver Flash de outras experiencias de gestao operária no Brasil, hoje, en Tiriba (1994).

15. En canto ás diferentes análises sobre as potencialidades da economía popular nun proceso de transformación social e de desenvolvemento, ver Razeto (1987) e Coraggio (1995).

16. CEDAC, Centro de Ação Comunitária, é unha organización non gubernamental que desenvolve proxectos de apoio á produción comunitaria e que acompaña perto de 20 grupos de produción na cidade de Rio de Janeiro e contorna.

den e consigan resultados económicos satisfactorios, eles non representan unha solución cuantitativamente válida. Noutras palabras, non ten sentido considerar como 'resolta' a cuestión se as conquistas se limitan a pequenos grupos aíllados" (1992, p.6). Tamén é preciso engadir que a cualidae dos movementos populares conleva como presuposto a conquista do poder do Estado e, con iso, a superación da lóxica de mercado a nivel de toda a sociedade. Argumentar que 'a toma de poder do Estado' non está 'á orde do día' porque a globalización da economía relativiza a súa influencia na vida dos cidadáns é crer que é posible crear unha nova orde mundial sen confrontar os mecanismos do capital e das políticas neoliberais¹⁷. Tamén é importante enfatizar que a organización dos traballadores para xestionar eles mesmos os rumos da produción é parte integrante dos chamados 'novos movementos sociais', movementos estes que constitúen as 'redes de cotidianidade' e de fomento de proxectos alternativos de sociedade. No proceso de formación dos 'bloques populares', é necesario considerar as formas democrático-participativas e de acción-cidadá que se presentan como novas formas de poderes cotiás¹⁸. Sen embargo, a nova sociedade constrúese na praxe cotiá, no día a día do proceso de traballo e de vida, pero é preciso non subestimar a necesidade, imprescindible, da acción dos partidos políticos cara a matrilibación, desde o Estado, da hexemonía do traballo sobre o capital non só a nivel do micro, senón tamén como unha conquista da sociedade na súa totalidade. En verdade, un dos desafíos é avantar no espazo da interfase entre a esfera do 'cambio desde o Estado' e a esfera do 'cambio desde a sociedade'. É dicir, é preciso avantar na vinculación entre prácticas económicas e construcción do poder alternativo, pois a posibilidade de que do campo popular xurda un proxecto alternativo de desenvolvemento ou transformación social depende da posibilidade de que gañe autonomía relativa na súa reproducción material e cultural (Coraggio, 1994, p.31).

No interior de toda formación económico-social xéstanse as formas embriónarias dun novo modo de produción, que só se torna dominante cando o conxunto das relacións que corresponden á nova base real material torna hexemónico a nivel de toda a sociedade. A forma capitalista de produción xestouse durante tres séculos no interior do feudalismo, e non cabe dúbida de que fronte á complexidade do mundo os grupos de produción representan apenas unha pequeníssima gota no gran océano, e que cómpre navegar polos seus mares. Para que unha nova realidade histórico-social se presente desde o cotiá do traballo de pequenas e medianas unidades de produción cara á constitución dunha sociedade fundada no fin do traballo-mercancia, cómpre unha acción

17. A toma do poder está excluída de Iberoamérica. O propio poder é irrelevante porque todo vén determinado do Fondo Monetario Internacional. Os partidos de esquerda foron sempre cousa das élites brancas, non enraizadas no real. A esperanza pasa pola sociedade civil, que ainda é incipiente nestes países. Ver "A teoloxía da liberación evita o fundamentalismo", entrevista ó teólogo Paulo Richard publicada por EL PAÍS, 18 de decembro de 1995.

18. Ver Villasante (1995 e 1995b).

política en niveis infra e superestructural. Sen embargo, ademais de promover alternativas de supervivencia e de traballo, estas experiencias permíennos construír no cotiá a utopía de que mañán teremos unha nova orde internacional, no que o económico non se sobrepoña ó social e no que o traballo, no seu carácter de mercancía, non se constitúa como condición da existencia humana. Neste sentido, Gramsci é quen mellor consegue comprender o significado revolucionario da produción asociada; sen negar a necesidade da conquista do poder do Estado e referíndose ós consellos de fábrica como unha instancia fundamental do sistema democracia obreira, di que son o órgano máis idóneo para a educación recíproca do proletariado e para o desenvolvemento dun novo espírito social: unha magnífica escola de experiencia política e administrativa onde se fundiría unha consciencia concreta e eficaz porque tería nacido espontaneamente da experiencia viva e histórica (Gramsci, 1977, p.70). Agora que son os traballadores os patróns de si propios, o traballo cobra a posibilidade de dar un salto de calidade, calidade non só nos beneficios que presta á comunidade, senón tamén no relativo ó propio proceso de traballo. O contrario da actual lóxica de mercado, a ‘calidade total’ ten como presuposto repensar non só o contido do traballo, senón tamén a propia organización do tempo de traballo. Neste novo tempo, ademais das actividades de ‘facer funcionar’ a actividade productiva tamén estarían contidos os momentos de reflexión, de socialización do saber, de creación de novos coñecementos e valores, de articulación coa comunidade, co movemento cooperativista... A calidade, polo tanto, estaria en construír as condicións obxectivas que posibiliten un proceso productivo que, ademais de satisfacer a aqueles que disfrutan dos seus productos -a comunidade- satisfaga tamén ós seus productores, mediante un traballo que ademais de atraente e pracenteiro sexa socialmente productivo.


Máis que un instrumento para a transformación radical da sociedade, a produción asociada precisa ser considerada coma *proceso educativo*, onde o traballo, mesmo o máis primitivo, debe constituirse como a base doutro tipo de intelectual, aquel que é capaz de articular o facer e o pensar no mundo da produción, de facer da técnica unha expresión do seu proxecto de clase. Cremos que a profunda revolución non se realiza só coa toma do poder do Estado e co paso dos elementos da produción das mans do capital ás do traballador; a transformación da sociedade esixe un cambio radical do sentido da vida en sociedade; como parte do proceso de loita de clases, a transformación social esixe a busca doutro significado para a produción e a instauración dunha nova cultura do traballo. Desde esta perspectiva -anque baixo os límites do capital e anque non ocupe os sectores estratégicos da economía- a produción asociada pode constituírse como un proceso educativo, onde os traballadores aprenden, pola praxe, que para a realización plena dun modo de vida é necesario romper coa actual estructura de clases e co propio capitalismo. De aí a necesidade hoxe de tratar con cariño, investigando con profundidade o seu significado, ás iniciativas populares que, ademais de configurarse como estratexias de superviven-

cia, configúranse como estratexias de vida, contrariando así o modelo de cooperativismo que se orienta pola lóxica empresarial capitalista. O cotiá productivo e educativo destas experiencias -temática que extrapola este artigo- debe constituírse no obxecto da nosa investigación, acción e apredizaxe.

Referencias Bibliográficas.

- ANTUNES, Ricardo (1995), 'Adeus ao trabalho? Ensaio sobre as metamorfoses e a centralidade do mundo do trabalho', Ed. Da Unicamp, Sao Paulo: Cortez; Campinas.
- BOTTOMORE, Ton (ed.) (1993), 'Diccionario do pensamento marxista', Jorge Zahar Ed., Rio de Janeiro.
- BAGNASCO, Arnaldo (1983), 'La cuestión de la economía informal', en *Sociología del trabajo, núm. 9, ps.9-33*, Madrid.
- BERSTEIN, Eduard (1982), 'Las premisas del socialismo y las tareas de la socialdemocracia', Siglo XXI, Madrid.
- CEDAC, Centro de Ação Comunitária (1992), 'Programa 3: Apoio à produçao comunitária. Relatório analítico', CEDAC, Rio de Janeiro.
- CORAGGIO, José Luiz (1994), 'Del sector informal a la economía popular', en *Cuadernos de la Red Cims, núm. 2, ps. 27-33*, Red Cims, Madrid.
- (1995), 'Desarrollo humano, economía popular y educación', IEAS/Aique, Buenos Aires.
- GRAMSCI, Antonio e BORIGA, Amadeu (1977), 'Debate sobre los consejos de fábrica', Anagrama, Barcelona.
- HIRSCHMAN, Albert (1986), 'El avance en colectividad. Experimentos populares en América Latina', Fondo de Cultura Económica, México.
- KABUNDA BADI, Mbuyi (1994), 'Programas de ajuste estructural y alternativas populares en África', en *Alfoz, núm. 118, ps. 125-132*, Madrid.
- MARX, Carlos (1979), 'Crítica del Programa de Ghota', Editorial Progreso, Moscú.
- (1995), 'Manuscritos. Economía y filosofía', Alianza, Madrid.
- (1974) 'El Capital. Crítica de la economía política. Libro III', Fondo de Cultura Económica, México.
- (1972), 'Elementos Fundamentales para la Crítica de la Economía Política (Borrador), Volumen 2', Siglo XXI, Madrid.
- MARX e ENGELS (1973), 'Manifiesto del Partido Comunista', Pekin.
- LUXEMBURGO, Rosa (1976), 'Reforma o revolución', en *Obras escogidas, ps.47-118*, Editorial Pluma, Bogotá.
- PACS, Instituto Políticas Alternativas para o Cone Sul (1995), 'Ações cidadas no Brasil. Relato de experiencias de comites da Ação da Ciudadanía contra a Miséria e pela Vida', PACS, Rio de Janeiro.
- PRIETO, Carlos (1994), 'Trabajadores y condiciones de trabajo', HOAC, Madrid.
- PROGRAMA de Erfurt de 1891 (Mimeo)

- PROGRAMA fundamental do Partido Socialdemócrata Alemán, Congreso Extraordinario de Bad Godesberg en 1959 (Mimeo).
- PROGRAMA do Partido Socialdemócrata Alemán de 1989.
- RAZETO, Luis (1987), ‘Sobre la inserción de la economía popular de solidaridad en un proyecto de transformación social’, en *Estrategias de vida en el sector popular urbano*, FOVIDA/Desco, Lima.
- (1993), ‘De la economía popular a la economía de solidaridad’, Programa de economía del Trabajo-PET, Santiago de Chile.
- REVISTA Proposta (1994), ‘Trabalho e renda’, ano 22(63), FASE, Rio de Janeiro.
- SABA, A.(1981), ‘La industria subterránea’, Instituto Alfonso el Magnánimo, Valencia.
- TIRIBA, Lia Vargas (1994), ‘Autogestao e chao-de-fábrica. Um ensaio inspirado nos trabalhadores da Remington’, UFF, Rio de Janeiro.
- THOMPSON, Paul (ed.) (1979), ‘La economía moral de la multitud en la Inglaterra del siglo XVIII’, en *Tradición, revuelta y conciencia de clase*, ps. 62-134, Crítica, Barcelona.
- VILLASANTE, Tomás R. (1995), ‘Los movimientos populares desde su praxis latia’, en *Africa América Latina, cuaderno núm. 18, ps. 9-30*, SODEPAZ, Madrid.
- (1995b) ‘Las democracias participativas. De la participación ciudadana a las alterativas de sociedad’, HOAC, Madrid.



FEDERACION DE COOPERATIVAS

SINERXIA

"A Federación de Cooperativas terá por misión a consolidación dunha economía cooperativa, democrática, participativa, solidaria e autoxestionada dentro dunha sociedade galega pluralista".

**A INTERCOOPERACIÓN É O CERNE
E A GRAN POTENCIALIDADE DAS
COOPERATIVAS**

A túa presencia activa permite sumar moitas potencialidades para a consecución dos obxectivos comúns.

ASÓCIATE:

Rúa Fernández Villaverde, 4 - 1.^o A - Oficina, 3
Teléf.: (986) 89 65 26 - Fax: (986) 89 65 25
36002 PONTEVEDRA

CHINA: A PROPIEDADE SOCIAL NO CONTEXTO DA REFORMA ECONÓMICA.

Xulio RÍOS

Director do I.G.A.D.I.

SUMARIO: Abórdanse as distintas formas de propiedade económica chinesa, prestando atención á evolución histórica daquelas formas situadas entre a propiedade individual e a propiedade estatal. Destácase, así, o importante e crecente papel das formas de propiedade colectiva non estatal, primeiro más propias das explotacións agrarias (comunais populares e equipos ou brigadas de producción) e máis tarde, dunha forma moi puxante, no sector industrial (empresas de cantón ou poboado que absorben o excedente de man de obra rural, así como empresas de propiedade social creadas por empresas estatais). Frente ó modelo liberalizador implantado nos Países do Leste, a reforma económica chinesa oriéntase á experimentación de formas de propiedade e xestión colectivas e cooperativas.

SUMARIO: Se abordan las distintas formas de propiedad económica china, prestando atención a la evolución histórica de aquellas formas situadas entre la propiedad individual y la propiedad estatal. Se destaca, así, el importante y creciente papel de las formas de propiedad colectiva no estatal, primero más propias de las explotaciones agrarias (comunales populares y equipos o brigadas de producción) y más tarde, de una forma muy pujante, en el sector industrial (empresas de cantón o poblado que absorben el excedente de mano de obra rural, así como empresas de propiedad social creadas por empresas estatales). Frente al modelo liberalizador implantado en los Paises del Este, la reforma económica china se orienta a la experimentación de formas de propiedad y gestión colectivas y cooperativas.

SUMMARY: The different forms of Chinese economic ownership are approached, paying special attention to the historic evolution of those forms which are situated between individual ownership and state ownership. In this way the important and growing role of the forms of non-state collective ownership is highlighted, which in the beginning were more characteristic of agricultural exploitations (popular communes and production teams or brigades) and later on, in a very vigorous way, in the industrial sector (companies of the canton or village which absorb the surplus of the rural labour force, as well as companies of social ownership created by state companies). In contrast to the liberal model created in Eastern European countries, the Chinese economic reform is orientated towards the experimentation of collective and cooperative forms of ownership and management.

China, o vello Imperio de Oriente, desperta cada vez máis a curiosidade dos cidadáns en todas as partes do mundo polo avance dunha economía, segundo algúns alarmistas ameazante, que anega ata os mais insospeitados recunchos do planeta. Pero en realidade, tanto o país no seu conxunto coma o propio experimento que están a realizar, son aínda moi descoñecidos. Esa China ignorada desde logo no que atinxé á súa rica historia, cultura e civilización, tanto que faría palidecer de vergoña a máis dun culto eurocentrista, é, lamentablemente, descoñecida tamén no que se refire ás particularidades do seu complexo proceso de reforma. Existen neste sentido numerosos tópicos e simplezas que deben ser postos en entredito.

Sábese por exemplo que o crecemento da economía chinesa, moi importante e destacado desde 1979 (en menos de duas décadas multiplicou por catro o valor do seu PNB) está directamente vencellado ós investimentos exteriores. Sen entrar a relativizar agora esa afirmación, comunmente identifícase investimento exterior con capital occidental, pero no caso chinés non é exactamente así: a maior parte do capital investido na China é de orixe asiática e en grande medida está controlado polas poderosas comunidades chinesas que habitan neses países asiáticos (Singapur, Malasia, etc). Mesmo boa parte dos capitais que proceden de países occidentais son igualmente de matriz étnica chinesa.

Outras veces semella que o éxito da reforma é debido en grande medida a unha hipotética substitución da planificación pola libre acción do mercado. Sen embargo, a planificación continúa funcionando en China. Se ben minorizada, utilizase coma un instrumento fundamental da política económica do goberno. O debilitamento do seu papel en favor da acción do mercado non pode ser entendido como unha pura e simple supresión. Outro tanto podería dicirse da propiedade. É certo que se diversificaron as súas formas e hoxe toléranse praticamente todas, pero a propiedade pública estatal segue a ser decisiva en numerosos sectores. Ben certo é que subsiste a trancas e barrancas e con moitos problemas, pero o goberno chinés, cando menos ata agora, rexeitou de plano toda política privatizadora optando pola experimentación doutros camiños.

Unha observación superficial podería levarnos a pensar que o auxe económico, a mellora dos índices de benestar da sociedade chinesa, as perspectivas en definitiva dun futuro luminoso que lle augura a condición de superpotencia no século vindeiro, son debidos en grande medida ó absoluto abandono das políticas comunmente identificadas cun determinado modelo de socialismo e polo tanto coa asunción, inevitablemente beneficiosa, de políticas tradicionalmente identificadas co capitalismo. Pero o asunto é mais complexo. China é un imenso híbrido no que conviven formas propias ou comúns tanto do capitalismo como do socialismo, e tanto a nivel económico como social. No político a situación é mais clara: o Partido Comunista lidera e controla, sen marxe para a renuncia, o curso da actual reforma. Ven ser o único asunto verdadeiramente indiscutible.

Tampouco parece de recibo aceptar que a situación actual é totalmente nova. Pola contra, moitos dos elementos presentes e determinantes na reforma chinesa iniciada nos anos finais da década dos setenta estaban incorporados desde había tempo á realidade do país. A quebra con relación ó pasado é evidente en cuestiós concretas (endebedamento exterior, tolerancia e promoción da propiedade privada, por exemplo) pero en moitos outros advírtese certa continuidade, habilitándose agora novos espacios para vellas ideas, algunas anteriores á China propiamente capitalista e que afondan na tradición dinástica chinesa e alterando, claro está, a orde de prioridades políticas, económicas e sociais. Quero dicir con isto que a ruptura actual, con ser importante e evidente, non é tan absoluta e radical como ás veces se pretende.

Toda esta complexidade, que reduce ó absurdo toda xeralización, ten unha das súas manifestacións más evidentes na cuestión da propiedade social: para uns, unha forma de propiedade pública; para outros, un eufemismo co que simplemente se pretende disfrazar o que na realidade non é mais ca propiedade privada pura e dura.

1. Antecedentes:

A perspectiva da propiedade social na historia da China Popular presenta, como en tantos outros dominios, unha quebra importante a partir do inicio da política de reforma e apertura (gaige e kaifang) a finais da década dos setenta. Xue Muqiao, un dos máis célebres economistas chineses, considera que en 1956 cumpríuse no fundamental a transformación socialista da propiedade dos medios de produción no seu país. Por aquel entón, doulos eran os grandes sectores que vertebraban a economía chinesa: dunha banda, a economía estatal (propiedade de todo o pobo); doutra, a economía cooperativa (unha das formas más comúns da propiedade social e/ou colectiva). Uns anos máis tarde, a comuna rural substituiría ás cooperativas de produción agrícola e en 1967 aboliríanse as empresas mixtas estatal-privadas. A tendencia era obvia: progresiva minorización daquelas unidades de produción de propiedade non estrictamente estatal.

Os dirixentes chineses consideraron en todo momento que tanto a propiedade de todo o pobo como a propiedade colectiva representan dúas manifestacións da propiedade pública socialista. A partir dese tronco común, a caracterización conceptual da propiedade colectiva asenta principalmente nos seguintes elementos:

- A. É unha propiedade incompleta. É dicir, atópase nun estadio evolutivo inferior e debe orientarse na perspectiva de chegar a ser propiedade de todo o pobo. Considérase unha forma de transición entre a propiedade estrictamente individual e a propiedade de todo o pobo.
- B. Goza dun nivel de **autonomía** que non teñen outras empresas de propiedade pública socialista, sometidas por enteiro ós dictados do plano estatal. Teoricamente, cada unidade, cada empresa deste sector, actúa cun nivel de independencia relativa, posúe os seus propios medios de produción, é a propietaria dos productos que elabora, asume responsabilidades plenas polo seu nivel de perdas e gaños. Respecto delas, o Estado unicamente está facultado para elaborar un plano guía, a título orientativo. Nestas recomendacións recollérانse boa parte dos compromisos que a empresa debe satisfacer ó Estado e unha vez cumplidos os obxectivos que lle son encomendados, dispón libremente dos excedentes. A diferencia da propiedade estatal, na colectiva, xa entón, en tempos de predominio do igualitarismo, admítese a existencia de diferencias retributivas, ainda que nunca en proporcións alarmantes.

C. É propia do ámbito rural. Mientras que a propiedade estatal resérvase para o ámbito urbano, onde áinda hoxe desempeña un papel determinante, a colectiva ubícase no medio rural fundamentalmente por dúas razóns: a) atendendo ó feito de que o grao de socialización da agricultura é considerablemente máis baixo; b) como un xeito de organizar a produción agrícola que o Estado favorece a través de políticas fiscais e de prezos estimulantes, c) para contribuír á mellora da calidade de vida no campo. Por circunstancias da propia economía do país, a pesar da rixidez ideolóxica propia da época, esta forma de propiedade era obxecto de especial protección. E non só iso, ó seu carón admitíase, se ben con reservas moi-
tas veces por consideralas resabios do capitalismo, a realización doutras actividades auxiliares e mais individuais.

No ámbito urbano a propiedade colectiva únicamente se admitía en sectores como a artesanía ou os pequenos servicios. O nivel de ocupación no ámbito urbano (en millóns de persoas) evolucionou como indica o Cadro 1.

| CADRO 1: EVOLUCIÓN DO NIVEL DE OCUPACIÓN NO ÁMBITO URBANO, SEGUNDO TIPO DE ENTIDADES, EN MILLÓNS DE PERSOAS. | | |
|--|--------------------|----------------------|
| Ano | Entidades estatais | Entidades colectivas |
| 1956 | 24,23 | 5,54 |
| 1976 | 68,60 | 18,13 |
| 1980 | 80,19 | 24,25 |
| 1984 | 86,37 | 32,16 |

Fonte: Beijing Informa. Elaboración propia.

A súa organización partía das comunas populares e os equipos ou brigadas de produción (30 ou 40 familias que compartían o traballo, os animais e os escasos útiles de maquinaria con que contaban). Constituían as entidades básicas. Os seus beneficios revertían na propia comunitade en forma de fondos para a adquisición de maquinaria, a realización de obras de construcción ou infraestructuras, previa satisfacción dos impostos estatais. A remuneración do traballo establecíase, en parte, en función dos beneficios acadados pola explotación. As diferencias podían chegar a ser importantes, en atención á calidade das terras, a incidencia da climatoloxía, ou do grao de mecanización agrícola á súa disposición. Esas diferencias abrían paso a novas desigualdades: os que acadaban altos rendementos desenvolvíanse a unha velocidade moito máis rápida cós outros. Co obxecto de asegurar a todos o mínimo imprescindible, nestas empresas colectivas unha fracción do salario (a cuarta parte) abonabase en especie, sobre todo en víveres. Nas empresas estatais os salarios pagábanse exclusivamente en moeda corrente. Ademais, nas colectivas, o salario non era fixado a priori, senón que se determinaba en función dun sistema de puntos que reflexaría tanto a calidade como a

cantidadade do traballo desenvolvido de conformidade coas propias normas aprobadas polos integrantes da unidade.

Esa ubicación no espacio rural vencellaba directamente á propiedade colectiva coa produción agrícola. O seu peso na industria apenas era relevante. Comunhas populares e brigadas de produción iniciaron nos anos 70 unha política de creación de empresas e industrias no ámbito rural de propiedade colectiva para proporcionar ocupación a parte da súa propia man de obra excedente. Pero en 1978, por exemplo, o valor da produción da industria rural de propiedade colectiva representaba o 9% do valor global da produción industrial do país. Sen embargo era predominante na agricultura e non debemos pasar por alto que esa e non outra é a base esencial da economía chinesa.

As contradiccións xeradas por esta situación provocaron dúas reaccións que evolucionaban en sentidos manifestamente diferentes. Unha apuntaba á súa supresión mediante a transformación en empresas do Estado. As propias empresas estatais presionaban neste sentido. Outra, sen embargo, reivindicaba con maior empeño unha profunda modificación da concepción deste tipo de propiedade que debería ser consideraba non como un tipo inferior senón auxiliar e complementario da propiedade estatal.

2. A propiedade social no contexto da reforma:

A partir da III Sesión Plenaria do XI Comité Central do Partido Comunista Chino celebrada do 18 ó 22 de decembro de 1978, a perspectiva da situación no campo e polo mesmo as circunstancias da propiedade social experimentan un importante cambio. Basta observar un dato: aquel 9% de 1978 pasou a ser un 51,81% quince anos despois.

Progresivamente xeneralizouse un novo sistema denominado de responsabilidade na produción agrícola ou de responsabilidade por contrato con remuneración en función do rendemento. Para dinamizar a produción os planificadores e economistas chineses idearon un contrato subscrito directamente coas familias campesiñas ou pequenas agrupacións delas, en virtude do cal comprométíanse a proporcionar ó Estado unha determinada parte da súa produción podendo comercializar libremente os excedentes. Maior autonomía, maiores liberdades económicas para os campesiños, estímulo da pequena explotación... constitúen algunas das notas dominantes desta pequena revolución agraria que pretende herdar os aspectos más positivos da cooperativización mantendo inalterable a propiedade pública sobre os medios de produción fundamentais, incluída a terra e despertando de novo a iniciativa individual. Esta xestión dispersa da produción non nega a oportunidade de establecer organizacións económicas rurais de carácter cooperativo en forma e magnitude moi variadas, en función do desenvolvemento da zona ou do ánimo social (nunca por métodos coercitivos).

Por suposto, a paulatina eliminación das comunas e das brigadas de produción non se completa coa supresión ou reconversión das empresas indus-

triais que as devanditas entidades promoveran no comezo dos anos setenta. Pola contra, adóptanse medidas especiais de protección para evitar o seu debilitamento, foméntase un maior control democrático das súas actividades e insinúanse propostas destinadas a configurar unha administración máis responsable e competente (formúllase por exemplo a conveniencia da contratación de xerentes que asumirían a responsabilidade persoal pola xestión sen afectar á base propietaria que continuará sendo colectiva). Compre ter en conta o importante retraso existente no campo en materia de educación e polo mesmo a inexistencia de persoal profesionalmente capacitado para desempeñar as tarefas administrativas e directivas más elementais. Pero algúns visualizaban xa tamén a posibilidade de comprometer a rendibilidade deste tipo de industrias na ampliación das fontes de capital chamadas a dinamizar a economía rural.

A partir de 1984 (circular do 1 de xaneiro) estimúlase ós campesiños a investiren en toda clase de empresas e a mercaren accións nelas; exprésase unha maior tolerancia respecto das empresas rurais que poden contratar a máis traballadores do previsto inicialmente sen por iso seren calificadas de capitalistas sen por iso abandonaren a reivindicación de varios elementos indicativos da pervivencia de certos substratos cooperativos (tope nos dividendos, porcentaxe de gaños para a colectividade laboral, etc). Poténciase a figura do xerente empresarial e admítese que os seus ingresos poden ser más altos cos dos obreiros, pero procurando garantir sempre o control colectivo da propiedade e a participación democrática na adopción das decisións clave que afecten ó futuro da empresa.

Dende entón a propiedade social experimentou un desenvolvemento moi importante, tanto en termos estruturais e conceptuais como na súa dimensión respecto do conxunto da economía do país. O sistema de contrato coas familias liberou da actividade agraria gran cantidade de man de obra, de por si notablemente excedente no campo chinés. Xurdiron entón numerosas empresas de cantón e poboados, industriais rurais de base colectiva ou social, moi vencelladas nun principio á elaboración e transformación dos productos do campo, pero posteriormente moi diversificadas na súa produción. O seu número foise incrementando cunha enorme rapidez. En 1987, o valor global da produción das empresas rurais chinas xa sobrepasaba o da produción agrícola de todo o país. En 1993 o valor da produción destas empresas representa o 30% do PNB. Rapidamente as empresas de cantón e poboados pasaron a constituirse no sector productivo de máis rápido crecemento do país e o principal impulsor do miragre económico chinés.

En 1994 por exemplo, dez anos dispois de iniciarse aquela aceleración, en provincias como Jiangsu, na zona costeira, representaban os 2/3 da produción global da provincia. Dos 68,43 millóns de habitantes da provincia, 53,95 millóns vivían no campo. Ata 1991, as 820.000 empresas de cantón e poboados desta provincia conseguiran proporcionar emprego a 8,65 millóns de traballadores, a inmensa maioría procedentes das áreas rurais. A man de obra rural

total ascendía nesa data a 26,79 millóns de persoas. No conxunto do país o seu número estímase en máis de 24 millóns de empresas (finais de 1993), soamente no medio rural, contribuíndo de maneira decisiva ó seu desenvolvemento. En 1992 por exemplo, o valor global da produción industrial rural ascendía a 1,2 billóns de iuáns, cun incremento de 22,4 veces sobre 1980. A súa participación no total nacional elevouse do 10,6% en 1980 ó 34,3 % en 1992.

A finais de 1993 as empresas de cantón e poboado proporcionaban emprego a 123.541.000 persoas cunha participación do 52% no incremento do producto global do país e do 62% no ingreso per cápita dos campesiños. O valor global da súa produción representa nesa altura máis dun tercio do total industrial nacional. En 15 anos de reforma absorberan máis de 80 millóns de campesiños e destinaron máis de 65.000 millóns de iuáns a proxectos de desenvolvemento agricola. Esta cifra representa o 80% do monto total asignado polo Estado á agricultura no mesmo periodo. O 60% do incremento neto dos ingresos per cápita dos campesiños en 1993 proviña das empresas rurais.

En materia exportadora, o ano 1993 é espectacular. O incremento con respecto ó ano anterior é dun 60%. Nese ano, soamente 139 empresas rurais estaban autorizadas a comerciar co exterior. A súa fortaleza medra a medida que se reforza e consolida o seu tamaño e se diversifican as súas operacións, manexándose no mercado con total soltura. O sistema de accións aplícase en perto do 10% destas empresas en tanto que os grupos de empresas rurais ascende a perto de 100 en todo o país.

CADRO 2: TAXAS DE MEDRANZA DA PRODUCCIÓN SEGUNDO A TITULARIDADE DAS EMPRESAS EN CHINA.

| Ano | Propiedad social | Propiedad estatal | Total prod. Industrial | Incremento PNB |
|------|------------------|-------------------|------------------------|----------------|
| 1985 | 30.9 % | 12.9 | 21.4 | 12.5 |
| 1991 | 18.0 % | 8.4 | 14.2 | 7.0 |
| 1992 | 30.7 % | 12.6 | 20.8 | 12.8 |
| 1993 | 23.6 % | 9.2 | 23.6 | 13.4 |
| 1994 | 21.4 % | 5.5 | 18.0 | 11.8 |
| 1995 | 15.8 % | 7.2 | 14.0 | 10.2 |

Fonte: Beijing Informa. Elaboración propia.

Evidentemente, durante todo este periodo estas empresas tiveron á súa disposición numerosos estímulos. Mentre as empresas estatais (en 1994 segundo datos oficiais, o 45.9% destas empresas eran deficitarias) debían satisfacer un imposto do 55% do seu beneficio, esta porcentaxe reduciase ó 33% para as empresas colectivas (mesmo nos primeiros anos foron exoneradas do pago de impostos). As cargas sociais son moi inferiores: as empresas estatais corren coa responsabilidade do sistema de pensións, educativo, sanitario, etc dos seus traballadores e familias, é dicir, son as empresas as que manteñen os seus propios

hosptais, centros educativos -incluso Universidades-, etc. Nada diso acontece coas empresas de propiedade colectiva e/ou social. As solucións a eses problemas procúranse fóra do contexto interno da empresa e sen cargo ó seu presuposto.

Por estaren tan vinculadas ó poder administrativo e burocrático, as hipotéticas trabas ou dificultades resolvíanse rapidamente. A expectativa de beneficios provocaba por outra banda a problematización do desenvolvemento da agricultura pois moitos recursos e capitais destinados á produción agrícola eran desviados para este fin por resultar más atractivo e rendible.

A iniciativa da creación dunha empresa desta naturaleza pode ser moi diversa: unha colectividade de campesiños que poñen en común os fondos necesarios; as administracións locais ou provinciais; as organizacións sociais (un sindicato, unha entidade asociativa calquera, etc). Os gobernos de cantón e poboado exercen un control administrativo importante sobre a posta en marcha destas iniciativas empresariais moi especialmente a través da súa mediación na solicitude de créditos á Banca Estatal.

Cómpre observar en todo caso que non todas as empresas de cantón e poboado teñen natureza colectiva ou social. Ó campo chegou tamén a diversificación das formas de propiedade, e hoxe podemos atopar igualmente tanto a propiedade individual como as empresas de investimentos estranxeiros, mixtas ou non. Pero a colectiva ou social segue a ser moi maioritaria neste medio.

En non poucos casos as empresas colectivas ubicadas no rural introducen o simbiotismo. Os seus traballadores alternan a ocupación na industria coa adición ás tarefas agrícolas cando así se require. Para boa parte deles o ingreso procedente da empresa non constitue a fonte principal do seu sostento. Os traballadores poden non ser fixos e mesmo a produción é igualmente variable. A flexibilidade en todos os dominios é unha característica moi apreciable nestas industrias, marcadas de principio a fin pola noción de rendibilidade. Segundo me referían expertos nesta materia nunha visita efectuada a China en 1994, dos máis de 24 millóns de empresas anteriormente citados, soamente unhas 40.000 poderían considerarse fixas, é dicir, que contaban con traballadores fixos, proletarizados totalmente (non simbióticos) e cunha liña de produción continuada, estable.

A colectividade laboral desta nova industria está estrictamente vencellada ó ámbito máis próximo. Non se produce o fenómeno da emigración ás zonas urbanas; os seus traballadores son maioritariamente da zona, da aldea, que abandonaron a terra pero non o seu pobo natal. Cumpre neste sentido unha importante función. Baste un dato: en Shenzhen, unha das primeiras zonas económicas especiais e limítrofe con Hong Kong, de 2.800.000 habitantes (1994), soamente 900.000 son residentes. Os case doux millóns restantes son emigrantes do campo en busca dunha oportunidade.

China conta cunhas 50.000 pequenas cidades e poboados, de diversas modalidades, distribuídas por todo o país. Son estas estructuras as principais porta-

doras do desenvolvemento das empresas de cantón e poboado. En 1995 o Estado esixiu ós gobernos de 2.200 distritos o planeamento da construcción dun ou dous poboados a título experimental. Pretende deste xeito acelerar a urbanización e desenvolver tanto a industria secundaria como terciaria, elevando o nivel de vida do campo para evitar o fenómeno da poboación flotante que oscila entre os 80 e 100 millóns de persoas.

A configuración real das empresas colectivas de cantón e poboado adquiriu unha gran complexidade. Se tomamos como referencia a retribución, por exemplo, nas de grande escala, o salario asemellase na súa forma ó das empresas de propiedade estatal; pola contra, nas que existe unha componente cooperativa, o traballador pode recibir dous ingresos, un como salario e outro como beneficio da súa acción. Nas de pequena escala, aquelas que non contan cunha produción fixa, o xerente retribúe ó traballador en función da actividade realizada, nunha situación semellante á dun eventual, temporal ou fixo-discontinuo.

A irrupción da propiedade colectiva no medio urbán prodúcese principalmente da man das propias empresas estatais. Inmersas en procesos de reestructuración interna, a creación de empresas de propiedade social preséntase como unha das solucións idóneas para resolver o problema da man de obra sobrante ou para proporcionar emprego ós fillos dos seus propios traballadores. Poden ser empresas de servicios pero tamén as hai de producción. Os fondos para a súa posta en marcha son aportados pola propia empresa estatal. Directivos da empresa estatal de aceiro de Xining (na provincia occidental de Qinhai) referíanme por exemplo a súa decisión de crear unha empresa de servicios con especialización en materia de construcción de vivendas e saneamiento prestando ocupación a 1.700 xóvenes (a empresa matriz proporciona ocupación a 13.046 traballadores) que se empregarían por primeira vez. A aportación da empresa estatal non soamente se limitaba ó capital. Ademais neste caso concreto aportou 300 operarios especializados para capacitar ó persoal da nova empresa.

Comeza a ser habitual tamén que as empresas estatais ubicadas no medio urbán opten pola creación de empresas de propiedade social non no medio urbán senón no campo e non para complementar as súas liñas de producción senón para substituirlas ou trasladalas. A razón principal é o abaratamento dos custos, en especial da man de obra. Pero poden existir outros: especulación inmobiliaria (os prezos dos terreos no medio urbán disparáronse en moitas zonas e as empresas optan por trasladar as súas liñas de producción para tirar beneficio fácil e rápido da venda dos terreos) ou diversificación das súas actividades, especialmente na esfera dos servicios e do lecer, escasamente desenvolvidos e con mellor proxección no medio urbán. Por razóns de orde medioambiental e urbanístico aconséllaselle a algunas empresas o traslado a fóra das cidades. Globalmente, para as empresas estatais, a privilexiada ubicación no medio urbán constitúe hoxe un dos seus principais activos.

Un caso concreto que tiven a ocasión de coñecer directamente é o da empresa estatal Double Star adicada ó calzado deportivo. Ubicada en pleno centro de Qingdao, na costa da provincia de Shandong, cidade ocupada en tempos polos alemáns e turística por excelencia, a dirección decidira trasladar boa parte da súa produción ó campo e adicar os solares que posuía á construción dun Hotel e un Centro de entretemento e servicios que funcionaría en réxime de propiedade social (nin estatal nin privada).

Na súa dinámica interna, as empresas de propiedade colectiva e/ou social gañaron respecto e independencia no seu funcionamento. As súas dimensóns, sensiblemente más reducidas cás da empresa estatal -normalmente mastodónticas- posibilitan teoricamente o exercicio dunha actuación menos xerarquizada e más eficaz dos Congresos de Traballadores (asemeábeas do colectivo laboral con facultades de participación), e polo tanto tamén a priori un control democrático más viable. Mantense áinda hoxe que a decisión de designar ó Director ou xerente da empresa debe ser convalidada por este órgano asembleario.

Polo que respecta á propiedade cooperativa, experimentou un forte retroceso neste contexto. Para diferenciar estas formas de propiedade social e/ou colectiva, o criterio máis evidente é o seguinte: mentres das cooperativas son donos os seus membros; das empresas de propiedade colectiva os donos non son os seus traballadores senón o pobo dese cantón ou poboado; ou a organización social ou pública que aporta o capital. Esto non quer dicir que no futuro non poda revitalizarse. De feito, nos dous últimos anos os economistas chineses están a estudiar os diferentes modelos de cooperativismo existente noutros países (incluido o Estado Español) co obxecto de dar un empurrón a esta forma de propiedade.

Especial relevo e interese merece a estructura da aldea organizada sobre a base da propiedade colectiva. Nos municipios de Yantai e Weifang, tamén na provincia de Shandong visitei duas destas aldeas. Na aldea do distrito Muping, todas as empresas (un total de 12 Corporacións agrupan a 130 empresas) son de propiedade colectiva, unhas organizadas en forma cooperativa, outras social e tamén con investimento exterior (nove cunha participación de capital foráneo que non supera o 43%). En 1994 estaba en estudio a posibilidade de establecer fórmulas de arrendamento a empresarios estranxeiros (Singapur, Corea sobre todo) dos terreos necesarios para a construción de diversas fábricas cun investimento exterior do 100% nas instalacións.

A poboación da aldea ascendía a 11.000 persoas, das que 2.300 non participaban na produción (xubilados, estudiantes, etc). En 1993 o ingreso per cápita ascendera a 3.800 iuán, certamente alto para o standard medio chinés. A distribución por sectores é a seguinte: 50% industria, 45% comercio e servicios, 5% agricultura. As cargas sociais son asumidas colectivamente, ó igual cás perdidas das empresas deficitarias. O Comité do Partido da aldea é a estructura de referencia fundamental para a administración desta particular unidade. Existe ade-mais un buró (separación Partido-estado) e no ámbito das unidades de traballo

funcionaban as diferentes asembleas laborais ou congresos. A cargo dos burós estaban os labores más administrativos, realizados en colaboración coas comisóns de planeamento. No distrito Chanyi de Weifang, por exemplo, onde a tipoloxía de empresas está máis diversificada, con presencia considerable de investimentos estranxeiros, exercen un importante control a todos os niveis (orientación técnica, investigación, etc). Neste distrito principiaba a experimentación dun novo sistema de pensións baseado na cotización mixta: do 10% a cargo do traballador e o 90% restante por conta da empresa (nas estatais a porcentaxe aportada polo traballador ascende ó 2% do seu salario).

3. O Futuro.

Resulta evidente pois que o milagre económico chinés garda unha estreita relación co desenvolvemento da propiedade social non estatal, é dicir, a orixinada a partir da propia empresa estatal, das organizacións sociais, das colectividades, cooperativas, etc. A recente aprobación polo Comité Permanente da Asemblea Popular Nacional (Parlamento) chinesa dunha Lei de empresas de cantón e poboado servirá sen dúbida para consolidar e vertebrar legalmente unha forma de propiedade que medrou como a espuma e sen canles definidos. Esta lei debe matizar os intereses e os dereitos de propiedade destas empresas que en 1996 proporcionaron ocupación a 130 millóns de chineses.

A lei entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1997. Segundo nela se recolle consideraranse empresas de cantón e poboado tanto as empresas rurais colectivas ou aquellas que teñen mais dun 50% de investimento de campesiños como as auspiciadas por outras formas de propiedade, incluidas as de orixe estranxeiro. A lei contempla a necesidade de participación e consulta cos empregados e sindicatos acerca de asuntos como o salario, o benestar ou a seguridade e hixiene. A responsabilidade administrativa recae nos gobernos locais ou das aldeas. A política e última será exercida polos comités do Partido.

A aprobación da lei coincide cunha primeira valoración e análise crítica sobre a eficiencia das empresas de cantón e poboado. Nunha conferencia nacional celebrada en Beijing entre o 14 e o 15 de xaneiro de 1997, o viceprimeiro ministro Jiang Chunyun, sinalaba que debido á mala administración e a un descenso na productividade moitas empresas de cantón e poboado tiñan dificultades para competir no mercado. Na mesma xuntanza o dirixente chinés animaba a estas empresas a constituir alianzas ou holdings, grupos ou cooperativas para enxugar as perdas e definir novas medidas colectivamente. Igualmente enfatizou a necesidade de queimar etapas e reestructurar estratéxicamente o seu papel pasando das actividades intensivas en man de obra á produción intensiva en tecnoloxía mellorando a productividade.

Queda un espazo para a experimentación e para o deseño dun modelo de empresa susceptible de combinar a imprescindible eficacia cunha propiedade e un control democrático que repercuta positivamente no conxunto da cidadanía. En China, o rexeitamento de principio a políticas privatizadoras do tipo

das aplicadas nos países do Leste europeo e o interese polo cooperativismo evindician a existencia ainda de espacios abertos e xenerosos para construir un modelo diferente do preconizado polo dogmático neoliberalismo en alza.

Bibliografía sumaria.

- Pablo BUSTELO e Yolanda FERNANDEZ-LOMMEN. *La economía china ante el siglo XXI. Veinte años de reforma*. Editorial Síntesis. Madrid, 1996.
- Enrique FANJUL. *Revolución en la Revolución. China, del maoísmo a la era de la reforma*. Alianza Editorial, Madrid, 1994.
- Xue MUQIAO. *Problemas de la economía socialista de China*. Ediciones en lenguas extranjeras. Beijing 1981.
- Xulio RIOS. *China*. Editorial Icaria, Barcelona 1997.
- Jean-Louis ROCCA. 'Le socialisme de marché saisi par l'anarchie capitaliste'. En *Alternatives économiques*, n° 118, xuño 1994.
- Liu SUINIAN e Wu QUNGAN. *Breve historia de la economía socialista de China (1949-1984)*. Beijing informa. Beijing, 1987.



Os artistas

procuran a calidade da súa obra.

Nós coidamos a calidade

dos nosos servizos.

auditoría / asesoría fiscal / asesoría laboral
estudios económicos e financieros / organización e desenvolvimiento contable
selección e formación de persoal.

unipro

P. y Margall, 72, bajo - 36202 Vigo - Apartado 887
Teléfono 986 23 86 04 - Telefax: 20 56 04

Branco Porto, 2, entresuelo - 36001 Pontevedra - Apartado 214
Teléfonos 986 85 54 12 - 16 - Telefax: 84 29 43

AGRICULTURA ECOLÓXICA ALTERNATIVA GLOBAL

Gabino VÁZQUEZ FERNÁNDEZ

Presidente do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia

SUMARIO: Para que o modelo de Agricultura Ecológica non sexa obxecto de manipulacións, a Agricultura Ecológica debe ser concebida baixo a súa acepción máis globalizadora. Máis que unha simple técnica productiva é un sistema de coñecemento fundado en tres piarez: productivo, ambiental e humano. No marco europeo dunha agricultura subvencionada, de baixa competitividade, de alto impacto ambiental, con baixa calidade dos alimentos e baixas rendas para os pequenos agricultores, a Agricultura Ecológica vai gañando recoñecemento en amplios sectores sociais, incluída a Administración Pública, e representa unha solución á racionalización do gasto público, á preservación do patrimonio ecológico e cultural e á garantía dunha renda digna para os pequenos agricultores así como unha mellora na calidade da alimentación, o que redunda positivamente na calidade de vida. O desenvolvemento da Agricultura Ecológica implica: a defensa das pequenas explotacións, a formación do agricultor, o estímulo do asociacionismo, a xestión directa dos recursos naturais, a manufacturación *in situ* dos alimentos, o estreitamento das relacións cidade-campo, o contacto directo entre produtores e consumidores, etc.

SUMARIO: Para que el modelo de Agricultura Ecológica no sea objeto de manipulaciones, la Agricultura Ecológica debe ser concebida bajo su acepción más globalizadora. Mas que una simple técnica productiva es un sistema de conocimiento fundado en tres pilares: productivo, ambiental y humano. En el marco europeo de una agricultura subvencionada, de baja competitividad, de alto impacto ambiental, con baja calidad de los alimentos y bajas ganancias para los pequeños agricultores, la Agricultura Ecológica va ganando reconocimiento en amplios sectores sociales, incluida la Administración Pública, y representa una solución a la racionalización del gasto público, a la preservación del patrimonio ecológico y cultural y a la garantía de una renta digna para los pequeños agricultores así como una mejora en la calidad de la alimentación, lo que redunda positivamente en la calidad de vida. El desarrollo de la Agricultura Ecológica implica: la defensa de las pequeñas explotaciones, la formación del agricultor, el estímulo del asociacionismo, la gestión directa de los recursos naturales, la manufacturación "in situ" de los alimentos, el estrechamiento de las relaciones ciudad-campo, el contacto directo entre productores y consumidores, etc.

SUMMARY: To save the ecological agricultural model from being the object of manipulation, Ecological Agriculture should be viewed under its more global aspects. More than a simple productive technique, it is a system of knowledge founded on three pillars : productive ,environmental and human. In the European context of subsidized agriculture of low competitiveness, of high environmental impact, with low food quality and low earnings for small farmers, Ecological Agriculture is gaining recognition in wide social sectors including the public administration, and represents a solution to the rationalization of public expenditure and the conservation of the environmental and cultural heritage and the guarantee of a decent income for small farmers as well as an improvement of the quality of the food, which brings about an increase in the quality of life. The development of Ecological Agriculture implies: the defense of small exploitations, the education of the farmer, the stimulation of Associationism, the direct management of natural resources, the manufacture *in situ* of food, the strengthening of city-country relationships, direct contact between producers and consumers etc.

A Agricultura Ecolólica como alternativa global

A Agricultura Ecolólica na súa acepción máis globalizadora contempla a relación existente entre a actividade humana no seu conxunto, as súas raíces e efecto xerador de cultura, as súas consecuencias ecolóxicas, sociais e sobre o individuo, así como o seu resultado económico, centrándose máis particularmente na produción dos alimentos, as condicións baixo as que ésta se ten que realizar e nas que teñen que chegar ó consumidor.

Para que a Agricultura Ecolólica poida desenvolver o seu potencial transformador das relacóns entre as persoas e destas co medio, debe ser tida en conta en toda a súa complexidade; ainda correndo o risco de verse separada do eido das ciencias exactas para aproximarse ó campo das ciencias humanas, máis que dunha tecnoloxía estamos a falar dun modo de entende-la vida. Esta circunstancia posiblemente sexa unha das causas que dificultan o seu espallamento e a súa aceptación por parte de instancias como a administración pública ou a universidade dotánda, nembargantes, dunha gran creatividade que se demostra na multitud de propostas, tendencias e movementos sociais que se xeran e das que son un bó exemplo as asociacóns e cooperativas relativamente numerosas en proporción ó sector social que implican. Doutra banda, en canto deixa de ser tida en conta na súa totalidade globalizadora pode pasar a ser un obxecto de manipulación e rendibilización política, unha nova estratexia comercial dos mesmos sectores industriais implicados no desenvolvemento da agricultura química ou un “adorno curricular” dalgún expediente académico, que é no que corre perigo de converterse a Agricultura Ecolólica sobre todo nas rexións menos desenvolvidas; nestes lugares a falta de formación, conciencia ou sensibilidade social impide un correcto control do uso que certos sectores están a facer deste discurso, e do que nos derradeiros tempos escomenzamos a ver abundantes manifestacións.

Ata moi recentemente podíamos considerar que o suxeito da agricultura, o productor, era o propio protagonista no desenvolvemento da súa actividade, compendiando os coñecementos transmitidos pola tradición coas observacións das súas propias experiencias que pasaban a formar parte do acervo das seguintes xeracións; deste xeito foise concretando un sistema que chegaría a ter implicacións dende a produción á distribución dos alimentos, incidindo ó mesmo tempo na configuración doutros sectores da sociedade. Un dos efectos más notables de aquel sistema era o xerador de cultura, diferenciando as identidades das distintas civilizacións que pobraron o planeta, pero tamén tivo un papel significativo na configuración do mapa demográfico e dos espacios naturais, así como na pervivencia da biodiversidade e a disposición de recursos alimentarios.

Na actualidade o suxeito agrícola é un mero servidor dun sistema de produción definido polo estamento político (perfectamente dirixido dende os lobbies industriais) e rexido por técnicas e normas impostas dende a universidade e o persoal “técnico” que nela se fabrica (perfectamente dirixido dende os lobbies

industriais). Neste senso, e referido ós devanditos perigos ós que se ve abocada a A.E., non deixa de ser realmente significativo que, namentres organizacións autónomas e tradicionalmente adicadas á divulgación desta agricultura atópanse con serias dificultades para desenvolver a súa laboura divulgativa, xurdan, dende plataformas conservadoras e absolutamente identificadas con intereses totalmente contrarios ó enfoque social ou medioambiental que debe reixer calquera actuación enmarcada no campo da A.E. (producción agro-gandeira intensiva, industrias químicas, e certas asociacións empresariais, organismos ou fundacións) cursos e actividades organizados con gran rebumbio na percura de conquerir un bó impacto nos medios de comunicación, pero carentes de calquera política de continuidade ou de consecución dunha implantación real desta práctica no medio agrario.

Alleas á orixe, ó sentido último e ás implicacións naturais, sociais e individuais desta actividade, as políticas agrarias modernas foron causa de desertización, acumulación de excedentes agrícolas, forte incremento do gasto público e perda de calidade nos alimentos, aumentando as diferencias económicas entre as diferentes rexións europeas e repercutindo nunha forte perda de identidade cultural nas mesmas. As pequenas explotacións están ameazadas, mantense o apoio ás agriculturas de países do centro e norte de Europa namentres a nosa condénase ó abandono e ocupación de terras con cultivos a longo prazo e de baixa rendibilidade. Esta situación agrávase moito máis cando nos referimos ó contexto mundial, xerándose paradoxas como o incremento dos custos de produción e o incremento dos excedentes agrícolas xunto co incremento da fame no mundo, da productividade agraria xunto coa desertización, da aparición de novas formulacións xenéticas artificiais xunto cunha dramática perda de biodiversidade, etc.

A Comunidade Europea, dende as súas orixes plantéxase como un obxectivo político organiza-los recursos propios do modo máis racional, tratando de garantir a rendibilidade dos procesos productivos e o abastecemento á poboación de bens de consumo. Con este fin en 1969 desenvólvese o artigo 39 do tratado de Roma dando orixe ó que se chamou Política Agraria Común (PAC), creando as bases para un desenvolvemento agrícola que vai traer, como consecuencia, a diminución na competitividade da agricultura europea e unha importante xeración de excedentes producindo, ó mesmo tempo, un gran impacto ambiental; paralelamente, deteriorase a renda dos pequenos agricultores, baixa a calidade dos alimentos, aumenta a dependencia do campo con respecto a outros sectores e aumentan os custos de produción chegando a unha situación de agricultura fortemente subvencionada que se traduce nun alto custo social e nun desequilibrio presupostario importante. Xa no Memorandum do 18 de decembro de 1985 a Comisión, a partir dun amplo debate baseado no seu “Libro Verde”, reflexa os seguintes puntos como orientacións fundamentais:

- Reducir progresivamente a produción nos sectores excedentarios gracias a unha política de prezos baseada nas necesidades do mercado.

- Ter en conta de maneira máis eficaz e sistemática os problemas de ingresos das pequenas explotacións familiares.
- Apoia-la actividade agraria nas zonas nas que sexa indispensable para a ordenación territorial, o manteñemento dos equilibrios sociais e a protección do medio ambiente, e
- Sensibilizar cada vez máis ós agricultores ante os problemas do medio ambiente.

As distintas administracións públicas atópanse cun sistema de pensamento desenvolvido á marxe da propia actividade política e que, nembargantes, dá cumprida resposta a moitos dos problemas orixinados polos seus programas desenrolistas, plantexados en función de prazos inmediatos e intereses económicos moi concretos e que soen conducir a posiciones de moi difícil (a veces irreversible) solución. Esto levou a unha cada vez maior integración, tanto nos programas políticos como nas actuacións administrativas, das premisas que deben de rexer unha produción que se poda denominar “Ecolólica”, dando como froito un corpo lexislativo e normativo cada vez más amplio e á creación de órganos específicos de control e apoio ó desenvolvemento desta Agricultura. Dando resposta a algúns destas reflexións e a unha cada vez maior demanda social e de mercado, o 22 de xullo de 1991 publicase o Regulamento CEE n.º 2092/91 do Consello, de 24 de xuño de 1991, sobre a Producción Agrícola Ecolólica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios. A nivel nacional o devandito Regulamento concrétase no Real Decreto 1852/1993, de 22 de outubro, sobre Producción Agrícola Ecolólica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios e, na autonomía galega, na Orde do 7 de maio de 1997, da Consellería de Agricultura.

Pódese dicir, polo tanto, que a inquedanza manifestada polos defensores da Agricultura Ecolólica dispón dunha base argumental sólida, íntegramente assumida por sectores cada vez más amplos da sociedade e respondida dende o poder executivo europeo e nacional mediante leis que pretenden dotar dun marco xurídico e formal propio á práctica da mesma. En canto á resposta social acadada, é significativo que a nivel nacional se teña pasado de 27.078 ha. cultivadas en 1995 a 103.735 en 1996, o que supón un incremento do 330% (M.A.P.A.). Se falamos de países coma U.S.A. este mercado acada valores estimados nunos 3.000 millóns de dólares (IFOAM) e a nivel europeo o crecemento pódese calificar cando menos de significativo segundo se comproba na táboa adxunta, chegando a casos como a reconversión do 50% da superficie agraria no Tirol e do 7% no conxunto de Austria, reflexando a efectividade dos programas goberamentais de apoio ó desenvolvemento desta agricultura.

| Países | 1995 | 1996 | Crecemento anual | | |
|--------|-------------|---------------|------------------|-------|-------|
| | Sup. en Ha. | % A.E./S.A.U. | 94/95 | 90/95 | 85/95 |
| ALE | 272.139 | 1,8 | 9,4 | 47,5 | 27,3 |
| AUS | 224.000 | 7,2 | 16,7 | 109,1 | 47,2 |
| BEL | 3.956 | 0,4 | 23,1 | 34,7 | 25,2 |
| DIN | 38.259 | 1,5 | 44,7 | 24,1 | 26,9 |
| ESP | 24.079 | 0,1 | 28,5 | 66,1 | 29,4 |
| FIN | 25.822 | 1,9 | 22 | 103,7 | 46,3 |
| FRA | 85.000 | 0,3 | -2,4 | 5,8 | 6,8 |
| G.B. | 32.476 | 0,3 | 4,6 | 10,4 | 20,5 |
| GRE | 3.000 | 0,1 | 60,4 | 135,5 | 100 |
| HOL | 12.789 | 0,7 | 18,1 | 11,2 | 18,6 |
| IRL | 6.457 | 0,2 | 13,9 | 12,6 | 25,2 |
| ITA | 154.028 | 1,2 | 33,8 | 143,9 | 51,1 |
| LUX | 600 | 0,5 | 16,7 | 2,1 | 6,2 |
| NOR | 5.768 | 0,8 | 21,6 | 26 | 42,9 |
| POR | 5.000 | 0,3 | 40 | 80,7 | 41,2 |
| SUE | 101.458 | 3,4 | 44,1 | 17,8 | 41,5 |
| SUI | 31815 | 3,8 | 20,7 | 29,7 | 27,1 |
| TOTAL | 1.023.346 | 6,59 | 28,65 | 54,88 | 37,76 |

Fonte IFOAM

A forza da A.E. radica en que, tendo nacido moito antes que a propia PAC, impõense como solución á racionalización do gasto público, preservación do patrimonio ecolóxico e cultural das rexións de Europa, solución válida para garantir unha renda agraria digna e como mellora da alimentación e, deste xeito, do estado de saúde das persoas, é dicir, mellorando a calidade de vida, sendo capaz de garanti-la viabilidade das pequenas explotacións familiares fomentando a produción de novos alimentos e de maior calidade; en contra da actual situación de produción agrícola subvencionada, que favorece fundamentalmente ás grandes explotacións.

Mais que unha simple técnica productiva, a Agricultura Ecológica é un sistema de coñecemento que se fundamenta, polo tanto, en tres piares: Productivo (actividade agrícola), Ambiental (utilizando técnicas e manexos non contaminantes nin degradantes do entorno) e Humano (percurando unha renda digna para o productor e un alimento de calidade para o consumidor interesándose, asemade, pola preservación da cultura e patrimonio rural). Evidentemente é o aspecto Productivo o que condiciona en primeiro lugar, e atrévome a dicir que

ata impón, o desenvolvemento da A.E., dado que é a motivación fundamental para o productor, pero non se pode esquenciar o gran peso do factor Medioambiental no momento de definir as políticas gobernamentais. No plano Humano, o cambio de conciencia en canto a solidariedade social e sensibilización ecolóxica que de feito se está a producir en sectores sociais cada vez máis amplos, requiere dun esforzo moito maior e máis decidido por parte de institucións públicas como as universidades ou a propia administración que, a pesar dos múltiples acordos nacionais e internacionais, leis e manifestacións de todo tipo que se fan cada vez con maior profusión, non parecen estar moi interesadas na implantación real destes cambios (0,7%, protección de espacios naturais, economía social, diminución de emisións de CO₂, etc.), sen se decatar das consecuencias futuras das actuais políticas conservadoras.

Dentro destes necesarios cambios a impulsar, o reciclado de subproductos da explotación e dos resíduos orgánicos así como a utilización de técnicas biolóxicas de protección e alimentación de cultivos e gandeirías establece, ó mesmo tempo, unha nova orientación da producción industrial dirixida á agricultura; no campo comercial establecese, asemade, unha nova dinámica na que aparecen novas técnicas de apoio á produción, mellora da rendibilidade e diminución do impacto ambiental debido á manipulación, almacenamento e transporte dos alimentos.

O nivel cultural dunha sociedade, o interese dos seus poderes públicos e as dificultades técnicas e económicas polas que está a pasar a agricultura convencional facilitan o desenvolvemento da A. E. Estas condicións obsérvanse preferentemente nas áreas más desenvolvidas cultural e economicamente e, como consecuencia, as rexións menos desenvolvidas pero con mellores condicións para a práctica da A. E. son, decote, onde menor implantación ten. O desenvolvemento da A. E. implica a defensa das pequenas explotacións familiares, a formación do agricultor, o estímulo do asociacionismo, a xestión directa dos recursos naturais e o fomento dunha mellor calidade na alimentación; xunto co desenvolvemento da manufacturación “in situ” dos alimentos, a necesaria implicación da cidade no campo a través dos sistemas de ensino e do contacto máis directo entre produtores e consumidores, a disposición de espacios naturais para o lecer así como a racionalización do turismo rural constitúen os fundamentos dunha correcta formulación do desenvolvemento rural.

Precisamente porque se trata más ben dun sistema vivo, do que a xénesis vaise dar ó mesmo tempo na mente dos produtores e consumidores autónomos e sensibilizados coa problemática social e ambiental implicada e que seguen a ser aúa forza impulsora e os que dotan de contido a este movemento, a Agricultura Ecolólica abarca múltiples áreas do coñecemento e a actividade humana más ca definirse nunha técnica concreta, desenvolvéndose ó mesmo tempo dende escolas ou ópticas diferentes, pero sempre independentemente e moi por diante das formulacións da política ó uso ou os desenvolvidos pola actividade académica universitaria. Deste modo, a evolución do movemento da

A.E. entre distintos colectivos, e incluso entre os distintos países, chegou a determina-los términos más habituais en cada un deles (ecolólica, biolólica, orgánica, biodinámica, permacultura, etc.), ó tempo que o soporte conceptual e a meirande ou menor inclusión de parámetros de orde social, ambiental, etc. configuran as distintas escolas e corrente que se foron creando, contribuíndo, en todo caso, ó artellamento dunha nova cultura de maior integración dos interese-s humanos e ambientais.

Contra este labor de formación de conciencia e busca de sistemas de producción sostibles e mais distributivos, os esforzos de manipulación e control do espallamento da Agricultura Ecolólica por parte de sectores como os enriba mencionados o único que poden lograr é un retraso na súa implantación social, como xa ten ocurrido noutros campos da ecoloxía (reciclado de residuos, restriccións de producións industriais de CFCs ou emisións de CO₂, preservación da biodiversidade, etc.); poderíamos ilustrar con moitos exemplos os graves danos producidos, cando non irreversibles (furado de ozono, desertización, efecto invernadoiro, extinción de especies, contaminación xenética, etc.), causados por ese retraso en poñer en marcha medidas ou actuacións de interese universal coa intención de preservar intereses económicos moi concretos nunha, certamente moi errónea, maneira de entender as leis do mercado como mediadoras das relacións sociais e xeradoras de progreso.

As técnicas empregadas na A. E. proveñen, a miúdo, de prácticas utilizadas por grupos ou civilizacións remotas no tempo ou no espacio, como os esenios ou os aborixes australiáns ou, moito más próximos, os propios celtas. No xeral aplicáanse técnicas e ferramentas totalmente comúns ás utilizadas na agricultura máis convencional cambiando o modo de uso ou o manexo dos cultivos. Nalgúns casos, como a análise cristalográfica ou as aplicacións homeopáticas, a A. E. abre portas á investigación en campos absolutamente novidosos que nada teñen que ver coa forma na que se ten interpretado o traballo agrícola deica hoxe e que rompen co actual modelo de separación de funcións: o investigador de bata branca no limbo do seu laboratorio e o traballador de mono no inferno da lama e do purín. Esta agricultura impón unha relación na que o investigador se pon ó servicio do productor e depende totalmente del para a transformacións en materia viva do seu coñecemento.

Os produtores e comercializadores enfróntanse, cada vez más, a situacións técnicas e económicas delicadas chegando a ver incluso comprometida a viabilidade dos propios negocios e explotacións: debido á competencia dos mercados, os custos cada vez meirandes da produción e o transporte e problemas derivados das prácticas abusivas na fertilización ou no control de plagas. Ó incrementarse a demanda de alimentos ecológicos atopan, apoiándose en bases teóricas e prácticas perfectamente establecidas, cunha alternativa eficaz para poder mante-lo seu poder adquisitivo e áinda o seu posto de traballo. Baixo a presión dos consumidores, son aqueles agricultores mellor informados e baixo administracións más dinámicas os que primeiro acceden a esta forma de producir ali-

mentos, polo que disfrutarán das vantaxes que poidan supoñer la súa primeira colocación no mercado, ademais de canalizar as posibles axudas institucionais que veñan xurdindo como xeito de apoio e fomento desta nova agricultura. Doutra banda, nun contexto de crise enerxética, deterioro xenético e quentamento global do planeta, é absurdo manter sistemas de produción que implícan o gasto dunhas 500 calorías para a produción de 1 caloría de alimento en forma de leituga nun cultivo de invernadoiro (G. Guet, 1994), polo que tendo en conta que directa ou indirectamente (producción, elaboración e transporte dos alimentos, embalaxes, producción industrial de maquinaria, fertilizantes e fitosanitarios, etc.) a maior parte da contaminación ambiental que padecemos deriva da actividade agrícola (por riba dun 60% segundo cálculos estimados a partir de distintas fontes), pódese entender que o papel do consumidor é vital para promove-lo cambio nos modos de produción agraria e das actividades industriais asociadas; neste sentido é moi importante o apoio que os consumidores deben de ofrecer ás organizacións implicadas no desenvolvemento do Comercio Xusto e Solidario que deberán de ser, ó mesmo tempo, protexidas e potenciadas tanto polas administracións locais como por organismos internacionais como poden ser a Comisión polo desenvolvemento Sostible (CDS), a FAO, OCDE, etc., de tal xeito que o desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica pase a ser obxecto esencial de tódalas políticas agrarias do futuro.



FUNDACIÓN GALICIA - EUROPA

EN EUROPA Ó SERVICIO DE GALICIA

A Fundación Galicia - Europa é unha institución privada sen fins lucrativos, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento de Galicia a Europa e viceversa.

En particular ten como obxectivos lograr un maior grao de formación e información da sociedade galega nas cuestións relativas a Europa e ás súas institucións, por un lado, e canaliza-la xestión e promoción de intereses galegos en Europa, por outro.

O seu órgano de representación, goberno e administración é o Patronato, presidido polo Presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros da Fundación.

ENTIDADES MEMBROS

- XUNTA DE GALICIA
- BANCO PASTOR
- GAIXA GALICIA
- CAIXA OURENSE
- CAIXA PONTEVEDRA
- CAIXAVIGO
- CÁMARAS GALEGAS DE COMERCIO INDUSTRIA E NAVEGACIÓN

OFICINA EN GALICIA

Rúa dos Feáns, 5 - baixo
Teléfono (981) 54 10 12
Fax (981) 54 10 13
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

OFICINA EN BRUXELAS

Avenue Milcamps, 105. 1040
Telf. 3 - 22 - 735 54 40
Fax 3 - 22 - 735 46 78
BRUXELAS

ENTREVISTA CON SEVILLA GUZMÁN*

SUMARIO:

O entrevistado define a agroecoloxía como un intento de establecer as bases científicas para unha agricultura ecolólica, concedéndolle relevo ós problemas sociais. A necesidade de buscar medidas económicas / multidisciplinarias que dean conta de realidades de interese para a agroecoloxía (máis complexas cás medicións establecidas polo mercado), a re-orientación do desenvolvemento económico, os tipos de organización de base social e productiva da agricultura e a metodoloxía científica e a súa relación coas formas de coñecemento (destacadamente a Investigación Acción Participativa), son temas en axenda para a agroecoloxía.

SUMARIO:

El entrevistado define la agroecología como un intento de establecer las bases científicas para una agricultura ecológica, concediéndole relevancia a los problemas sociales. La necesidad de buscar medidas económicas / multidisciplinarias que den cuenta de realidades de interés para la agroecología (más complejas que las mediciones establecidas por el mercado), la re-orientación del desarrollo económico, los tipos de organización de base social y productiva de la agricultura y la metodología científica y su relación con otras formas de conocimiento (destacadamente la Investigación Acción Participativa), son temas en agenda para la agroecología.

SUMMARY

The interviewee defines agroecology as an attempt to establish a scientific base for an ecological agriculture, giving relief to social problems. The necessity of looking for multidisciplinary economic measures that take into account realities of interest for agroecology (more complex than the measurements established by the marketplace), the re-orientation of economic development, the types of organization of agriculture of a social and productive base and scientific methodology and its relation to the other forms of knowledge (especially Participative Action Investigation) are subjects on the agenda for agroecology.

Para introducirnos no tema ¿podes explicar o que é a agroecoloxía e que ten de específico con respecto á ecoloxía entendida como concepto máis xeral?

A agroecoloxía é un intento de establecer as bases científicas para unha agricultura ecolólica, pero considerando como un elemento moi importante os problemas sociais. O problema fundamental que hai na agricultura ecolólica é que hai un desenvolvemento importante das técnicas e do manexo dos recursos naturais. Desde un punto de vista técnico, desde un punto de vista agronómico, pero se quedan aí, non dan o paso de considerar ó home como un elemento máis do ecosistema e sobre todo de resolver os problemas máis importantes que ten como son as formas de dependencia que xera por unha banda a venda de insumos e por outra os procesos de comercialización e posta no mercado dos seus produtos, que son os puntos más importantes da extracción do excedente e os que obrigan ós agricultores a facer un manexo

* Entrevista realizada por Ana Lorenzo e Lucía Fernández.

dos recursos naturais vinculado a unha lóxica distinta á lóxica ecolólica. A agroecoloxía ten como un elemento central a análise dos problemas sociais dentro deste contexto. ¿Cal é a diferenza entre agricultura ecolólica e agroecoloxía? Pois isto que dixen. A agricultura ecolólica, nos países do primeiro mundo, que é onde se desenvolveu fundamentalmente, desenvolveuse en base a uns estilos distintos, de formas de manexo distintos, como pode ser a biodinámica, a permacultura, a agricultura orgánica... Sen embargo a agroecoloxía recoñece a existencia de moitos estilos da agricultura ecolólica, pero o que fai é tentar de analizalos todos e ver que elementos de cada un deles son utilizables para introducilos nun contexto teórico no que apareza como elemento fundamental a resolución dos problemas do agricultor, no contexto de romper as formas de dependencia do mercado e dos puntos de extracción de excedente que aparecen ó longo de todo o proceso, que é o que determina a relación subordinada que teñen os agricultores respecto das demais ramas de actividade económica.

¿Queres dicir que pode darse unha contradiccción entre os obxectivos ecolóxicos e os sociais?

Non é que se poida dar, é que se está a dar, e se está a dar dunha forma moi forte porque se ti tes como obxectivo central crear uns alimentos sanos que se introduzan no mercado en tendas de *elit*, estás a facer unha agricultura para ricos, non estás a solucionar ningún problema. Podes solucionar nalgúnha medida o problema de degradación da natureza que significa o manexo industrializado dos recursos naturais, e substituílo por un manexo ecológico, pero non rompes as causas da pobreza e da dependencia que se xera no mundo. Ten en conta que podería ser concebida, e de feito está xa a pasar, unha agricultura ecolólica vinculada a multinacionais, e iso é o que hai que evitar. Isto significa ver ás persoas como fóra do proceso, e ademais hai ainda outra cousa que é máis importante que é que se o manexo dos recursos naturais está supeditado á lóxica do lucro ó final terminarase no mesmo punto, porque é o principio do beneficio o que vai rexe-lo manexo. Nós o que queremos é que sexa un principio ecológico vinculado á resolución dos problemas sociais dos agricultores. Por iso o cooperativismo e as formas de acción social colectivas no manexo dos recursos naturais, e unha dimensión participativa á hora do deseño destas formas de manexo é fundamental.

A agroecoloxía fai unha crítica ós conceptos dominantes de desenvolvemento, crecimiento... ¿Desde que outros conceptos traballa?

La agroecoloxía nútrese da busca dunha integración dos distintos enfoques da ciencia convencional. A ciencia convencional compartimenta o coñecemento en distintas disciplinas de tal forma que a través dos principios analíticos que rexen a súa busca da resolución dos problemas parcela a realidade, analízaa e logo intégraa. Isto determina que se cometan errores enormes. A agroecoloxía

propón unha análise integrada desde unha perspectiva multidisciplinar. Un dos elementos centrais da agroecoloxía é a obtención dunha economía ecolóxica que supoña unha formulación de como se miden as variables económicas nuns termos reais e non como actualmente se fai. Actualmente a economía só mide aquilo que pode introducir no mercado. Por exemplo, un dos bens máis importantes que temos nós é o aire, pero o aire non foi nunca nin é un ben económico porque non saben como incorporalo no mercado. E é mellor que non o incorporen, por outra banda. O importante é darte de conta de que hai unha gran cantidade de bens que son imposibles de medir a través da lóxica crematística de introducir os bens no mercado e poñerles un valor. Esta é a crítica que fai a economía ecolóxica á economía convencional, e demostra como o concepto de producto interior bruto (PIB) é un concepto falso, porque se mide unha parte da riqueza, pero hai outra parte moi importante que non se ve, e non se pode medir, porque non é susceptible de introducir no mercado e valorala neses termos. O mesmo pasa coa biodiversidade, por exemplo. ¿Como valoras a biodiversidade? ¿Que valor lle pos a algo que é o resultado dunha coevolución do home coa natureza durante séculos e que deu como resultado a aparición de multitud de variedades dunha especie, que determina a riqueza de que existan ese tipo de variedades autóctonas. ¿E como se valora a perda enorme que se está a sufrir agora como consecuencia da imposición a través do mercado dunha agricultura industrializada que o que fai é simplificar ó máximo o manexo dos ecosistemas, crear monocultivos e estandarizar as formas de manexo? Iso é unha perda enorme desde o punto de vista do patrimonio da humanidade.

¿Por iso propoñedes tamén como necesidade a marcha atrás no desenvolvimento económico?

Si, por iso se propón a absoluta necesidade dunha marcha atrás en moitas cousas o que non significa un retroceso desde o punto de vista do progreso e da modernización. Imos en contra do tipo de modernización que se produciu. Cremos que hai outras formas de modernización alternativas a esta. E iso de dar marcha atrás, pois por exemplo hai que dar marcha atrás na nosa forma de consumir, na nosa forma de despilfarrar enerxía e materiais como facemos. É imprescindible levar a cabo iso. Pero claro, enfrentarse a isto é un problema moi grande porque hai demasiados intereses montados a tó dolos niveis. Pero o más grave de todo é que o nivel máximo, as políticas do Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional, a articulación dos estados a través das organizacións internacionais... están en mans dos gobernos que están absolutamente influídos polas multinacionais e polos intereses do mercado. Entón é unha loita realmente difícil.

Con respecto á importancia dos bens económicos que non son medibles en diñeiro, ¿que pensas dos métodos agora en boga de análise do impacto medioambiental que se exixen para a implementación de proxectos de infraestructuras, creación de plantas industriais, etc.?

A meirande parte dos estudos de impacto medioambiental están realizados a través dos métodos e das técnicas da economía convencional e non teñen en conta case nada. Non son capaces de valorar cousas tan importantes como a perda dos mecanismos de rexeneración dos recursos naturais ou a aptitude agraria das terras porque, entre outras cousas, son perdidas que repercuten en xeracións futuras. Ten en conta que a economía convencional se basea en valorar as cousas a través da confrontación da oferta e a demanda que da lugar a un prezo. Pero os que non naceron non poden aparecer para fixar o prezo de nada. O esquema da economía convencional para valorar as cousas é absolutamente falso.

No Foro Alternativo ‘As outras vozes do Planeta’, celebrado nos mesmos días que a reunión en Madrid do FMI, algunas das intervencións apuntaban á importancia do consumo consciente como unha das poucas estratexias que se poden articular desde o primeiro mundo contra estas políticas. ¿Vós propoñedes para o caso da agricultura que tanto a produción como a comercialización estean en mans dos produtores e que, ó mesmo tempo se creen unhas redes de mercado alternativas ás reais? Se podes fálanos tamén do que supón isto no cambio das relacións entre o mundo rural e o urbano.

Unha das aportacións más importantes á agroecoloxía ven a cargo daque-las persoas que no terceiro mundo desenvolveron formas de loita alternativa, como por exemplo Vandana Shiva. Ela ten elaborada unha crítica á revolución verde e unha análise sobre os efectos da xeración de sementes de alto rendemento, a perda de diversidade, a tentativa de introducir a agricultura industrializada no terceiro mundo, teoricamente para conquerir mitigar o problema da fame pero que na práctica agudou as diferencias sociais e a dependencia. Por iso o seu concepto de consumo consciente é unha das aportacións más salientables á agroecoloxía (e para a ecoloxía política en xeral). Un dos temas más importantes é entón romper coa xeración de necesidades falsas que é consecuencia da manipulación que desde o mercado se exerce sobre nós. Cada vez créannos más necesidades falsas e consumimos dunha forma más despilfarradora. Facendo iso estamos xerando un problema de exceso de consumo de materiais e enerxía que repercuten sobre todo sobre o terceiro mundo. O primeiro que hai que facer é frear esa carreira tan brutal de consumir e de producir cousas absolutamente irreales e falsas, que non serven para nada.

Das experiencias que están a desenvolverse neste sentido unha sería a do comercio xusto e solidario, outra as formas de asociación entre cooperativas de consumidores e cooperativas de producción. ¿Con que límites se atopan estas fórmulas para seren xeralizables? ¿Que límites impón á propia producción o feito de que sexan experiencias relativamente pequenas?

Para contestar a esa pregunta vouvos explicar un pouco máis o que supoñen as asociacións de produtores e consumidores de agricultura ecolólica que se

están a xerar. Agora mesmo hai en tódalas capitais de provincia andaluzas asociacións de produtores e consumidores. Estas asociacións non son cooperativas onde están os produtores por unha banda e os consumidores pola outra, senón que son os produtores e os consumidores conxuntamente quen crean esas asociacións. Os produtores foron ás cidades para tentar de poñerse en contacto con aquelas persoas que están dispostas a axudarles nunha loita que significa tratar de romper o consumo despilfarrador que temos e de educar tamén ós consumidores no sentido de que comemos porquería e estamos afeitos a comela, e de que esos productos de consumo habitual que estamos a pagar está subvencionando e promovendo cada vez más un tipo de agricultura que cada vez degrada máis a natureza. O obxectivo primeiro das asociacións de consumidores e produtores é educárense, ir formándose nestes problemas a través dun intercambio entre as persoas que no campo adoptan unha postura de loita fronte ó sistema e as persoas que desde a cidade están dispostas a colaborar igualmente. Trátase de ir establecendo un diálogo e unha cooperación solidarias cada vez maiores para xerar formas de comercio alternativo, que impliquen unha dinámica participativa e de arquentamento mutuo e educación mutua. O obxectivo central non é para os consumidores comeren san e para os produtores venderen a un prezo con menos risco. Non. Do que se trata é de darse conta de que estamos nun proceso de loita para cambiar as cousas. Queremos cambiar o mundo porque a dinámica na que está metido é espantosa.

Con respecto ás limitacións hai que dicir que son moi grandes. A agricultura convencional está absolutamente subvencionada e a agricultura ecolóxica non está nada subvencionada. E cando empeza a estar subvencionada as subvencións van dirixidas a formas asociativas como os Consellos Reguladores de Productos onde empezan a institucionalizar o fraude en moitos aspectos e onde a participación dos sectores está moi condicionada polas políticas que quere implementar o goberno. Hai un control moi forte por parte dos gobernos a este tipo de asociacións.

Nunha experiencia similar en Brasil, en Rio Grande do Sul, onde existen asociacións análogas ás nosas e moi desenvolvidas, os produtores dicíanme: 'nós non podemos aceptar que xente da cidade nos diga como temos que producir porque non nos fiamos deles. Nós temos os nosos propios comités éticos e se vemos que algúén produce empregando agroquímicos somos nós quen o expulsamos porque somos nós quen queremos facelo. Sabemos que a xente que está nas cidades vinculada ós distintos gobernos locais ou estatais están suxeitas a moitas formas de corrupción e poden xerar fraude, ademais de que nos parece inmoral que eles, por un control que levamos nós moito mellor, nos cobren diñeiro, como están a facer'. Esta é a postura que hai en moitos países do terceiro mundo onde xa empezan a realizarse redes asociativas análogas á nosa. Existen en Uruguay, en Brasil, en Chile e outros países.

¿Como se integra a perspectiva de xénero dentro desta agroecoloxía cargada de dimensión social?

A perspectiva de xénero forma parte dunha maneira clara do enfoque agroecolóxico. Este enfoque pretende substituir o concepto de conciencia de clase que historicamente tivo a esquerda por distintas formas de conciencia. A primeira é a conciencia de especie. A conciencia de especie é o que te leva a cuestionar a situación actual do manexo dos recursos naturais e ver como as xeracións futuras van verse desprovistas de moitas das comodidades que nós estamos consumindo. Pero a agroecoloxía precisa incorporar tamén unha dimensión de conciencia de identidade. A identidade é un elemento fundamental en agroecoloxía porque os agroecosistemas posúen nas súas formas de manexo unha dimensión de identidade clarísima. As variedades autóctonas de cada sitio son a proba evidente de que existe unha identidade ecosistémica, pero que se produce como interacción dunha determinada cultura humana cos recursos naturais. A agroecoloxía defende as identidades locais e as etnicidades con moita forza. É moi importante preservar non só a biodiversidade de carácter biótico senón tamén de carácter sociocultural. Xunto a iso hai unha conciencia respecto de calquera forma de explotación duns grupos humanos por outro e historicamente unha das formas de explotación más importantes e más camufladas ven sendo a explotación de xénero. Entón é unha preocupación moi importante pero moi difícil de abordar porque cada identidade posúe unhas relacións específicas de xénero moi diferenciadas. É enormemente difícil abordar ese tema. Eu pódovos contar por exemplo que entre os problemas más importantes nas cooperativas de agricultura ecolólica coas que traballamos, e nas que nos parece prioritario a busca dunha dimensión participativa na toma de decisiones e na rotación de tarefas, está o problema de xénero. Na toma de decisiones a participación da muller é real e efectiva pero non é así no desenvolvemento de tarefas. Hai unha loita e un debate continuo no intento de superar esta situación, pero é moi difícil. Agora ben, é imprescindible levar adiante este tipo de loita e de traballo.

¿Nas cooperativas trabállase realmente dunha forma asemblearia?

Nas cooperativas non só se traballa dunha forma asemblearia a nivel de decisiones, senón que hai un reparto absoluto en tanto que non só é que todo o mundo gañe o mesmo senón que ademais as persoas que gañan máis como consecuencia de traballar fóra da cooperativa tamén, pon en común todo o seu nivel de ingresos para repartilo en partes iguais. É dicir, que hai unha dimensión solidaria moi forte desde o principio neste sentido. Este é un dos elementos más importantes, manter a cohesión do grupo a través de formas de solidariedade no traballo, no reparto do diñeiro e en todo e unha busca de igualdade dentro do grupo moi forte.

¿Podes falarnos sobre o réxime de propiedade das terras por parte destas cooperativas?

Son terras que non son propiedade dos cooperativistas, pero sí teñen dereitos de uso da terra. Son terras sobre as que se ten unha concesión, que pode ser por dez ou doce anos. Son formas de tenencia da terra de carácter secundario, normalmente arrendamentos, pero arrendamentos que foron conseguidos a través de mobilizacións e loitas e pola ocupación por parte dos xornaleiros. Como consecuencia desta ocupación e desta loita mantida durante moitos anos a Administración cedeulle as terras en arrendamento. A meirande parte eran terras que estaban sen cultivar e moitas eran do Estado. En xeral os xornaleiros non queren ter a propiedade da terra, non é importante a propiedade da terra senón o seu uso. poder cultivar sen que exista unha incerteza en canto á continuidade deste uso.

Un tema de gran interese para nós é como se articula neste proceso a relación entre coñecemento científico e saber práctico e tamén que papel xoga unha metodoloxía como a Investigación Acción Participativa para resolver as distancias entre estas dídas formas de coñecemento.

Un dos problemas máis importantes que existen é que a ciencia historicamente despreciou outras formas de coñecemento e vai en contra dunha das características más importantes que ten que ter para ser realmente ciencia: admitir unha transformación e unha renovación no seu pensamento. Moitas veces as dificultades más grandes xurden como consecuencia de que os científicos teñen a arrogancia de considerar inferior calquera outra forma de coñecemento, cousa que non é certa. A ciencia é unha forma de coñecemento, pero non é superior a outras. É distinta. A agroecoloxía pretende establecer unha ponte de intercambio entre o coñecemento empírico e o coñecemento científico. E esa ponte de intercambio só pode obterse a través de formas de Investigación Acción Participativa e da creación de tecnoloxías en finca, é dicir, de deixar de investigar a través de laboratorios e de estacións experimentais e investigar na realidade, resolvendo os problemas reais da xente e a través dun intercambio entre os científicos ou técnicos e os agricultores, pero construíndo en pé de igualdade estas formas de intercambio. É o único xeito de resolver realmente os problemas.



SERVICIOS DE ASESORÍA DA UNIÓN DE COOPERATIVAS, ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS (AGACA)

1.- LABORAL

- Confección de Nóminas, Seguros Sociais, Custos Salariais e Calendarios Laborais.
- Contratos, Altas, Baixas e variación de datos da Seguridade Social, Prórrogas, Liquidacións, Finiñitos e Certificados do INEM e de Empresa.
- Subvencións derivadas co Contrato de Traballo, concedidas tanto polo Ministerio de Traballo, como pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia.
- Presentación de solicitude de certificacións de estar ó corrente no pago da Seguridade Social.
- Xestión de toda a documentación e a súa presentación.

2.- CONTABILIDADE

- Elaboración de Libros Contables, Confección de Facturas e Introducción de Asentos.
- Asesoría Contable, con visita periódica á Cooperativa e elaboración do Peche Contable do Exercicio.

- Confección do Libro de Contas Anuais.

—Elaboración de Memorias.

- Legalizar Libros e depositar Contas no Rexistro.

—Presentación de Contas os Órganos Sociais da Cooperativa.

3.- FISCALIDADE

- Imposto da Renda das Pessoas Físicas, Elaboración dos Modelos 110, 190 e 111, tanto en Soporte Magnético, como en Impreso.
- Imposto Sobre o Valor Engadido. Elaboración dos modelos 300, 390, 347 e 349, en Soporte e Impreso.
- Imposto de Sociedades, Pagos Fraccionados e Imposto de Sociedades, modelos 202 e 201.
- Inspeccións.

4.- VARIOS

- Selección de persoal.
- Solicitud de Tarxeta CC.AA.EE.
- Diligencia de Libros de Gas-Oil (trimestral).

Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias

Rúa Tomiño, 22 Entlo. - Telfs. (981) 584783-584911 - Fax (981) 571730 • Aptdo. 2069
SANTIAGO DE COMPOSTELA - 15703 A CORUÑA

Rúa Poeta Noriega Varela, 30 Entplta. - Telfs. (982) 201514-201543 - Fax (982) 202056
27004 LUGO

Rúa Bedoia, 7 - 2º. Oficina 1 - Telf. (988) 242480 - Fax (988) 242481
32004 OURENSE

RESEÑA DE PUBLICACIÓNS

Acuicultura Cooperativa no Marisqueo nº1. Ria de Arousa, S.Coop., Abanqueiro, Boiro (A Coruña), Xullo 1997.

Na primeira semana de Xullo saíu do prelo o primeiro número da publicación de periodicidade cuatrimestral **Acuicultura cooperativa no marisqueo** editada pola cooperativa Ria de Arousa que se adica ao cultivo e comercialización de ostra e ameixa no ámbito da parroquia de Abanqueiro.

Esta publicación pretende como *obxectivos fundamentais* os seguintes :

Fomentar o cooperativismo como fórmula máis acaída para o desenvolvimento integral do sector.

Servir de plataforma aberta ao debate sobre a situación actual e retos do sector, e facer propostas constructivas para promover o cambio do marisqueo tradicional a unha acuicultura moderna .

Ser un referente para a Administración Pública co fin de procurar a súa implicación na realización de políticas modernizadoras do sector.

Dar a coñecer á sociedade galega a realidade e potencialidades deste sector estratégico da economía galega.

Os *contidos* van ser variados :

Artigos de opinión, reportaxes gráficos, entrevistas, experiencias, axenda de actos e actividades, etc. aplicando unha metodoloxía que misture o rigor técnico coa divulgación.

O *primeiro número* no apartado de *artigos* de opinión contén :

Unha introducción sobre os cambios estructurais do sector, a comercialización do marisco, o cumprimento dos obxectivos da Lei de Pesca de Galicia, a política de selección do persoal e a regulación das cooperativas de explotación de recursos acuícolas no proxecto de lei de cooperativas de Galicia.

Tamén realiza unha *reportaxe* sobre a conmemoración dos 25 anos de existencia da cooperativa Ría de Arousa cun balanzo dos obxectivos acadados e outra, de carácter gráfico, sobre a acuicultura en Irlanda.

Este número tamén inclúe unha *experiencia ilustrativa* sobre a inseguranza xurídica nas rías, unha referencia histórica sobre o Escabeche Real de Ostras e, para rematar, unha *reseña sobre un estudo* sobre o sector realizado por Iago Santos Castroviejo para a Federación de Cooperativas SINERXIA.

Desde estas páxinas, non podo nada máis que aplaudir esta iniciativa e agardo que sexa un facho que permita ao sector recoñecer os seus propios intereses e tomar a iniciativa para autoorganizarse de acordo coas súas necesidades sociais e económicas.

Ramón C. Rodríguez Padín

RESEÑA DE LIBROS

Cooperación Galega, Revista de AGACA, nº 34, xullo 1997. r/Tomiño, 22, entre-solo. Tel. 981-584783; Fax 981-571730.

Un número especialmente interesante, con editorial sobre o II Congreso de Cooperativas Agrarias e un extracto do "Informe sobre a Xestión e o Estado do Cooperativismo Agrario en Galicia" (un amplio informe sobre as pequenas e medianas cooperativas agrarias galegas), a IX Asemblea Xeral de Agaca -co texto do discurso do presidente, Venancio Rocha, especialmente con pronunciamentos sobre o leite e mais breves referencias ó viño, horta e carne; a necesidade de desenvolver, dende o movemento cooperativo agrario, máis esforzos ó fío das futuras Leis de Cooperativas -a Lei Galega de Cooperativas e a Lei estatal de Cooperativas-. Varias fichas sobre explotacións e cooperativas - Casa Gai, do Páramo (de Copor), no programa AXE de Agaca; Copagro; Adega Cooperativa de Larouco- e dous caderniños sobre normativa sanitaria e calidade do leite e sobre o tratamento dos resíduos do gando.

FEDERACIÓN VALENCIANA DE COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO, Coopexcel, una visión europea del éxito del cooperativismo de trabajo asociado. 27 casos, FVECTA, Valencia, 1997.

Arquebisbe Majoral, 11, bajo. 46002. Valencia, Teléfono 96-35213886 e 96-3515029. Fax 96-3511268. e-mail fvecta@astro.es; www.astro.es/fvecta.

Fichas de 27 cooperativas europeas de traballo asociado. Tres cooperativas por cada un dos 9 países seleccionados. Unha introducción e unhas conclusións sobre características comúns na excelencia cooperativa e os factores clave do seu éxito.

Este libro permite aprender moito sobre proxectos cooperativos e sobre formas de organización democrática.

COOPERANDO CARA O FUTURO

POLA MELLORA DO


ENSINO



*Unión de Cooperativas
do Ensino de Traballo
Asociado de Galicia*

NOVO ENDEREZO:

Rúa Fernández Villaverde, 4 - 1.^o A - Oficina, 3
Teléfono: (986) 89 65 26 - Fax: (986) 89 65 25
36002 PONTEVEDRA



FOLLA DE SUBSCRICION ACUICULTURA COOPERATIVA NO MARISQUEO

Prezo da subscpción anual: 450 Ptas.

Prezo por número: 150 Ptas.

Nome

Endereço

CP

Teléfono

Fax

E. Mail

FORMA DE PAGAMENTO:

- Acompañó cheque nominativo N.º
Banco / Caixa
- Contra Reembolso do primeiro exemplar recibido.
- Domiciliación Bancaria.

Moi Srs. nosos:

Róllos que con cargo á miña conta n.º fagan efectivos os recibos que lles presente anualmente a Cooperativa Ría de Arousa na miña calidade de subscriptor de ACUICULTURA COOPERATIVA NO MARISQUEO.

Banco / Caixa Axencia
Poboación Provincia

Nome do Titular de de 199 Sinatura

Para enviar a:

S. Coop. Ría de Arousa - Abanqueiro - 15938 Boiro. A Coruña • Teléfono 981 - 84 77 65 - Fax 981 - 84 73 93

INSTRUCCIÓN OS AUTORES E COLABORADORES

1. Os orixinais poden ser enviados ó Editor de Cooperativismo e Economía Social en calquera lingua, preferiblemente en galego. Será publicado, sen embargo, en galego. A traducción e revisión correrá a cargo do Editor, non obstante a final aquiescencia do autor coa versión final, se iso fora practicable.
2. Os artigos deberán axustarse a un máximo de trinta páxinas mecanografiadas a espazo duplo. Deberán tamén ser acompañadas en soporte electrónico, preferiblemente en WP51.
3. As referencias bibliográficas, notas de actualidade, reseñas de xornadas, información de cursíños, programas, cartas, comunicacións, etc., terán unha extensión variable, de acordo coas esixencias da información. No caso de non se axustaren ós requisitos de Cooperativismo e Economía Social, a Mesa de Redacción poderá solicitar do autor os oportunos cambios.
4. Cooperativismo e Economía Social supón que os orixinais recibidos son inéditos, non asumindo responsabilidades noutro caso.
5. A primeira páxina do orixinal contrerá a penas a información seguinte: 1. O título; 2. O(s) nome(s), profesión(s), filiación(s) institucional(is) do(s) autor(es); 3. O enderezo.
6. Xunto coas colaboracións deberase xuntar unha nota biográfica que non exceda as cinco liñas.
7. Os textos serán acompañados dun resumo de extensión non superior ás 100 palabras.

LIBROS RECIBIDOS E RECENSIÓNS.

En tódolos números se presentará a lista dos libros enviados a Cooperativismo e Economía Social.

Cando os autores/editores desexen a publicación de recensións, deberán someter á Mesa de Redacción dous exemplares das obras en causa. Os editores, no entanto, non se obrigan a publicar recensións de tódalas obras que lles sexan enviadas con este obxectivo.

O procedemento formal de recepción de artigos en Cooperativismo e Economía Social consistirá en:

- A Á recepción do artigo comunicáráselle ó autor a recepción e prazo de resposta da primeira lectura e aceptación.
- B Os artigos serán sometidos a unha revisión crítica realizada por dous expertos elixidos pola dirección colexiada. Para seren publicados en Cooperativismo e Economía Social, estes dous informes deberán ser favorables. Se os informes solicitaran algúnsha modificación, comunicáráselle ó autor.
- C Os criterios establecidos para informar a revisión crítica son:
 1. Interese social do artigo.
 2. Importancia da mensaxe do artigo para a maioría dos lectores da revista.
 3. Novidade da mensaxe do artigo.
 4. Validez científica da evidencia na que se basean as conclusións do artigo.
 5. Utilidade do artigo para a revista na súa política de cubrir un perfil de temas máis ou menos amplio.

Ana Rosa Lorenzo Vila é presidenta da Asociación Para A Economía Social. E.U.E.E., r/Torrecedeira, 105, 36208. Vigo. Teléfono 986-812407.

Xulio Ríos Paredes é dirctor do IGADI -Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional-. Avda Joselín, 7, Portal 3, 4º B. Baiona. Tel/Fax 986-357238. e-mail IgadiArrakis.es.

Iago Santos Castroviejo é profesor do Departamento de Economía Aplicada. Universidade de Vigo. E.U.E.E., r/ Torrecedeira, 105. 36208. Vigo. Tel. 986-813748.

Anxo Tato Plaza é profesor do Departamento de Dereito, Universidade de Vigo. As Lagoas - Marcosende. Tel. 986-812418.

Lia Vargas Tiriba é profesora da Facultade de Educación da Universidade Federal Fluminense / UFF, Rio de Janeiro, Brasil. Rúa Santa Cristina, 46, s.201. Santa Teresa, Rio de Janeiro - 20.241-250. Tel. 07 5521 - 2422129. Fax 224-3107. e-mail pac sax.apc.org

Gabino Vázquez Fernández é Coordinador de Agricultura Ecolólica de Galicia. Estrada de Cádavo, s.n. 27680. Bárcala. Lugo. Teléfono 982-363230. Presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolólica de Galicia. Apdo. de Correos 55, rúa Pescaderías, 1; 27400 Monforte de Lemos.

Esta publicación conta con unha subvención de:

